

# terra *e* tempo

revista galega de pensamento nacionalista

## Entrevista a Francisco Carballo



A crise sistémica do euro:  
as verdadeiras causas e as terapias efectivas

No centenario do meu amigo Díaz Castro

Aqueles meses do Consello da Mocidade

Estereotipos sobre o Islam na prensa de Occidente

Lisboas

DOSSIER | **GUERRILLA**



60



84



110



155

5

#### Entrevista

Francisco Carballo

[ Xoán Carlos Garrido Couceiro ]

20

#### Economía

A crise sistémica do euro:  
as verdadeiras causas e as terapias efectivas

[ Costas Lapavitsas e Heiner Flassbeck ]

60

#### Cultura

No centenario do meu amigo Díaz Castro

[ Raúl Ríu Díaz ]

70

I ante aquel silencio mudo:

150 anos de Cantares gallegos

[ Xoán Costa ]

78

Recordar ao Alonso Ríos. Crónica dunha  
superación da desmemoria inducida

[ Xulio Carballo Arceo ]

84

#### Pensamento

Aqueles meses do Consello da Mocidade.

A medio século da reorganización do  
nacionalismo galego no interior do país

[ Xosé Ramón Ermida Meilán ]

100

#### Internacional

Estereotipos sobre o Islam na prensa de  
Occidente

[ Ricardo López Dusil ]

110

#### Viaxes

Lisboas

[ Pilar Pallarés ]

118

#### DOSSIER | Guerrilla

A resposta armada galega ao fascismo

[ Xunta Directiva da Fundación ]

120

A primeira guerrilla antifranquista galega  
(1936-1939): un esforzo malogrado

[ Eliseo Fernández e Dionísio Pereira ]

138

Desde a montaña ao val:

Socialismo e resistencia armada na Galiza

[ Xosé Ramón Ermida Meilán ]

147

A resistencia dos maquis en Lugo

[ Antón Grande ]

155

Do "Santa Teresa" á morte de Xosé Temblás

[ Cibrán P. Mosqueira ]

163

O nacionalismo galego e a resistencia armada  
frente ao golpe militar e a ditadura franquista  
(1936-1963)

[ Uxío-Breogán Diéguez Cequiel ]

## sumario



Que definitivamente quede aclarado que a UPG foi a organización que rescatou o nacionalismo para a loita política, despois do letargo en que o sumiran, por un lado a Ditadura e pola outra os que querían quitarlle o carácter reivindicativo e liberador. Se este é un mérito digno de ter en conta na súa orixe, non o é menos o feito de que sexa a única que permaneceu durante cincuenta anos co mesmo nome e o mesmo ideario. Noutros artigos que andan en letra impresa teño sinalado os intentos, desde dentro e desde fóra, de sacar o nacionalismo galego dos alxubes nos que o tiña encerrado un sector galeguista que nunca asumiu o carácter nacional do noso país. Os mesmos que o recluíran foron os mesmos que abortaron os intentos de recuperalo. O exemplo de "Brais Pinto" é ilustrativo. Un grupo no que inicialmente había intencións políticas foi desviado cara un ateneo cultural. Con todo, se non se lle discute a pegada que deixou na historia do país, non é pola súa importancia literaria, senón por ser o núcleo no que xermolou o renacer político. O boicot sempre partía dos que actuaban dentro do galeguismo para desvialo, para domesticalo, para conducilo por canles do rexionalismo "*sano y bien entendido*". A veracidade desta opinión queda demostrada vendo onde desembocou a traxectoria dos protagonistas. En partidos españois, nos que agonizaron biolóxicamente e politicamente, os mesmos que lles puxeron na súa historia un epitafio de ignominia.

Na altura dos anos sesenta xa estaba madura unha xeración disposta a defender os ideais polos que morrera Alexandre Bóveda. As bandeiras non son para acochalar senón para exhibilas. Para poñelas en lugares visíbeis, nos campanarios, nos tellados dos edificios máis altos. A semente da UPG está en Brais Pinto, que antes pasou polo proxecto integrador que significaba o Consello da Mocidade. Tiña como obxectivo ser a prolongación no interior do Consello de Galiza que funcionaba no exilio. O anticomunismo foi utilizado como piquete para rebentar o primeiro intento de organizar politicamente o nacionalismo galego. A ideoloxía foi a coartada, pero a tentativa era outra. Abonda con ler o epistolario de Castelao, hoxe publicado, para

comprobar que a fobia era a mesma que antes se opuña ao Consello do exterior. Como a miña intención non é remover feridas, omito citar nomes que, quizais de boa fe, seguían as consignas impartidas polos oráculos e actuaron de dinamiteiros. Por culpa deles o Consello de Mocidade non foi o que pretendía chegar a ser. Malogrouse antes de iniciar a súa actuación. Quedou en obertura o que aspiraba a ser a sinfonía do nacionalismo de posguerra.

Aceptemos que fose a aversión antimarxista a que invalidou o proxecto. Este continuaría, mesmo así, unha vez conseguida a depuración ideolóxica interna. Eliminados os elementos revolucionarios, a alternativa sería entón fundamental sobre principios diferentes, emulando o camiño seguido pola dereita galeguista nos anos trinta. Aquela que pronto sería engulida pola Ditadura, premiando a algúns dos seus representantes co bastón de alcaldes. A diferenza desta cos que rebentaron o Consello é que a anterior era rupturista, e a dos sesenta foi sinxelamente liquidacionista. O matiz entre os dous conceptos é fundamental. Entre os que querían construír doutra maneira, e os que só pretendían destruír. Non escolleron un camiño diferente, senón que volveren

ao punto de partida. Non tiñan ideais, senón funcións. Impedir que o nacionalismo galego se organizase politicamente, que non rompese os hábitos da mística romántica e vestise a guerreira de combate. Querían reducir o movemento nacionalista a unha relixión. Pero este credo laico tiña un Buda que impartía a doutrina de que o nacionalismo non debía organizarse. Que debía introducirse nos partidos existentes, agás os de teoría e práctica marxista. ¿Falaría de forma diferente un axente da CIA? Cabe a dúbida de se os partidos tiñan que ser galegos ou españois, ou sinxelamente apéndice dos segundos. A práctica seguida posteriormente aclarou que a alternativa española era a preferida polo pequeno Buda.

E o oráculo peregrinou a Francia, na que residía o exilio español. O galego estaba en América, principalmente na Arxentina e México. Un dato que nos di por onde ían os amores do profeta. Púxose en contacto coa oposición menos combativa, e tratou de aplicar

Na altura dos anos  
sesenta xa estaba madura  
unha xeración disposta a  
defender os ideais polos  
que morrera Alexandre  
Bóveda. As bandeiras non  
son para acochalar senón  
para exhibilas



en Galiza os proxectos que tiñan para despois do franquismo os que nunca fixeran nada para combatelo. Seguindo a consigna que trouxera, dividiu o seu rabaño en dúas mandas. A unha delas pretendeu metela no curral da democracia cristiá, que non existía, e á outra na socialdemocracia, aletargada despois do trinta e seis. Pero as novas xeracións galegas, as que amaban a Galiza por vivir dentro dela e saber interpretar os seus problemas, non porque fosen de peregrinaxe a Compostela, escolleron o rumbo que consideraron máis correcto. Din que alí, na cidade xacobeá, había un templo que aspiraba a competir co do Apóstolo e converterse en basílica, pero que nunca pasou de capeliña. Por falta de incenso non foi, pois o seu capelán queimáboo abundantemente no braseiro co que quentaba os pés debaixo da mesa.

E esa xeración organizouse dentro dos principios do nacionalismo. Nación, autodeterminación, poder popular. Os mesmos que aportara á derradeira reunión do Consello no mes de xaneiro do ano 64. No mesmo ano nace a UPG, e con ela o nacionalismo galego recupera a súa orientación política despois da guerra civil. Non había ao lado outra organización que rivalizase con ela e defen-

dese parecidos obxectivos. Hai quen sitúa o nacemento do PSG en 1963. Pura falsidade. Días despois das festas do Nadal chega o Buda do galeguismo desde Toulouse coa consigna de repartir o territorio entre social cristiáns e socialdemócratas. Falou coa xente, pero todo quedou en palabras, porque o proxecto tardaría en fraguar se é que algunha vez callou. As primeiras noticias do PSG datan do outono do 65. Con militantes ou simplemente como idea, non nace con vocación nacionalista. Non é esta unha afirmación sectaria e gratuíta. Está avalada polo editorial de "Adiante", impreso en Perpiñán, bilingüe por suposto, no que se lle nega tal carácter ao partido que se dá a coñecer por primeira vez a través desta publicación. No contido ideolóxico que fan seu non aparece ningún matiz que implique un valor específico derivado do xentilicio. Para evitar suspicacias aclárase que o calificativo de «galego» responde á súa ubicación xeográfica, sen que isto supoña ningunha connotación ideolóxica ou programática. Parte do mesmo criterio que asumiu despois o Partido Popular para chamarse en Galiza o PPG.

A UPG recolleu a experiencia que deixara o Consello da Mocidade, conducindo o proceso por vías diferentes as que foran causa do fracaso anterior. A innovación máis importante, mesmo dentro do nacionalismo histórico, consiste na atribución do protagonismo na loita de liberación aos intereses das clases ás que se lles debe que Galiza sexa aínda unha nación. Polo tanto é indiscutíbel o mérito dos que reviviron a mensaxe que Castelao deixou no exilio e Bóveda co seu martirio. E recolleu a mensaxe dos devanceiros para seguir o seu exemplo e facela operativa a través dunha militancia que tamén experimentou o exilio e o martirio.

Até o ano 72, na que un novo PSG emerxe con plantexamentos coincidentes cos da UPG, foi este partido o que asumiu en solitario a defensa do nacionalismo. E no combate político a soidade prolongouse até o final do franquismo. Non vou perder tinta escribindo sobre a grupuscullada universitaria, a que reivindica con nostalxia un maio francés que aquí nunca existiu. Houbo un tempo no que cada aula tiña o seu propio partido, sen que ningún deles lograse implantarse en toda a facultade. O posfranquismo devolveunos ao útero no que ideoloxicamente foran concibidos. A dereita entregou carteiras ministeriais a revolucionarios procedentes de Bandeira Roxa. Pasou aquí o mesmo ca en Portugal. Moitos ignoran que Durão Barroso, presidente da Comisión da UE, proceda da extremísima



Propaganda nacionalista da década dos 60

esquerda do MRPP, para o que o Partido Comunista era un lacaio do capital, e que cuestionaba inclusive o valor da Revolución dos Cravos.

Foron moitas as siglas que a transición destapou, unhas procedentes da clandestinidade, e outras xurdidas en canto o vento da represión amainou. E se a UPG foi pioneira na súa orixe, tamén é singular por ser a única en permanecer durante cincuenta anos loitando polos mesmos obxectivos co mesmo ideario e co mesmo nome. O feito de manterse viva durante cinco décadas é o aval que mellor xustifica a súa existencia. Ollemos o panorama político galego. Outras alternativas, inclusive aquelas que durante algún tempo gozaron de efémeros relampos de prestixio, ou se diluíron ou pasaron por sucesivas transformacións formais, manténdose no mesmo ou parecido contido. Os que pola mañá se levantaron con siglas proletarias, remataron o día con outras semellantes aos produtos que están de venda nas drogarías. A min lémbreme a unha mociña dos meus tempos da xuventude. Tiña os ollos pegados a un rapaz veciño seu, pero non conseguía que o pretendido galán mirase para ela. Tentou conquistalo pola cor do pelo, cando



aínda eran menos variados os pigmentos que utilizaba a moda. Do negro pasou ao loiro, e do loiro ao violeta. Pretendía mellorar o atractivo a través da cabeleira. Como ningunha das cores anteriores producía o resultado apetecido, correuse entre os veciños da parroquia que a Dorinda -que así se chamaba a moza- pensaba tinguirse de verde para con esta cor conquistar o Rafael. Pois tamén na política galega hai sectores aos que so lles falta tinguirse de verde para liberar o país. Ogallá acerten coa cor do pelo e consigan o que non lograron cos diferentes programas ensaiados.

BAUTISTA ÁLVAREZ

**Fidelidade á Terra,  
xenerosidade coa xente**

**Francisco Carballo**

**Entrevistamos en Salamanca a Francisco Carballo para lembrar unha vida xunguida xa á historia do noso país tanto coas súas achegas teóricas como coa súa participación práctica, e escoitar as súas opinións persoais sobre a actualidade -feitas desde a súa fecunda experiencia e profunda reflexión- e dirixidas coma sempre a contribuír a esclarecer un presente que se presenta como absolutamente novo e incerto cando en moitos dos seus aspectos é a repetición de pasados que descoñecemos. Pasados que somos. Pasados que podemos cambiar na medida en que os volvemos a vivir unha e outra vez, ofrecéndoselle aos povos a oportunidade de emendalos.**

XOÁN CARLOS GARRIDO COUCEIRO

**Maceda, onde comeza todo. É un entorno rural asociado aos estereotipos do conservadorismo e a reacción, mais a experiencia vital da infancia racha con ese prexuízo, ao presenciar o dinamismo do agrarismo e do comunista dos Álvarez, Benigno e Basilio. Concretamente o gran líder comunista galego deste período era veciño do concello. Cal foi o impacto que isto causou na consciencia de Francisco Carballo?**

Maceda é un municipio cuns aspectos conservadores e outros avanzados. A súa vila ten unha feira dous días ao mes. A do 20 xa vén do século XVI. As feiras, unhas pequenas minas do estaño que hai precisamente na miña parroquia, Asadur, e o factor do ferrocarril que pasa preto en que traballaban moitos obreiros, son factores que influíron nos aspectos avanzados que se deron na República. De xeito que Benigno Álvarez logrou establecer o seu sindicato agrario comunista, tamén os da mina tiñan tendencias socialistas. Na taberna, isto contáxiase, e se engadimos que tiñamos uns mestres extraordinariamente avanzados. Así, a miña parroquia con 150 casas tiña tres escolas. É neste contexto que Benigno Álvarez cobra a relevancia que tivo. Mais non é el só. Toda a súa familia. O seu pai, Don Demetrio,

o veterinario que xa fora alcalde de Maceda, e os seus irmáns. Eu de pequeno só oía falar ben de Don Benigno, como un home que ía traer unha especie de paraíso. Dicianche algúns señores cando falaban con nós: "Isto vai cambiar nenos. Xa non vai haber propiedade privada, vai ser todo colectivo, imos ser todos irmáns..."

Na Guerra, Maceda foi moi castigada. En decembro do 36 foron fusilados varios, mais houbo tamén mortos dos chamados 'paseados'. A min, con 11 anos, estudando o bacharelato, leváronos a un monte para que visemos as barbaridades que se estaban facendo, porque aparecera morto un individuo paseado debaixo dunha ponte.

Entón, o que asimilamos nós no 36 é que unha serie de xente, que estaba considerada na zona como boa e activa, eran fusilados polos militares e os falanxistas. Nós, os de Maceda, tiñamos un concepto distinto do doutros rapaces que viñan adoutrinados contra o comunismo. Nós dicíamos: Pero, se esa xente era estupenda, non facían mal a ninguén, xogaban ao fútbol con nós, e mesmo ían a misa.

**Segundo vas estudando, logo decátaste das contradicións. Como eses mesmos que facían esas cousas, fusilaban, atopábalos na Igrexa? Como é posíbel?.**

Para min a Guerra era vivida de distinto xeito que poñían os libros: a cruzada. Para min, era o asasinato de xente inocente que aspiraba ao que eles entendían que era o progreso. Por iso, cando topábamos co que poñía a



Durante unha visita ao castro de Santa Tegra na Guarda



© Xan Carballa

O día da súa ordenación sacerdotal, o 3 de xullo de 1949, na catedral de Cuenca

prensa e os libros sobre o acontecido, poñendo Benigno Álvarez como un 'sedicioso', unha fera... nós dicíamos: "Que va! Iso non é verdade". O mesmo que facían con Basilio Álvarez que andaba moito por alí. Presentábano como un ser extravagante, que chocabá coa visión directa que nós tivéramos del. E ese choque foi moi positivo para algúns, porque todas estas figuras que eran vilipendiadas polo franquismo nós coñecéramos, e mesmo outros que eran conservadores e os trataran non podían dicir nada perverso deles e despectivo.

**Isto serviuche no teu labor de historiador para rachar entón cos prexuízos, mesmo para ir alén das etiquetas coas que se despacha na historiografía certos movementos como é o agrario que, para moitos, era incompatíbel coa ideoloxía comunista.**

Si, porque para había un diálogo constante entre os obreiros, mestres e labregos, e discutían sobre proxec-

tos de desenvolvemento rural. Había un sindicalismo na liña de Basilio, que era máis profesional, e o de Benigno, que era un sindicalismo máis ideolóxico. Pero, en vez de inimidade e confrontarse, houbo entre eles complementariedade e mesmo puntos de colaboración. Mais, para min, o que máis influíu ideoloxicamente na poboación foi o ensino nocturno para adultos en que mestres de carácter socialista divulgaban ideas avanzadas. Estes mestres animaban a lecturas, lecturas en galego que facía que estes homes maiores falasen cos rapaces sobre Rosalía, Curros, etc... Ese era un camiño para que a xente maior se decatase das posibilidades de transformación do país.

**Por seguir a rematar o ambiente no que te criaches, hai outra figura relevante do comunismo orixinaria de Maceda. Mais quizais tivo menos impacto, o que foi Secretario Xeral do PCE para Galicia no 45 e que tratou de dirixir a Guerrilla até que foi fusilado, Xosé Gómez Gaioso.**

A súa familia era moi coñecida, mais el vivía en Vigo, e a súa influencia non a captei. Tiñamos noticia deles, pero non o coñecín directamente. Hai que ter en conta que Maceda foi moi castigada polo franquismo e familias enteiras tiveron que marchar de alí. Simplemente por votar a esquerda, mesmo a máis moderada, de Azaña.

**Outra figura relevante dese concello foi o Arcebispo Quiroga Palacios. Que impacto tivo na súa aldea de orixe?**

Si, Quiroga Palacios naceu en Maceda, fillo dun Garda Civil; nese tempo era párroco en Ourense e profesor. Foi dos primeiros galegos que estudou directamente a escritura da Biblia. E quizais, dalgún xeito, isto facía que tivese unha mentalidade menos escolástica que o clero en xeral. Eu coñecino máis tarde, mais sei que a súa posición é valente no 36; foi de defensa dos que ían ser xulgados para ser fusilados. O que lle custou o cargo. Mais o bispo de Tui levouno con el de axudante cando o destinaron para Va-



lladolid, e desde alí é que pasa a bispo de Mondoñedo, e logo xa a Santiago de Compostela. Era un bispo conservador e un bispo autoritario. Mais é unha persoa que lía e estaba un pouco aberto aos cambios. No Concilio Vaticano os bispos españois tiveron un impacto terríbel, e non o aceptaron. El sí. Foi o primeiro presidente da Conferencia Episcopal.

Tiña aspectos positivos e negativos. Aí está a súa relación co *Genera-lisimo*. Mais era unha persoa que vivía cunha grande austeridade e sobriedade. Repartía entre os necesitados o que el recibía. Cando morreu non deixou nada acumulado. E no aspecto teolóxico era un home liberado da cadea da escolástica.

Lembro o da pastoral do integrista Blanco Najera, bispo de Ourense, en que prohibía os bailes agarrados, que eran considerados por el pecaminosos. Isto colocou a diocese nunha situación moi difícil. Os cregos foron xuntarse co Arcebispo, con Quiroga, e presentáronlle o problema. El levantouse e díxolles: "Vostedes queren confrontarme coas normas que dita un bispo. Non o van conseguir. Vostedes son adultos. Vostedes estudan. Decidide vós como persoas adultas que sodes."

**E a súa posición a respecto do Vaticano II, en referencia ao que alí determinan como uso das linguas 'vernáculos', abandonando o latín. Como é que en Catalunya e Euskadi se fai referencia ás súas linguas propias, mentres el acepta como lingua vernácula o castelán? El que tivera e tiña tan boas relacións co galeguismo, daquela co propio Ramón Piñeiro.**

Eu creo que el actuou ben na medida en que abriu a posibilidade da liturxia en galego do ano 67. Faltoulle o terse oposto no seu momento aos que dicían que a lingua vernácula que di o concilio era o español. Ese foi o seu erro. E logo quixo emendalo. Típico de Quiroga. Cando un individuo ten unha mentalidade diferente do grupo que fai: retírase ou asimilase? Quiroga optou por unha terceira. Tratar de conxugar as dúas cousas. Non me vou



Diante da Congregación dos Pais Paúles de Salamanca que dirixiría Francisco Carballo nos anos 60 como reitor do teologado

opoiñer dicindo que a vernácula é o galego, mais vou facer unha excepción permitindo a liturxia en galego.


Menos é nada. E así estamos. Cando se sacou a liturxia en galego insistíase: tamén é propia de Galiza a liturxia en castelán. Ou sexa que a nefasta pregunta ao clero de cal era a lingua vernácula e a súa ignorante resposta tivo unhas consecuencias fatais. Mais na igrexa os antigaleguistas eran dominantes.

**E o teu contacto co galeguismo foi tamén temperán. Tiveches noticia del na túa infancia.**

Sí. Non con nomes teóricos ou ideolóxicos. Mais na miña parroquia vivíase ese ambiente. Na miña casa moitos libros eran galegos e portugueses. Non se falaba de galeguismo, mais si do galego e de Galiza. E como un tío meu, que ía as aulas nocturnas para adultos, viña recitando poemas galegos de memoria. E nós falábamos galego. E no bacharelato seguimos a falar galego. Mais, ao chegar a Madrid



Visita a Inglaterra en 1954, a París en 1956 e retrato ao seu paso por Barakaldo, abaixo coa súa sobriña Inés no Tibidabo en Barcelona



prohibíronnolo. Tiñamos que facelo a escondidas. Alí, non castigaban como nos seminarios galegos, pero reprendíanos: “Non se pode falar galego.”

**E como crente, como repercutiu o 36 na túa concepción relixiosa?**

Nós non admitimos o da cruzada. Para nós era unha guerra entre os que querían cambio e os que non o querían. Mais non a percibimos como unha guerra relixiosa. Para nós, a versión que nós contaban entraba en conflito co que nós vivíramos. E cando superei esta contradición? Cando fun a Inglaterra no 53 e coñecín o que se falaba ou escribía sobre a nosa historia coincidía coa miña idea de guerra políticoeconómica. E comprendín como os crimes que se cometeran na miña zona non tiñan por que ser aceptábeis por unha persoa relixiosa coma min.

Na Complutense en Madrid todo era subterfuxios. Nin un só profesor se atreveu a enfrontarse con este tema. Entón, cando volvín de Europa vin cambiado.

**Mais a igrexa no seu conxunto tivo un papel relevante no conflito. Hai análise de casos individuais efectivamente disidentes desa posición oficial a prol de Franco, mais quizais cómpre analizar tamén se houbo algún grupo organizado que actuou como tal. Non sei cal foi o papel das diferentes ordes relixiosas. No caso do xesuítas parece que hai unha intervención belixerante activa co fascismo.**

Eu non sei como se comportaron as distintas ordes. Os Paúis optaron

polo silencio. Nunca falaron diso até que se asina o Concordato e entón aceptan e fanse franquistas. Mais mentres é o confronto optan polo silencio. Os xesuítas foron expulsados pola República e entón teñen sectores importantes moi interesados en recuperar as súas propiedades e a súa presenza a través do golpe militar. Quizais por iso foron tan proclives. Mais o resto dividiuse en tres grupos. O maioritario era neutral. Outro sector importante era pro-franquista e outro crítico. E nós víamos isto no seminario. Un profesor chegaba gabando unha batalla, outro diante deste mesmo feito pedía que se rezase por todos os mortos ao que nos levou esta tolería.

**E, a respecto do proceso de galeguización da igrexa que parecía incipiente no período republicano, que repercusión tivo o 36?**

Dentro do clero, o galeguismo viña desde o seu nacemento, desde Ferreiro e Murguía. Mais, nun momento dado, o episcopado enfrontouse co galeguismo como perigoso. Sobre todo a partir de Basilio Álvarez, a pesar de que este non era galeguista. Mais moito clero ía con Basilio Álvarez, e os galeguistas tiñan este crego como referente da loita polo país. Entón o episcopado puxo un freo ao galeguismo.

Había dous sacerdotes de Santiago que eran militantes do Partido Galeguista. Mais, en xeral, non se apuntaban a este partido pola posición contraria do episcopado. De xeito que mesmo había máis cregos afiliados aos partidos republicanos que ao ga-



Dentro do clero,  
o galeguismo  
viña desde o seu  
nacemento, desde  
Ferreiro e Murguía.  
Mais, nun momento  
dado, o episcopado  
enfrentouse co  
galeguismo como  
perigoso

leguista, cando o Partido Galeguista quería estar á marxe do debate entre clericalismo e anticlericalismo.

**Retomemos o que supuxo a viaxe a Europa para contrastar as propias visións que entraban en contradición coa que topaches en Madrid, unhas concepcións persoais que puideches ver corroboradas ou reforzadas nas lecturas e conversas en Inglaterra.**

Cando estaba en terceiro da carreira de Historia é que vou a Londres. É entón que clarifiquei os puntos que eu xa tiña sobre o que nos contaban da persecución relixiosa. Falando con cregos de alí, dicíanme: "É certo o da persecución dos relixiosos, mais lóxico no marco da Guerra Civil. Vés que este está co teu inimigo, entón ti atacalo".

Eu, até ese momento, non tivera unha posición belixerante contra o Franquismo. Mais, a partir dese momento, no 53, e sempre que puider, declareime antifranquista. Eu podo dicir coma este Papa: "Nunca votei ás

dereitas". Nin sequera cando Franco facía aqueles referendos obrigatorios. Nunca os votei. Desde os 27 anos.

**Mais a Madrid tamén chegaron voces discordantes e anovadoras para os vosos ouvidos. Véxase o caso de Pierre Vilar.**

Si, claro, pero moi excepcionalmente. Alí viñeron dar conferencias Pierre Vilar e Vicens Vives. Este último era un historiador que influíu moitísimo. Traballaba en Barcelona, pero era da escola francesa dos *Annales*, unha corrente que, fronte á historia política (dos reis ou dos dirixentes), propoñía unha historia social nos catro niveis: económico, social, cultural e político. En Madrid era franquismo puro e duro. Mais houbo filtracións. Alí non había nada que aprender. Pero cando chega Pierre Vilar tivo un impacto liberador. Dobremente liberador: do franquismo, mais tamén do tipo de historia que se estudaba; unha historia positivista e compracente, fronte á historia crítica e social.



Mitin do Bloque-PSG nas eleccións galegas de outubro de 1981

**Mais Pierre Vilar, quen estivera na República en Barcelona, só falaría de historia e non da súa militancia antifranquista...**

El só falaba de historia. Mais atoparse con el foi un acontecemento. El era marxista e tiña unha visión fundamentalmente económica. Vendo da escola dos *Annales*, superaba esta. A xente quedou pasmada. Para min Pierre é un historiador único. É moi exacto, non che enche de datos. Ten unha visión universal facendo historia local.

**E xa no plano ideolóxico. O teu primeiro contacto co nacionalismo como movemento político foi en Euskadi, non?**

Eu fun a Barakaldo, e estiven do 58 ao 65. Cando cheguei vin moitas pintadas de ETA, mais daquela aínda era un grupo cultural. E tiveron, claro, contacto con esa xente. Viñan por alí. Un escapado, outro a preguntar se podía dar unha conferencia, non política senón cultural. Entón daquela ETA con

Txillardegi, que eu logo traería a Vigo a dar conferencias, era simplemente a esquerda do PNV. E este contacto con esta xente si que me fixo pensar en Galiza. Como eu, cando estivera en Marín do 55 ao 58, tivera contacto cos vellos galeguistas. Non tiña problemas cos nacionalistas vascos. Eles dicíame: "Vós, os galegos, entendédesnos porque sodes celtas". Eu dicía para min: "Nós os galegos?" Eu. Porque alí había algún outro que...

Así que, en Euskadi podemos dicir que comezou a asomar esta cuestión. Mais foi en Salamanca onde entrei en contacto directo co tema. Mais ben, cando fun a Roma, alí había galegos estudando. Estaba Torres Queiruga e outros, e xa colaborando co grupo galeguista de Mondoñedo que había en Salamanca. Mais o primeiro *Terra e Tempo* que merquei foi en Roma. E logo tratei de seguir comprándoo.

Así, pois, a miña entrada no movemento nacionalista sería xa en Salamanca.



**Mais vés a Salamanca para tratar de facer fronte a un conflito que había no Seminario en que che nomean reitor. É produto das dificultades de aplicar o Vaticano II, ou a que se debe dito problema que che encomendan arranxar?**

Acaba o Vaticano II. Hai un momento de crise con motivo da súa aplicación. Problemas en moitos Seminario. Algúns pechan. Porque os seminaristas esixen outra teoloxía, piden cambios. E os bispos optan por pechar estes seminarios. En Salamanca, mesmo hai unha folga pedindo cambios. Pois, cando eu cheguei, seguía todo como antes do Concilio. Para os profesores, iso que acontecera en Roma non tiña nada que ver con eles. Mais o Concilio Vaticano ten un carácter que non tiveran os Concilios anteriores pois ten unha perspectiva global, un estudo da realidade actual e a posta ao día; o "aggiornamento", que dicía Xoán XXIII. A liturxia, en vez de ser en latín, na lingua que fala a xente. A Igrexa, en vez de ser os cregos, non a Igrexa é a comunidade. A revelación non cae do ceo, é como colectivamente se acepta aquilo que é coherente coa natureza humana, etc.

O Vaticano II irrompe fronte a unha rutina de séculos. Por iso, supón unha grande crise. Entón, nesa situación pónseme a min á fronte deste Seminario para ver como, sen disolverlo, sen botar xente, se pode ir camiñando, introducindo novos profesores que ían cos novos tempos. E fixemos o que puidemos.

**Que supuxo esta experiencia de xestor e reformador desde a reitoría do seminario?**

Para min foi magnífico porque tiven que impregnarme dese concilio. Tiven que estudalo, asimilalo e cambiar eu. Antes, consistía en practicar o que dicía un libro e, de súpeto, aquilo deixaba de valer. A vida dun crego é moi peculiar. Un metíase na intimidade da xente a través da confesión. E iso era un xeito violento de meterse na xente. E iso era preciso mudalo.

En calquera caso, non estaba eu só. Estabamos un grupo que íamos polo mesmo camiño. E así traballamos durante 6 anos. Aos 6 anos, houbo unha reacción en sentido contrario que aínda dura até hoxe, unha reacción dun sector que consideraba que había que anular o Vaticano II e seguir co que había antes. E venceron con Xoán Paulo II. Bieito fixo algo por mitigar esta reacción. E o actual di que tratará de facer realidade o Vaticano II. Vexamos a ver se o logra porque as forzas contrarias son tremendas. Xa se están organizando.

En calquera caso, algo cambiou co Vaticano II, e algo se filtrou en revistas como *Concilium* e outros grupos. Pero, claro que supuña en moitos casos unha mudanza radical; lembremos que a Igrexa que viña combatendo a liberdade de conciencia, neste concilio pasa a defender o contrario.

**E como foi o retorno á Terra, unha *rentrée* desde unha politización forxada fóra?**

Si, eu xa aprendera o que era o nacionalismo, xa aceptara as liñas



Participando nunha campaña de normalización da toponimia en 1982.

Intervindo no 25 de xullo de 1981 en Compostela, na Praza de Galiza, ao impedir o Goberno español que a mobilización nacionalista accedera á Quintana



© Xan Carballa



© Xan Carballa

Cos historiadores máis achegados cos que ten traballado na Historia de Galiza, Bieito Alonso, Lois Obelleiro e Anselmo López Carreira.

Na marcha anti-nuclear de Xove, o 10 de abril de 1977

dunha Igrexa actual que votaba á esquerda se facía falta... pois, antes, votar á esquerda era un crime. Decía o bispo de Ourense de 1909 que un cristián que isto facía en contra das directrices da Igrexa era mal cristián. Cando chego a Vigo, o primeiro que fago e apuntarme á Asociación Cultural. Alí xa había un crego, eu son o segundo. E despois diso veu todo; a AS-PG e o sindicalismo, a AN-PG, etc. Na Asociación Cultural, antes

de chegar, cando se puxo Bautista de presidente, houbo unha especie de escisión e marcharon algúns. Entón, os que quedaban eran practicamente todos nacionalistas. Logo, coa AN-PG xa entramos en grupo todos automaticamente.

**E Vigo viña de pasar por un 72 de forte loitas do movemento obreiro. Alí dáse cita os principais activistas políticos. Ti tiveches contacto con algúns deles, por exemplo Moncho Reboiras.**

Non. Moncho Reboiras vino algunha vez. No 73 levoume o Padre Seixas para dar unha conferencia sobre Galiza aos rapaces que el tiña de man. E alí andaba el e o seu grupo, pero non o tratei, pois eu, até que naceu a AN-PG, non estiven organizado. Andaba por libre. Cando o 72 eu non estaba, mais en Salamanca tivera un grande impacto na xente nova. Eu chego a fins do 73, e penso que até o 75 non entro no sindicato de ensino, na UTEG; entro cando estou no Instituto Politécnico e aí estou até hoxe.

**En calquera caso mesmo a UTEG era clandestina.**

Claro, case sempre nos reuníamos na miña casa. E así estivemos dous anos. Logo chegou un momento en que o sindicato medrou e a miña zona quedou un pouco relegada. Mais era todo clandestino. Así é que cando me xulgaron polo libro de *Historia de Galiza*; alí tiña a policía que se reunían na miña casa. Estabamos fichados. Mesmo na Asociación Cultural, nos actos sempre había algún policía, e cando levantabas a man xa che anotaban. E máis razón cando, no 77, son presidente da Asociación. Mais no momento non te decatabas.

**E de súpeto a vida pública, candidato nas primeiras eleccións, co nacionalismo aínda ilegalizado.**

Os de Ourense non tiñan ningún candidato 'veterano' e chamáronme a min. Foi por teléfono. Dixen que si sen darme conta. Se o chego a pensar, igual non acepto, pero, como estaba afeito a non negarme a nada, aceptei. E participei nesa primeira campaña e nas que viñeron. Desta vez fora ao se-

Eu tiven a experiencia de neno de ver como as mellores persoas, as máis xenerosas e avanzadas, foron matadas por comunistas, e moitos deles nin sequera o eran



nado, logo ao Congreso e, finalmente, no 81, ao Parlamento galego.

**Mais candidato de 'causas perdidas', sen moitas posibilidades de saír...**

Ningunha. Sacamos unha miseria de votos, uns 4.000. Para min fora un experiencia nova. Nunca me vira nesa lea. Pero foi curioso. Lembro que me mandaron unha vez só a unha parroquia preto de Xinzo de Limia e, logo de rematar, un rapaz levantou a man e díxome: "Todo o que dixoo é falso complemente. Vostede oculta a verdade". Con moito respecto dixoo: "Vostede expón aquí un programa, pero logo a verdade é que son comunistas". Eu deixeiño falar, e logo debatín con el. Pregunteille: "E ti de que organización es?". "Do PSG", dixoo. Eu expliqueille: "Estades equivocados, aquí hai xente da UPG e da AN-PG. Os da UPG é unha organización comunista, mais na AN-PG hai un sector que non se ten definido por iso e que simplemente

é nacionalista galego." Eu non dixen nada do comunismo, nin a favor nin en contra, senón do programa que tiñamos acordado entre todos. "Se algunha persoa quere ser comunista, pois moi ben, alá el.", díciálle, mais o rapaz insistía: "Non, non, non, pero a UPG é a que manda". Xa empezaban con aquela cisma. Pero foi un caso único, en xeral escoitaban e non había problemas.

As outras dúas veces presenteime por Pontevedra. Foi unha experiencia positiva. Agora había que dicir ás organizacións que, cando un individuo é levado a isto, debería contar con máis coñecementos, non ir tan a cegas. Mais, como eu era maior xa pensaban que sabía. Con todo, como eu estiveira en tantos actos relixiosos, nas misións en Salamanca e, sobre todo, en Bilbo. E alí collín coñecementos para dirixirme ao público, para comunicar coas masas.

Cando empezamos, a maioría non tiña experiencia de orador. Aín-

Na Carreira pola defensa da Lingua en Vigo, en 1985, xunto con Valentín Paz Andrade



Charla do sindicato ING-CTG, xunto con García Montes, Xosé Vigo e Agustín Malvido.  
Mitin en Vigo, xunto a Bautista Álvarez entre outros, do Bloque Nacional-Popular Galego nas primeiras eleccións españolas, en 1977

da cando me trasladei a Pontevedra, acórdome como Miguel me pediu ás veces que lle dera consellos de oratoria. E efectivamente, os cregos tiñamos formación niso. Penso que hai que preparar algo a xente para o papel que van facer. A min téñenme dito cando daba mitins por aí: "Vostede é profesor, como se lle nota". Pois, paréceme ben, porque se vas dar un mitin é para ensinar algo.

**Mais non fixeche o que se chama 'carreira política', nin daquela tiñas iso en mente.**

Nin remotamente. Era única e exclusivamente para que o partido fose recoñecido socialmente e presentar unha idea ao mundo. Xa cando se entrou en Santiago, si que xa se vía posibilidades de sacar algo, pero ao principio nin se nos ocorría.

**Lembrando a anécdota anterior, parecías vacunado fronte ao anti-comunismo. Esta inmunidade terá que ver co que falamos ao principio, da infancia nun entorno onde o comunismo tiña nomes e apelidos, tiña rostro, e non era ese imaxinario monstro, ese demo con cornos cos que se asustaba a xente. Ti non tiveches problema en dialogar e mesmo colaborar con comunistas sen esa barreira que impedira a comunicación e mesmo a unidade.**

A min víñanme con eses discursos tenebrosos sobre o comunismo. Dícíame que estaba condenado polos papas. Eu dícíalles: Si, tamén a masonería e outros, pero iso non significa nada. Ou, en calquera caso, significa

que o comunismo, a masonería ou outros teñen puntos que, segundo os papas son condenábeis. Mais non sigas eses puntos, pero iso non che leve a dicir que todo é malo. Algúns pensan que os comunistas comen nenos crus. Eu non. Eu tiven a idea do principio que o comunismo era unha de tantas alternativas políticas, coas súas vantaxes e inconvenientes. En calquera caso, non hai ningún inconveniente para traballar naquelas cousas que se estea de acordo. A min dicíanme: "Este é comunista." E a min que? Que lle engade esa palabra? É unha persoa dinámica, interesante, traballadora... A que vén si esa palabra? A min que me importa? É cousa súa.

**Xa, pero o cualificativo de 'comunista' é usado non para definir un ideario político, senón para descualificar do campo político e relegalo ao da maldade intrínseca que esixe apartalo ou excluílo da política.**

Si, como algo *a priori*. Eu cítolle os papas: le Xoán XXIII en *Pacem in Terris*. Di que no comunismo hai cousas que non podemos admitir, pero hai sectores e cousas que mesmo nos dan a razón. E entón calan. Pero como non len nada. Quedou a idea aínda desde o 36, o slogan contra o comunismo. Non, eu nunca me vin afectado por iso. A min, nunca me molestou o máis mínimo que me dixeran que unha persoa era comunista para que eu a xulgase mal, porque eu tiven a experiencia de neno de ver como as mellores persoas, as máis xenerosas e avanzadas, foron matadas por comunistas, e moitos deles nin sequera o eran.

**E xa, deixando o activismo estritamente político e electoral, centrándonos no cultural, hai un proxecto que requiriu a túa dedicación plena e intensa, cando menos no seu inicio, cando *A Nosa Terra*, en vez de pechar, é trasladada a Vigo e alí revive desde as cinzas.**

Como sabes, a primeira etapa fundouse ante notario en Marín, e establécese en Santiago no 77. E está alí até o 81. Nese ano, mándana a Vigo e pónenme a min de presidente. Para





min, *A Nosa Terra* supuxo abrirse ao mundo da comunicación, tamén o que era xestionar unha empresa e, sobre todo, de relacionarte cunha serie de xente moi diferente. Alí había de todo. Durante 30 anos, e eu estiven case até o final, fíxose un labor importantísimo, un labor que se pode repetir. Agora está aí o *Sermos*.

**Mais como foi a experiencia de botar a andar esta industrial cultural neses momentos tan duros?**

Eu, da etapa de Santiago, non sabería dicir como foi a xestión; sei que se empezou con 100 000 pesetas e fixéronse bonos para lograr unha cantidade que, creo, chegaba aos dous millóns. Aos catro anos, debíanse 5 millóns de pesetas. Entón, falouse comigo para que mediara coa UPG, con que tiña boas relacións, para ver se poñían unha solución. Daquela estaba de Secretario Xeral Pedro Luaces, e este home non se atrevía a tomar decisións. Xa estaba a piques de deixar todo. Decidiron suspender o xornal. Pero logo

mirouse a solución de poñermos a nós á fronte e enviar o xornal para Vigo.

Que fixemos nós? Pedimos 200 000 pesetas cada un ao banco e alugamos un piso en Vigo.

Todo empezou paso a paso. Primeiro, eramos moi poucos. E logo tínhamos que partir dunha situación difícil, porque debíamos cubrir as débedas que tiña o xornal da súa etapa de Compostela; 5 millóns de pesetas. Que para aquel entón era moito. Axudounos niso Outeiriño o da *Región*. Portouse ben porque deu marxe e non nos levou ao xulgado. Entón, nós fixemos un cambio radical: estendemos os accionistas a todo o mundo que quixera. De 12 accionistas que comezamos, pasamos a 700, e algún meteu moito diñeiro. De aí que puidemos mercar unha sede de 700 metros cadrados en Vigo e lanzar a editorial. E así se diversificou a actividade, porque o xornal só non se mantiña. A editorial foi rendíbel. Eu persoalmente tiven unha actuación de animación. Tecnicamente quen levaba



Francisco Carballo e Xoán Carlos Garrido o día da entrevista en Salamanca

isto era un equipo en que subliño aos irmáns Carballa e a Puga.

Eu lembro que, como non tiñamos diñeiro para imprimir o xornal en Galiza, fomos a Euskadi. Ao principio tiramos o xornal na rotativa de *Egin*. Mais, como non pagamos, acabou por cortarnos. Eles andaban moi mal tamén. Foi Eiré a falar con eles e só puido conseguir unha prórroga. Logo pasamos a *Deia*. Alí fun eu. Ao cabo dun tempo, fomos ao *Ideal*

na Coruña. Isto aforrábanos diñeiro, porque na Coruña levabamos as pranchas, agardabamos que o imprimisen, e traíamos os xornais e íamos repartíndoo á volta. E así foise traballando no día a día.

Eu non estaba na etapa final en que foi á bancarrota, mais penso que, quizais, o fallo foi pensar en que, ao contar cun empresario millonario que lle ían sacar as castañas do lume, embarcaron en gastos que logo non puideron asumir. Mais ao fiarse dos grandes empresarios... xa se sabe.

**En calquera caso, este país necesita medios propios...**

Non cabe a menor dúbida. É unha necesidade. Agora non se pode caer ao día seguinte. Hai que facer as cousas con moita precaución e non confiar nos inimigos. Valerse das propias forzas e ir pouco a pouco.

**Naqueles anos de posta en marcha d'A Nosa Terra e outros proxectos culturais de recuperación da nosa historia, ou do que se chama agora 'memoria histórica', topámonos cun xuízo esperpéntico e o secuestro do libro de *Historia de Galiza*. Foi un xuízo na persoa de Francisco Carballo ao nacionalismo, mais tamén unha validación legal do franquismo que era cuestionado cun termo como é a cualificación de 'asasinato' ao asasinato de Moncho Reboiras**

Si. É que a sentenza di que o Franquismo era un goberno legal e, xa que logo, non era un asasinato. Non se lle escapou iso. O caso é que non tiña eu posta esa palabra e penso que se levou mal o tema porque, cando fixeron o cambio da palabra, deberon terme avisado, porque, así, eu tomaba as medidas pertinentes. Por outra parte, eu non agardaba a sentenza en contra. Quizais os xuíces estaban moi afectados polo 23-F e iso, claro, que non se xestionou ben, porque a idea que quedou que eu fun condenado e os fascistas aproveitaron para reafirmarse en que tiñan razón eles.

Se os que cambiaron a palabra advirten a tempo do que fan, entón



podíamos preparar a defensa e dar a batalla como é debido pero, así, a cousa saíu mal e houbo que soportala, porque non ía dicir que non fora eu, porque os outros estaban mortos de medo. Con todo, tivo os seus aspectos positivos ao crear algo de consciencia, ao ver a inxusta da sentenza e ao manter unha actitude de resistencia e loita fronte a ela. Así é que se me pide a min que interveña no discurso do 25 de xullo, cando aínda non nos permitían entrar na Quintana.

**E no 82 ábrese o proceso para tratar de unificar o nacionalismo coa disolución da AN-PG e a conformación do BNG. Como vives este momento en que parece que ficas relegado da primeira liña política?**

Logo do xuízo, eu quedei un pouco desmotivado para seguir tan activo en política porque me dei conta de que, para iso, tiña que estar máis atento e dedicado totalmente a iso. Non podía levarse as cousas de xeito trapalleiro como fixemos co xuízo, senón que temos que estar ao que estamos. Hai que estar pendente no día a día. En política, cando entras, tes que estar moi enriba de cada cousa, porque como te descoides... estás perdido. Porque en política hai moito inimigo. A política non é como xogar ao tenis, que perdes e non pasa nada; en política, iso ten consecuencias para a xente.

Por exemplo, o que nos fixeron co do xuramento da Constitución. Eu faría outra cousa. Contra un cuco, hai que buscar outro cuco. Eu, daquela, atribuí un pouco aquilo á falta de

preparación; non ter buscado un xeito de manter os principios, sen que che boten do Parlamento. Eu creo que aí estivo o fallo.

**O que pasa é que se consideraba que esa 'expulsión' ía xerar unha reacción social e ía servir para deslexitimar o réxime que aínda non estaba consolidado...**

Que va! Criase iso pero... eu vexo cada vez máis que a sociedade é moi dependente. Na Galiza, os mecanismos herdados do franquismo, persoas e diñeiro da dereita domina grande parte da sociedade. E a sociedade é, pois, moito máis dependente do que se cre. Por tanto, pensar que porque ti fagas un xesto deses vas arrastrar a xente... iso é moi difícil.

**Ti, hai tempo que falaches das contradicións que tiña o proceso de unidade do nacionalismo.**

Sí, claro, agora vémolos claras. Eu teño dito que era interesante que houbera unha dereita nacionalista como en Euskadi e Catalunya, pero que se organizara pola súa conta, e a ver que sacaban. Pero non no BNG. Mais non só a dereita, senón certa esquerda. Eu, daquela, tiña as miñas dúbidas, agora véxoo claro. Temos valores distintos, proxectos diferentes... Eu, entón, xa pensaba, nunca o dixeran, mais pensaba, que era mellor unha coalición. Todo contrario do que dicimos: somos unha fronte. Mais claro, cada un anda ao seu, e logo, hai estas tres cousas polas que imos en común... pero nada máis. E aí, ao mellor, podíase subsistir a unidade, cando menos mentres vivan os vellos ■

# A crise sistémica do euro: as verdadeiras causas e as terapias efectivas

COSTAS LAPAVITSAS

Profesor de Economía na School of Oriental and African Studies (Universidade de Londres). É especialista en Economía política do diñeiro e do sistema financeiro, e en Economía xaponesa, Historia do pensamento económico, Historia económica e Economía mundial contemporánea. Autor de moitas publicacións, os seus libros máis recentes son *Social Foundations of Markets, Money and Credit* (Routledge, 2003), *Beyond Market-Driven Development* (Routledge, 2005), *El capitalismo financiarizado* (Maia, 2009) e *Crisis en la Eurozona* (Capitan Swing, 2013)

HEINER FLASSBECK

Graduado en Económicas pola Saarland University, Alemaña, é profesor honorario na Universidade de Hamburgo. Secretario da UNTAC desde 2000, desde 2003 é Director da división de globalización e estratexias de desenvolvemento. Foi Vice Ministro de Finanzas en Alemaña e economista xefe do Institute of Economic Research en Berlín

A esquerda española atopou un novo gurú para darlle consistencia ao seu novo mantra a respecto de Europa despois dun europeísmo desaforado que arranxa xa dos inicios da década dos setenta. Non podemos máis que darlle os parabéns ás diversas correntes da esquerda española que, unha vez descubertas as análises do economista grego Costas Lapavítsas, recomandan hora si e hora tamén as reflexións do Profesor do SOAS londiniense. Ao longo dos últimos catro anos, dirixiu a equipa económica de *Syriza*, se ben rachou con esta forza política no seu último Congreso pola posición que mantén en relación co euro, afirmando que *Syriza* “é a alternativa de recambio na esquerda da oligarquía para Grecia, iso é, sen o apelido Papandreu”.

Unha vez máis, as galegas e os galegos demostramos ir por diante tamén neste ámbito da esquerda española, posto que a obra de Costas Lapavítsas está sendo puntualmente traducida ao noso idioma desde 2010, nomeadamente na edición dixital do *Terra e Tempo*, até o punto que as partes dos traballos que se recollen no libro de Costas Lapavítsas *Crisis en la eurozona*, obra de referencia da progresía española editada en setembro de 2013, están ao noso dispor desde o momento da súa publicación. Non é de estrañar que reparásemos nos traballos de Costas Lapavítsas, tanto polo seu antieurocentrismo –un autor que escribe desde a periferia do sistema–, como polas categorías analíticas que utiliza, ao aplicar ao ámbito europeo o corpo da *Teoría da Dependencia* e dos seus continuadores do *Sistema-Mundo*, e particularmente porque impugna o proxecto europeo desde a súa orixe, non só pola deriva neoliberal, senón por tratarse dunha unión de estados e non de nacións, por roubar a soberanía aos povos, por articular unha orde que se fundamenta no intercambio desigual, e por utilizar a forza da aristocracia obreira do centro para debilitar os traballadores da periferia.

A conversa que hoxe propoñemos co noso vello coñecido Lapavítsas en coautoría con Heiner Flassbeck, é un traballo publicado orixinalmente en inglés baixo o título “*The systemic of the euro. True causes and effective therapies*”. A tradución débemoslla a Moisés Ribadulla Fernández. Para facilitar a lectura dun texto destas características, non reproducimos os anexos finais.

O traballo xira arredor de dous temas particularmente gustosos para o grego: primeiramente, a crítica ao europeísmo; e en segundo lugar, a crítica á financierización como resposta do capitalismo maduro a súa tendencia ao estancamento. A segunda das cuestións, como estaredes a imaxinar, implica unha revisión da causalidade da crise, mais situando a mesma non como unha fatalidade, senón como unha necesidade do propio sistema para que a súa lóxica siga a operar, conectando na análise cos traballos de dous autores particularmente queridos por nós e por Lapavítsas, como son Paul Baran e Paul Swezy, e, xa que logo, xogando no campo da tradición marxista que é propia ao nacionalismo galego e, porén, tan combatida polos PCs oficiais e os seus dirixentes, a comezar xa por Palmiro Togliatti. Aínda así, –non é casual que o deixásemos para o final– merece unha particular consideración a súa crítica á ideoloxía europeísta, polo que ten de chamada a que a esquerda recupere a súa valentía e, na mellor tradición do marxismo grego que representou o primeiro Nico Poulantzas, sitúa no centro o debate sobre os aparatos e a loita ideolóxica, mais tamén a que esta recupere a autoestima, posto que, sen cuestionar a ideoloxía europeísta que dá cobertura ao proxecto europeo, non hai posibilidade de articular outra Europa e, xa por último, porque a crítica ao europeísmo é a negación da identidade europea e anular esta significa rescatar a soberanía para os povos de Europa e a diversidade desta nas diferentes esferas.

## CAPÍTULO I: AS RAZÓN DUNHA UNIÓN MONETARIA E OS FACTORES DETERMINANTES DA INFLACIÓN

**1. POR QUE A UNIÓN MONETARIA?** A unión económica e monetaria europea (UEM) atravesará unha profunda crise, e cada vez son máis os observadores que cuestionan a súa capacidade para sobrevivir a ela. Que foi mal? Son válidos os diagnósticos que se ofrecen comunmente? Podería ser posíbel que os políticos europeos, ao máis alto nivel, sexan incapaces de comprender a causa da crise e facerlle fronte cun plan coherente?

Para atopar respostas convincentes a estas preguntas cómpre remontármolos ás orixes da unión monetaria, e identificarmos os defectos de construción que lastraron a súa existencia desde un principio, até chegar ao momento decisivo que acadou após a gran crise financeira e a gran recesión de 2008 e 2009.

Foi a unión monetaria unha má idea desde o principio, e reflicte o seu posíbel fallo unha ausencia de bo razoamento económico na decisión, motivada politicamente, de acelerar a integración europea, como argumentan a maior parte dos seus críticos? E por outra banda: podería a posta en marcha da UEM non ser considerada como o paso final no camiño cara a unha estabilidade no tipo de cambio duradeira logo de moitos anos durante os cales os membros do sistema monetario europeo (SME) practicaran sistemas de tipo de cambio controlados? E que acontece cos vaivéns dos mercados financeiros que fixeron que as autoridades europeas, nos anos 1970, rexeitasen un sistema de tipos de cambio totalmente flexíbel para as relacións monetarias dentro da rexión? Ademais, despois de 30 anos de flutuación libre entre as grandes divisas, existen probas convincentes que apoiem a crenza na eficiencia dos mercados para atoparen o valor xusto dunha moeda sen friccións?



Costas Lapavistas


A cooperación monetaria en Europa, segundo se describe na historia da cooperación monetaria europea no anexo deste artigo, empezou a principios do decenio de 1970, cando o sistema monetario global de Bretton Woods se esborallou. Para a maioría dos países europeos, sobre todo para os máis pequenos, non existía ningunha alternativa á cooperación monetaria. Eses países negáronse, con moita máis forza que Alemaña, a optar por un sistema de tipos de cambio flotantes, porque non crían que a independencia monetaria fose beneficiarlles. Entendían que para pequenas economías abertas atarse as mans podería ser a solución óptima en asuntos monetarios.

Todos os intentos académicos levados a cabo desde os anos 1960 de definir os criterios para espazos monetarios óptimos (OCA, segundo as súas siglas en inglés) foron en balde. O argumento que presenta a teoría dos OCA é unicamente válido se existe unha alternativa viábel para as pequenas economías abertas en forma de flutuación libre. Pero en realidade non existe esa alternativa. A autonomía monetaria, a promesa dunha flutuación libre, é unha ficción teórica, e iso foi ben entendido por moitos países de Europa. Os tipos de cambio determinados polo mercado tenden a exceder ou non acadar os valores xustos —ou equilibrados—, segundo determinan a paridade do poder adquisitivo (PPP) ou a paridade descuberta de tipos de xuro (UIP). Peor

aínda, os tipos de cambio determinados polo mercado a miúdo móvense na dirección equivocada durante períodos extensos de tempo (UNCTAD TDR, 2010) como resultado da especulación coa moeda, o chamado *carry trade* (carretaxe). Os países con taxas de inflación relativamente altas e, de maneira concomitante, tipos de xuro relativamente altos, tenden a verse invadidos por grandes entradas de fondos a curto prazo que impulsan cara arriba o tipo de xuro das súas divisas en termos reais. Isto destrúe as vantaxes absolutas e comparativas no comercio internacional e crea unha distorsión na estrutura produtiva entre bens comerciábeis e non comerciábeis. Se isto ocorre, a autonomía monetaria formal fica baleira de contido.

En presenza de tipos de cambio extremadamente volátiles, as economías pequenas e abertas non teñen autonomía monetaria, porque as súas autoridades monetarias deben reaccionar perante os vaivéns do mercado de divisas. No marco dun sistema de tipos de cambio flotantes, a liberdade formal dun banco central (sen obrigación de intervir) non ten base material<sup>1</sup>. Obviamente, os países que non estean dispostos a abandonar ao mercado a potestade de determinar o tipo de cambio deben cooperar con outros países para obter unha maior estabilidade no devandito tipo. A valoración das divisas é demasiado importante para as relacións comerciais internacionais como para que a decisión de intervir ou non no merca-

Figura 1: taxas de crecemento dos CLU e a inflación na UEM



Notas:

1 CLU definidos como renda bruta per cápita en ECU/euros dos traballadores por conta allea dividida polo PIB real polo número total de persoas empregadas.

2 12 países: Bélxica, Alemaña, Finlandia, Francia, Grecia, Irlanda, Italia, Luxemburgo, Países Baixos, Austria, Portugal e España.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

do de divisas se deixe a criterio dun único banco central. Ademais, sen cooperación o conflito é inevitábel, xa que un cambio no tipo dun país sempre afectará a outro. Para un número n de países no mundo no seu conxunto existen n-1 tipos de cambio. Por conseguinte, a cuestión crucial non é tanto se existe a necesidade de cooperación monetaria internacional, algo obvio, senón que forma debería adquirir esta. Como se amosa no anexo, a cooperación monetaria europea evolucionou en pasos bastante pequenos durante un período de 30 anos, antes de culminar nunha unión monetaria completa en 1999. Algúns observadores argumentaron que o proceso de formas de cooperación cada vez máis vinculantes podería ser detido antes de alcanzar a fase da unión monetaria, pero este argumento non resulta convincente.

Todas as formas tradicionais de cooperación monetaria internacional —á marxe dunha unión monetaria completa— esixen que a divisa dun destes países sirva de soporte para o sistema, de modo que os demais países pasan a ser dependentes do país que posúa esa divisa soporte. A cooperación monetaria que ten como obxectivo ampliar a marxe de manobra (o “espazo de política”) para a política económica na rexión no seu conxunto debe incluír polo menos un país que poida actuar como entidade crediticia de último recurso en tempos de crise. Isto débese á asimetría nas relacións entre países cuxas divisas están sometidas á ameaza de depreciación e países cuxas divisas están sometidas a presión para se apreciaren. Os países que tenten evitar a depreciación da súa moeda (ou detela nun determinado punto) deben intervir no mercado de divisas. Isto significa que os seus bancos centrais deben aumentar a demanda do seu propio diñeiro vendendo reservas internacionais. Como esas reservas sempre son limitadas, os países son vulnerábeis perante ataques especulativos sobre a súa divisa. A única


maneira de repeler o devandito ataque é a cooperación coa outra parte, noutras palabras, co país coa moeda que se aprecia, que é capaz de intervir vendendo a súa propia divisa, dispoñíbel en cantidades infinitas.

En Europa, Alemaña era a candidata obvia a converterse nese soporte da cooperación monetaria rexional. Durante varias décadas, Alemaña foi a campioa da estabilidade de prezos, segundo puido verse, en concreto, a través da absorción suave das consecuencias inflacionistas das dúas crises do prezo do petróleo. Como consecuencia dunha menor inflación, a divisa alemá nunca se viu sometida a presión depreciativa, senón que sempre tendeu a se apreciar. Por tanto, Alemaña asumiu o papel de soporte monetario europeo, e con razón. Algúns países máis pequenos deron copiado o desempeño inflacionista alemán e mantido a estabilidade no tipo de cambio sen perderen a competitividade global. A este respecto, Austria foi o caso máis impresionante. A maioría das grandes economías europeas, no entanto, tiveron que aceptar unha e outra vez a depreciación fronte á divisa alemá para compensaren os seus ataques inflacionistas. Isto produciuse especialmente nos casos de Francia e Italia, polo menos até mediados dos anos 1980. E o soporte funcionou en termos de presión efectiva sobre a inflación nacional mentres existiu a opción de axustes do tipo de cambio para restaurar as posicións competitivas.

Durante os vaivéns do sistema monetario europeo que precederon á UEM foi gañando terreo outro argumento, político, que era máis sinxelo. Argumentábase que en Europa os tipos de cambio fixos e, en última instancia, unha moeda unificada, eran indispensábeis para a creación dun mercado europeo único. E tamén había outro argumento potente do debate político, que no entanto nunca foi adoptado polos grandes círculos académicos. Alemaña, co seu bo desempeño económico e a súa firme postura dogmática acerca da inflación, foi convencendo ao longo do tempo os seus países veciños de que a estabilidade interna do valor do diñeiro, noutras palabras, a estabilidade no nivel de prezos nacionais, fora unha parte íntegra, e de feito central, do éxito alemán. Así, após a conmovión que supuxo a gran crise de 1992, o argumento alemán de que a estabilidade do nivel de prezos en todos os países membros do mercado común era crucial para este elemento central da integración europea xa non podía ser rexeitado. A vontade política de adherirse ás políticas económicas e a un modelo monetario similares aos que procuraba Alemaña determinaron o debate europeo nunha proporción moi importante.

En contraste, o argumento económico crucial para coroar a cooperación monetaria rexional mediante a creación dunha unión monetaria non callou no ámbito político e no seu proceso de toma de decisións. Nun siste-

Figura 2: salarios nominais (1) e produtividade nominal (2)



Notas:

1 Definidos como a compensación nominal total dos traballadores por conta allea dividida polas horas traballadas dos traballadores por conta allea multiplicada polo número de traballadores por conta allea.

2 Definida como o PIB nominal dividido polas horas traballadas do número total de xente empregada multiplicado polo número de persoas empregadas.

3 Valores de 2012 para horas traballadas do número total de traballadores e traballadores por conta allea. Baseados en datos de Destatis e AMECO.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); Eurostat; cálculos propios.

ma de múltiples divisas cunha divisa soporte, chegar a un acordo de principio sobre o enfoque de política xeral non equivale a unha solución óptima para todos os estados membros. A política do país soporte, aínda que fose perfecta baixo as circunstancias imperantes nese país, non tería por que ser necesariamente a política perfecta para todo o grupo, aínda que existise consenso sobre o obxectivo da inflación entre os países participantes no esforzo cooperativo. Este foi o problema principal do sistema de Bretton Woods nos anos 1950 e 1960, cando o dólar estadounidense servía de divisa soporte do sistema mundial de tipos de cambio con tipos fixos mais axustábeis. A toma de decisións no sistema da Reserva Federal estadounidense (daquela o Banco Central global de facto) consideraba unicamente o contorno económico dos Estados Unidos, no canto dos requisitos do sistema no seu conxunto. Do mesmo xeito, Alemaña aceptou a súa función de soporte do sistema monetario europeo, mais a toma de decisións no tocante á política monetaria, incluído o establecemento de tipos de xuro, nunca se levou a cabo tendo en conta os requisitos do sistema monetario no seu conxunto. Este enfoque político é inadecuado.

Por tanto, a única opción política a longo prazo rigorosa para a estabilidade monetaria rexional é a unión monetaria. Tan só nun sistema monetario xenuinamente multilateral poden todos os países participar plenamente no proceso de toma de decisións acerca dunha política monetaria que teña en conta as condicións económicas de toda a área. Nada que non sexa a unión monetaria pode axudar a evitar a ineficacia sistémica na xestión da política monetaria en calquera rexión na que os países teñan acadado o consenso de que a estabilidade tanto do valor interno como externo do diñeiro resulta crucial para a súa prosperidade común. Xa que logo, en Europa o paso de crear a UEM foi moito máis que o mero resultado dun

intento por parte do goberno francés de impedir o dominio político alemán, como argumentaron moitas persoas. Este paso estaba plenamente xustificado desde un punto de vista económico, dado que Alemaña, como soporte do SME, non podía crear por si propia as condicións para alcanzar un contorno non inflacionista verdadeiramente europeo.

Para as economías moi pequenas e extremadamente abertas, o enfoque do soporte pode funcionar durante bastante tempo mesmo se a política económica do país soporte descoida de forma benigna a existencia dos satélites no sistema, sempre que siga principios razoábeis. Para calquera grupo máis grande e para países de tamaño e fortaleza económica similares, o enfoque do soporte debe ser considerado simplemente como unha fase de transición no camiño cara á unión monetaria completa. A única forma de garantir unha conduta coherente na política económica para o grupo no seu conxunto lógrase a través dun banco central común. Con todo, a fase de transición pode durar moito tempo: Europa tardou 30 anos despois dos seus primeiros pasos cara á cooperación monetaria en alcanzar esta idea lóxica e consecuenta.

Desde unha perspectiva global, as medidas que seguiron cara á unión monetaria, apoiadas por unha forte vontade política, outorgaron a Europa un enorme grao de independencia respecto ao resto do mundo, os mercados financeiros internacionais

e as organizacións financeiras internacionais. Cun soporte forte e estábel abondo como para capear incluso as grandes tormentas internacionais, o grupo deu impedido fortes conmocións externas: ningún país individual tivo que chamar ao FMI para superar problemas de desaxustes de tipos de cambio ou falla de liquidez internacional.

## 2. O QUE PRECISA UNHA UNIÓN MONETARIA.

No Tratado de Maastricht establécense varios criterios para permitir aos países acceder á UEM en calidade de membros de pleno dereito. O Pacto de Estabilidade e Crecemento complementa o Tratado, e púe as condicións para se integrar no grupo. Este pacto tomou forma influído polas opinións acerca da inflación, e a estabilidade económica dun modo máis xeral, no momento no que se deseñou o Tratado. Para analizarmos de maneira crítica os acontecementos que conduciron á crise actual non axudaría, con todo, facer referencia a estas opinións e condicións, que se conformaron desde unha perspectiva política. Debemos fixarnos nos mecanismos económicos subxacentes desde un punto de vista non partidista. De feito, que ao principio do decenio de 1990 moitos responsábeis políticos considerasen que a harmonización e os déficits baixos no orzamento público eran cruciais para o éxito da UEM resulta irrelevante para os acontecementos que ameazan a día de hoxe a existencia da UEM.




Unha unión monetaria é, sobre todo e ante todo, unha unión de países dispostos a renunciaren á súa propia moeda nacional para que se cre unha moeda común. Renunciar a unha moeda nacional significa renunciar ao dereito das autoridades nacionais de imprimir e utilizar papel moeda (moeda fiduciaria) e delegar calquera decisión a este respecto nunha institución supranacional independente. Nos órganos decisorios da devandita institución ningún país individual ten unha influencia maioritaria. Os bancos centrais nacionais continúan existindo dentro da UEM, mais o poder de determinar a política monetaria e todas as decisións relacionadas recae exclusivamente no Banco Central Europeo (BCE) e o seu consello de dirección.

Entrar nunha unión monetaria tamén significa renunciar aos obxectivos nacionais de inflación e aceptar un obxectivo de inflación común para a unión no seu conxunto. Isto implica que todos os factores que inflúen na taxa de inflación están directamente afectados pola decisión de se incorporar a unha unión monetaria. Na teoría monetaria dominante (principalmente o monetarismo, a teoría que se basea na chamada teoría cuantitativa do diñeiro e que se orixinou a partir da obra de Milton Friedman e outros), a capacidade do banco central común para guiar os volumes monetarios considérase abondo para determinar a taxa de inflación. Aplicada a unha unión monetaria, esta teoría significa que o banco central común pode conter a inflación en toda a unión, e que non haberá ningún diferencial de inflación entre os países membros. Esta chegou a ser a base teórica da UEM, xa que o Deutsche Bundesbank, o soporte da UEM, establecera o monetarismo como a doutrina dominante nos anos previos ao comezo da UEM.


Cabe lembrar que mesmo nesta idea, os déficits orzamentarios públicos, que acabaron sendo o tema máis atendido no debate sobre a política económica, non inflúen no desempeño inflacionista da unión, posto que

Figura 3: axuste das taxas de crecemento dos CLU (1) ao longo de trinta anos



Nota: CLU definidos como renda bruta per cápita en ECU/euros dos traballadores por conta allea dividida polo PIB real polo número total de traballadores.  
Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

Figura 4: CLU (1) en Alemaña, Francia e o sur de Europa (2) (1999 = 100)



Notas:

1 CLU definidos como renda bruta per cápita en ECU/euros dos traballadores por conta allea dividida polo PIB real polo número total de persoas empregadas.

2 España, Italia, Grecia e Portugal.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

non existe ningunha relación sistemática entre o tamaño destes déficits e a taxa de inflación. Segundo a teoría monetarista, independentemente do grande que sexa o déficit orzamentario, a política monetaria sempre pode acadar o seu obxectivo de inflación adheríndose estritamente ás regras "obxectivas" que rexen a expansión da oferta de diñeiro.

Con todo, a teoría monetarista baseouse nunha evidencia empírica

feble desde o seu principio. Desde o decenio de 1930, o dogma monetarista baseábase principalmente nunha especie de falacia *post-hoc ergo propter-hoc*. Os monetaristas teimaban en que sen máis diñeiro a aceleración inflacionista non sería posible. E aínda que é certo que sen a aceleración da oferta do diñeiro é imposible que haxa unha aceleración inflacionista, o que implica que o primeiro é unha condición necesaria para o segundo,

iso non implica que calquera aceleración monetaria vaia provocar unha aceleración inflacionista. Noutras palabras, aínda que o diñeiro é necesario para inflar unha economía, de ningún modo resulta suficiente expandir a oferta do diñeiro ou "imprimir máis diñeiro" para inflar unha economía.

A principios do decenio de 1990 debateuse moito acerca dos criterios que deberían cumprir os países para poder optar a se integrar na UEM e sobre como medir o desempeño dos candidatos, pero a cuestión fundamental, a capacidade do banco central común para controlar a inflación, non se viu sometida a ningunha análise crítica. Malia certa polémica sobre o grao necesario de independencia do banco central común, practicamente todo o mundo confiaba en que o seu control sobre a oferta monetaria abondaría para controlar a inflación e para reproducir o que se consideraba o espléndido desempeño do Bundesbank nos vinte anos anteriores.

Con todo, a medida que foi pasando o tempo, o debate académico, en moitos aspectos influído polos logros do sistema da Reserva Federal estadounidense, deu as costas ao monetarismo, e adoptou un novo enfoque sobre o papel dun banco central. Isto non se fixo sen a influencia do BCE, un sistema moito máis aberto e cultural que o Bundesbank. Ao non poder proporcionar probas convincentes da existencia dunha forte relación entre as medidas tradicionais de oferta monetaria —coñecidas como segundo pilar—, o BCE foise desviando gradualmente da doutrina herdada do Bundesbank, e virou cara a un modelo monetario no que o banco central actúa establecendo o tipo de xuro a curto prazo á vista dos acontecementos macroeconómicos. No devandito enfoque, o réxime operativo do banco central baséase en varias canles a través das cales os estímulo que fornece van penetrando no sistema de xeito que poida acabar acadando o seu obxectivo final.

En principio, o devandito enfoque está máis aberto ás probas, alén

da canle tradicional de oferta de diñeiro. No entanto, na práctica, estaba bloqueado por outras doutrinas que resultaban ser demasiado fortes como para seren superadas con rapidez. Tanto o BCE como a Comisión Europea estiveron dominadas polo pensamento neoliberal e neoclásico até o 2008. Ese é o motivo principal polo que o BCE, e as demais institucións fundadas para rexer e protexer a UEM, fallaron cando a crise financeira global fixo soar unha alerta para os investidores internacionais acerca da capacidade dos membros da UEM da periferia de devolveren a débeda que acumularan durante os dez primeiros anos da UEM.

**3. OS CUSTOS LABORAIS UNITARIOS DETERMINAN A INFLACIÓN.** Na teoría imperante nos anos de preparación para a UEM e os dez primeiros anos da UEM, a teoría do mercado laboral neoclásica foi o segundo alicerce importante do marco doutrinal, que a Comisión Europea e o BCE consideraban constitutiva para o funcionamento do mercado común e da UE no seu conxunto. Na chamada Estratexia de Lisboa, así como en moitas outras decisións tomadas polo Consello Europeo, a evidente adhesión ao pensamento neoliberal (que se basea de maneira regular na teoría neoclásica) guiou a maior parte das decisións políticas. A "flexibilidade do mercado laboral" e a "mellora da competitividade" foron (e seguen a ser) os mantras das institucións europeas, en concreto da Comisión, no seu intento de crear un mercado común que sexa máis eficiente que o resto do mundo e de acelerar o crecemento interno e a creación de emprego.


Porén, non existe ningunha evidencia empírica que xustifique a crenza na importancia do diñeiro e un banco central independente para a estabilidade dos prezos. Tampouco hai ningunha base que sustente a crenza de que un mercado laboral flexíbel proporcionaría automaticamente suficientes postos de traballo para todas as persoas dispostas

a traballar. Estas crenzas xorden da doutrina liberal que conquistou Bruxelas e Frankfurt do mesmo xeito que "a Santa Inquisición conquistou España", utilizando as palabras de J. M. Keynes. Se se tivese feito caso a unhas cantas probas palpábeis, sería doado impedir que a UEM e a UE se convertesen en vítimas dos mercados financeiros e entrasen na calella sen saída na que están atrapados actualmente. A proba máis importante é a correlación importante e estábel entre o crecemento dos custos laborais unitarios (CLU) e a taxa de inflación.

Os custos laborais unitarios resultan cruciais para os movementos globais de prezos nunha economía nacional. Os custos laborais constitúen claramente o compoñente máis importante do custo total da produción na economía no seu conxunto, porque nun proceso produtivo integrado verticalmente non só se producen os bens de consumo finais empregando man de obra, senón tamén os bens intermedios e os bens de capital. Os custos laborais unitarios poden ser considerados un instrumento perfecto para predicir e controlar a inflación (figura 1). Se o aumento do salario nominal pasa ou non alcanza o aumento da produtividade nacional e o obxectivo de inflación común, adoita producirse unha desviación sobre ese obxectivo establecido.

O enfoque doutrinario sobre o fundamento das políticas macroeconómicas na UEM debeuse a unha cegueira ideolóxica que provocou que demasiada xente ignorase a importancia dos salarios, e dos CLU respectivamente, como factor determinante da inflación na UEM no seu conxunto e nas entidades nacionais máis importantes, malia as innumerábeis probas que demostran a existencia desta relación. Unha vez que se recoñece a importancia fundamental dos salarios na inflación, a decisión de dar ao banco central un grao enorme de independencia e de limitar os déficits públicos e a débeda pública ten moi pouca influencia sobre a converxencia da inflación entre os estados mem-

Figura 5: o incremento dos desequilibrios comerciais marca o inicio da UEM – balances de conta corrente como porcentaxe do PIB



Nota: os valores negativos representan un déficit de conta corrente.  
Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

bros, o principal requisito para que funcione unha unión monetaria.

Existe un enorme conxunto de probas e de estudos que demostrou no pasado que un sistema de tipos de cambios fixos unicamente pode funcionar correctamente se os custos laborais unitarios converxen e eliminan a necesidade de ter unha flexibilidade de dos tipos de cambio. Nun sistema de tipos de cambio fixos e de unión monetaria, as diferenzas entre o nivel de custos nacional (que significa esencialmente o nivel salarial) e o nivel de custos internacional non poden ser corrixidas mediante un cambio no valor da divisa nacional comparado co das divisas estranxeiras. Nunha unión monetaria, o axuste axeitado dos salarios e os prezos en cada país membro resulta máis importante aínda, ao non haber ningunha saída fácil nin acción de emerxencia, como hai nun sistema de tipos fixos mais axustábeis, como o sistema de Bretton Woods e o SME. Nestes sistemas, as divisas nacionais desvalorizáronse unha e outra vez sen que se producisen grandes trastornos nas economías nacionais e o comercio internacional.

O BCE definiu o obxectivo de inflación común para a UEM nun tipo próximo ao 2%. Por tanto, a regra do crecemento salarial en cada economía semella bastante sinxela: os salarios nominais non deben aumentar máis que a taxa de incremento da produtividade nacional en cada estado membro máis este obxectivo de inflación común. A medio e longo prazo, esta

regra implica que os CLU e os tipos de inflación nacionais converxen cara ao obxectivo de inflación, e non se poden producir grandes discrepancias entre os países membros respecto dos incrementos nos CLU. Isto tamén excluíría diverxencias significativas en termos de competitividade nacional. Os salarios reais, segundo esta regra, expandiríanse ao longo da liña da produtividade nacional, impedindo ás economías membros o uso do instrumento neoclásico máis importante para combater o paro, é dicir, reducir os salarios reais ou obrigar os salarios reais a iren por detrás do avance na produtividade.

**4. O CRECIMENTO SALARIAL DETERMINA O RUMBO DO CRECIMENTO DA DEMANDA NACIONAL.** Un rumbo salarial segundo se describiu anteriormente como requisito para estabilizar os niveis de prezos e acadar a converxencia das taxas de inflación tamén ten o mérito de estabilizar a demanda nacional en todos os estados membros da UEM. Como o crecemento salarial real é o determinante máis importante do crecemento do consumo nacional, os axustes sistemáticos dos salarios nominais a un tipo equivalente ao crecemento da produtividade nacional e o obxectivo de inflación son cruciais para que a demanda nacional se expanda o suficiente en cada país e na unión no seu conxunto, e para compensar o efecto negativo dos avances tecnolóxicos no número de postos de traballo. Por


Nin o actual déficit  
orxamentario nin o  
tamaño da débeda  
pública teñen impacto  
sobre o desempeño  
inflacionista dunha  
economía

tanto, nun marco teórico baseado na teoría monetaria (keynesiana) moderna a unión monetaria pode funcionar perfectamente ben, pero non o fará nun marco teórico baseado á vez no monetarismo e na teoría neoclásica sobre o emprego.

Para suavizar o impacto dos movementos de produtividade cíclicos inesperados e imprevisíbeis é preferíbel axustar os salarios nominais (durante un ano ou dous) á tendencia do crecemento da produtividade. Ter en conta o obxectivo da inflación (no canto da taxa de inflación real) tamén contribúe a estabilizar o crecemento salarial e da demanda, xa que axuda a impedir que as crises de prezos de carácter excepcional e a curto prazo (como os incrementos repentinos no prezo do petróleo ou outros produtos básicos esenciais) teñan un impacto inflacionista duradeiro. Se esas crises se reflectisen no axuste salarial, como o caso dos mecanismos de indexación retrospectivos (como a *scala mobile* aplicada en Italia nos anos 1970), o incremento salarial nominal causaría un incremento tanto dos CLU como da taxa de inflación, e acabaría impoñendo un axuste monetario, noutras palabras, tipos de xuro máis altos, o que desalentaría o investimento real.

Con axustes salariais sistemáticos que sigan a regra descrita, tanto as economías nacionais dentro da UEM como a economía da unión no seu conxunto poden avanzar por unha senda estábel, impulsadas por un crecemento bastante estábel do consu-

Figura 6: salarios reais por hora (1) e produtividade (2) (1999 = 100)



## Notas:

1 Definidos como a compensación real total dos traballadores por conta allea dividida polas horas traballadas dos traballadores por conta allea multiplicada polo número de traballadores por conta allea.


2 Definida como o PIB real dividido polas horas traballadas do número total de xente empregada multiplicado polo número de persoas empregadas.

3 Os valores de 2012 son para as horas traballadas do número total de traballadores e traballadores por conta allea proxectados, e baséanse en datos de Destatis e AMECO.

4 A compensación nominal total dos traballadores por conta allea está axustada aos prezos por unha taxa de inflación constante do 1,9% e dividida polas horas traballadas polos traballadores por conta allea multiplicada polo número de traballadores por conta allea.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); base de datos da OCDE (acceso en abril de 2013); cálculos propios.

Figura 7: CLU (1) entre 1999 e 2012 de países seleccionados da UEM (1999 = 100)



1 CLU definidos como renda bruta per cápita en ECU/euros dos traballadores por conta allea dividida polo PIB real polo número total de persoas empregadas.

2 España, Italia, Grecia e Portugal.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

mo privado baseado en expectativas de ingresos positivas e estábeis dos fogares (polo menos mentres se poida esperar que o incremento da produtividade mantéña unha traxectoria ascendente). Baixo estas circunstancias, o comercio exterior tamén estará equilibrado, xa que o feito de os CLU se moveren en tándem co obxectivo de inflación en todos os países, foren cales foren as súas sendas de produtividade nacional, tamén implicará es-

tabilidade dos tipos de cambio reais e da competitividade.

Máis unha vez, é importante observar que a estabilidade do crecemento salarial real en liña co crecemento da produtividade presenta un marcado contraste coa proposta de salarios superflexíbeis e doadamente axustábeis que contempla a doutrina neoclásica. Segundo esta doutrina, non se poderá evitar un paro alto e en aumento (conmocións idiosincrá-


ticas) se os salarios non son flexíbeis abondo como para ir por detrás da produtividade durante un período prolongado de tempo. En contraposición, existen probas concluíntes de que o crecemento estábel nos ingresos nacionais (garantido polo axuste do crecemento salarial real ao crecemento da produtividade), combinado coa ausencia de conmocións externas por unha redución da competitividade, significa que non hai ningunha necesidade en absoluto de recortar os salarios reais.

## 5. PRESENTAN ALGÚN PROBLEMA OS NIVEIS SALARIAIS?.

Moitas persoas argumentan que países con niveis moi distintos de riqueza non deberían formar unha unión monetaria. Moitos observadores consideran os países máis pobres incapaces de competir con nacións máis ricas, polo que deberían absterse de entrar nunha carreira de competitividade con estas. Á marxe do feito de que a día de hoxe adoita darse a volta moi a miúdo a ese argumento (as nacións máis ricas vense ameazadas por nacións máis pobres e máis competitivas, nas que os custos salariais son moito máis baixos), o argumento non resulta convincente. En todos os países, todos os grupos de actores deben respectar a restrición orzamentaria nas súas demandas contra a renda global que se produce en cada país. Ningún país pode consumir máis do que produce a longo prazo. Ese é o motivo polo cal, nunha economía de funcionamento normal, as demandas de distintos grupos, incluídos os traballadores, se equilibran contra as demandas doutros grupos nun nivel determinado de ingresos totais.

Nunha economía na que este exercicio equilibrador xa non funciona, os conflitos sobre a distribución de ingresos rematarían en ataques e espirais inflacionistas. Se isto se evita, os niveis de salarios e beneficios reflicten exactamente o nivel de riqueza ou benestar desa economía, e o nivel salarial reflicte a produtividade nacional: os baixos salarios nos países máis

Figura 8: préstamos bancarios de países centrais á periferia – reclamacións brutas centro (1) – periferia (2) (\$ m)



Notas: Alemaña, Países Baixos e Francia. España, Portugal, Grecia e Irlanda.  
Fonte: BIS; cálculos propios.

pobres reflicten unha baixa produtividade, e viceversa nos países ricos. O nivel de custos laborais unitarios sería o mesmo nun país pobre que nun país rico, sempre que en ambos os dous países poida evitarse un gran conflito acerca da distribución de ingresos e a inflación. Por tanto, non existe ningún risco de que se produzan grandes desequilibrios comerciais como consecuencia de distintos niveis de riqueza, sempre que se cumpran requisitos mínimos acerca da estrutura do comercio e a estrutura de produtos dispoñíbeis para ambos países, o que implica unha estrutura superposta dos bens producidos nos dous. Isto é o que ocorre claramente no comercio entre os países europeos, que tiñan unhas relacións comerciais abertas desde moito tempo antes de accederen á unión monetaria. En conxunto, non hai ningún motivo polo que non sexa posíbel —tanto para os países pobres como para os ricos— xestionar o crecemento dos CLU na economía no seu conxunto de forma tal que estea en liña co obxectivo de inflación correspondente. Aínda que os datos necesarios para esa comparación non están dispoñíbeis en moitos países, o caso de Francia e Alemaña revela esta lóxica subxacente (figura 2). Ambos os dous países accederon á UEM cuns niveis de salarios e produtividade máis ou menos similares (para facer que a produtividade en termos absolutos sexa aquí comparábel aos salarios nominais absolutos, calcúlase como unha produtividade baseada no PIB nominal). Ademais, o movemento de salarios en relación á produtividade non constituía un problema en ningún dos dous países. Con todo, como tanto os salarios nominais como a produtividade nominal se expandiron con máis rapidez en Francia que en Alemaña, xurdiu unha fenda de competitividade.

É indubidábel que a lóxica dunha unión monetaria require que os países membros respecten estritamente o obxectivo común de inflación en termos nominais, para preservar o equilibrio externo en todo momento.

En termos reais, isto implica que cada país debe axustar a súa propia senda de produtividade e o seu potencial económico; isto exclúe tanto un país que “viva por riba das súas posibilidades” como outro que “viva por baixo das súas posibilidades”.

## CAPÍTULO II: QUE FALLOU NA UEM?


**1. A INFLACIÓN COMO FENÓMENO MONETARIO E A OBSESIÓN COS OBXECTIVOS FISCAIS.** No canto de debater polo miúdo acerca das implicacións da unión monetaria e de crear as institucións necesarias para xestionar correctamente esa unión, o proceso político anterior a 1997, o ano no que debían cumprirse os criterios, centrouse na política fiscal. Fíxose fincapé na limitación dos déficits do sector público ao 3% do PIB, mentres que a necesidade de evitar diferenzas inflacionistas e a capacidade dos estados membros de cumprir co obxectivo de inflación común a longo prazo consideráronse moito menos importantes para o funcionamento sen obstáculos da UEM. De xeito evidente, a obsesión cos obxectivos fiscais foi consecuencia directa da gran loita entre os gobernos e os mercados que dominara gran parte do debate ideolóxico nos 30 anos posteriores ao final do réxime de Bretton Woods.

Con todo, non existe ningunha relación directa entre os obxectivos fiscais e o obxectivo da inflación, e os vínculos indirectos que se pode-

rían imaxinar son moi febles. Nin o actual déficit orzamentario nin o tamaño da débeda pública teñen impacto sobre o desempeño inflacionista dunha economía. No caso de que poida pensarse nalgún vínculo, é —de acordo cun vello prexuízo— a maneira en que un goberno altamente endebedado pode utilizar a inflación como instrumento para reducir o valor real da súa débeda. Un exemplo é Xapón no últimos vinte anos. Cunha débeda pública equivalente a máis do 200% do PIB, Xapón ten o maior nivel de débeda pública de todos os países industrializados. Aínda así, o país non deu saída da súa trampa deflacionista. Os responsábeis políticos xaponeses soñan con acadar un nivel de inflación sustentable; o seu pesadelo é a deflación.

No acalorado debate mantido en Alemaña acerca dos perigos da aceleración inflacionista no período previo á UEM, nin sequera se mencionaron os salarios ou os custos laborais unitarios. Os custos laborais considerábanse un reflexo do prezo do mercado pola man de obra. A “doutrina da flexibilidade” era a opinión amplamente aceptada (OCDE, 1994) na política e tamén na economía. Por conseguinte, desde o inicio da unión monetaria en 1999, Alemaña, o maior país e o baluarte europeo da estabilidade externa durante varios decenios, decidiu ensaiar unha nova forma de combater o seu alto nivel de desemprego. O goberno empezou a aplicar presión política sobre os sindicatos nun intento

Figura 9: provisión de liquidez do BCE (1) por instrumento (€ m)



Nota: refírese só á provisión de liquidez por parte do BCE (sen absorción).  
Fonte: BCE; cálculos propios.

de restrinxir o incremento dos salarios nominais e reais.

Certamente, o decidido intento de Alemaña de afrontar a súa taxa de desemprego persistentemente alta non procuraba acadar o obxectivo da UEM, senón que se baseaba na convicción neoclásica de que uns salarios máis baixos se traducirían nun modo de produción máis intensivo de man de obra. Despois de que os plans de redución da xornada laboral non ofrecesen os resultados agardados, os dirixentes sindicais accederon, nun acordo tripartito alcanzado en 1999, a abandonar a fórmula que se utilizara até entón para determinar o incremento salarial. Esta fórmula garantiría unha participación equitativa dos traballadores no crecemento da produtividade; pero agora, os sindicatos aceptaron en troques “reservar o crecemento da produtividade para o emprego” (Flassbeck, 1997; Flassbeck e Spiecker, 2005).

Implicitamente, este acordo tamén supuxo unha ruptura fundamental coa tradición alemá de buscar unha taxa de inflación baixa e estábel. Historicamente, Alemaña caracterizouse por incrementos salariais moderados. Mais estes incrementos normalmente aseguraban que os salarios reais (salarios nominais axustados á inflación) aumentasen en liña coa produtividade (o PIB dividido polo número de horas traballadas). Noutras palabras, os custos laborais unitarios (salarios nominais divididos polo PIB), como regra, aumentaban en liña cun obxectivo da inflación de aproximadamente o 2%. Con todo, como o monetarismo se convertera na doutrina amplamente aceptada que explicaba a inflación, o aspecto deflacionista do novo esquema non chegou a cuestionarse.

**2. XORDE UNHA ENORME FENDA DE COMPETITIVIDADE.** O novo enfoque do mercado laboral alemán coincidiu co inicio da unión monetaria e contribuíu ao xurdimento dunha enorme diverxencia nos movementos de custos laborais unitarios entre os membros da nova unión monetaria.

Desde o inicio da UEM, os custos laborais unitarios alemáns, o factor determinante máis importante de prezos e competitividade, mantivéronse planos (figura 4).

En contraposición, na maior parte dos países do sur de Europa o crecemento salarial nominal excedeu o crecemento da produtividade nacional e o obxectivo de inflación acordado comunmente do 2% por unha marxe pequena, aínda que bastante estábel. Francia foi o único país que se cinguiu exactamente á senda acordada de crecemento salarial nominal: estivo en liña co desempeño da produtividade nacional e o obxectivo da inflación do 2% do BCE.


Aínda que a diverxencia anual do crecemento dos CLU era relativamente pequena, a dinámica dunha diverxencia anual tan “pequena” provocou fendas enormes ao longo do tempo. Ao final do primeiro decenio da UEM, a fenda de custos e prezos entre Alemaña e o sur de Europa representou ao redor dun 25%, e un 15% entre Alemaña e Francia. Noutras palabras, aínda que as divisas nacionais xa non existían, o tipo de cambio real de Alemaña se depreciara de maneira bastante significativa. O crecemento diverxente dos custos laborais unitarios reflectíase en diverxencias de prezos similares. Aínda que a unión no seu conxunto alcanzou o seu obxectivo de inflación do 2% de maneira case perfecta, as diferenzas nacionais foron notábeis. Máis unha vez, Francia foi con moito quen tivo un mellor desem-

peño, ao aliñar a súa taxa de inflación perfectamente co obxectivo europeo. Alemaña ficou por baixo, e os países do sur de Europa pasaron o obxectivo por unha marxe grande abondo como para se traducir nunha fenda enorme de competitividade.

Como consecuencia das fendas acumuladas, Alemaña adquiriu unha vantaxe absoluta no comercio internacional, mentres que os demais países experimentaron unha desvantaxe absoluta. Para ilustrar este efecto: un produto comparábel, que en 1999 se vendeu ao mesmo prezo en todos os países membros da UEM, en 2010 podía venderse en Alemaña a un prezo que era un 25% inferior, como media, ao doutros países da UEM, sen ningún cambio na marxe de beneficios dos produtores alemáns.

Á vista desta escala, a conclusión acerca dos responsábeis e a mala conduta resulta clara: considerando a relación forte e estábel dos custos laborais unitarios, un obxectivo de inflación do 2% unicamente é compatible cun incremento do 2% nos custos laborais unitarios; por tanto, un incremento do 2,7%, como no caso de Grecia, implica que esta economía estivo “vivindo por riba das súas posibilidades”. Con todo, Grecia infrinxiu a regra nun grao cuantitativamente moi inferior ao de Alemaña, que, cun índice do crecemento dos CLU de só o 0,4%, estivo vivindo “por baixo das súas posibilidades”. Paradoxalmente, Alemaña aceptara explicitamente o obxectivo próximo ao 2% porque

Figura 10: mantemento de reservas dos bancos da UEM (€ m)



Fonte: BCE; cálculos propios.

este fora o seu propio obxectivo de inflación antes da UEM. En función deste obxectivo e da importancia primordial dos custos laborais unitarios para a inflación, Alemaña encamiñouse cara a unha clara infracción do obxectivo común unha vez que o seu goberno empezou a aplicar unha enorme presión sobre as negociacións salariais para mellorar a competitividade internacional do país, dentro e fóra da UEM.

A acumulación da enorme fenda en custos laborais unitarios e prezos tivo un impacto formidábel sobre os fluxos comerciais. Ao reducirse os custos laborais unitarios alemáns nunha marxe cada vez maior respecto á dos demais países, as súas exportacións prosperaron, e as súas importacións reducíronse. Os países do sur de Europa e Francia rexistraron un aumento dos déficits comerciais e de conta corrente (figura 5).

Aínda que o comercio estivera bastante equilibrado ao principio da unión monetaria e durante os moitos anos anteriores a ela, o inicio da UEM marcou o comezo dun período de desequilibrios crecentes. Mesmo despois da conmoción da crise financeira e os seus efectos devastadores no comercio mundial, que son claramente visíbeis no balance alemán, a tendencia non cambiou. O superávit de conta corrente de Alemaña seguiu aumentando de novo despois de 2010, e alcanzou un novo cume en 2012.

Por outra banda, a profunda recesión e a austeridade fiscal nos países


con déficit tenden a reducir os déficits visíbeis. Porén, sen unha mellora fundamental na súa competitividade é moi pouco probábel que se produza unha rápida recuperación, e unha eventual recuperación da demanda nacional volvería facer que os déficits de conta corrente saltasen axiña a un primeiro plano.

As vantaxes absolutas e acumuladas dun país ou dun grupo de países similares son de xeito evidente insustentábeis. A enorme fenda na competitividade e o déficit de conta corrente resultante deben ser eliminados nalgún momento, porque se non é así o país ou a rexión afrontarán unha situación na que non poderán convencer de maneira críbel os seus prestamistas de que serán capaces de devolver a súa débeda nalgún momento. Como a devolución definitiva de calquera débeda internacional debe ser un pagamento en especie, require un superávit de conta corrente no país debedor e un déficit por parte do acreedor (Keynes, 1929). Un país endebedado unicamente poderá pagar e devolver a súa débeda se o país con superávit permite ao país con déficit converterse nun país con superávit antes ou despois a través de cambios na competitividade mediante axustes de prezos resultantes de axustes salariais ou cambios no tipo de xuro.

A diferenza das empresas, os países non entran en bancarrota nin desaparecen. Deben atopar maneiras

de afrontar unha situación na que practicamente todas as súas empresas presentan desvantaxes absolutas en comparación cos seus competidores do estranxeiro. A forma máis sinxela de afrontar uns custos laborais unitarios excesivamente altos (en divisa internacional) consiste en reducir os salarios. Se é posíbel reducir os salarios nominais exclusivamente naquelas partes da economía que se atopan expostas á competencia internacional, poderán evitarse moitos efectos secundarios negativos. A desvalorización monetaria fai exactamente iso: reduce os salarios nominais expresados en divisa internacional, mais non de maneira xeneralizada en todos os sectores da economía. Desta forma, os salarios reais baixan, mais as importacións se volven máis caras, e tenden a ser substituídas por produtos de fabricación nacional, mentres que as exportacións pasan a ser máis baratas para os clientes internacionais e tenden a crecer.

**3. COMPETENCIA ENTRE NA- CIÓNS?.** Un dos debates máis interesantes das últimas décadas foi o debate acerca da competencia entre nacións ou a batalla de nacións no ámbito do comercio. A era da globalización, máis que ningunha outra antes, foi interpretada como unha obriga ás nacións para competiren de forma similar ás empresas. A riqueza das nacións considerábase dependente da súa capacidade de se adaptar de forma eficaz aos retos que crean os mercados abertos de bens e capital. Esperábase que as nacións con altos estándares na súa dotación de capital se visen sometidas a presión competitiva por parte de socios comerciais con salarios e estándares laborais baixos. En concreto, supúñase que o xurdimento dunha enorme reserva de man de obra ociosa en grandes economías en desenvolvemento, como China e a India, cambiaría de maneira fundamental a relación global capital/man de obra no seu conxunto a prol do capital, e conduciría a un novo equilibrio salarial global.



3º premio fotoxornalismo 2013 Estação Imagen Mora (Noticias) a António Pedro Santos pola serie "A crise é o maior 'reality show' do mundo"

A realidade semella confirmar esta expectativa: os salarios en moitos países de nivel salarial alto do norte víronse sometidos a presións, e a man de obra xa non é capaz de apropiarse da mesma porcentaxe de crecemento da produtividade do capital, malia telo feito antes durante moitas décadas. A participación dos salarios caeu, e a confianza na capacidade das economías de mercado para garantir a plena participación de toda a xente no progreso da sociedade empezou a debilitarse. Porén, o feito de que as participacións salariais estean en declive non implica necesariamente que as forzas impulsoras desta tendencia sexan aquelas ás que fai referencia o modelo neoclásico do mercado laboral, a base da idea de que a presión por parte dos mercados emerxentes conduce inevitabelmente a salarios máis baixos en moitas economías industrializadas.

Unha análise máis detallada revela os límites e as debilidades deste modelo. Asume que a competencia entre economías enteiras funciona do mesmo xeito que a competencia entre empresas. Pero esta analogía está fóra de lugar: o modelo que describe a competencia entre as empresas non é aplicábel aos países, e sobre todo non aos países con divisas independentes. Na configuración dinámica dunha economía de mercado, as empresas compiten a través da diferenciación da produtividade. As condicións canto á demanda, sobre todo os prezos de bens intermedios, man de obra e capi-

tal, adoitan ser similares e compartidas por todas as empresas dentro dun país. Por conseguinte, o éxito ou o fracaso dunha empresa individual veñen determinados polo valor específico que se engade no plano da empresa aos bens e servizos que se comercian en xeral. Como as empresas deben aceptar os prezos fixados, teñen que respectar os prezos existentes da man de obra para distintas cualificacións, do mesmo xeito que deben respectar o prezo do capital. As empresas capaces de xerar unha maior produtividade a través da innovación e os novos produtos operan con custos laborais unitarios inferiores aos dos seus competidores: isto permítelles ofrecer os seus bens a prezos máis baixos ou obter beneficios máis altos a uns prezos determinados. O primeiro implica obter cotas de mercado, e o segundo pode significar vantaxes estratéxicas a longo prazo a través de maiores taxas de investimento. Sempre que os prezos de man de obra e produtos intermediarios veñan determinados, os competidores adaptanse aplicando unha tecnoloxía idéntica ou similar ou abandonando o mercado porque a súa produción xa non é economicamente viábel.

Este mecanismo non se aplica no plano dos países, porque os niveis salariais adoitan establecerse no ámbito nacional. Quer a través da mobilidade laboral dentro do país, quer mediante negociacións salariais nun contexto nacional, os países, a diferenza das empresas, establecen

os salarios, no canto de os aceptar. Se os salarios se negocian de maneira central no ámbito nacional ou se a man de obra é xeograficamente móbil, debe ser aplicada a chamada lei de prezo único, do mesmo pagamento por idéntico traballo, o que significa que todas as compañías, sexa cal for a súa rendibilidade pola súa eficacia, deben pagar os mesmos salarios. Por conseguinte, un crecemento máis forte da produtividade no nivel dunha economía nacional enteira non incrementa a competitividade de todas as empresas en comparación co resto do mundo. O avance da produtividade ao longo de toda a economía adoita reflectirse nuns salarios nominais maiores (e salarios reais) e nun crecemento inalterado dos custos laborais unitarios.


Pero mesmo aínda que este mecanismo, polo motivo que for, non funcionase en absoluto, un país cunha produtividade bastante alta e uns salarios extremadamente baixos e uns custos laborais unitarios moi baixos non aumentaría automaticamente a súa competitividade internacional, e por tanto tampouco a competitividade de todas as súas empresas. Expresados en divisa internacional, os prezos do país que empregue de maneira sistemática políticas de *dumping* salarial para mellorar a súa competitividade internacional non serían necesariamente inferiores aos do resto do mundo. Nun mundo de divisas nacionais e política monetaria nacional, un país que ofrezca os seus bens a prezos moi inferiores adquiriría cotas de mercado e acumularía enormes superávits comerciais e de conta corrente. Mais, ao mesmo tempo, a presión política para axustar os salarios e os prezos nunha divisa internacional aumentaría, e antes ou despois o país veríase obrigado a axustar os seus salarios, medidos en divisa internacional, mediante unha revalorización da súa moeda.

As nacións poden abrir as súas fronteiras aos fluxos comerciais e de capital se as súas empresas teñen bastantes posibilidades na división global do traballo e non se atopan en perigo





Figura 12: débeda pública en poder dos bancos nacionais e non residentes como porcentaxe dos activos totais das institucións financeiras monetarias – Grecia



Fonte: base de datos Brueghel de posesión de débeda pública desenvolvida por Merler e Pisani-Ferry (2012).

para estimular a creación dun gran número de novos postos de traballo a través dun cambio no factor prezo relativo e a reestruturación do aparello produtivo cara a un método de produción máis intensivo en man de obra. Esta estratexia, baseada na teoría neoclásica do mercado laboral, nunca funcionou porque esta teoría ten un talón de Aquiles: exclúe a dimensión temporal e o feito de que un recorte salarial, ou unha redución no crecemento salarial, vén seguido en realidade por unha secuencia de efectos e non por un regreso ao equilibrio como no modelo neoclásico (UNCTAD TDR, 2012; e Flassbeck et al. 2013).

Os defectos do nexo neoclásico fanse aparentes ao considerarmos o tempo real e a secuencia de eventos no proceso. Recortar os salarios reduce de inmediato a demanda entre os fogares dos traballadores. Esta redución pode producirse mesmo antes da data exacta do recorte salarial, se este pode ser anticipado. Cunha caída sincronizada en salarios e demanda entre os asalariados, as empresas non están dispostas a investir. Porén, serían precisos novos investimentos para reestruturar o aparello de produción en vista dos novos prezos relativos da man de obra e o capital. Cunha caída na demanda e unha caída no aproveitamento da capacidade do capital existente, o investimento en accións en capital fixo tamén caerá, e debilitará aínda máis a demanda nacional.

O nexo neoclásico salarios-emprego, segundo o cal unha redución

salarial provocará un cambio no proceso de produción, asume que a demanda global non cambia despois da redución salarial. Noutras palabras, a teoría neoclásica asume o que non pode asumirse no mundo real: a independencia da oferta e a demanda no mercado laboral (Schumpeter, 1954, p. 991). Nunha economía pechada ou nunha economía cun pequeno sector externo, unha caída na suma salarial global, e xa que logo unha redución na demanda global entre os fogares dos traballadores, unicamente podería ser evitada se o emprego aumentase exactamente na mesma porcentaxe que caesen os salarios. Ademais, isto debería lograrse instantaneamente, nun "segundo teórico". Se existe algunha fricción na reestruturación do proceso de produción ou algún atraso no axuste do emprego, o nexo salarios-emprego que suxire a teoría neoclásica vén abaixo.

No caso alemán, esta cadea de eventos pode observarse claramente. A moderación salarial traducíuse nuns salarios reais máis ou menos constantes por traballador durante 10 a 15 anos, mentres que a produtividade aumentou a un ritmo constante. Por conseguinte, se o goberno non inducise os sindicatos a aceptaren a moderación salarial, o crecemento normal dos salarios reais sería de ao redor dun 1,2%, e tería rematado 2012 (con 1999 igual a 100) nun nivel de 117, no canto de 113 (figura 6). Asumir que a taxa de inflación tería seguido o obxectivo de inflación ao

longo do período da UEM en todos os países revela a enorme discrepancia existente entre os acontecementos en Alemaña por unha banda e en Francia pola outra, como se mostra nas curvas ficticias da figura 6.

Asumindo unha taxa de aforro inalterada dos fogares dos traballadores, o incremento de salarios reais traducíuse nun incremento da demanda dos devanditos fogares de ao redor dun 1,7% anual, o que tería conducido a unha expansión da demanda de consumo alemá en porcentaxes similares á dos países comparábeis, como Francia. En realidade, porén, o incremento foi moi inferior. Aínda incluíndo aos fogares do resto da sociedade (cuxos ingresos aumentan debido á demanda da exportación inducida), o incremento anual medio do consumo privado real en Alemaña desde mediados dos anos 1990 foi moi inferior ao de Francia. Considerando á vez o lento crecemento da demanda nacional e o forte crecemento das exportacións, xorde a cuestión de se unha estratexia equilibrada non tería sido superior para Alemaña, en función do alto peso do consumo no PIB ao principio. Considerando os nervios da crise do euro, o dano político causado a Alemaña e o perigo dunha ruptura da zona do euro, a análise non pode ser máis que negativa.

No entanto, moita xente está impresionada polo experimento alemán, porque o país se beneficiou tremendamente da súa estratexia de arruinar os seus veciños durante os anos inmediatamente anteriores á crise financeira. De feito, as vantaxes absolutas en competitividade, como as obtidas pola economía alemá, acumúlanse co tempo. Canto maior sexa a vantaxe absoluta, maiores serán as ganancias en cotas de mercado nunha economía global de rápido crecemento. O formidábel incremento nas cotas de exportacións de Alemaña e o superávit de exportacións reflicten unha explosión sen precedentes e irrepitíbel das exportacións. Para moitos observadores, a ganancia de forza política de Alemaña despois da

## Alemaña foi capaz de se aproveitar dunha situación historicamente única e da inxenuidade dos seus países socios durante os dez primeiros anos da UEM

crise resulta máis impresionante aínda que o desempeño económico en si. Pero isto débese ao simple feito de que durante as crises financeiras (cando todo o mundo é remiso a asumir riscos e escapa deles) un país debedor, por mor da súa dependencia de capital estranxeiro, adoita estar á defensiva, e o acreedor sitúase nunha posición de fortaleza.

No entanto, non pode haber ningunha dúbida de que o extraordinario éxito de Alemaña na fronte externa débese ao atordamento dos seus veciños e á cegueira das institucións creadas para guiaren e supervisaren o correcto funcionamento da zona do euro, en concreto o BCE e a Comisión Europea. Un banco central máis vixiante ou unha Comisión máis atenta terían intervido ao principio, advertindo a Alemaña dos riscos da súa estratexia e alertando os seus veciños. Que non o fixesen é o resultado directo dos alicerces ideolóxicos sobre os que se construíu a UEM. A principios do decenio de 1980, a Comisión adoptou como relixión o neoliberalismo, que desde entón guiou a maior parte das súas decisións e accións. Mellorar a competitividade era o obxectivo declarado da UE no seu conxunto. Como podía nesas circunstancias a Comisión obstaculizar que Alemaña fixese o que se esperaba que fixese todo o mundo?

O fracaso institucional é máis grave aínda no caso do BCE. Cos ollos abertos e sen barreiras ideolóxicas, o BCE tería descuberto ao principio que os custos laborais unitarios, non a oferta de diñeiro, son o principal factor determinante da inflación para a unión no seu conxunto, e tamén para as súas entidades nacionais. O BCE foi incapaz de tratar os acontecementos macroeconómicos globais e o xurdimento de grandes desequilibrios. Tamén foi incapaz de prever o resultado —en termos de presión deflacionista— dunha posíbel crise. O BCE, como institución independente, podería evitar gran parte do desastre utilizando a súa influencia política ou emitindo advertencias públicas que

sinhalasen que a unión transitaba por unha senda perigosa.

**5. O AXUSTE ASIMÉTRICO É INDISPENSÁBEL.** Incluso moitos dos observadores que ven con bos ollos as opinións expresadas aquí argumentarían que para Alemaña a estratexia de conter o crecemento salarial nacional non estivo motivada principalmente pola competencia dentro da UEM, senón fundamentalmente por unha competencia industrial cada vez maior por parte de economías emergentes, en concreto China. Engadirán que, como xa se dixo, esta estratexia estaba plenamente en liña coa orientación xeral que adoptara a Unión Europea uns anos antes, cando instou os seus membros a melloraren a súa competitividade.


Aínda que estes argumentos resultan atractivos de maneira intuitiva para moitas persoas, son totalmente erróneos, porque máis unha vez ignoran a importancia crucial dunha relación forte e estábel entre a taxa de crecemento dos custos laborais unitarios e a taxa de inflación. Unha unión monetaria que tente alcanzar unha taxa de inflación do 2% non debe permitir a un dos seus estados membros (ao maior en concreto) adoptar un rumbo propio en termos de desenvolvemento dos CLU e a inflación. Se Europa estivese convencida da existencia dun desafío por parte dos mercados emergentes que era necesario afrontar no ámbito macroeconómico, podería ter elixido unha taxa de inflación inferior (ou mesmo deflación) como meta da política monetaria común. Neste caso, con todo, antes ou despois o tipo de cambio do euro fronte ao yuan chinés ou o dólar estadounidense tería reflectido a menor inflación en Europa e destruído a vantaxe que Europa tentara obter ao buscar un obxectivo de inflación menor.

A mensaxe é simple: nun mundo de tipos de cambio flotantes ou axustábeis, ningún país pode adquirir unha vantaxe permanente fronte a outro que teña a posibilidade de axustar o seu tipo de cambio de acor-

do cos diferenciais inflacionistas. Isto significa que todos os intentos de mellorar a competitividade recortando ou moderando os salarios na UEM no seu conxunto resultan inútiles. Mais este é exactamente o enfoque que foi elixido como camiño a seguir desde o inicio da crise. Este enfoque tamén está equivocado, porque na maior parte dos países debedores europeos os recortes salariais terán un efecto pernicioso, xa que a súa demanda nacional é máis importante que a demanda externa. Nas economías cunha porcentaxe de exportación do PIB moi inferior ao 50%, as estratexias de moderación salarial son contraproducentes se non existe ningunha perspectiva de acadar un enorme superávit de conta corrente ao longo dun período de tempo prolongado e de aumentar a porcentaxe de exportación máis aló do listón do 50% sen que os socios comerciais adopten represalias. En circunstancias normais, sería por tanto imposible emular con éxito a estratexia seguida por Alemaña durante os dez primeiros anos da UEM.

Nunha unión monetaria, un país cunha baixa porcentaxe de exportacións e un enorme déficit de conta corrente e problemas de financiamento causados por unha divisa implicitamente sobrevalorada ficará atrapado. O axuste á baixa dos salarios, ás veces chamado erroneamente “desvalorización interna” non supón ningunha saída, xa que destrúe a demanda nacional e a produción global antes de poder achegar ningún alivio a tra-

Figura 13: débeda pública en poder dos bancos nacionais e non residentes como porcentaxe dos activos totais das institucións financeiras monetarias – Portugal



Fonte: base de datos Brueghel de posesión de débeda pública desenvolvida por Merler e Pisani-Ferry (2012).

vés do aumento das exportacións. En concreto, os países cunha enorme fenda de competitividade en comparación con Alemaña deben atravesar un período de recuperación de terreo en termos de competitividade dos prezos. Este proceso non conduce a ganancias rápidas de cotas de mercado internacional nin a melloras duradeiras na posición de conta corrente, porque a vantaxe absoluta de Alemaña permanecerá intacta sempre que a fenda de competitividade non se supere, ou noutras palabras, se converta nunha vantaxe absoluta para os países deficitarios. A figura 7 mostra que os países terán que se mergullar por baixo da senda dos CLU alemáns durante moito tempo para recuperar parte das perdas experimentadas nos dez primeiros anos da UEM.

O talón de Aquiles do proceso de axuste é a súa duración. Un país democrático non pode soster de ningunha maneira de cinco a dez anos de deterioración do nivel de vida e aumento do paro, nin económica nin politicamente. O proceso traducirase inevitabelmente nunha axitación social e en intentos desesperados por parte do pobo de utilizar as eleccións para impedir o que sería, ao seu ver, un frívolo ataque contra o seu benestar. Por este motivo, o proceso de axuste debe ser como mínimo simétrico. Isto significa que o país que está implicitamente subvalorado debe acometer un esforzo igualmente grande cara a un axuste ascendente, e iso significa incrementos salariais máis rápidos, como os demais países os acometen en termos de axustes descendentes. O criterio máis fiábel do éxito dos esforzos de axuste en ambos os dous lados é o obxectivo da inflación. Se o obxectivo da inflación común non se ve cuestionado como tal, restabelecer a competitividade internacional dos países deficitarios esixe un aumento nos CLU e inflación no país con superávit até o punto no que se alcance un balance externo nos dous lados durante toda a vida da unión monetaria (incluídos os dez primeiros anos).

### CAPÍTULO III: O PAPEL DA BANCA E DO BANCO CENTRAL

**1. A ESTRUCTURA FINANCIERA PROBLEMÁTICA DA UEM.** Unha unión monetaria como a UEM, que aspira a crear tanto unha divisa internacional común como unha divisa nacional común para os seus estados membros, establece uns requisitos concretos para as institucións que rexen o sistema financeiro. Na medida en que a moeda común actuará en mercados internacionais, a unión debe ter unha autoridade monetaria que xestione as reservas internacionais (incluído o ouro) e que interveña no mercado cambiario de ser preciso. Na medida en que a moeda común actuará no ámbito nacional, a unión debe ter unha autoridade monetaria que faga converxer os tipos de inflación dos estados membros e que supervise a emisión e a circulación de moeda de curso legal. Ambas as dúas tarefas requiren un banco central eficaz e poderoso.

Nos sistemas financeiros nacionais, as operacións habituais dun banco central prodúcense diariamente no mercado interbancario, proporcionando liquidez e garantindo unhas condicións estables para as operacións a curto prazo dos bancos comerciais. Por tanto, o medio máis básico de proporcionar apoio institucional en termos do funcionamento da UEM foi a construción do Banco Central Europeo, que actúa nun mercado interbancario homoxéneo no que os bancos comerciais dos estados membros po-

den obter liquidez en pé de igualdade. O funcionamento tanto do BCE como do mercado interbancario, porén, revela a natureza contraditoria da UEM e a súa inherente inestabilidade.

O BCE foi establecido como o máis "privado" dos grandes bancos centrais, no sentido de que non se lle permitía adquirir débeda dos estados membros nos mercados primarios e secundarios. Impedir que a débeda pública entrase no balance do BCE é coherente co principio reitor da UEM, a saber, que un estado membro non debe asumir o pasivo doutro. Os estados non deben poder financiar os seus déficits a través da venda de débeda ao BCE, nin tampouco endosar o risco crediticio vinculado á súa débeda ao BCE, e por tanto a outros estados membros.

Por tanto, o BCE foi orixinalmente deseñado para emitir o seu pasivo co obxectivo de adquirir unicamente débeda privada da maior calidade e baixo estritas condicións de elixibilidade. Tamén se lle dotou dunha enorme reserva de ouro, a meirande de entre os principais bancos centrais. O seu mandato consistía en garantir a converxencia dos tipos de inflación cara ao obxectivo meta do 2%. A diferenza do sistema da Reserva Federal estadounidense, o BCE nunca tivo a obriga de considerar o desempeño do sector real, incluídos o crecemento e o desemprego. A forma en que funcionaba o BCE desempeñou un papel importante no desenvolvemento da crise, o que revelou a natureza inestá-

bel da unión e, en certo grao, fixo que o BCE cambiase as súas prácticas.


Ao primeiro, o BCE conseguiu establecer un mercado interbancario homoxéneo para a UEM. Os estritos termos de avais (activos financeiros privados) esixidos polo BCE crearon un espazo común para os bancos comerciais dos estados membros obtengan liquidez do banco central e comerciaren esa liquidez entre eles. Sobre esta base, podería xurdir un tipo de xuro común entre os estados membros e o funcionamento do euro estaría apoiado tanto nacional como internacionalmente.

No entanto, o mercado interbancario homoxéneo foi establecido por riba de sistemas bancarios que seguen a ser nacionais. Por tanto, o comportamento dos fluxos de liquidez entre os bancos comerciais está influído en gran medida polas características institucionais nacionais. Ademais, a estrutura institucional do propio BCE reflicte a persistencia dos sistemas financeiros nacionais. Os bancos centrais nacionais seguen a operar dentro do marco do Eurosistema de bancos centrais, e a súa función adquiriu unha maior importancia no transcurso da crise.

En resumo, aínda que a UEM está dotada dun banco central que opera nun mercado interbancario homoxéneo, non ten un sistema bancario comercial igualmente homoxéneo. Isto é unha contradición que reside na base da UEM e socava o funcionamento da unión. Consideremos os seguintes puntos.


Nun sistema monetario nacional, a provisión de liquidez por parte do banco central é facilitada polos poderes de control ou supervisión exercidos sobre os bancos comerciais. Na UEM, con todo, a supervisión dos bancos comerciais segue a ser fundamentalmente nacional. Porén, máis importante aínda é o impacto das institucións nacionais sobre a solvencia dos bancos comerciais. A capacidade dos bancos comerciais de obtengan liquidez e comerciaren con ela no mercado interbancario depende en última

Figura 14: débeda pública en poder dos bancos nacionais e non residentes como porcentaxe dos activos totais das institucións financeiras monetarias – España



Fonte: base de datos Brueghel de posesión de débeda pública desenvolvida por Merler e Pisani-Ferry (2012).

Figura 15: débeda pública en poder dos bancos nacionais e non residentes como porcentaxe dos activos totais das institucións financeiras monetarias – Irlanda




Fonte: base de datos Brueghel de posesión de débeda pública desenvolvida por Merler e Pisani-Ferry (2012).

instancia da súa solvencia, que depende á súa vez da calidade dos balances dos bancos, en concreto os activos bancarios. Nun sistema monetario nacional hai elementos de referencia institucional que apoian a solvencia dos bancos comerciais, e por tanto serven de soporte ao funcionamento normal dos mercados interbancarios. A UEM, en cambio, carece de referencias institucionais correspondentes, como quedou claro no transcurso da

crise. Por conseguinte, a provisión de liquidez, e con ela o funcionamento do euro como divisa da unión, viuse prexudicada.

Máis especificamente, nun sistema monetario nacional os bancos comerciais adoitan estar apoiados por un sistema de seguros que protexe os depósitos, que son o compoñente máis importante dos pasivos bancarios. Do mesmo xeito, os bancos comerciais teñen acceso á garantía ex-

Figura 16: débeda pública en poder dos bancos nacionais e non residentes como porcentaxe dos activos totais das institucións financeiras monetarias – Italia



Fonte: base de datos Brueghel de posesión de débeda pública desenvolvida por Merler e Pisani-Ferry (2012).

plícita ou tácita do Estado fronte ao risco de bancarrota. Os mecanismos de “resolución” públicos ocúpanse en última instancia do risco crediticio asumido polos bancos comerciais nos seus balances. En esencia, estas son formas distintas (implícitas ou explícitas) de ratear a carga das perdas bancarias entre os contribuíntes, os accionistas e os titulares de bonos. Estes mecanismos inclúen diferentes métodos con funcións institucionais específicas que adoitan variar dun país a outro.

Hai un marcado contraste coa UEM. A banca na UEM carece tanto dun sistema de seguros de depósitos uniforme como dun mecanismo de resolución uniforme, xa que os bancos comerciais seguen a ser decididamente nacionais nestes dous aspectos. Por tanto, os bancos da UEM obteñen liquidez nun mercado interbancario homoxéneo que é inherentemente transnacional, mais apoian a súa solvencia a través de mecanismos institucionais que son nacionais e específicos de cada país. Esta contradición determinou o curso da crise, ao perturbar o funcionamento do mercado interbancario e por tanto o da propia UEM.

**2. INSOLVENCIA BANCARIA E CARENCIAS DE LIQUIDEZ.** A banca comercial na UEM viuse afectada polo rápido crecemento do crédito despois de 2000. A causa inmediata do crecemento crediticio foi o mesmo factor que garantiu a homoxeneidade do mercado interbancario, é dicir, o tipo

de xuro común xestionado polo BCE. Os tipos de xuro baixaron por toda a UEM, e a caída foi especialmente notábel nos países periféricos. Os tipos de inflación tamén converxeron, aínda que non de maneira tan decisiva como os tipos de xuro. O resultado foi que os tipos de xuro reais en varios países periféricos se esboroaron, e mesmo chegaron a se converter en negativos. Por conseguinte, o crecemento crediticio nacional expandiuse con rapidez.

O crecemento do crédito nacional foi unha forma eficaz de enmascarar os resultados negativos da perda de competitividade das economías periféricas. O crédito axudou a manter o consumo e serviu de apoio ao investimento nunhas áreas, especialmente no sector inmobiliario. Dependendo do fondo institucional e das prácticas respecto da vivenda en cada país, o resultado foi elevar os prezos inmobiliarios en varios deles, o que creou vastas burbullas no caso de Irlanda e de España. Os bancos nacionais tiveron unha implicación moi importante, e por tanto asumiron o correspondente risco crediticio nos seus balances.

Ademais, os baixos tipos de xuro por toda a UEM permitiron aos países financiar de maneira barata os déficits de conta corrente derivados da perda de competitividade. A crecente débeda internacional foi proporcionada polos bancos dos países con superávit, tipicamente Alemaña e Francia.

Durante varios anos no decenio dos 2000, os bancos dos principais países asumían encantados o risco crediticio nos seus balances prestando tanto ás empresas públicas como privadas da periferia (figura 8). A razón fundamental era que a devandita débeda estaba expresada en euros, o que fixo xurdir a falsa percepción de que era similar á débeda nacional. No transcurso da crise quedou claro que esta débeda é en realidade externa no que respecta aos países periféricos, aínda que estea expresada en euros. Por tanto, os prestamistas víronse expostos a débeda soberana e privada na periferia, que probablemente non adquirirían se os sistemas monetarios dos países periféricos seguisen sendo nacionais.

A crise da zona do euro é, en primeiro lugar, unha crise relacionada coa débeda tanto soberana como privada. Isto resulta bastante natural á vista da perda subxacente de competitividade nos países periféricos, que inevitavelmente supuxo unha acumulación de débeda externa e nacional. A medida que a débeda se ía acumulando, os prestameiros dos gobernos estatais tiveron dificultades para obter crédito en mercados internacionais despois de 2009. A razón fundamental é que os prestamistas viron claramente que non toda a débeda expresada en euros era da mesma calidade: un euro de débeda pública alemá, por exemplo, tiña un valor moito máis alto que un euro de débeda pública grega. Gradualmente, os participantes no mercado entenderon que o Estado alemán non satisfaría a débeda dos países debedores. Así, cada vez máis países debedores e os seus gobernos quedaron excluídos dos mercados internacionais.

A ameaza para os gobernos estatais traducíuse de inmediato nunha ameaza para os bancos que estaban expostos a eses estados. Tratábase principalmente de bancos de países centrais que financiaran débeda pública periférica. Ademais, tamén existía unha ameaza para os bancos que apoiaran a sobreexpansión do crédito

privado nacional, a miúdo asociado co sector inmobiliario. Eran bancos nacionais principalmente, pero tamén bancos estranxeiros que prestaran a bancos nacionais ou directamente ao sector privado sobreexpandido. A medida que a crise se agudizaba e a austeridade fiscal empeoraba a contracción das economías periféricas, os bancos empezaron a afrontar problemas adicionais relacionados con préstamos improditivos, sobre todo na periferia, pero tamén no centro.

Por tanto, a crise da zona do euro desde o principio foi unha crise bancaria: unha crise de solvencia bancaria, porque coincidiu coa crise financeira global. As crises incipientes de solvencia bancaria adoitan conducir a unha perda de confianza entre os bancos, e por tanto en primeiro lugar maniféstanse como carencias de liquidez no mercado interbancario. Nas devanditas circunstancias, a resposta estándar do banco central é proporcionar liquidez aos bancos comerciais. As operacións do BCE foron xa que logo fundamentais para confrontar desde o principio a crise da zona do euro. A provisión de liquidez por parte do BCE, tanto a bancos comerciais como a bancos centrais nacionais, aumentou enormemente, e as esixencias de garantías relaxáronse sistematicamente. A política do BCE equivale a un gran subsidio público aos bancos comerciais, posto que a liquidez foi facilitada a tipos de xuro moi baixos durante períodos de tempo fixados.

Ao contrario que a Reserva Federal e o Banco de Inglaterra, desde 2007 o BCE non se implicou nunha relaxación cuantitativa directa, é dicir, a práctica de adquirir bonos públicos para estimular as reservas bancarias coa esperanza de expandir a subministración do diñeiro de crédito. Con todo, a resposta dos bancos privados á provisión de liquidez do BCE consistiu en incrementar substancialmente as participacións de reservas co Eurosistema (figura 9). Os bancos comerciais estiveron moi preocupados acerca da calidade dos seus balances polas razóns tratadas anteriormente,



2º premio fotoxornalismo 2013 Estação Imagen Mora (Ambiente) a Gabriel Tizón pola serie "Vidas no lixo"

e por tanto preferiron acaparar liquidez proporcionada polo BCE no canto de se implicar na expansión crediticia (figura 10).


A provisión de liquidez tamén aumentou enormemente entre os bancos centrais, o que se traduciu na expansión das chamadas contas TARGET2. Estes fluxos de liquidez substituíron unha parte importante dos fluxos de capital privado entre os países da UEM; substituíron en concreto fluxos de países centrais a periféricos a medida que a crise se acentuou. A provisión de liquidez por parte dos bancos centrais dos países principais aos bancos centrais periféricos permitiu a estes últimos apoiar os seus propios sistemas bancarios e o sector privado. Con todo, dada a profundidade dos problemas de insolvencia dos bancos comerciais, nin sequera a abundante provisión de liquidez foi suficiente para sacar da crise os mercados interbancarios. Como consecuencia, as autoridades monetarias da UEM tiveron que recorrer a outras dúas accións, que apuntan a que a unión se está desfazendo cada vez máis.

A primeira foi a provisión de liquidez por parte de bancos centrais nacionais dentro do Eurosistema disfrazada de Asistencia Urxente de Liquidez (ELA, segundo as súas siglas en inglés). Crear esta forma de liquidez require a aprobación do consello reitor do BCE, pero a responsabilidade recae en cada banco central nacional. En efecto, a ELA equivale á creación

de euros baixo condicións locais, e en parte ten o carácter de diñeiro nacional, especialmente ao estar determinados os termos da garantía polo banco central nacional. A ELA foi unha característica vital da provisión de liquidez na periferia, habitualmente acompañada por unha relaxación significativa dos termos de garantía.

A segunda foi o cambio das prácticas do BCE no tocante á débeda pública. A dificultade, ou completa incapacidade, dos gobernos estatais para acceder aos fondos nos mercados financeiros internacionais e o correspondente declive na calidade da débeda soberana foi fundamental na escaseza de liquidez do mercado interbancario. Por conseguinte, o BCE viuse obrigado a relaxar a súa postura de total rexeitamento a mercar débeda soberana. En realidade, empezou a facer adquisicións da devandita débeda no mercado secundario en 2011. Aínda máis importante, con todo, foi a declaración por parte do BCE en 2012 de que estaba disposto a comprar a débeda de países en dificultades, sempre que implantasen programas de austeridade. Este anuncio non foi probado na práctica, pero significou non obstante un cambio radical. Tranquilizou os mercados financeiros, porque sinalou que o BCE estaba disposto a asumir el mesmo o risco crediticio dos préstamos aos gobernos estatais. Para os países centrais, sobre todo Alemaña, isto supuxo e segue a supor unha acción potencialmente

Figura 17: un escenario para a converxencia dos CLU (1999 = 100)



Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

problemática, xa que contradí a lóxica sobre a que se construíu a UEM.

### 3. TENDENCIAS CENTRÍFUGAS ENTRE OS BANCOS DA UEM.

A provisión de liquidez directamente por parte do BCE, ou a través da ELA, foi unha panca importante para atenuar as condicións nos mercados financeiros. Con todo, como xa se suxeriu, a provisión de liquidez non pode resolver a cuestión fundamental que afrontan os bancos na zona do euro, é dicir, a potencial insolvencia debido a unha calidade de activos problemática. Neste respecto, a ausencia de mecanismos institucionais funcionais de seguros de depósitos, así como mecanismos de resolución e seguimento bancario, exacerbou a perturbación da zona do euro. Afrontar problemas de insolvencia adoita requirir impor perdas aos accionistas e titulares de bonos, ademais de proporcionar aos bancos capital fresco, a miúdo procedente de recursos públicos. Estes mecanismos implican que un país da zona do euro debería empregar fondos públicos para rescatar os bancos doutro país membro.

En efecto, o problema xurdiu porque a zona do euro ten un banco central operando nun mercado monetario homoxéneo, que debe ocuparse dunha pléiade de bancos que pertencen a dezasete estados distintos. A saúde de cada banco vese afectada polas prácticas financeiras nacionais, incluído o panorama fiscal do Estado; ademais, os termos segundo os cales

se xestiona a insolvencia teñen unha perspectiva nacional. Debido á situación precaria das finanzas públicas en varios estados periféricos, varios bancos comerciais na zona do euro atópanse agora ante o risco de insolvencia; aínda que isto se debe ás finanzas públicas nacionais, é algo que non poden afrontar de forma eficaz as súas propias autoridades nacionais.

O resultado foron maiores custos por xuros para os bancos e, por tanto, maiores tipos de xuro nalgúns estados membros en comparación con outros. As empresas co mesmo risco crediticio pero situadas en distintos estados membros da zona do euro vense obrigadas a operar con distintos tipos de xuro. Isto é un elemento inherentemente perturbador tanto da zona do euro como da propia UE, e máis outro indicador de que a unión monetaria está a se desfacer. A provisión de liquidez por parte do BCE, incluída a que se fai a través da ELA, pode mellorar estas discrepancias, mais non elimínalas por completo, xa que emanan de problemas de insolvencia vinculados tanto aos bancos como aos estados.

Peor aínda para a zona do euro é o feito de que a medida que a crise se volveu máis grave cada estado membro pasou a estar vinculado máis estreitamente co seu propio sistema bancario. Isto significa que a banca da zona do euro pasou a ser máis nacional aínda. Expresándoo dunha maneira distinta, a crise fixo máis febles os vínculos entre os estados membros

e os mecanismos financeiros supranacionais da zona do euro. Esta tendencia púxose de manifesto a medida que os bancos incrementaron as súas participacións en bonos gobernamentais e cambiaron simultaneamente a bonos nacionais, mesmo na periferia (figuras 11-16).


Hai tres motivos que explican esta tendencia, todos eles relacionados coa natureza contradictoria das institucións financeiras na zona do euro. En primeiro lugar, os bancos adoitan favorecer a débeda do seu propio soberano, xa que se percibe a este como o recador de impostos e o garante último dos medios de pagamento dentro do territorio orixinal do banco. En segundo lugar, os bancos nacionais estiveron suxeitos a diversas presións por parte do goberno para adquirir bonos. En terceiro lugar, os estados membros da zona do euro víronse obrigados a depender moito máis dos seus sistemas bancarios nacionais, xa que os bancos principais desinvestiron en bonos gobernamentais dos estados membros máis febles.

Ademais, os gobernos e os bancos centrais nacionais apoiaron os seus sistemas bancarios nacionais de diversas maneiras. Os gobernos proporcionaron garantías aos bancos nacionais para lles permitir dar á súa vez garantías que lles abran o acceso á liquidez do BCE. Os bancos centrais nacionais apoiaron a ELA fronte ás garantías de calidade baixa. Os gobernos tamén garantiron partes dos activos e estruturas de pasivo dos bancos. Estes mecanismos nacionais de apoio equivalen na práctica a un subsidio para os bancos nacionais reduciren o custo dos fondos, e poderen facer fronte ao risco de insolvencia.

En resumo, a banca comercial dentro da zona do euro segue a estar nun estado de gran confusión, debido aos problemas subxacentes de calidade dos activos, e por tanto solvencia. A provisión de liquidez por parte das autoridades da zona do euro atenuou estas dificultades, pero non puido resolvelas. A razón fundamental é a ausencia de mecanismos eficaces para



Figura 18: fluxos financeiros netos (1) en Alemaña (2)



Notas:

1 Posición de débeda neta dun sector empresarial respecto ao produto interior bruto; medias móbiles anuais.

2 Alemaña Occidental até 1991; Alemaña a partir de 1991.

Fonte: Ministerio de Finanzas Federal de Alemaña; base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

facen fronte a crises bancarias por toda a zona do euro, que reflicte a composición nacional dos bancos comerciais, e a incapacidade de evitar un afondamento da crise. A tensión entre a provisión de liquidez transnacional e a resolución nacional dos problemas de solvencia bancaria agudizouse no transcurso da crise, a medida que se reforzou o carácter nacional da banca comercial. A tensión incrementouse aínda máis en 2013, mentres se facía fronte aos problemas do sistema bancario chipriota, xa que a zona do euro impuxo perdas aos depositantes. A confianza na banca da zona do euro sen dúbida verase afectada de maneira negativa, o que conducirá a maiores problemas de solvencia. Ningún destes acontecementos supón un bo presaxio para o futuro da zona do euro.

#### CAPÍTULO IV: POLÍTICAS ECONÓMICAS DESENCAMIÑADAS - O DILEMA FLUXOS-FONDO E O PAPEL CRUCIAL DA POLÍTICA FISCAL

**1. OS FLUXOS SON MÁIS IMPORTANTES QUE OS FONDOS.** Nos últimos anos dedicouse moita enerxía política na zona do euro ao problema dos fondos, sexan préstamos malos, débeda pública aparentemente insustentábel ou depósitos de aforros. Investíuse moito menos entusiasmo político en dar a volta aos fluxos, sobre todo os ingresos (crecemento), o investimento e o consumo. Esa é exactamente a táctica equivocada. Como os fondos futuros son o resultado dos fluxos actuais, debe darse prioridade a restaurar os fluxos, mesmo aínda que isto inflixa certos danos aos titulares dos fondos actuais.

Nunha economía caracterizada por unha débeda externa insustentábel que se acumulou ao longo de moitos anos debido a unha perda de competitividade e á caída das cotas de mercado, o problema da débeda semella o máis urxente. Se, por exemplo, financiar as importacións a través do mercado de capitais entraña un risco, ou se volve enormemente

custoso, e as reservas internacionais están a piques de se esgotar, un país precisa asistencia de emerxencia, porque os fluxos das exportacións e as importacións non se poden axustar da noite para a mañá. Con todo, incluso o financiamento inmediato das importacións supón un elemento da restauración de fluxos, e non de facer fronte aos fondos. En anteriores crises monetarias, como as de Asia e Latinoamérica, o FMI tivo que intervir porque algúns países eran incapaces de deter a saída de fondos e a desvalorización das súas moedas. Cando o FMI interveu —aínda que cunha condicionalidade innecesaria e mesmo inútil— as súas accións afectaron principalmente o financiamento das importacións a curto prazo. A medida que a competitividade foi mellorando ao longo do tempo debido á desvalorización das moedas nacionais, produciuse un envorco na economía grazas ao incremento das exportacións e a redución das importacións. O segundo puido lograrse porque os maiores prezos das importacións alimentaron a substitución de moitas delas por bens nacionais, de xeito que se reduciu a necesidade de as financiar. Á vez que a conta corrente se converteu en superávit despois dalgún tempo, desapareceron as necesidades financeiras, e tamén a necesidade de depender de asistencia do FMI.

Na UEM, o financiamento para países con déficits de conta corrente debería ser moito máis doado, mentres que o cambio de importacións a

produtos nacionais e a estimulación das exportacións resultan moito máis difíciles. Nunha unión monetaria plenamente funcional, non debería haber dificultades para que un país financiasse as súas importacións; de feito, esas dificultades non existen na mesma forma que nun sistema con divisas flotantes. Nunha unión monetaria, os mercados solucionan os déficits de conta corrente que parezan volverse insustentábeis principalmente esixindo tipos de xuro moito máis altos nos bonos gobernamentais. Este é o caso mesmo en situacións nas que a propia débeda pública non representa o principal problema, simplemente porque o goberno é a única entidade que pode ser identificada dun modo claro como “nacional”, e por tanto é considerado responsábel dos problemas que a respectiva economía no seu conxunto poida afrontar.

Ademais, aínda que os gobernos non entran en suspensión de pagamentos como as empresas, nun mundo con divisas nacionais a sanción tradicional dos mercados nunha situación de crise consiste en “pedir” tipos de xuro máis altos para compensar o maior risco de desvalorización da moeda, o risco principal da posesión de bonos gobernamentais por parte de estranxeiros. Como os tipos de xuro pola débeda pública tamén subiron despois do inicio da crise na zona do euro, aínda que neste caso non había risco de desvalorización da moeda, moitos observadores tenderon a confundir a situación dun



2º premio fotoxornalismo 2013 Estación Imagen Mora (Ambiente) a Gabriel Tizón pola serie "Vidas no lixo"

país coa situación do seu goberno. A consecuente resposta política consistiu en afrontar o problema da débeda pública en primeiro lugar e ignorar durante moito tempo os problemas de fluxo do país.

Mesmo con tipos de cambio flotante adoita existir un grave conflito entre os axustes de fondos e de fluxo. Cando a xente ou as institucións dun país ameazado coa desvalorización manteñen posicións en moeda estranxeira ou teñen débedas nesta, dificilmente se pode sobreestimar a gravidade do conflito. No período previo á crise arxentina de 2001, por exemplo, moita xente común e o goberno tiñan débedas en dólares estadounidenses, e a ameaza dunha profunda desvalorización do peso (que levaba case dez anos fixado ao dólar a un tipo de 1:1) conduciu a unha explosión da débeda privada e pública expresada na divisa nacional. Por conseguinte, o goberno tentou defender a paridade co dólar por todos os

medios. Mais un país nunha profunda recesión e cunha divisa sobrevalorada precisa un estímulo da demanda e unha desvalorización da moeda, ocorra o que ocorra cos fondos. Chegado o momento, non se puido evitar unha total descomposición do sistema de "réxime de convertibilidade" de Arxentina.


Na UEM, as cousas son un pouco máis complicadas, mais a lóxica subxacente é similar. Cando un país se ve obrigado a acometer unha "desvalorización interna", noutras palabras, recortes salariais para mellorar a súa competitividade internacional, o efecto deflacionista dos devanditos recortes salariais aumenta o valor real da débeda tanto nacional como externa, porque o valor nominal desa débeda se mantén invariábel, mentres que todos os fluxos de ingresos se reducen. Se un país fose obrigado a abandonar a unión monetaria e depreciar a súa nova divisa, sería de aplicación a mesma lóxica que no caso da

flotante. Os países con superávit, por outra banda, beneficianse de menores tipos de xuro sobre a débeda pública, e neses países o valor real de todas as débedas caerá, incluídas as do goberno, se o axuste adopta a forma dunha "revalorización interna", o que significa maiores salarios e custos laborais unitarios, e unha maior inflación ao longo do tempo.

A necesidade de afrontar os fluxos de forma prioritaria resulta aínda máis obvia desde outra perspectiva. O problema da débeda insustentábel non pode resolverse axustando os fondos sen reforzar os fluxos. En Grecia, por exemplo, a redución aplicada á débeda pública en 2011 non mellorou a situación económica global en absoluto. Nin tampouco reduciu significativamente a débeda pública, xa que en realidade a situación económica se deteriorou. Mais aínda que fose posíbel reducir a débeda pública significativamente entrando en suspensión de pagamentos respecto da débeda pública, resulta esencial considerarmos que os titulares desa débeda sofren perdas de riqueza exactamente idénticas ás ganancias do goberno, de modo que é probábel que a demanda nacional se resinta. Nesta situación, os recortes de gasto privado unicamente poden ser contidos (ou conseguirse un incremento no gasto privado) se a propensión a consumir ou a investir aumenta significativamente. Pero mesmo aínda que os titulares de débeda pública estean situados principalmente noutros países é difícil imaxinar que un goberno, despois dunha medida tan dura, dea estimulado a súa propia economía inmediatamente e significativamente adoptando maiores déficits sen ser sancionado de novo polos mercados financeiros. No caso grego, a redución da débeda afectou principalmente, dunha maneira negativa, aos bancos chipriotas, e provocou unha nova crise alí.

A maioría dos efectos mencionados aquí son simétricos entre o país deficitario e o país con superávit, así como entre o país que se deprecia e o que se aprecia. No aspecto da aprecia-

Figura 19: rendemento nominal de bonos a 10 anos



Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

ción, os fondos valóranse máis, pero os fluxos sofren, xa que as exportacións pasan a ser máis caras en divisa internacional e as importacións máis baratas en divisa nacional. Unha revalorización da divisa normalmente acontece nun período de tempo moi curto, como resultado dun axuste forzado e caótico. Nunha unión monetaria, a supresión dunha fenda de competitividade a través de maiores incrementos salariais nos países con superávit e menores incrementos salariais (ou ningún incremento salarial en absoluto) nos países deficitarios pode estirarse durante un maior período de tempo, e sería moito menos daniña. Se Alemaña estivese disposta a adoptar ese plan de políticas salariais coordinadas, o cambio estrutural implicado non sería estender ao máximo a capacidade da xente e das empresas para axustarse. O crecemento salarial en Alemaña aceleraríase até o punto no que os salarios reais se movesen en tándem coa produtividade e a inflación quedase aliñada co obxectivo común. Iso tería un efecto positivo sobre os salarios reais e melloraría o poder adquisitivo dos consumidores, tamén para as importacións. Mesmo incrementos salariais nominais máis altos (noutras palabras, maiores que o crecemento produtivo máis o obxectivo de inflación común) reducirían o tempo necesario para o proceso de axuste europeo. Os prezos en Alemaña subirían entón máis rápido que nos países deficitarios, algo que implica unha apreciación real da economía alemá. En ambos os dous casos, podería conseguirse unha solución lenta pero constante ao problema da fenda de competitividade, á vez que o incremento da demanda alemá alimentaría as demais economías. É indubidábel que esa solución requiriría un tempo considerábel para sandar a fenda que xurdiu durante os dez primeiros anos da UEM. Un período de entre 10 e 20 anos consideraría-se o mínimo para volver a unha pauta na que todos os países sexan capaces de conseguir un crecemento dos ingresos baseado na súa propia fortaleza e que non se vexa

obstaculizado por limitacións ás importacións financeiras.

O punto crucial atópase na natureza mesma dunha unión monetaria. A unificación do diñeiro nun sistema de diñeiro fiduciario repousa no alicerce da confianza nas institucións que introduciron o papel moeda e prometeron garantir o seu valor. Porén, a confianza non se pode dividir en entidades rexionais con distintos niveis de confianza nunha unión monetaria. A confianza está en todas partes ou en ningunha. O caso de Chipre creou un mal precedente para a xestión futura de crises específicas dun país. Nunha unión monetaria, a fe nas autoridades da unión monetaria debe basearse non só na súa promesa de estabilizar o valor do diñeiro. Tamén depende da súa capacidade de impedir desequilibrios entre os países membros que poidan resultar de perdas ou ganancias en competitividade, así como da disposición e a capacidade desas autoridades de garantir un crecemento estábel e un alto nivel de emprego, con cada economía membro “camiñando por si propia”.


**2. A DEFLACIÓN GLOBAL CONVERTEUSE NUNHA GRAVE AMEAZA PARA A UEM.** O proceso agora en marcha na UEM proposto e aplicado pola “troika” (o BCE, a Comisión Europea e o FMI) marcha exactamente na dirección contraria. A troika parte da asunción de que Alemaña, o principal país acreedor, aplicou as políticas axeitadas e de que os países debedo-

res o fixeron todo mal. Mais, como xa se dixo, culpar os debedores e pasar por alto o que fixo o acreedor é algo claramente inxustificable no caso da UEM. O axuste simétrico —recortes salariais e deflación nos países deficitarios e políticas inalteradas en Alemaña— está destinado a conducir ao desastre. A competitividade é un concepto relativo, e se todos os países tentasen mellorar as súas competitividades recortando salarios o resultado sería unha carreira cara ao fondo. Nesa carreira ningún país melloraría a súa situación: todos saírían perdendo, porque a demanda nacional na unión no seu conxunto caería.

Como xa se dixo, o criterio para xulgar as políticas nos distintos países membros debe ser o obxectivo de inflación común. Se as autoridades están decididas a aterse ao obxectivo de inflación acordado do 2% para a unión no seu conxunto, Alemaña terá que se desviar do obxectivo cara a arriba, con incrementos salariais que excedan a súa senda da produtividade e un aumento nos custos laborais unitarios superior ao obxectivo de inflación común, mentres que os demais países terán que recortar o índice de crecemento dos CLU que experimentaron no pasado (figura 17).

Non entanto, mesmo nun escenario así a UEM corre o risco de caer nunha trampa deflacionista. Se Alemaña, crendo que está nunha recesión e unha situación de debilidade económica, non consegue lograr incrementos salariais claramente superiores ao

Figura 20: rendemento real de bonos a 10 anos (1)



Nota: o rendemento real dos bonos equivale ao rendemento nominal dos bonos menos a taxa de inflación do PIB.  
 Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

4% (e os acordos salariais concluídos na primeira parte de 2013 están moi por baixo desta marca), os salarios nos demais países, especialmente en Francia e Italia, terán que caer en termos absolutos. Isto, como se mostrou antes, danará gravemente as súas economías, e resultará moi difícil para os gobernos convencer o seu electorado da necesidade deses recortes salariais.

**3. NUNHA CRISE, AS POLÍTICAS FISCAIS CONTRACÍCLICAS SON INDISPENSÁBEIS.** Desde o comezo da UEM, a austeridade fiscal (os esforzos por reducir os déficits públicos e a débeda pública, aos que se denomina “políticas macroeconómicas sólidas”), foi o mantra de certas escolas de economía. Esta postura política foi considerada de importancia primordial para liberar o espírito do mercado e o emprendemento. En realidade, nunca tivo esa importancia. O mercado e o estado poden coexistir ben. Máis aínda, deben complementarse no seu beneficio mutuo. Ademais, os obxectivos fiscais teñen unha importancia secundaria ou terciaria para unha unión monetaria. Como se explicou anteriormente, a inflación está determinada principalmente pola escala dos incrementos salariais nominais e o aumento en custos laborais unitarios, e por unha política monetaria que afronte os aspectos técnicos dos mercados monetarios e as institucións financeiras intermediarias. Nunha época normal, a función das finanzas públicas consiste principalmente por tanto en asignar recursos abondo para a provisión de bens públicos, garantir un sistema impositivo xusto e eficaz, e empregar de maneira produtiva a parte do capital dispoñíbel que non é absorbido polo sector privado. As finanzas públicas non teñen ningún impacto directo sobre a inflación ou sobre o equilibrio exterior.

Pero poucas veces se está nunha época normal. Cunha perspectiva económica inestábel, un desemprego alto e en aumento, e doutrinas políticas económicas centradas en minimizar a función do goberno e do estado en

xeral, os orzamentos públicos están a ser cada vez máis a bisagra entre o estado e o mercado. Teñen un impacto, para ben ou para mal, sobre a integración das economías nacionais no concerto internacional.

Nun libro de grande influencia, Richard Koo (2008) demostrou que as crises financeiras tenden a rematar en “recesións dos balances”. Nestas situacións, é indispensable que o goberno interveña. Se as empresas, e tamén os fogares, se esforzan en reparar os seus balances despois dunha crise financeira, recortarán ansiosamente os gastos, e non responderán aos estímulos financeiros da forma normal e esperada por todo o mundo que incrementaría o gasto financiado polo crédito. Como os fogares son tipicamente aforradores natos, unicamente os países que poden depender doutros países como os seus debedores principais (o caso alemán, como se mostrou) son capaces de escapar ás recesións de balance sen incrementar abruptamente os seus déficits fiscais. O goberno ten que intervir, porque os aforros depositados nas contas bancarias non se transforman automaticamente en investimento, senón que tenden a deprimir a economía no seu conxunto, e por tanto a incrementar os déficits gobernamentais. O goberno ten que substituír de maneira activa os prestameiros e os investidores que faltan no sector privado.


E isto tamén é certo no caso das economías sometidas a un desemprego alto e unha distribución de in-

gresos moi desigual, con salarios estancados e beneficios moi altos e en aumento. Mais antes de podermos explicar a función crucial do goberno con máis detalle, temos que eliminar algúns malentendidos teóricos que impiden abordar de maneira razoábel esta cuestión.

**4. O ENIGMA DOS AFORROS<sup>2</sup>** Malia décadas de investigación intensa, as forzas que impulsan o crecemento e o cambio estrutural seguen a ser relativamente misteriosas (McKinnon, 2012). Unicamente podemos dar por supostos algúns datos. Un deles é a función central da acumulación de capital e as melloras tecnolóxicas. A estreita relación entre o crecemento global e o crecemento do investimento é evidente, xunto co simple feito de que ningún país pasou nunca dun crecemento impulsado pola agricultura a un crecemento impulsado pola industria sen unha importante expansión na innovación e o investimento. Aínda non se alcanzou un consenso sobre os principais determinantes do investimento, e as fronteas de batalla académicas seguen a estar moi separadas.

Falouse moito sobre as condicións previas que deben cumprirse para facilitar un incremento significativo no investimento na capacidade manufacturera. Sen dúbida é certo que nas sociedades primitivas ninguén podía investir (principalmente en forma de cría de gando e almacenamento do produto agrícola corrente para garantir a subministración de alimentos e

Figura 21: CLU (1) e PIB real – Francia (1999 = 100)



1 CLU definidos como renda bruta per cápita en ECU/euros dos traballadores por conta allea dividida polo PIB real polo número total de persoas empregadas.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

penso animal no futuro) sen reducir previamente o consumo de alimentos e de auga. Pero significa iso que en sociedades moito máis desenvolvidas (nas que o investimento adopta a forma dunha capacidade maior de fabricación e de servizos) a xente ten que se tornar primeiro aforradora para reducir os gastos do consumo corrente e propiciar o investimento? E se é así, por que prosperan algunhas sociedades relativamente pouco aforradoras, mentres que outras cunha propensión ao aforro moi inferior fican atrás?

Obviamente, o produto interior bruto dunha economía pechada (ou do mundo) pode dividirse nunha parte que se consome de inmediato (no mesmo período no que se produce) e unha parte que se aforra para ser consumida máis tarde. Por tanto, para unha economía pechada atópase o que se asume, é dicir, que os aforros equivalen ao investimento. Para unha economía aberta única que teña tanto aforro nacional como aforro estranxeiro (na que os aforros estranxeiros positivos sexan o correlato lóxico dun déficit de conta corrente), a identidade do aforro e o investimento cúmprese, e o "aforro nacional" defínese como algo que inclúe o aforro nacional e o estranxeiro.

En termos máis formais, a teoría investimento-aforro é enormemente simple. Asumamos que  $E$  é o produto interior bruto dunha economía pechada (ou do mundo), entón o produto enteiro pode dividirse obviamente nunha parte ( $C$ ) que se consome de inmediato (no período de produción) e noutra ( $S$ ) que se aforra para ser consumida logo ou ser investida ( $I$ ) para incrementar o produto  $E$  nun período posterior. O produto pode definirse como:

$$Y = C + I \text{ ou } Y = C + S,$$

o que implica "atopar" para a economía pechada o que se asumiu, é dicir, que:

$$S = I$$

Nunha economía aberta única, os aforros *ex post* consisten en aforros nacionais ( $S_d$ ) e en aforros estranxeiros ( $S_f$ ), e estes últimos son o correla-

to do déficit de conta corrente se o seu valor é positivo, con:

$$S_d + S_f = I$$

O debate académico máis recente non tentou mellorar a nosa comprensión da dinámica e as causalidades que hai detrás da identidade, e por tanto os distintos determinantes, de  $S$  e  $I$ . Asumiu sen sentido crítico esta identidade como base axiomática das análises macroeconómicas, repetindo o erro do debate académico dos anos 20 do século pasado. O debate recente e actual ignorou o feito de que fai uns 70 anos, nas súas "ecuacións fundamentais", na *Teoría pura do diñeiro*, que forma o primeiro volume do seu *Tratado sobre o diñeiro*, Keynes clarificou a lóxica inherente deste enfoque clásico. A famosa igualdade de aforro e investimento é válida desde un punto de vista *ex post*, ou se a economía que se considere se acha nun estado de equilibrio perfecto. O segundo describe unha economía estacionaria, unha economía na que o ingreso real é constante e na que non hai incentivos para os emprendedores cambiaren o nivel existente de actividade, xa que o nivel de beneficios é exactamente cero. En todos os demais casos, o que determina o curso dos eventos non é  $S = I$ , senón unha ecuación como:

$$Q = I - S,$$

na que  $Q$  denota os beneficios ou perdas dos emprendedores (Keynes, 1930, p. 136). Neste mundo, calquera acto de aforro individual, quer de gobernos ou fogares, quer do resto do mundo, reduce os beneficios e o afo-

rro das empresas, porque reduce a demanda efectiva no sector corporativo no seu conxunto.

A diferenza entre os dous modelos é notábel e, por desgraza, moi a miúdo reflexiónase de maneira inadecuada sobre ela mesmo na teoría económica e a política económica. Ao seren os beneficios ( $Q$ ) a forza equilibradora entre o aforro e o investimento, o panorama do mundo cambia de maneira fundamental, e de tal forma que o modelo tradicional dun mercado de capitais perfecto xa non pode describilo. Parafraseando a Keynes: a xeometría de Euclides non se aplica a un modelo que non sexa de Euclides (Keynes, 1936, p. 16). De feito, o problema da teoría económica dominante tal e como se aplica hoxe en día na UEM é bastante similar ao que combateu Keynes na súa época. Na súa *Teoría xeral*, concluíu que a teoría clásica é "incorrecta, porque non deu illado correctamente as variábeis independentes do sistema. O aforro e o investimento son os determinantes do sistema, non os determinantes" (p. 183).

A debilidade do enfoque ortodoxo faise evidente cando debe afrontar cambios concretos no comportamento de axentes económicos nunha economía que está suxeita a unha incerteza obxectiva. Por exemplo, se os aforros do sector público aumentan de súpeto baixo as condicionalidades da troika, as empresas que se atopan perante unha caída da

demanda e unha caída dos beneficios reaccionarán reducindo o seu investimento. Para as empresas, a información está dispoñíbel unicamente acerca da caída da demanda, pero non sobre as razóns sistémicas que hai detrás dese cambio.

Na situación descrita, a rama das "expectativas racionais" da teoría neoclásica asume que as empresas poden esperar que o crecemento se acelere como resultado do aumento nos aforros. Con todo, este razoamento implica unha lóxica circular. Nun mundo no que as empresas aumentaron o seu gasto de investimento porque a demanda caía, cambiarían igualmente o financiamento da cantidade superior de investimento procedente do capital (fluxos de tesouraría, beneficios) a préstamos que xerasen xuros. O mecanismo que hai detrás da extraordinaria transición nesta teoría é unha caída nos tipos de xuro como consecuencia dos maiores aforros ou unha débeda pública inferior.

A implicación deste enfoque é desconcertante e absurda: despois do incremento do índice de aforro público (ou a redución da débeda a través dun menor gasto ou maiores impostos), agárdase que as empresas adquiren o mesmo nivel de beneficios que nunha situación de demanda inalterada por parte do goberno. Pero as empresas teñen que aumentar o seu investimento exactamente na cantidade que agora se aforra no canto de ser utilizada para gastos de consumo. Espérase que as empresas fagan isto aínda que a demanda dos seus produtos caese. A implicación é que piden créditos que xeran xuros para cubrir exactamente a fenda de beneficios aberta pola redución no consumo. Noutras palabras, as empresas que invisten incrementan os seus préstamos do mercado de capital exactamente na mesma cantidade na que os adquiriron "a cambio de nada" se os fogares estivesen a gastar tanto como antes. Mesmo aínda que os tipos de xuro se acheguen a cero, é evidente que os fondos que as empresas necesitan para protexer

o seu índice de beneficios son agora máis caros que antes. Por tanto, a teoría tradicional asume que as empresas invisten máis que antes aínda que deban acumular inventario non vendido ou reducir o seu aproveitamento da capacidade, e iso a pesar de que o financiamento do devandito investimento sexa máis caro.

Se se aceptase a priori a asunción de beneficios constantes ou cero, a dinámica do sistema podería explicarse en termos dun consumo privado que se suaviza ao longo do tempo. Isto significa que as empresas se axustan pasivamente a calquera decisión por parte dos fogares, sen pór en perigo os valores de equilibrio do modelo pola súa estabilidade inherente. Dita economía sería impulsada exclusivamente por decisións autónomas do consumidor, xa que o modelo asume a existencia duns emprendedores totalmente reactivos que nunca teñen en conta as condicións empresariais reais cando deciden acerca do investimento. En lugar diso, como regra, a deterioración do seu negocio no presente considérase unha proba dunha mellora garantida (esperada) no futuro. Esta idea achégase ao absurdo, mais reflicte exactamente o que están a predicar os países acredores da zona do euro, liderados por Alemaña (Schäuble, 2011).


Os responsábeis políticos que confían neste modelo son incapaces de entender que non pode recoller os factores fundamentais que determinan en realidade a vida económica: o factor tempo e, estreitamente relacionado, a dispoñibilidade de información que afecta á secuencia de decisións adoptadas por axentes económicos baixo unha incerteza obxectiva sobre o futuro. Nun mundo de diñeiro e incerteza, a decisión de aforrar máis e consumir menos ten graves repercusións sobre o mercado de bens antes de poder impactar o mercado de capitais. Pero incluso considerando a posíbel reacción do mercado de capitais, a decisión de "non ceir hoxe deprime o negocio de preparar a cea de hoxe, sen estimular

ningún outro negocio" (Keynes 1936, p. 210; Davidson 2013).

Nun mundo de incerteza e beneficios flexíbeis, a intención dos individuos ou o goberno de aforrar unha suma absolutamente maior que antes pode fracasar por completo, porque os futuros ingresos que obteñan ao final do período poderían ser inferiores aos ingresos que esperaban ao principio do período. Mesmo aínda que os fogares dean incrementado a proporción de aforros nos seus ingresos actuais (taxa de aforro) ou o goberno reduza o nivel da débeda, a cantidade absoluta de ingresos aforrados (e investidos) pode ser inferior, xa que o denominador da porcentaxe de aforros, os ingresos reais, pode caer debido ao declive na demanda e os beneficios, cunha caída inducida no investimento.

As implicacións para a política económica da diferenza entre a teoría keynesiana e neoclásica son tremendas. Se o nivel ou a taxa de crecemento dos ingresos reais non vén dada e é constante, entón as implicacións da globalización, a apertura dos mercados e das intervencións políticas, reviste unha grande importancia. O modelo neoclásico de beneficios fixos non require moita marxe de manobra para a política económica, e onde considera opcións de política económica son todo o contrario das sinaladas polo modelo keynesiano de beneficios flexíbeis. Para os responsábeis políticos, é de vital interese saber en que modelo se basean as recomendacións políticas que reciben. Frecuentemente, as institucións financeiras internacionais con sede en Washington que formaban o denominado Consenso de Washington argumentaban que hai unha elección racional entre os dous modelos e que a política económica pode optar por unha flexibilidade de tipos de xuro no canto dunha flexibilidade de beneficios e de ingresos reais: "Segundo unha opinión, aforrar considérase o resultado dunha elección entre consumo presente e futuro. Os individuos comparan o seu tipo de preferencia temporal co tipo de xuro, e suavizan o seu consumo

Figura 22: CLU (1) e PIB real – Italia (1999 = 100)



1 CLU definidos como renda bruta per cápita en ECU/euros dos traballadores por conta allea dividida polo PIB real polo número total de persoas empregadas.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

ao longo do tempo para maximizar a súa utilidade. O tipo de xuro é o mecanismo fundamental a través do cal se equilibran o aforro e o investimento. A outra opinión considera que existe unha estreita relación entre os ingresos actuais e o consumo, na que se aforra o residual. Segundo esta opinión, o aforro e o investimento equilibranse principalmente a través de movementos dos ingresos, e o tipo de xuro ten un efecto máis pequeno" (FMI, 1995, p. 73).

É importante ter en conta que "a maximización da utilidade" no modelo dos beneficios fixos describe un obxectivo totalmente distinto para a sociedade que se considere ao de "xeración de ingresos" no modelo de beneficios flexíbeis. Suavizar o consumo pode maximizar a utilidade nun sentido moi estreito e estático nun mundo sen comportamento emprendedor, é dicir, nunha economía que simplemente se move ao longo da fronteira do consumo ou ao longo dunha senda predefinida de crecemento. Maximizar os ingresos nun contexto dinámico é un obxectivo totalmente diferente. Permitindo monopolios temporais, as novas solucións tecnolóxicas e o investimento cambiarán a fronteira da produción (e por tanto a porta do consumo) cara a fóra, incrementando a produción potencial, e nunha economía monetaria mesmo máis aló dos recursos financeiros proporcionados polo aforro planificado dos fogares.

O enfoque do FMI suxire que os movementos de ingresos son tan positivos como os movementos nos tipos de xuro para equilibrar aforro e investimento. Isto unicamente é certo nun mundo no que a política económica non ten ningunha forma en absoluto de influír no resultado económico global. En realidade, porén, uns maiores ingresos reais (un crecemento dos ingresos máis rápido) son o principal obxectivo da política económica en todos os países do mundo, especialmente nos máis pobres. Os "instrumentos" dun cambio nos ingresos reais e un cambio no tipo de xuro poden ser vistos como alter-

nativas unicamente se se asume que a taxa de crecemento dos ingresos reais vén dada (é esóxena) e non poden influír nela a actividade empresarial nin a política económica. Pero entón todo o debate pasa a ser inútil desde o principio.

Por conseguinte, os gobernos deben elixir se o seu enfoque de política económica repousa sobre a idea do investimento inducido por "aforros de economía" ou a idea do investimento inducido por aforros de beneficio. Obviamente, dependendo do modelo que utilicen os responsábeis políticos, as estratexias da política económica serán totalmente distintas. No modelo ortodoxo de beneficios fixos, o axuste do investimento aos aforros é un proceso automático que extrae o resultado óptimo en termos de crecemento e postos de traballo sen intervención do goberno ou do banco central. No outro modelo, no que os beneficios son flexíbeis, a economía é inherentemente inestábel. Neste caso, a intervención do goberno ou do banco central necesítase para estimular o investimento, xa que a flexibilidade dos tipos de xuro pode non abondar para estabilizar a economía.

Se o crecemento dos ingresos é o principal obxectivo da política económica, entón a política económica debería centrarse claramente nun proceso no que os plans de investimento superen regularmente os plans de aforro debido á flexibilidade dos beneficios. Nese mundo, mesmo se se deixa inalterado o incentivo privado para o

"aforro", a economía no seu conxunto pode expandirse vigorosamente. Os "aforros" correspondentes ao incremento do investimento son xerados precisamente a través deste investimento, que é "financiado" a través da liquidez creada polo crédito bancario baseado na política monetaria expansionista. Un maior investimento estimula maiores beneficios, xa que os ingresos de monopolios privados soben no sector corporativo. Estes beneficios proporcionan o aforro macroeconómico que se require desde un punto de vista *ex post* para "financiar" o investimento adicional. No enfoque de beneficios flexíbeis, "a partida dos beneficios desde cero é o resorte do cambio no... mundo moderno... Alterando o índice de beneficios en direccións concretas pode inducirse os emprendedores a produciren isto no canto daquilo, e alterando o índice de beneficios en xeral pode inducírselles a modificaren a media das súas ofertas de remuneración segundo os factores de produción" (Keynes 1936, p. 140).

Por tanto, nun mundo de incerteza e de desviación permanente da ficción da competencia perfecta, as crises nos mercados de bens e de capitais conducen a un axuste das cantidades e os beneficios, no canto de axustes de prezos. No tocante ao mercado laboral, o incentivo adecuado para o cambio require unha ampla mobilidade laboral ou negociacións salariais centralizadas. A UEM, co enfoque de flexibilidade imposto pola troika, está a se dirixir exactamente

Figura 23: CLU (1) e PIB real – España (1999 = 100)



1 CLU definidos como renda bruta per cápita en ECU/euros dos traballadores por conta allea dividida polo PIB real polo número total de persoas empregadas.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

na dirección contraria. No entanto, se a lei dun prezo goberna o mercado laboral, e se os salarios de diferentes grupos de cualificacións veñen dados para cada empresa individual, as empresas compiten diferenciando os rendementos en produtividade, como se tratou a sección 2.4 anterior. Unha innovación ou un novo produto provocan unha caída relativa en custos laborais unitarios para a empresa innovadora. O nivel de custo inferior pode trasladarse a prezos máis baixos, o que incrementa a cota de mercado da empresa ou, se os prezos permanecen inalterados, pode incrementar directamente os beneficios da empresa. Nese mundo, a resposta flexible das cantidades e os beneficios non reflicte unha "inflexibilidade" patolóxica dos prezos e os salarios. En lugar diso, é o principal ingrediente dos sistemas de mercado no mundo real, é dicir, a loita pola vantaxe competitiva absoluta no ámbito das empresas. Na súa dimensión intertemporal, esta loita consiste en conseguir unha maior produtividade cuns salarios concretos. Na súa dimensión internacional, consiste na combinación de salarios máis baixos cunha produtividade alta específica.

Nun mundo de distintos desempeños de produtividade nas empresas, os prezos mantéñense, mais os beneficios son flexíbeis. Visto ao revés, se os prezos e os salarios reaccionasen flexibelmente aos cambios no desempeño das empresas individuais, os beneficios manteríanse. Nun contexto dinámico, no que os prezos e os

salarios veñen dados para unha empresa individual, a flexibilidade dos beneficios individuais proporciona o volante, e o investimento é o vehículo que impulsa a economía. Neste mundo, a rama da industria, unha rexión particular ou un estado non son os actores principais, e calquera análise que se centre nestas entidades sen deixar marxe para a función dos beneficios e o emprendemento non dará captado a natureza do proceso de desenvolvemento económico dinámico.

Basicamente, o enfoque baseado no aforro argumenta xusto o contrario. Este modelo espera que as perturbacións procedentes do comercio ou a tecnoloxía sexan absorvidas por unha reacción flexible nos prezos ou salarios, mentres que as cantidades reaccionan menos e mesmo poden manterse constantes. Os beneficios non responden as perturbacións, xa que o modelo dunha competencia perfecta —por principio— funciona de tal xeito que os cambios nos beneficios non se producen. Neste enfoque, o aumento das importacións de produtos manufacturados máis baratos de países en desenvolvemento, por exemplo, obriga os salarios e os custos laborais unitarios do Norte a caer, e, por tanto, os prezos dos produtos nacionais axústanse aos das importacións máis baratas. Soamente poderase evitar un aumento do desemprego estendendo a estrutura salarial entre traballadores de distintas cualificacións, e tamén entre aqueles sectores e empresas que estean expostos á nova competencia

do estranxeiro e os que non o están. Con todo, este modelo foi refutado de maneira clara empiricamente polo aumento do desemprego despois da crise de 2008.

En conclusión, se o índice de crecemento dos ingresos reais non se asume como determinado a priori, os intentos da política económica de mellorar o desempeño do crecemento resultan útiles. En enfoque baseado nos aforros que favorecen a economía convencional e a troika, por tanto, é enganoso. Se os mercados non proporcionan automaticamente unhas taxas positivas e estábeis de crecemento dos ingresos reais, entón a perspectiva dinámica, que resalta o incentivo dos ingresos de monopolios temporais para os investidores pioneiros, é o único modelo relevante para o desenvolvemento do sistema no seu conxunto. O enfoque ortodoxo, que se centra principalmente na decisión dos consumidores de "suavizar o consumo ao longo do tempo" nunhas condicións de previsión perfecta, ofrece unha versión elegante da idea de Leon Walras de limpeza do mercado, mais non capta as características fundamentais das economías modernas.

Ademais, algo que se esquece moi a miúdo na disputa teórica entre os defensores dos dous modelos é que o axuste do aforro ao investimento no mundo real fica solapado por varios tipos de perturbacións esóxenas. Por exemplo, as taxas de xuro quizais non caían se a política monetaria está loitando contra un maior nivel de prezos causado por un shock negativo de oferta, como aconteceu durante as explosións dos prezos do petróleo no mundo industrializado dos anos 1970. Os tipos de xuro xa poden ser extremadamente baixos sen iso provocar unha cantidade suficiente de investimento, como no caso de todo o mundo industrializado neste momento do tempo; isto significa que a canle de tipos de xuro non pode funcionar para mover aforros adicionais para o seu uso produtivo en termos de investimento. Os efectos negativos da




caída da demanda privada sobre os beneficios poden verse agravados por unha política fiscal procíclica se a “austeridade” se considera, erroneamente, unha solución. Unha sobrevaloración do tipo de cambio real pode perturbar o proceso de axuste obrigando á política monetaria a reaccionar de maneira procíclica ou aplicando directamente condicións monetarias procíclicas.

En conxunto, na teoría económica convencional, a procura de variábeis que “equiparen” aforro e investimento dunha forma suave termina “resolvendo” o problema ignorándoo. Unha afirmación do tipo: “En equilibrio, no entanto, o tipo de xuro mundial equipara o aforro global ao investimento global”, como a que fixeron Obstfeld e Rogoff (1996, p. 31), é sinxelamente incorrecta. Como o aforro e o investimento son sempre idénticos *ex post*, a noción de “equilibrio”, así como a proposta social ou de que os tipos de xuro desempeñan unha función equilibradora, é claramente enganosa. Os modelos que se ocupan exclusivamente das economías que están a crecer baixo unhas condicións de “estado estábel” son inútiles. Nestes modelos, a apertura da sociedade que se reflicte nunha incerteza obxectiva (Davidson, 2013) caracterízase por ter uns axentes económicos que poidan prever perfectamente o futuro e dispoñan de información completa acerca da súa contorna económica.

##### 5. DESEQUILIBRIOS EXTERNOS NUNHA ECONOMÍA ABERTA.

Segundo a opinión ortodoxa que dominou o pensamento económico durante as dúas últimas décadas, nunha economía aberta, “se o aforro non alcanza o investimento desexado... os estranxeiros deben asumir o equilibrio, pedindo, como resultado, dereitos sobre os ingresos ou a produción nacional” (Obstfeld e Rogoff 1996, p. 1734). Ou, como dixo Krugman (1992): “Un déficit externo *debe* [cursiva no orixinal] ter como contrapartida un exceso de investimento nacional sobre os aforros nacionais, o que fai que sexa natural buscar fontes



3º premio fotoxornalismo 2013 Estação Imagen (Notícias) Mora a António Pedro Santos pola serie “A crise é o maior ‘reality show’ do mundo”

dun déficit nun cambio autónomo no índice de aforro nacional” (p. 5). Con todo, suxerir que a identidade implica causalidade e dar ao “aforro” unha función específica, é dicir, un papel primordial no proceso, non está xustificado, como se demostrou.

O feito de que —desde un punto de vista *ex post*— xurdise unha fenda entre o aforro e o investimento nun país non apunta a unha decisión “autónoma” de ningún axente económico en ningún dos países implicados. Os plans dun grupo de actores non se poden levar a cabo sen ter en conta unha interacción altamente complexa destes plans cos doutros actores, así como os cambios nos prezos e as cantidades baixo condicións de incerteza obxectiva sobre o futuro. Para dar á identidade aforro-investimento contido informativo, é necesario identificar as variábeis que determinan os movementos de cada un, aforro, consumo e investimento, e por conseguinte os ingresos nacionais do país, xunto cos

ingresos nacionais de todos os seus socios comerciais. Ademais, a identidade contábel dos aforros e o investimento non proporciona ningunha indicación acerca da eficacia do proceso que conduce a unha igualdade *ex post* do aforro e o investimento, e por tanto non pode ser considerada unha condición de equilibrio. A identidade non di nada acerca dos factores equilibradores nin da súa función no proceso de axuste.

Nun contorno non estacionario, calquera incremento do gasto (incremento nunha posición de débeda neta dun sector) aumenta os beneficios e calquera incremento do aforro (posición do acredor neto) reduce os beneficios. Que o aforro e o investimento cambien aquí ou alí, ou que os beneficiarios (ou perdedores) do proceso de axuste se sitúen no país no que se orixinou a perturbación ou noutros países non cambia o curso dos eventos. A decisión dun determinado grupo de axentes economi-

cos (público ou privado, nacional ou estranxeiro) de gastar menos diñeiro procedente dos seus ingresos correntes diminúe os beneficios. Unha caída nos aforros estranxeiros pode supor en realidade maiores beneficios nacionais e máis investimento en lugar dunha caída do investimento.

Un déficit de conta corrente, ou un “fluxo de aforro estranxeiro” crecente, xorde moi a miúdo despois de perturbacións negativas sobre o mercado de bens, por exemplo unha caída de relacións de intercambio ou unha apreciación da moeda real e duradeira. Unha apreciación real reduce directamente os ingresos das empresas se as cotas de mercado están protexidas por unha estratexia de axuste de prezos ao mercado. Se as empresas tentan defender as súas marxes de beneficio, é inevitábel unha caída nas cotas de mercado e, como regra, un xiro na conta corrente cara ao déficit. Unha entrada de aforros estranxeiros neta máis alta, loxicamente asociada cun incremento das importacións netas (maiores importacións ou menores exportacións), non pode compensar de ningunha maneira a caída dos beneficios globais, ou nin sequera inducir as empresas no país respectivo a investiren máis que antes. En condicións normais, o proceso que conduce a unha deterioración da conta corrente reduce os ingresos reais da economía que se estea considerando (reducindo os beneficios ou outros tipos de ingresos, con repercusións negativas sobre os beneficios). Por tanto, fixarse simplemente en fluxos de capital de maneira illada non significa comparar a situación de antes e despois do xiro. Na maior parte dos casos, unha entrada de capital neto máis alta indica unha perturbación negativa e non, como suxire a teoría neoclásica, unha positiva.

**6. BALANZAS EXTERNAS E A FUNCIÓN DA POLÍTICA FISCAL: O CASO ALEMÁN.** A interacción do aforro e o investimento pode ser analizada até determinado punto examinando o fluxo financeiro neto entre

os distintos sectores da economía. Alemaña é un caso importante neste contexto, xa que parece ter resolto o problema de estimular a demanda sen sacrificar o seu aforro fiscal. A figura 18 mostra a pauta dos fluxos financeiros netos de Alemaña durante os últimos 50 anos.

Nos anos 1960 a pauta de balancas financeiros en Alemaña era tal que o endebedamento neto por parte do sector corporativo constituía a principal contrapartida ao aforro neto dos fogares. Naquel período, nin o goberno nin os países estranxeiros contribuíron significativamente á absorción do aforro privado. Co inicio da UEM, o sector corporativo alemán foise separando cada vez máis da súa tradicional posición de déficit para asumir unha función como aforrador neto a partir da metade da primeira década deste século. Aínda que ao principio da primeira década da UEM o sector público seguiu a ser deficitario, en 2009 decidiu deter virtualmente o endebedamento neto corrente, introducindo unha “interrupción da débeda” na constitución alemá, que a partir de entón unicamente permitiría ao Estado cantidades moi pequenas de endebedamento neto anual.


A contrapartida dos intentos cada vez maiores en todos os sectores da economía alemá de se converter nun aforrador neto era o endebedamento crecente dos países estranxeiros respecto dos seus prestamistas alemáns. O mecanismo para conseguir isto descríbese de forma detallada no capítulo II, cando se fala dunha depreciación real a través do *dumping* salarial, activado pola presión gobernamental sobre os sindicatos. O resultado para a UEM foi desastroso, mentres que para a economía alemá resultou nunha traxectoria de crecemento insustentábel e un reto enorme para a política económica.

O desafío para Alemaña consiste en volver impulsar as súas empresas cara a unha situación na que gañen moito menos pero invistan moito máis. Obviamente, o incríbel incremento de beneficios alemáns durante

a segunda metade da primeira década da UEM debeuse ao tremendo éxito das empresas alemás por todo o mundo a expensas das súas veciñas europeas. Como mostramos, sen a canle de exportacións o experimento alemán de moderación salarial tería sido un fracaso completo, xa que serviu para reducir o crecemento da demanda nacional. Tampouco tería sido posíbel a acumulación de beneficios no crecemento das exportacións impulsado en gran medida pola depreciación real. Pero ao estar totalmente aberta a canle das exportacións, as empresas alemás especializadas en bens comerciábeis aproveitaron esta oportunidade de ouro para expandiren as súas cotas de mercado e as súas cotas de beneficio ao mesmo tempo. A distribución da renda secundaria tamén se moveu ao seu favor, debido non só á compresión salarial, senón tamén a un recorte significativo dos impostos corporativos.

Ao atoparse agora a maior parte dos antigos importadores de bens alemáns en graves problemas e non estar xa dispostos a asumir a función de debedores, o modelo debe cambiarse radicalmente. Os mecanismos dispoñíbeis para os responsábeis políticos baséanse nos salarios e os impostos. Unha reestruturación da demanda agregada cara a unha maior demanda nacional e unha menor demanda estranxeira unicamente poderase lograr dándolle a volta á moderación salarial e presionando para conseguir un período ampliado de crecemento salarial superando por ampla marxe a senda da moderación, e mesmo excedendo a liña da tendencia da produtividade máis o obxectivo da inflación. Unha potente intervención gobernamental será crucial para conseguir o cambio requirido no equilibrio de poder no mercado laboral a favor do traballo. Uns maiores salarios provocarían un incremento na demanda nacional, que leva xa máis dunha década sendo plana en Alemaña. Ao mesmo tempo, o goberno debe restaurar os tipos impositivos corporativos até niveis normais, e utilizar os ingresos para in-

Figura 24: CLU (1) e PIB real – Portugal (1999 = 100)



1 CLU definidos como renda bruta per cápita en ECU/euros dos traballadores por conta allea dividida polo PIB real polo número total de persoas empregadas.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

vestimentos en infraestruturas, o que beneficiará a empresas especializadas no investimento nacional e na satisfacción do investimento nacional.

A tarefa que agarda a Alemaña supón un desafío aínda maior, xa que a filosofía que hai detrás de toda a edificación da súa política económica se basea en conseguir superávits de exportación. A "orientación ás exportacións" é defendida con unllas e dentes na política e os medios de comunicación, e descrita como única forma de que a economía prospere e cre postos de traballo. Os responsábeis políticos (e as empresas) de Alemaña deben aprender agora a lección de que non se pode empregar primeiro sistematicamente outras nacións como debedoras e logo rexeitalas por seren "laxas", "vagas" e insuficientemente sólidas no seu comportamento económico sen cuestionar os cimentos do propio modelo económico do país. Isto resulta especialmente difícil cando o proceso de dar unha nova orientación á política económica non será activado por un acontecemento externo como a apreciación da moeda. No contexto da unión monetaria, este proceso debe ser iniciado internamente, recoñecendo que o modelo elixido pola gran maioría resultou ser insustentábel. Dada a limitada capacidade dos seres humanos para admitir os erros persoais, semella moi pouco razoábel esperar que o devandito proceso se produza.

Por tanto, tendemos a crer que será moi difícil conseguir unha solución cooperativa. O que moverá a posición alemá será a presión política conxunta dos países do sur de Europa, incluído Francia, ou o derrubamento dos muros nun país tras outro ou un pánico inminente en moitos países ao mesmo tempo. Sempre que recoñezan a súa debilidade individual e o seu poder colectivo, unha coalición dos países debedores que ameace con pór fin á UEM pode ser a mellor maneira de obrigar a Alemaña a cambiar o seu modelo económico. No caso de que a UEM chegue ao seu fin, as novas (vellas) divisas destes países desvalo-

rizaríanse significativamente fronte ao vello euro e a que pase a ser nova moeda alemá, destruindo da noite para a mañá unha parte enorme dos mercados de exportación alemáns.

## CAPÍTULO V: CONCLUSIÓNS

**1. O PROBLEMA DA TRANSFERENCIA E A NECESIDADE DE CONTAS EXTERNAS SUSTENTÁBEIS.** Un axuste eficaz e rápido das valoracións das divisas en liña cos termos fundamentais canto a prezos ou custos laborais unitarios resulta crucial para un fluxo fluído de comercio e capital e a prevención de desequilibrios insustentábeis entre os países. Esta é a conclusión que pode extraerse de 40 anos de experiencia cos distintos réximes de tipo de cambio que xurdiron desde o final do sistema de Bretton Woods. Sexa libre flutuación, flutuación controlada, flutuación sucia, fixación ou fixación perpetua: con todos estes sistemas, os déficits de conta corrente, enormes e en ascenso, asociados cunha perda de competitividade das economías no seu conxunto son insustentábeis. O mesmo pode dicirse das unións monetarias entre estados independentes. Con todo, unha sobrevaloración ou unha subvaloración (apreciación ou depreciación dos tipos de cambio reais) que se produzan nunha unión monetaria como consecuencia do *dumping* salarial nun país ou outras formas de competencia entre nacións, como a competencia fiscal, serán moito máis difíciles de

afrontar, porque non existe a posibilidade de axustes nos tipos de cambio.

No ámbito global existe un problema similar. Nos anos anteriores á crise financeira global afloraron enormes desequilibrios na economía mundial, e fíxose evidente que "os mercados" non ían ser capaces de resolver este problema. O xurdimento da crise financeira de 2008 —e as súas ramificacións globais desde entón— levou os países desenvolvidos e en desenvolvemento do G-20 a un primeiro plano. O G-20 foi deseñado para liderar unha resposta de política internacional coordinada tanto á crise financeira como aos desequilibrios globais. Os ministros de economía do G-20 subliñaron a necesidade de avaliar as causas dos desequilibrios globais, avultados de forma persistente, e os requisitos para que se producese un reequilibrio. Co tempo, a preocupación pasou a se centrar cada vez máis nos desequilibrios estruturais internos, as políticas fiscais e a aliñación monetaria, como partes dun paquete de política común para capear a seguinte fase da crise.

O debate no G-20 abriu novas sendas para enfocar o problema da gobernanza económica global. Recoñeceuse que o mantra de "deixar as divisas aos mercados" perdeu o seu poder de persuasión. A contradición entre esperar que as forzas do mercado fagan o seu traballo e esperar unha realiañamento das divisas en función de determinantes fundamentais de competitividade salta á vista. E isto volveuse revelar

nos últimos anos cando unha grande economía emerxente, Brasil, tivo que repeler enormes entradas de capital que estaban a causar unha apreciación insustentábel da súa divisa. Mais a contradición non debería causar sorpresa; a economía mundial xa pasou antes por situacións similares. En 1985, por exemplo, a incapacidade dos mercados de resolveren os tradicionais desequilibrios comerciais entre Xapón e Estados Unidos acabou resolvéndose a través do histórico Acordo da Praza. Despois de que todos os demais enfoques fallasen, unha intervención coordinada entre os membros do G-5 acabou obtendo unha desvalorización do 50% do dólar estadounidense.

O ímpeto renovado por unha cooperación multilateral para resolver o problema dos desequilibrios persistentes no plano global, e o feito de que se presentasen propostas concretas para establecer mecanismos que reducesen a volatilidade monetaria e financeira global, tamén debería servir como unha chamada de atención para a UEM. Os desequilibrios que xurdiron dentro da unión monetaria son parte dun problema máis grande de tipos de cambio desaliñados, e ao que haberá que acabar facendo fronte globalmente.

As conclusións para o mundo real baseadas nunha simple identidade contábel adoitan ser cuestionábeis. Non hai ningún vínculo causal directo entre un déficit de conta corrente e o comportamento dos aforros ("deficiencia de aforros") de certos sectores dunha economía. Segundo as regras xerais da contabilidade, ningún país pode manter un déficit de conta corrente que non estea financiado por [os "aforros" netos de] outros países. A "deficiencia de aforros" é o resultado visíbel dun proceso macroeconómico, mais non necesariamente o resultado dunha falla de aforros ao principio deste proceso. A identidade está totalmente muda acerca dos mecanismos económicos que conducen ao devandito resultado. A conxectura da teoría neoclásica é que os aforros

sempre encabezan procesos de axuste macroeconómico, e veñen seguidos do investimento. Porén, esta conxectura é insustentábel. Desde a perspectiva desta teoría, semella paradoxal que a conta corrente de moitos países en desenvolvemento actualmente estea en superávit. É iso o resultado dun superávit de aforros no sentido estrito da palabra? Ou é, máis ben, o resultado de políticas deseñadas para evitar a aparición de novos déficits de conta corrente logo da dolorosa experiencia de moitos países en vías de desenvolvemento que afrontaron crises financeiras e unha condicionalidade política imposta polos seus acredores?

Os desequilibrios de conta corrente, como tales, non deben ser o principal centro de atención da política económica, polas dificultades de cuantificar unha banda apropiada para cada país, fóra da cal un desequilibrio pasa a ser verdadeiramente insustentábel (o aspecto que máis afecta a como aparecen eses desequilibrios). Hai moitas boas razóns polas que unha conta corrente pode ter déficit ou superávit nun determinado punto do tempo. Unha razón é que unha economía medra máis rápido que a dos seus socios comerciais, o que fai que as importacións aumenten máis rápido que as exportacións (un exemplo son os Estados Unidos nos anos 1990). Outra é que un país pode ser un importador principal dun ben primario cuxo prezo tende a subir, o que incrementa a factura das importacións sen que haxa ningunha compensación a través da suba das ganancias por exportacións (por exemplo, o grupo de "países de baixos ingresos e déficit alimentario"). E outra razón máis é que un país pode servir de centro para empresas estranxeiras produciren bens manufacturados a grande escala, pero quizais non alcanzou aínda unha renda per cápita o suficientemente alta como para permitir á súa poboación consumir unha cantidade de bens importados que equilibre as exportacións (como en China, por exemplo).


En todos eses casos, precisase un colchón a curto prazo de entradas ou

saídas netas de capital para permitir un funcionamento fluído do sistema comercial internacional. Noutras palabras, os desequilibrios de conta corrente non son, por si mesmos, o indicador dun problema sistémico que necesite unha intervención coordinada. Ademais, o importante non é tanto a posición de conta corrente de ningún país: algúns exportadores de bens poden contar con manter indefinidamente os seus superávits (Arabia Saudita). O que importa son déficits de conta corrente que sexan causados por unha perda de competitividade de todo o sector manufactureiro (ou de servizos) dun país, e os superávits de conta corrente que sexan causados polas ganancias de competitividade no agregado. Este tipo de desequilibrio de conta corrente é o que resulta claramente insustentábel.

O feito de as taxas de cambio teren un papel fundamental para a balanza externa e, por tanto, os acontecementos macroeconómicos nacionais, está apoiado pola evidencia empírica. Analizando os factores que inflúen nos reveses de conta corrente, o Informe sobre Comercio e Desenvolvemento da UNCTAD de 2008 demostrou que, no canto de seren impulsados cos aforros autónomos e as decisións de investimento de axentes nacionais e estranxeiros, os reveses de conta corrente tenden a ser causados por perturbacións externas procedentes dos mercados tanto de bens como financeiros. En concreto, normalmente as melloras na conta corrente veñen acompañadas de perturbacións positivas nas relacións de intercambio, dunha depreciación real nos tipos de cambio ou do pánico nos mercados de capital internacionais seguido de paradas repentinas dos fluxos de capital.

A razón máis profunda pola cal os desequilibrios de conta corrente son insustentábeis radica nunha falacia de composición. Os países que se endebdan cos seus socios comerciais durante períodos extensos de tempo antes ou despois entran nunha situación na que xorden interrogantes acerca

Figura 25: CLU (1) e PIB real – Grecia (1999 = 100)



1 CLU definidos como renda bruta per cápita en ECU/euros dos traballadores por conta allea dividida polo PIB real polo número total de persoas empregadas.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

da sustentabilidade da súa débeda externa acumulada, noutras palabras, a súa capacidade de pagar e devolver esa débeda. Con todo, o pagamento da débeda neta por parte dun país debedor unicamente é posíbel cando consegue un superávit de conta corrente. Isto significa que o país acredor debe estar disposto a converter a súa posición de superávit nunha posición de déficit. As empresas individuais ou os fogares pode ser capaces de reducir a súa débeda pendente “apertando o cinto” ou aumentando as súas fontes de ingresos; isto non ten ningunha repercusión sobre a renda do acredor. Non obstante, isto non é posíbel na maioría dos casos de relacións acredor-debedor entre países. Se un país acredor defende por todos os medios o seu superávit de conta corrente, resulta moi difícil ou mesmo imposible para o país debedor converter un déficit de conta corrente en superávit, que é o que require o pagamento neto da súa débeda externa. Este problema coñécese como “problema de transferencia”. Foi analizado por Keynes (1929) en conexión coas reparacións impostas a Alemaña polo Tratado de Versalles despois da Primeira Guerra Mundial. Chegou á rechamante conclusión de que Alemaña, ao ser obrigada a pagar as reparacións en especie, necesitaría xerar superávits de conta corrente durante un período prolongado e debería adquirir cotas de mercado a expensas dos aliados, os beneficiarios das reparacións. Se estes países rexeitaban dar a Alemaña esa marxe de manobra, o pagamento das reparacións sería imposible.

É trágico que a día de hoxe Alemaña, a vítima da condicionalidade aliada daquela, sexa incapaz de entender a natureza da súa relación cos membros da UEM do sur de Europa. Alemaña segue a insistir en que “todo o mundo ten que mellorar a súa competitividade” (Merkel, 2013; e Schäuble, 2011) e en defender as súas cotas de mercado internacionais. Esta actitude impide directamente unha solución á crise do euro ao crear un problema de transferencia. Como a

competitividade é un concepto relativo e as contas correntes terán que ser equilibradas para a zona do euro no seu conxunto (xa que o resto do mundo non aceptará o balance de conta corrente dun bloque tan enorme, algo que pode facer a través da manipulación dos tipos de cambio), o enfoque alemán infrinxe a lóxica fundamental.

**2. Á ZONA DO EURO ESPÉRANLE DECISIONS DIFÍCILES.** Ao principio de 2013 o índice de desemprego na UE era de máis do 12%. Nalgúns países do sur de Europa o desemprego total superaba o 25%, e o desemprego xuvenil alcanzou un alucinante 55%, ou mesmo un 60%. Máis que ningunha outra cousa, estas cifras amosan o fracaso da zona do euro á hora de facer fronte ao problema xurdido como a “crise do euro”. A espectacular caída do crecemento e o emprego foi desencadeada polas repercusións da crise financeira global de 2008 e 2009. Con todo, aínda que Alemaña e a maior parte dos países máis grandes foron capaces de volver a taxas de crecemento positivas bastante pronto, os países debedores víronse privados das maneiras de combater a recesión, e obrigóuselles a aplicar políticas procíclicas nunha dimensión que non se vía desde os anos 1930.


O mantra alemán da “austeridade como única solución” (Schäuble, 2011) impúxose de maneira xeneralizada en todos os países que pedían axuda financeira cando o seu acceso

aos mercados de capital internacionais se interrompeu ou quedou bloqueado de facto por tipos de xuro moi altos. Unha obsesión por aparentes problemas fiscais domina o debate. As condicións acordadas polo Eurogrupo para o acceso a apoio financeiro dos países acredores centráronse en consolidar os orzamentos públicos a calquera custo e o máis axiña posíbel.

Claramente, as diferenzas nos rendementos da débeda pública entre países acredores e debedores foron o primeiro sinal dos mercados financeiros que indicaba unha separación entre as nacións “sólidas” e “dilapidadoras” na zona do euro. O rendimento da débeda non indica necesariamente, como moitos cren, un problema co déficit orzamentario actual das reservas de débeda pública no país en cuestión. Unha ollada á época anterior á creación da UEM revela que os rendementos dos bonos non sancionaba os países cunha alta débeda pública de ningún xeito sistemático. Os rendementos nominais dos bonos diverxían nunha ampla marxe, pero isto reflectía principalmente diferenzas entre o nivel global dos tipos de xuro dos países. En termos reais, porén, a situación era bastante distinta (figura 19). O rendimento axustado á inflación da débeda pública italiana ou belga non era moi superior ao dos bonos alemáns, malia a débeda pública italiana e belga multiplicar case por tres a alemá (figura 20).

Isto mostra que no pasado os mercados non consideraban que a débeda

Figura 26: CLU (1) e PIB real – Irlanda (1999 = 100)



1 CLU definidos como renda bruta per cápita en ECU/euros dos traballadores por conta allea dividida polo PIB real polo número total de persoas empregadas.

Fonte: base de datos de AMECO (acceso en novembro de 2012); cálculos propios.

pública dos países da UE tivese risco de suspensión de pagamentos. En lugar diso, tiñan en conta o risco dunha desvalorización da moeda na que se denominaba a débeda pública. O feito de os rendementos tamén converxeren perfectamente durante a primeira década da UEM confirma claramente este punto: mentres o perigo dunha descomposición da zona do euro se considerase insignificante, a converxencia dos rendementos nominais dos bonos era perfectamente lóxica. No entanto, cando xurdiu a crise do euro xa non se podía excluír a saída de países en problemas, de modo que os mercados percibiron un risco cada vez maior de que os bonos destes países puidesen non ser pagados en euros, co resultado de que os rendementos empezaron a diverxer. O BCE efectuou varios intentos importantes de conter a magnitude da diverxencia, como as dúas operacións de refinanciamento a longo prazo e o sinal por parte do presidente do BCE aos mercados financeiros de que o BCE faría “todo o que fixer falla para conservar o euro”. Grazas a estes intentos as diverxencias reducíronse, pero non desapareceron por completo.

Ao resultar obviamente incapaces os programas de axuste de proporcionaren o que se agardaba deles, é dicir, un “axuste” en termos de redución tanto dos déficits orzamentarios públicos como da débeda pública, a incerteza sobre o futuro do euro segue a ser alta. Nestes momentos, a situación estabilizouse grazas ao enorme poder do BCE para intervir e pór un tope aos rendementos dos bonos. Con todo, isto simplemente significa que o incendio está temporalmente controlado; aínda falta moito para extinguílo.

Para extraermos as conclusións correctas para o futuro do euro, é importante comprender moi ben o que aconteceu nas nacións con problemas até esta data. Os programas de axuste prescritos pola troika teñen dous elementos principais. O primeiro é un axuste fiscal, o que significa recortes no gasto público e nos maiores tipos

impositivos. Nunha forte contorna de recesión, as políticas fiscais restritivas deste tipo empeoran inevitavelmente a situación. O seu impacto negativo sobre a actividade económica implica, como regra, unha caída nos ingresos públicos por impostos e incrementos nos gastos públicos debido ás obrigacións existentes no ámbito da seguridade social e as prestacións por desemprego.

A idea expresada por partes da troika e do goberno alemán de que o sector privado pode reaccionar positivamente a esta política fiscal restritiva roza o absurdo. Os chamados efectos non keynesianos, que se basean no “teorema de equivalencia ricardiana” e a teoría das expectativas racionais, son unha ficción teórica que calquera cidadán razoábel consideraría pura estupidez. Os recortes no gasto público, nun momento no que a incerteza das empresas acerca da demanda e dos fogares acerca dos seus ingresos xa é alta e conduciu o sector privado a reducir o gasto, unicamente serven para aumentar a incerteza. A asunción de que o fogar medio ten unha previsión total acerca das súas futuras fontes de ingresos e a carga fiscal significa ignorar o problema antes de sequer empezar unha análise seria. A incerteza no sector privado debe ser motivo para que os gobernos gasten máis ou baixen os impostos para dar a volta ás percepcións e estimular máis consumo privado e investimento. Que os gobernos fagan exactamente o contrario mostra que a súa política se

basea nun modelo absurdo da economía, e que os responsábeis políticos están a tentar implantar nos cerebros da maioría dos cidadáns.

O segundo elemento da estratexia de axuste son as “reformas estruturais”, o que significa principalmente reformas no mercado laboral ou, en linguaxe simple, recortes salariais. Segundo o ministro de Finanzas alemán (Schäuble, 2013), a forma de saír da crise consiste en mellorar a competitividade de todos os países da zona do euro. Segundo este razoamento, pode conseguirse un rexuvenecemento da UE e un futuro mellor para todos cando todos os países que agora están en crise copien o modelo alemán. Para alén dos problemas do concepto de competitividade mencionados anteriormente, as “reformas estruturais” encamiñadas a reducir os salarios van camiño do fracaso. De aplicárense en moitos países simultaneamente, o resultado dos recortes salariais será unha caída espectacular da demanda nacional en todos eses países e un colapso dos fluxos comerciais entre eles. Como se mostrou anteriormente, en Alemaña os recortes salariais reduciron directamente a demanda nacional; con todo, en todos os países europeos a demanda nacional constitúe de lonxe a maior porcentaxe da demanda total, e por tanto os recortes salariais causarían que o desemprego aumentase aínda máis (figuras 21-26).

Non hai ningunha dúbida: o empeoramento da crise no sur de Europa está estreitamente correlacionado coa



3º premio fotoxornalismo 2013 Estação Imagen Mora (Noticias) a António Pedro Santos pola serie "A crise é o maior 'reality show' do mundo"

aplicación das políticas de axuste deflacionista (austeridade fiscal e redución de salarios) impostas pola troika. Mentres que Francia e Italia experimentaron unha forte desaceleración do crecemento mesmo con políticas de crecemento salarial inalteradas (e respectivamente os custos laborais unitarios), en todos os países que seguiron o "tratamento da troika" dunha forma ou outra o descenso do crecemento desde 2009 é contundente.

Grecia, país que reduciu os custos laborais unitarios máis que ningún outro, entrou nunha depresión, e perdeu en torno ao 20% do seu PIB en comparación con 2009. Porén, a pesar destes "logros", non alcanzou un nivel de competitividade que lle permitise obter algúns beneficios dun axuste tan duro, en termos de maiores exportacións (véxase a figura 7). Tendo en conta os cambios sucedidos en toda a historia da UEM, o axuste da economía grega aínda está lonxe do que se require para restabelecer a súa competitividade internacional.

Paradoxalmente, eses países que avanzaron bastante canto á mellora da súa competitividade demostran que é o camiño equivocado para todos os demais. Se Francia e Italia se embarcasen en axustes similares aos dos países europeos máis pequenos da periferia, o resultado sería unha depresión e unha deflación profunda e duradeira en toda a zona do euro. Iso fortalecería, case con total seguridade, os movementos políticos radicais, e poría a democracia en perigo. Tamén fa-

ría que a opinión pública se puxese en contra da unión monetaria e da idea de integración europea, dunha forma máis xeral. Por outra banda, sen axuste Francia e Italia perderían máis en termos de competitividade, polo que un reequilibrio do seu comercio externo se volvería imposíbel. Ningunha das dúas sendas é factíbel. Isto amosa que só se poderá atopar unha solución á crise europea nun esforzo cooperativo internacional, que inclúa un axuste importante nos países con superávit, especialmente Alemaña.

**3. O BALANCE DE CUSTOS E BENEFICIOS DE PERTENCER Á UEM CAMBIA CON RAPIDEZ.** Co dominio alemán sobre os mercados de exportación e o feito de que Alemaña non estea disposta a mudar o seu modelo de política económica, o tipo de condicionalidade vinculada aos programas de axuste das economías en crises e o axuste disfuncional significan que o custo de seguir sendo parte da UEM está a aumentar con rapidez. Fronte a isto, os beneficios de pertencer a ela, como se describe ao principio deste estudo, son pequenos, e estanse reducindo.

A desintegración dos mercados de capital na UEM despois da crise financeira reduciu rapidamente o beneficio de formar parte da unión monetaria e estar suxeito á política monetaria común. O BCE esforzouse por conter a diverxencia nos tipos de xuro a longo prazo introducindo o programa de operacións de refinan-

ciamento a longo prazo e mediante a intervención verbal á que se fai referencia na sección anterior. Aínda que isto axudou a estabilizar a situación por un momento, as diferenzas nos tipos de xuro nos países mantivéronse, engadidas á pauta desfavorábel da competitividade externa. Os resultados son condicións monetarias (tipos de xuro e tipos de cambio reais) que son peores en termos absolutos nos países deficitarios, onde a situación económica require un estímulo moito máis forte que nos países con superávit. Ao mesmo tempo, os tipos de xuro da débeda pública nos países con superávit alcanzaron mínimos, o que prepara o terreo para unha fácil consolidación dos seus orzamentos, dado que as condicións monetarias benignas neles estimulan a economía no seu conxunto.

Isto implica que a diverxencia orixinal e a dirección global dos programas de axuste están a desestabilizar a unión monetaria até un punto no que a propia supervivencia da unión está a ser cuestionada seriamente. Con todo, os responsábeis políticos europeos non parecen recoñecer isto. Nin tampouco están dispostos a se implicar nun esforzo político para dar a volta á economía global e deter a diverxencia crecente. Por tanto, a desintegración e o eventual derrubamento da unión deben considerarse moi en serio.

O BCE, en concreto, tería que seguir de maneira moito máis consecuente un enfoque político que deteña a diverxencia dos tipos de xuro a longo prazo. Pero até agora actuou con pouco entusiasmo. Por unha banda, o BCE sinalou a posibilidade de adoptar medidas rigorosas e fundamentais ("custe o que custe"). Por outra banda, rexeitou aplicar en realidade as devanditas medidas. Peor aínda, durante as negociacións con Chipre, o BCE obrigou directamente o goberno chipriota a aceptar as condicións impostas polo Eurogrupo detendo a provisión de liquidez aos bancos máis vulnerábeis do país. Isto foi un grave erro e unha violación da función do banco central nunha unión moneta-

ría. O banco central ten que ser o banco central de cada país, dunha forma absolutamente non partidista, e non debe involucrarse en chantaxes aos gobernos. As condicións políticas vinculadas aos fondos de rescate proporcionados polos demais países europeos son unha cousa. Son o resultado de negociacións entre estados, polo menos segundo o significado formal do termo “soberanos”. Pero a provisión de liquidez por parte do banco central é unha cousa distinta.

Se o modelo de negocio dos bancos individuais resulta non ser xa viábel, as autoridades supervisoras teñen que reducir a capacidade deses bancos dunha maneira ordenada, que inclúa a protección dos depositantes, como establecen as normas e os regulamentos europeos. Pero se os modelos de negocio dos bancos afectados se ven suxeitos a negociacións entre gobernos, e o banco central se pon ao lado destes gobernos e aplica unha presión adicional sobre os bancos para que se reestructuren ou pechen nun período de tempo moi breve, iso establece un pésimo precedente, e destrúe a confianza dos depositantes na divisa común. A igualdade de trato dos clientes dos bancos en toda a unión monetaria, depositantes e investidores por igual, é unha condición previa para un réxime monetario que funcione. Esta condición previa violouse no caso de Chipre.

**4. UNHA SAÍDA ORDENADA DA UEM DENTRO DA UE.** Chipre é o primeiro caso dun país que é separado da convertibilidade xeralmente acordada dentro da zona do euro. As autoridades chipriotas impuxeron restricións aos movementos de capital, aínda que estas restricións foron acordadas por parte da troika. Isto significa que a unión monetaria deixou de existir de feito como unha entidade única, xa que non está a cumprir totalmente coas súas obrigacións. Ademais, o golpe asestado a Chipre e a imposición ao país da obriga de abandonar a súa estratexia económica nacional, virtu-



1º premio fotoxornalismo 2013 Estação Imagen Mora (Restratos) a Daniel Rocha pola serie “O desemprego tem rosto”

almente da noite para a mañá, provocaron graves preocupacións sobre o futuro de Chipre dentro da zona do euro. Por primeira vez na historia da crise europea, os cidadáns quedaron conmocionados de tal maneira que xa non é tabú falar dunha saída da unión monetaria.

De feito, a medida que os custos económicos que implica ser membro dela aumentan e os beneficios se reducen, varios países teñen que considerar a opción de saída. Porén, non é doado saír dunha unión monetaria como a UEM. Desvalorizar unha moeda que xa está en circulación e romper a súa convertibilidade fixa a outra moeda, como en Arxentina en 2002, resulta fácil en comparación cos enormes desafíos loxísticos e políticos que supón implantar unha nova divisa.


O maior problema, de lonxe, consiste en preparar a poboación. Sería enormemente difícil manter en segredo un paso tan importante, ou executalo da noite para a mañá, aínda que haxa que realizar rapidamente varias accións. Pero no caso do euro, o medo a perder parte dos aforros provocaría que os depositantes retrasen depósitos de bancos nacionais e os transferisen ao estranxeiro. O resultado sería unha fuga bancaria que ameazaría con derrubar o sistema bancario. Para evitar un colapso do sistema bancario, sería preciso impor severos controis administrativos aos bancos, e tamén controis aos fluxos de capital. No caso de Chipre, con todo, a troika xa impuxo

enormes perdas aos depositarios dos dous bancos máis grandes. Ademais, a troika e as autoridades chipriotas xa impuxeron restricións sobre as transaccións bancarias e os fluxos de capital. Para a poboación, a conmoción xa se achega á que suporía saír por completo da zona do euro.

Ademais do impacto inmediato e da necesidade de impor controis sobre a banca e os fluxos de capital, saír do euro tamén crearía problemas de circulación monetaria, sobre todo porque imprimir os billetes require tempo. O diñeiro electrónico converteríase rapidamente, dependendo da lei que rexa os contratos particulares. No entanto, probablemente fose preciso que o Estado promovese diñeiro fiduciario con circulación nacional —obrigas de pagamento de distintas descrições, a miúdo emitidas por autoridades nacionais— para responder ás necesidades de liquidez até que a nova divisa estivese firmemente asentada. Durante algún tempo, habería turbulencias monetarias e sistemas paralelos de fixación de prezos en funcionamento.

O problema técnico máis complexo da volta a unha divisa nacional, con todo, sería atopar un novo réxime de cambio de divisas viábel. A nova moeda podería introducirse a un tipo administrativo de 1:1 co euro, mais obviamente se depreciaría axiña nos mercados de cambios. Para un pequeno país como Chipre, que depende virtualmente das importacións, a magnitude da desvalorización





1º premio fotoxornalismo 2013 Estação Imagen Mora (Restratos) a Daniel Rocha pola serie "O desemprego tem rosto"

da nova moeda nacional sería crucial. Se a nova moeda se deixase por completo a mercé do mercado, habería un risco significativo dunha caída do seu valor que iría moito máis alá do garantido para restaurar a competitividade das exportacións do país. Unha desvalorización tan profunda causaría limitacións no aspecto das importacións que serían dificilmente soportábeis. A perspectiva de ter que recorrer ao FMI, pouco despois de a troika perder o control sobre o país, sería un pesadelo. Pero tampouco se podería excluír esa perspectiva, xa que os vaivéns dunha saída e a incerteza sobre o futuro do país poderían facer que a demanda da súa moeda se reducise significativamente no curto prazo. Para descartar un resultado tan negativo, pagaría a pena considerar unha rede de seguridade proporcionada por outros países da UE.

Os países que estean a pensar en saír da UEM nunha situación similar á de Chipre pensaríano dúas veces tamén antes de saír da UE. Seguir pertencendo á UE podería ser importante para manter vínculos co mercado común europeo, e por tanto os beneficios do acceso ao mercado das exportacións unha vez que se restaurase a competitividade. A UE ten unha obriga moral e práctica de se preparar para unha situación así, ofrecendo aos países dispostos a dar un paso tan grande unha saída segura. A UE podería proporcionar unha rede de seguridade en forma dun mecanismo monetario conectado á UEM.

Sería mesmo posíbel restabelecer aspectos do SME que se aplicaban antes da creación da UEM, e que continúan existindo formalmente. A nova SME podería permitir aos países vincular a súa nova moeda ao euro a un tipo razoábel, reducindo así o risco de se converter nun saco de boxeo nos mercados financeiros internacionais. Esa "saída ordenada" axudaría a preservar algúns dos logros e o espírito da colaboración europea, sen manter os países na camisa de forza da UEM. A crise amosou que esta tendeu a destruír as relacións amigábeis construídas entre as nacións europeas durante as últimas cinco décadas.

**5. A SAÍDA NON SON NIN UNHA UNIÓN POLÍTICA NIN UNHA UNIÓN DE TRANSFERENCIAS.** Moita xente segue a soñar cunha Europa unificada politicamente por completo, que axudase a superar as dificultades que afronta actualmente a UEM. Na nosa opinión, ese soño non debe guiar a política. Dada a evidente incapacidade das institucións europeas de xestionar como cómpre facelo a unión monetaria, os observadores realistas teñen que admitir que a unión monetaria era un obxectivo ambicioso de máis. O intento de avanzar máis rapidamente polo camiño cara á unión política a través dunha unión monetaria non funcionou. Agora, paradoxalmente, Europa debe retirarse se quere progresar de novo.

Na base do fracaso da UEM están o modelo económico mercan-

tilista alemán e a incapacidade dos demais países europeos de cuestionaren abertamente ese modelo e de convenceren a Alemaña de que nin sequera favorece os intereses dese país optar pola competencia en lugar da cooperación entre as nacións, en concreto entre os membros da unión monetaria. Recoñecer que a falla de espírito de cooperación será un feito da vida durante o futuro inmediato debe servir para determinar unha reforma dos acordos institucionais necesarios para unha división pacífica do traballo en Europa. Isto non require necesariamente unha unión monetaria. Sen esa unión monetaria volvería ser posíbel utilizar a desvalorización da moeda como instrumento de política económica, para rexeitar os intentos dalgúns países de ocupar economicamente outros. A desvalorización foi o mecanismo empregado máis frecuentemente na historia moderna para responder aos ataques dun socio comercial agresivo sen optar polo proteccionismo categórico. Un sistema de desvalorización ordenada (e revalorización por outra banda) podería preservar moito mellor a idea fundamental sobre a que se fundou a integración económica en Europa, é dicir, o libre comercio, no tanto dos acordos actuais (UNCTAD TDR, 2010).

Unha unión de transferencias, que algúns tamén consideran unha saída, non é factíbel entre nacións independentes e soberanas. Ningún membro da UE quere pasar a ser dependente dun país, Alemaña, que podería transferir diñeiro aos seus veciños para lles permitir comprar os seus produtos, pero que conduciría a un ditado alemán acerca das condicións cotiás da vida en Europa ■

Notas:

1. Aínda, dunha maneira ou outra, a maior parte da literatura académica se basea na teoría dos OCA.
2. Esta sección parte do Apéndice 1 do Capítulo I do Informe sobre Comercio e Desenvolvemento da UNCTAD de 2006, escrito por Heiner Flassbeck.



Monografías



Edición dixital do Terra e Tempo



Revista Terra e Tempo



Estudos e investigacións



Edición de DVDs



Xornadas Lois Obelleiro de Historia, Pensamento e Cultura

# X Aniversario 2004-2014

X Aniversario  
2004-2014

Fundación  
Bautista Álvarez  
de Estudos Nacionalistas




## Saber de Galiza.. Está nas túas mans!

Novidades para o primeiro semestre de 2014



# No centenario do meu amigo Díaz Castro



**O 19 de febreiro de 1914, haberá cen anos desde que naceu o poeta Xosé María Díaz Castro na aldea do Vilariño<sup>[1]</sup> da parroquia dos Vilares, do concello de Guitiriz, cando tamén se lle dedica neste ano o *Día das Letras Galegas*. Era o terceiro dos catro fillos (Antonio, María, Xosé María e Serafín) que tivo o matrimonio formado por Isidro Díaz Calvo (Cidre do Vilariño) e María Manuela Castro López, do lugar dos Manchás.**

Seus pais eran labregos, pero cun certo nivel económico, xa que seu pai era o escribente do concello que, daquela, se atopaba no Mesón da Cabra, na parroquia de Trasparga, e presidente do *Sindicato Agrario Católico* dos Vilares. Naqueles tempos, era –xunto coa do crego– unha das poucas casas a que chegaba o xornal, e unha das poucas en que había unha pequena biblioteca, que contaba, ademais, con algúns libros clásicos. Desde moi neno gustaba da natureza, ir aos niños, clasificar animais e plantas co seu irmán Serafín. Á idade de doce anos, empezou a escribir versos cando ía pastar as vacas pola serra de Montouto. Contábame que facía poemas a todo o que vía, ás cousas máis ínfimas e menos importantes, quería resaltar o nome das cousas pequenas que para el eran esenciais, eran o cotián transcendido. Decía que, nun principio, o facía para divertirse xogando coas palabras e, máis tarde, cando empezou a publicar en revistas especializadas, para elevar

a lingua literaria a fala da súa avoa e para que non se perdese a rica variante dialectal que se falaba naquela comarca das gándaras de Guitiriz. Precisamente por iso, para que se entendese mellor esa variante dialectal, incluíu nas primeiras edicións de *Galaxia* un pequeno dicionario con verbas propias da comarca ao final do libro.

Facía poemas ás aves, as árbores, os ríos e as penas porque era un gran observador da natureza. Naqueles anos, escribía en galego e español indistintamente; prepara o seu primeiro caderno *Follas verdes* en galego e fai un poema en español ao *Menhir Solitario*<sup>[2]</sup> que se atopa no curuto do monte de Suatorre que foi publicado en *El Progreso Villalbés* en 1931:

*Sobre el salvaje yermo te yergues  
solitario, sempiterno menhir;  
párecesme un ciclópeo gigante  
legendario,  
que va indicando al mundo las  
rutas del vivir..*

RAÚL RÍO DÍAZ

Estudou Mestría Industrial en Lugo.

En 1969 emigra a Bilbo onde traballa de peón de albanel, de caldeireiro e soldador en varios estaleiros, de siderúrxico nos Altos Fornos de Biscaia nos que exerceu de sindicalista.

Delegado de Cultura durante dous anos na Casa de Galiza de Santurtzi, funda en 1994, conxuntamente con outros emigrantes, a Asociación Cultural *Rosalía Castro* de Barakaldo. Colaborou con artigos de opinión en varios periódicos vascos e galegos así como en varios libros colectivos. Afeccionado a escultura, tallou en granito o busto do poeta Xosé María Díaz Castro que se atopa na súa parroquia natal e a placa en baixo relevo que se colocou na casa de Barakaldo onde viviu D. Ramón Cabanillas



Díaz Castro en Urretxu en 1984 (Foto de Manuel Irixa)

e este outro do caderno tamén en galego, *Follas ó aire*:

*...no lombo pardo do monte  
chea de alma a graña  
dos toxos, brinca e estala...  
¡Cala vida!, ¡Cala vida!*

Comeza a publicar poemas soltos na revista tarraconense *Lluvia de Rosas* e, aos quince anos, pasa a estudar no seminario de Mondoñedo onde bota sete anos, acadando unha formación clásica e humanista. Alí, coñece Aquilino Iglesia Alvariño, quen o anima a seguir escribindo poesía en galego. El sempre dicía que nunca copiara de ninguén pero que, aínda sen querelo, Aquilino (quen consideraba o seu mestre e guía) influíu moito na súa obra, xa que o tiña como un dos máis grandes poetas da nosa literatura e dicía que foi alí, no seminario, onde se converteu ao galego por influencia del.

Cando comeza a guerra, chámano a filas, sendo destinado ao Corpo de Sanidade Militar da Coruña. Exerceu de padioleiro e practicante na fronte de Asturias, pero como non aguantaba aqueles horrores, até os mesmos xefes pensaron que podía ser mais útil nun centro de saúde, e foi destinado á Clínica Militar do Gran Hospital de Pontevedra.

Estando na fronte en Asturias, recibe unha carta dunha *Madrina de guerra*, tradición moi arraigada en Euskal Herria durante as guerras carlistas, que eran mozas que mandaban cartas aos soldados que estaban na fronte para animalos ante tanta barbarie e incluso

lles cosían a roupa. Ese feito dálle pe a escribir o poema *Yo tenía una madrina* que empeza deste xeito:


*Yo Tenía una madrina...  
¡Hay las madrinas de guerra!  
Con cinco agujas de plata,  
con cinco hilos de seda,  
yo prendí en mi corazón  
su nombre de crueles letras.*

Esa *madrina* era Teresa Zubizarreta Bengoetxea, unha telefonista vasca de Urretxu con quen, moitos anos máis tarde, o 10 de agosto de 1954,<sup>[3]</sup> contraería matrimonio e con quen tería tres fillos: José María, Maite e Iñigo.<sup>[4]</sup>

Ao rematar a guerra, retorna ao seminario. Pero, ao pouco tempo, volve deixalo para ir de profesor ao Colexio León XIII de Vilagarcía que dirixía daquela o seu amigo Aquilino Iglesia Alvariño, porque Xosé Núñez Búa, fillo do fundador, tivo que exiliarse en Arxentina onde morreu.

Xa en Vilagarcía, empeza a estudar idiomas e foi, como me dixo Uxío Novoneyra en Masustegi, un dos galegos que máis linguas dominaba. Sabía case todas as linguas europeas, incluído o euskera, por estar casado cunha vasca. Era capaz de traducir a máis de catorce idiomas, polo que acadou unha praza de tradutor, primeiro no Ministerio da Gobernación ás ordes dun Coronel de seguridade e, despois, no ano 1952, comeza a traballar no Instituto de Cultura Hispánica e, máis tarde, no Instituto do Frío do Consello Superior de Investigacións Científicas coa categoría de Titulado Técnico Especializado. Buscando a perfección en todo o que facía, procuraba traducir do xeito máis fiel posíbel, xa que consideraba que da tradución á traición só hai un paso.

**O VECIÑO E AMIGO.** Nacemos na mesma parroquia: os dous aprendemos as primeiras letras na Escola Habanera dos Vilares e emigramos (el para Madrid e eu para Euskal Herria), todo isto en tempos moi diferentes debido a nosa diferenza de idade, polo que non nos coñecíamos, nin tampouco me falaron del na escola, por que daquela



Raúl Río rematando o busto en pedra realizado nos Vilares a partir do modelo en escaiola

a escola, igual que agora coa LOMCE, estaba para españolizarnos e non para ensinarnos o noso entorno máis próximo. De neno, lembro oír del de meu pai, que gañara un concurso de poesía en Betanzos no ano 1946, acadando os dous premios (en galego e español) nos xogos florais desa cidade co tríptico de sonetos *Nascida d'un soño* e *El Cántico de la Ciudad*,<sup>[5]</sup> pero pouco máis, xa que el vivía en Madrid e era un esquecido na súa propia parroquia.

Nunha visita que lle fixen a Manuel María a Monforte, aló polo ano 1982, ao saber que tamén eu era dos Vilares, faloume del e da calidade da súa poesía. Sentín certa vergoña pola miña ignorancia e, ao volver a Euskal Herria, pedín o libro *Nimbos á Editora Nacional* de Madrid, xa que o de *Galaxia* estaba esgotado.

Non tiven a sorte de coñecer o poeta até o mes de agosto de 1985, cando Manuel María veu ler na Escola Habanera de Guitiriz o pregón do VI Festival de Pardiñas, o 3 de agosto

de 1985. A partir de aí, fixemos unha grande amizade que só puido tronzar a súa morte. No ano 1986, noutra visita que lle fixen a Manuel María, faleille de facerlle un busto en granito na nosa parroquia natal e o poeta da Terra Chá animoume a empezalo canto antes, porque cumpría facerllo en vida para que puidera velo. Vindo de Monforte, chego a Guitiriz e atópome con el, tomamos unhas cuncas e coméntolle a idea. El dime que non é merecente de tal homenaxe, aínda que, ao final, accede e despois pasa pola casa de meus pais para facerlle uns debuxos e tomar unhas medidas, mentres chanceaba con meu pai, dicindo que lle ía facer unha cara moi dura. Non puido velo rematado, porque a morte traidora chegou antes de tempo, xa que faleceu no hospital da Seguridade Social de Lugo o 2 de outubro de 1990.

Díaz Castro era un home moi humilde, sinxelo, amábel e bo conversador. Tan sinxelo e humilde como



Díaz Castro e Raúl Río en 1986, no adro dos Vilares

amosa no poema *Coma ventos fuxidos* que abre o Pórtico de *Nimbos*:

*Estes non son poemas, nin  
cimentos  
de poemas siquera. Son fragmentos  
de min mesmo perdidos,  
coma ventos fuxidos,  
por antigos camiños esquencidos.*

Cando alguén lle falaba da importancia da súa poesía, dicía que el non fixera nada, que para el simplemente fora un xogo e sorprendíase de ser unha referencia na literatura. Non quería que o mitificasen. "Eu non sei afrontar a fama, non sei si son un fito, pero non quero ser un mito", adoitaba dicir. Daba gusto falar con el de poesía ou doutro tema calquera paseando polas rúas de Guitiriz, ou polos camiños do Vilariño que eu, parafraseando o seu poema. Lle dicía esquencidos, ao que contestaba, sorrindo que aqueles para el nunca serían esquencidos, porque el nunca esqueceu a patria, nin a súa orixe campesiña. Gustaba de rodearse de xente nova e era feliz

conversando cos nenos, que trataba como si fosen persoas maiores, e eles agradecían esa deferencia que consideraban positiva e pola que sempre procuraban a súa compañía no Campo da Feira de Guitiriz. Quizais lembraba, deste xeito, os seus tempos de profesor que tanto lle gustaba. Estaba asombrado da admiración que esperaba naqueles rapaces tan novos. Gustaba de tomar unhas cuncas de ribeiro acompañadas dunha competente tapa de queixo no bar *Gaibor*, no Ramiro, no Pozo ou no Miragaia e, como dicía o Manuel María, daba xenio velo fumando os seus Celtas sen filtro.

En 1955 aparecen no volume IV da *Antoloxía da Poesía Galega, Os Contemporáneos*, de Francisco Fernández del Riego algúns poemas del, que logo pasarían a *Nimbos* e que causaron unha gran sensación nos ambientes literarios, polo que, tanto Fernández del Riego, como Ramón Piñeiro, anímalo a xuntar un feixe deles para publicar nun libro, aínda que Díaz Castro recoñecía que a suxestión foi do gran admirador da súa poesía, Ricardo Carvalho Calero. Así, en 1961, a Editorial Galaxia saca en Vigo a primeira edición de *Nimbos*, o único libro que publicou en vida.

#### A IDENTIDADE EN DÍAZ CASTRO.

O poeta vilarego sempre tivo amor a Galiza e ao seu terrón nativo; xa o amosa no poema *Monumento á ausencia* que logo se inseriu en *Nimbos*, pois, cando sae da súa aldea natal, aférrase ás cousas que aínda ve e négase a perder todo aquilo que o rodea, aquilo que formou o seu espazo vital:

*¡Lus,  
ceo rachado, lus!  
Inda vexo a lus.  
E despois os galos,  
e despois os homes,  
e despois todo o val, ¡cáliz  
fervendo!*

.....  
*adeus ós montes todos urizados  
de estrelas de ouro vivo para  
sempre;  
adeus as pedras, coma rosas xa;*



*adeus ás maos, quentiñas para sempre.*

e que Uxío Novoneyra considera un dos adeuses ou a despedida máis emocionada, que vale tamén para definir o que sinte todo emigrante ao deixar a patria.

Vivió en Madrid, pero tiña o corazón na terra e sempre exerceu de galego. Cando oía falar no noso idioma intentaba entrar na conversación. Conta o irmán de Lois Pereiro que estaba Lois cun amigo (posiblemente Fernando Saco) nun dos bares do barrio do Paseo de Estremadura e no medio da conversa, un señor que os escoitaba falar, preguntoulles retoricamente se eran galegos. Na conversa, entre que estudaban e que facían, xurdiu a literatura e que libros lles gustaban. Lois foille dando nomes de libros e autores, e citou *Nimbos* de Díaz Castro, entón el presentouse dicindo que era Xosé María Díaz Castro. Galiza era para el a mellor terra do mundo e el mesmo estaba feito dela:

*¡Galiza en min, meu Deus, pan que me deron, leite e centeo e soño e lus de aurora!*

*Longa rúa do mar, fogar da terra, e esta cruz que nos mide de alto abaixo.*

Este chairego, pausado e tranquilo, que só se alporizaba cando vía que algún galego renegaba de Galiza, porque a levaba no corpo, e cando volvía a ela esquecía todo olor doutras terras como afirma en *Polpa dorida*, que é tamén un dos saúdos mais bonitos que se fixeron nunca en poesía, en verbas tamén de Novoneyra:

*¡Ei, Terra Verde e Mar de Orballo, polpa dorida se as hai!*

*¡As túas portas portas perdín todo cheiro alleo de terra ou mar e agora, ó caer no teu colo, oio pacer a canto hai!*

Ao chegar á patria, asombrado pola súa beleza, esquecíase doutras terras, o mesmo que os romanos perdían o acordo ao cruzar o río Limia, o noso río do esquecemento. Boa proba del é que, cando se xubilou, volveu a



Díaz Castro de fronte

ela dicindo: "A min non me puideron anular, nin como galego nin como escritor en verso. Eu non me alonxei nunca de Galiza espiritualmente. Sempre estivo comigo." Ou: "Iso de estar en Madrid é como estar nunha illa deserta", como afirma Xulio Xiz no libro de homenaxe que lle dedicou Xermolos. No entanto, salvo nalgúns ambientes literarios, era un gran descoñecido en Galiza, incluso na propia parroquia, ao estar tanto tempo afas-



No adro dos Vilares en 1986

tado xeograficamente, e cando viña de vacacións prefería pasar desapercibido. Tamén afirmaba que o idioma español non era apropiado para expresar o sentimento galego.

Despois, cando empecei a facer o busto en granito a nosa parroquia natal, algúns veciños, intentando ver contradicións, dicíanme que el non era nacionalista, pero eu dicíalles que non llo facía pola súa ideoloxía, senón pola súa obra como poeta; outros, que non o coñecían –nin a el, nin a súa poesía– preguntábanme quen era e porque llo facía, e outros dicían que non fixera nada pola parroquia dos Vilares, xa que escribira versos citando lugares do Buriz, de Lagostelle, de Parga e de San Salvador, pero non da nosa parroquia. Porén, hoxe ningún deles volvería a dicir o mesmo, pois non cabe dúbida que el a deu a coñecer ao mundo, incluso máis que os nosos trapeiros que recorreron as diferentes aldeas da provincia de Lugo até o Cebreiro mercando trapos e, as

máis das veces, que se fala dos Vilares de Parga é porque alí naceu Díaz Castro, o seu fillo máis destacado, que levou á literatura galega a lingua que mamamos, para que non se perdan nunca esas fermosas verbas.

Humildemente, penso que erguerlle o busto tamén axudou a que a xente se interesase pola súa poesía, pero sobre todo foi o incansábel crego, Alfonso Blanco Torrado, quen o recuperou do esquecemento en que se atopaba, tanto nos ambientes literarios, como entre os propios veciños, e foi quen empezou a divulgar a súa obra, até o punto de que, agora, cando souberon os estudantes do *IES Díaz Castro* de Guitiriz que a Academia lle dedicaba o Día das Letras Galegas do 2014 choutaban de ledicia como si gañase a liga a súa equipa de fútbol preferida.

Unha vez xubilado, pasaba grandes tempadas en Galiza como querendo recuperar o tempo perdido fora dela; a biblioteca da Asociación Cultural Xermolos converteuse na súa segunda casa, asistía a todos os actos desta Asociación e sempre que a súa delicada saúde llo permitía non perdía o Festival de Pardiñas.

Os emigrantes galegos en Euskal Herria sempre tivemos unha devoción especial polo autor de *Nimbos*; de aí que o *Fato Cultural Daniel Castelao* de Trintxerpe lle fixera unha homenaxe o 9 de agosto de 1984 e lle entregara unha placa de recordo dentro das actividades do *Agosto Cultural*. Tamén a Asociación Cultural Rosalía Castro de Barakaldo, co gallo do Día das Letras Galegas do ano 1989, publicou varios poemas del na revista *Esmorga* que publicaba esa Asociación e organizou unha homenaxe a que non puido asistir por problemas de saúde. A placa conmemorativa foi entregada despois a Antón Santamarina, pregoeiro do X Festival de Pardiñas, para que lla fixese chegar, ao non poder asistir tampouco el.

**O POETA.** Díaz Castro era un poeta moi culto e coñecía perfectamente toda a literatura clásica grega, de aí, quizais,



ese neovirxilianismo que se transluce nos seus poemas. Pertence a esa escola poética do seminario mindoniense de que, entre outros, tamén forman parte Noriega Varela, Crecente Vega, Varela Jácome, o seu amigo Aquilino, Trapero Pardo e incluso Álvaro Cunqueiro, que, aínda que non estudou no seminario, tivo moitos contactos con eles nunha barbería moi próxima, a de Manuel Ledo, *O Pallarego*. A súa é unha poesía costumista e paisaxista, como a de case toda a escola, pero profundamente relixiosa. Foi o cantor das cousas pequenas, da beleza e da luz. Buscar a luz é unha constante na súa obra; probablemente fose porque, desde neno, tivo problemas na vista, o que lle obrigou a levar gafas desde unha idade moi temperá.

Era un perfeccionista en todas as cousas e perseguía a beleza máis pura. Quizais por iso, non quixo publicar máis libros, ao pensar que non acadaban a calidade que el mesmo se esixía. Nunha ocasión afirmou: "Pretendín e

pretendo acercarme a perfección pro non que os demais sexan perfectos en nada. Esta aspiración nace de considerar a poesía, a visión e a expresión poética do mundo como unha das mais outas e fermosas tarefas da creación humana." Cando o animabamos a seguir escribindo e a publicar os que xa tivera feitos, dicía que tiña moi poucos porque extraviara dous cadernos que lle deixara a un amigo e que... *xa se sabe!* Estes cadernos debían ser *Follas verdes* e *Follas ó aire* que debía ter medio escondidos e que apareceron despois da súa morte. Creo que polo mesmo motivo tamén quedou sen publicar outro libro en español que se titula *Sombras radiantes*, pero cómpre pensar que facer unha obra poética medianamente longa da calidade de *Nimbo*s é case imposíbel, e máis atopándose tanto tempo illado dos ambientes culturais e das cousas que el cantaba. O filtro de calidade que poñía aos seus poemas era o primeiro obstáculo que tiñan que pasar

Os irmáns Díaz Castro (Xosé María e Serafín) en 1986 con Jesús de Carreira e Digna Paz no adro dos Vilares



Homenaxe do Fato Cultural Galego Daniel Castelao en Urretxu en 1984 (Foto de Manuel Irixa)

antes de ver a luz pública; el era o primeiro que os censuraba se non eran do seu agrado, porque pensaba que se non lle gustaban a el, porque ían gustar aos demais?

Naqueles tempos de loita contra o franquismo, a maioría dos poetas utilizaban o verso coma espadas reivindicativas. No entanto, el non fai ese tipo de poesía, pero si unha poesía social que non é panfletaria, nin cae no maniqueísmo a pesar da súa relixiosidade. Díciame, na súa casa do Vilariño, quentándonos arredor da lareira, que a súa poesía era unha poesía social se lle quitamos o contido relixioso e que, ás veces, foi mal interpretada, como é o caso do poema *Borrallo*:

*Ave, César, ei!  
Ti fas e desfás:  
non hai copa nin reino  
vedados pra ti.  
Por quen choran tódalas  
estrelas xa  
sobre a cinza horrible  
do que ardeu sin lus!*

en que se interpretou que se refería a Cristo<sup>[6]</sup>, cando el mesmo me dixo que se trataba dun alegado contra a tiranía do autócrata. Non sería de estrañar que, naquela longa noite de pedra, utilizase con habilidade e picardía esa confusión para burlar a censura.

No entanto, Ricardo Carvalho Calero afirma que Díaz Castro escribira un dos poemas sociais máis profundos que se teñen escrito nos nosos días e que narra o drama colectivo da comunidade galega, a dor de todos e a frustración do conxunto do noso pobo:

*Un paso adiante e outro atrás,  
Galiza  
e a tea dos teus sonos non se move.  
A esperanza nos teus ollos se  
esperguiza.  
Aran os bois e chove.*

.....  
*Desorballando os prados coma  
sono,  
o Tempo vai de Parga a Pastoriza<sup>[7]</sup>  
Vaise enterrando, suco a suco, o  
Outono*

*¡Un paso adiante e outro atrás  
Galiza!*

Este tamén é un dos seus poemas máis coñecidos, aínda que non era do agrado da súa dona, porque ela me dicía que todos os pasos tiñan que ser para adiante. Non lle faltaba razón á súa compañeira Teresa pero, tanto el como eu, naquela tarde arredor do lume, queríamos facerlle entender que esa era a crúa realidade e o pecado a pagar desta nosa patria por non amarnos a nós mesmos.

Queiramos ou non, Xosé María Díaz Castro xa é un clásico da nosa literatura e acada os máis altos cumes da nosa lírica cun só libro publicado en vida, pero co que consegue chegar á poesía total, como nos deixou dito Ricardo Carvalho Calero no prólogo da edición que fixo a Editora Nacional de Madrid, e por iso quería que haxa un libro de *Nimbos* en cada mesiña de noite de cada neno galego, porque entón... outro galo nos cantaría!

Este ano do seu nacemento, e da merecida homenaxe que lle rende a Academia, é unha boa oportunidade para que os docentes, non docentes, e todo o mundo da cultura fagamos todo o que estea ao noso alcance para divulgarmos entre nenos e maiores a beleza e a calidade da súa poesía, porque a poesía é a forma máis bonita e harmoniosa de dicir as cousas que pensamos ■

Notas:

1. Tamén chamado *Vilaríño dos Cregos*, porque houbo un tempo en que, nese lugar, entre tíos e sobriños, había nove cregos. É unha das aldeas da parroquia ao norte, máis antigas e ricas da parroquia dos Vila-res. Só hai tres casas: a de *Carballeira*, a de *Coira*, e a de *Cidro*, que posuían fincas alugadas en diferentes lugares da parroquia.
2. Cómpre dicir que aquel penedo non é exactamente un menhir, senón unha pena que está no curuto do monte de Suatorre, no cordal de Montouto, pero que, na súa mente de neno, se lle asemellaría a un menhir.
3. Nese mesmo ano morre, cando tan só contaba corenta e catro anos, o seu irmán maior, Antonio, en Sestao, onde se atopaba emigrado e traballando nos *Al-*



© Raúl Ríos

*tos Hornos de Vizcaya*. Esta morte afectou moito o poeta, xa que, ao ser o maior deles, o tiña como un referente.

4. Todos eles naceron en Urretxu, pois Teresa, como nacionalista vasca, tamén amaba a súa patria e quería que os seus fillos naceran nela.
5. Ao igual que agora, tamén daquela tiña máis valor o feito de escribir en español, pois o premio nesa lingua era de mil pesetas e de cincocentas para o galego.
6. Méndez Ferrín en *De Pondal a Novoneyra* di que se refire a Cristo sentido como César.
7. O crego Xaquín Campos Freire afirma que o poeta non se refire neste verso á parroquia lucense de Pastoriza, senón a *Festa da Pastoriza* que se celebra o primeiro domingo de agosto no santuario do San Alberte na parroquia de Sambreixo de Parga, de que Díaz Castro era devoto e que tiña moita sona naqueles tempos en toda a comarca. O tempo segue o curso do río Parga até o San Alberte, porque os ríos son outro elemento esencial na obra de Díaz Castro.

No acto de presentación do vídeo de Xulio Xiz "Nimbos de Poesía" no Festival de Pardiñas en 1987. En primeiro plano Manuel María e Xosé María Díaz Castro

# l ante aquel silencio mudo: 150 anos de Cantares gallegos

*“l ante aquel silencio mudo  
que a trubar naide alí chega,  
antre aquel ¡xa fun! tan rudo,  
vese inteiro un nobre escudo  
que a desir non son se nega”*

**(Cantares Gallegos)**



**Cando este número do Terra e Tempo sae ao público, xa andado 2014, aínda ecoan na rúa os discursos, as análises ou as músicas conmemorativas dos 150 anos da publicación de Cantares Gallegos. Celebrarmos os fitos da historia da literatura galega é unha boa desculpa para voltarmos a vista ás grandes obras e revisarmos os estudos críticos sobre elas.**

XOÁN COSTA

Licenciado en Filoloxía Galego-Portuguesa pola Universidade de Santiago. Amplía estudos na Universidade de Lisboa durante o curso 1981-1982. Profesor de Lingua e Literatura Galega no IES Menéndez Pidal da Coruña desde 1985. Director entre 1985 e 1987 da Revista Agália. Autor de estudos, artigos sobre lingua e sobre literatura galega presentados a diferentes congresos. Ten numerosas colaboracións en publicacións periódicas así como en libros. Presidente da Asociación Socio-Pedagóxica Galega e de Sermos Galiza

O trienio 2010-2013 é, no calendario rosaliano, un tempo de efemérides: 125 aniversario da súa morte (2010); 175 aniversario do seu nacemento (2012) e 150 aniversario da publicación de *Cantares Gallegos*. En 2010 o mundo oficial non homenaxeou a escritora, mais algún moucho debeu voar por enriba do mundo académico e das institucións porque desde aquela se sucederon os estudos e publicacións sobre a súa obra. Agora, en 2013, certamente, non pasou en silencio a celebración.

A Real Academia Galega, a Fundación Rosalía de Castro, O Consello da Cultura Galega, as Universidades e mesmo o Parlamento e a Presidencia da Xunta tiveron os seus actos e o seu protagonismo. Tantos foron os actos, tantas foron, nalgún caso, as présas por ser cada día máis rosalianos que mesmo, paradoxos, o que estaba édito se difundía como inédito e o verdadeiramente inédito pasou, por veces, desapercibido. Ora, pasado 2013, ese furor rosaliano

de quen se converteu a Rosalía por mor de unha efeméride, baixa a garda e decae ou, noutros casos, tórnase maina compracencia desgaleguizadora promovendo a visión dunha Rosalía case arrependida de ter escrito en galego.

Mais se agora o mundo oficial participou, foron as asociacións culturais de base, sempre atentas a estes aniversarios, as que celebraron con máis intensidade o evento. Entre elas, salientamos Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega e o seu Manifesto, reafirmando "na nosa reivindicación da recuperación dun status máis xusto, equitativo e equilibrado para o galego".

Organizáronse recitais de poemas do libro en multitude de escolas e institutos todo ao longo de Galiza. Mesmo, e non deixa de ser unha achega ben conmemorativa, o libro inaugural da etapa moderna da nosa lingua foi publicado, completo, en ruso, na Universidade de San Petersburgo, baixo a dirección de Elena Zernova.



Grupo de teatro da Sociedade Cultural "Medulio" de Ferrol representando "O mundo segundo Rosalía"

**CONGRESOS.** O Consello da Cultura organizou, para a ocasión, o Congreso Internacional *Rosalía de Castro no século XXI. Unha nova ollada*, que se prolongou durante cinco días, repartidos ao longo de cinco meses, entre febreiro e xuño, e onde interviñeron máis de sesenta especialistas.

O Congreso tería como obxectivos declarados:

1. Amosar a vixencia da obra de Rosalía no século XXI e alentar o seu aprecio por parte do público galego e non galego de todas as xeracións.
2. Acoller e poñer de relevo as novas perspectivas de análise que se foron producindo nas últimas décadas, despois do extraordinario pulo que para os estudos rosalianos supuxo o Congreso Internacional sobre Rosalía de Castro e o seu tempo, que tivo lugar en 1985.
3. Estimular novas lecturas críticas da obra rosaliana para propiciar o avance do seu coñecemento.

As intervencións están xa na Mediateca, e, cando se publicaren as Actas poderemos comprobar se respondeu aos obxectivos declarados e mesmo comparar os traballos aquí presentados cos do Congreso Internacional de *Estudios sobre Rosalía de Castro e o seu tempo* celebrado tamén en Santiago de Compostela en 1985.

No sitio web do Consello aparece unha valoración do ano Rosalía e, entre as accións destacadas, salientan, ademais do Congreso, a coedición da primeira edición de *Cantares Galle-*

*gos*, a celebración do concerto infantil "No bico un cantar", o "Concerto das Letras", no que numerosos compositores galegos achegaron pezas en homenaxe á escritora e o libro *Cantares para Rosalía*, unha publicación con CD de audio no que nove poetas galegos de diferentes xeracións dialogan coa obra de Rosalía de Castro.

**A REVISIÓN CRÍTICA.** Non é obxectivo destas páxinas presentar un relato exhaustivo, mais si mencionar algunhas obras que constituíron un fito na interpretación da obra rosaliana, aínda que fiquen fóra da cronoloxía deste evento.

Comezamos por *Análise Sociolóxica da obra de Rosalía de Castro* (1988), tese de doutoramento de Francisco Rodríguez, a primeira presentada nunha universidade galega sobre a escritora, que significou un salto cualitativo no coñecemento do mundo e da experiencia rosalianas.

En 2010, a publicación *A festa da palabra silenciada* "sumase ao evento ofrecendo un monllo de lecturas ensaísticas vertebradas arredor da polifacética creativa da nosa poeta nacional por excelencia" Para iso o número anual, o 26, destinase, segundo reza o título, a *Actualizar a Rosalía*.

No mesmo ano 2010 o Premio Vicente Risco en Ciencias Sociais era gañado polo ensaio *O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo* de M<sup>a</sup> Pilar García Negro e, ademais, a Asociación Socio-Pedagóxica Galega asumía a publicación, actualizada e ampliada, da que foi inicialmente tese de doutoramento de Francisco Rodríguez e hoxe é a monumental obra *Rosalía de Castro, estranxeira na súa patria (a persoa e a obra de onte a hoxe)* (2011). Mantendo o rigor analítico e o manexo de fontes históricas abundosas, característicos do seu autor, é este un texto de fácil, entretida e suxerinte lectura, un libro que nos vai descubrir a personalidade auténtica de Rosalía, libre dos prexuízos e estereotipos aínda dominantes. Un libro que, sen deixar de ser unha





análise específica dunha obra literaria concreta, tamén axuda a visualizar, de forma efectiva, a súa autora.

Da estrutura do poemario, da razón do seu título, da revolta e ousadía que significou na súa época, da ilusión e a esperanza con que foi escrito, mais tamén de como e por quen foi manipulada a memoria da autora fálanse nun outro libro de M<sup>a</sup> Pilar García Negro, o volume titulado *Cantares gallegos, hoxe. Unha lectura actualizada de Rosalía de Castro* (2013).

O volume XXVI dos Cadernos Ramón Piñeiro, sob o título "Rosalía na cobiza do lonxe" ofrece un conxunto de catorce colaboracións de especialistas na obra de Rosalía de Castro precedidas dun texto de Álvaro Cunqueiro. Analizan aspectos diversos da poesía, da biografía, do contexto cultural, das relacións con outros escritores etc.

**BIOGRAFÍAS, INÉDITOS E EDICIÓN DE CANTARES.** *Sen agardar a Ulises. Vida de Rosalía*, é o título dunha biografía da autora asinada por Manuel Lorenzo Baleirón e promovida pola Fundación Rosalía de Castro. O título está tirado dun poema de *En las orillas del Sar*.

A obra, de venda exclusiva na loxa da propia fundación, non distribuída por tanto nas librarías do país, conta con versión ao castelán, realizada polo propio Manuel Lorenzo Baleirón; ao inglés, da autoría de John Rutherford; e ao francés, de Christine García. Segundo declaracións do propio autor, xa que carece de citas e referencias biblio-

gráficas ou dunha nota inicial que nola sitúe, a obra partiría dos traballos de María Victoria Ruiz de Ojeda sobre Rosalía e de Xosé Ramón Barreiro sobre Murguía, combinada con información tirada dos periódicos da época, das cartas, etc. E pretende chegar de forma sinxela á vida de Rosalía para a presentar a todos os públicos, debuxando unha Rosalía forte, culta e as súas múltiples facetas da vida.

O profesor Ramón Torrado nun artigo publicado baixo o título "Negra ausencia de contento" na revista Casa da Gramática número 38 (xullo, 2013), que edita o I.E.S. Virxe do Mar de Noia, deu noticia e publicou un texto "Dinche o corazón na man", sinalando:

"Poema moi descoñecido, posiblemente inédito, que probablemente é obra de Rosalía na época de compondos *Cantares gallegos*. No mesmo lugar onde se encontra, hai unhas trinta cantigas manuscritas, das cales máis de vinte non aparecen nos *Cantares*. Tal vez Rosalía tamén as pensaba nun principio glosar".

En xaneiro de 2014 a RAG, dá noticia da descuberta duns manuscritos autógrafos con versos descoñecidos, poemas e fragmentos inéditos que segundo se indica en nota da propia entidade "Botan nova luz sobre os inicios da súa carreira literaria en galego e -dun xeito especialmente revelador- sobre os últimos pasos da súa obra en castelán". Estes textos deberían, en palabras do secretario da Fundación Rosalía de Castro ser "un ramo excepcional ao ano do sesquicentenario da

Cesáreo Sánchez, Presidente da Asociación de Escritores e Escritoras en Lingua Galega, na conmemoración do Día de Rosalía organizado en Bonaval





publicación de Cantares”. Mais resultou que os presuntos inéditos manuscritos non eran tal e correspondían cos publicados por Ramón Torrado na Casa da Gramática número 38 (xullo, 2013) citada antes.

En xullo de 2013, con motivo dunha exposición conmemorativa do 150 aniversario de Cantares, o presidente da Fundación Rosalía dá conta do achado dun exemplar da primeira edición de Cantares que ten como particularidade, ademais da orixinal dedicatoria autógrafa de Rosalía, segundo X. Luís Axeitos, “un altísimo valor documental pola confianza dunha carta inédita e a valoración da mesma por parte do posuidor do libro, Ramón Segade Campoamor. (...) A autora da carta, a escritora Cecilia Böhl de Faber, estaba na data da misiva, 24 de xaneiro de 1864, no cumio da súa fortuna literaria en España. E desde esa elevada perspectiva quere dar consolo a Rosalía, destinataria da misiva, advertíndoa contra do “indeferentismo literario de nuestra época”. Probablemente sexa esta afirmación de Fernán Caballero a que xustifique en gran parte o escrito de Segade, amigo do matrimonio Rosalía-Murguía. En efecto este fai transcribir, ofendido, a carta da escritora costumista porque a considera como un aval de calidade artística fronte dos silencios dos escritores galegos. Son inequívocas as palabras finais da nota de Segade: “¡Válgale esto de compensación al abandono en que la tienen sus paisanos. (Sermos Galiza, número 60, 15 agosto 2013) Tamén aparecería con

este libro unha fotografía de Rosalía descoñecida até o momento.

No número 44 de Sermos Galiza Francisco Rodríguez dá conta da descuberta dun poema: “É un poema composto de once orixinais liras sextinas, destinado a servir de recibimento e salutación ao dirixente progresista Olózaga, que ía visitar a cidade de Santiago, após ter estado na Coruña. Amigo de Murguía e excelente orador parlamentario, seguramente foi escoitado por Rosalía nalgunha sesión do Congreso ou nalgún acto público, como se desprende do texto”

Finalmente, cabe destacar que houbo catro edicións de *Cantares gallegos*: El Patito Editorial, de Santiago, ofreceu o vol. II da súa Rosalía ilustrada; Xerais presenta como primeira entrega dun proxecto de edición da obra completa de Rosalía un volume de Cantares realizado, notas e longos comentarios, por Anxo Angueira; Edicións do Cerne fai unha edición facsimilar cuns breves apontamentos sobre as edicións publicadas a cargo de Charo Crespo; por último, a Xunta, o Parlamento e o Consello da Cultura son responsábeis dunha nova edición facsímile (había xa varias outras) dos *Cantares* de 1863.

**PRESENZA NAS TIC.** Mais tamén as Tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) e as novas formas de lectura teñen atraído a atención da obra rosaliana. Neste sentido, cabe salienta a iniciativa da Asociación Socio-Pedagóxica Galega de abrir un portal, xa en 2010, sob o título *Daquelas que cantan* (<http://bitaculas.as-pg.com/literaria/>) onde, semana a semana, se foron publicando todos os poemas de *Follas Novas* e *Cantares Gallegos*. A AS-PG abriu esa bitácula coa intención de publicar textos literarios galegos para poderen ser lidos directamente sobre o computador e ao mesmo tempo que os lectores e lectoras poidan aportar os seus comentarios a través da bitácula, chegando deste xeito a unha “crítica literaria” colectiva e non pautada por moldes académicos.

O interese da AS-PG por Rosalía levou a entidade a crear “cazas do te-



Pasado 2013, ese furor  
rosaliano de quen se  
converteu a Rosalía por  
mor de unha efeméride,  
baixa a garda e decae

souro" e outras actividades destinadas ao uso escolar e mesmo a incluír no Trivial.gz, un xogo de trivial en liña con máis de oito mil usuarios e usuarias rexistradas, un tema sobre Rosalía con varios centos de preguntas.

Tamén cabe destacar a publicación de textos de Rosalía en formatos específicos para dispositivos de lectura electrónica. O *Conto Gallego*, *Cantares Gallegos* e *Follas novas* xa dispoñen de versión electrónica, neste caso por iniciativa de Sermos Galiza que os disponibiliza na súa loxa a 0,90 euros. Esta empresa anuncia a vontade de pór no mercado toda a obra de Rosalía para estes novos formatos.

**PRENSA ESCRITA.** Desde o mes de xullo de 2013 e até o mes de decembro o semanario Sermos Galiza publicou unha páxina completa, nun total de 22 números, patrocinada pola sociedade cultural Medulio de Ferrol e a Deputación da Coruña na que diversos autores e autoras analizaron a vixencia de Cantares en diferentes ámbitos, desde o académico ao máis persoal, pasando polas recreacións musicais, pola revisión crítica da obra rosaliana, etc. Constitúen unha interesante serie que se viu completada coa edición dun A Fondo do propio semanario publicado co derradeiro número de 2013.

**CINEMA E RADIO.** O cinema é unha forma ideal para a divulgación literaria, desde o ano 2010 a AS-PG organiza e xestiona o certame de curtometraxes *Curtas para Rosalía* que este

ano 2013 alcanza a cuarta edición. O certame, que nun principio atendía unicamente obras de Rosalía, está hoxe aberto á participación con calquera temática da literatura galega.

Por outro lado, o Diario Cultural da radio galega, promove sob o título *De cantares hoxe* unha reelaboración de textos rosalianos. Perto de 40 poetas recrean os poemas do libro de Rosalía nun diálogo coas poéticas do século XXI.

**ROSALÍA, LETRISTA DO ANO.** Na edición dixital de Sermos Galiza, cuxo texto tomamos case na súa totalidade, escribía Carme Vidal que se algunha conclusión se pode tirar do 2013 é que Rosalía se consolida como a maior letrista para a nosa música. Uxía, Tempo Catro, Najla Shami, Naid, Xosé e Xiana Lastra con María Manuela e Mini e Mero, Narf, Joaquín Pixán con Alejandro Zabala e A Cada Canto, entre outras propostas, puxeron música aos seus poemas.

Naid con "Rapoemas" ou Abe Rábade, Anxo Angueira e Guadi Galego con "Rosalía XXI" adiantaron o que sería o grande ano de Rosalía como letrista, na estela de Amancio Prada, Los Tamara ou Luz Casal, todas elas voces para a grande poeta que vería como o 2013 coa conmemoración dos 150 anos da publicación de "Cantares Gallegos" se convertería tamén nunha explosión de publicacións nas que os seus poemas pasarían a ser cancións nos máis diversos ritmos, en ampla variedade de estilos.

Os corredores do IES Chan do Monte (Forcarei) con ilustracións sobre poemas de Rosalía feitas polos nenos para conmemorar o 150 aniversario de Cantares



María Pilar García Negro guiando un percorrido pola Casa da Matanza, en Padrón

#### A CADA CANTO: "ROSA D'ADINA".

A proposta de A Cada Canto pecha o ano de Rosalía con "Rosa d'Adina" (Músicas de Salitre), seis poemas trasladados á voz de Guadi Galego e Xabier Díaz coa guitarra de Guillermo Fernández e o acordeón de Xosé Lois Romero, unha formación que por segunda vez asinaría un disco, logo de se apresentar cunha proposta que nacía polo encontro dos catro músicos sen, en principio, aventurar continuidade. "Dende a Limia", "Tecín", "Este meu camiño", "Levoume o río", "Onde pousei a infancia" e "Aló" son os seis poemas que A Cada Canto recolle no seu disco.

#### NARF: "NAS TARDES ESCURAS".

Unha proposta nova e unha Rosalía distinta á que até agora temos sentido é a que nos achega Narf, nome musical de Fran Pérez, no libro-CD "Nas tardes escuras" (El Patito Editorial). Cunha traxectoria claramente afincada no mundo do rock e un encontro nos últimos tempos coa música de raíz de ori-

xe africana, Narf toma todo o seu fardel para elaborar unha lectura persoal e única de Rosalía, potente, vibrante, coa filosofía do rock que fai esquecer calquera posibilidade de tirarlle a enerxía e a forza dos seus versos.


Narf abraza Rosalía con voz e guitarra en doce temas, maiormente tirados de Follas Novas, versos directos, coa forza da autora á que lle imprime a solidez da súa guitarra. En "Nas tardes escuras" nada lembra á Rosalía xa cantada. Todo é novo, distinto, desgarrador como o rock de esencia por veces, abeirando o pop noutras. Nalgún dos temas, Narf quixo que o poema se impuxese de maneira especial sobre a súa guitarra e deixouno ir case só, coma se un recitado se tratar.

#### TEMPO CATRO: "ROSALÍA DE CASTRO, OS OLLOS QUE FALAN".

Publicado pola AS-PG, o CD, "Rosalía de Castro. Os ollos que falan" preséntanos a Rosalía máis viva e combativa, en clave de folk, música clásica, jazz ou tango, unha variedade de rexistros que ofrecen unha maneira distinta de cantar a poeta. A voz de Begoña Lorenzo xunto coa música de Andrés Pazos, Suso Iglesias -autores da música-, Javier Cedrón, Antonio Romero e Pablo Salgueiro de Tempo Catro, dánlle a nova sonoridade aos versos da poeta en once cancións que teñen como base outros tantos poemas de "Cantares Gallegos", no 150 aniversario da súa publicación. Cabe salientar que este traballo é o único centrado exclusivamente en Cantares Gallegos, chegando a musicar un 30 % do libro.

#### NAJLA SHAMI: "NA LINGUA QUE EU FALO".

O novo traballo de Najla Shami recolle poemas de Rosalía musicados pola propia autora ademais de pezas propias nas que se achega ao universo rosaliano. Najla Shami é compositora e cantora de orixe palestina e nacida en Santiago. Jazz, funk, blues, música de orixe árabe, brasileira ou galega mestúrase na súa traxectoria e marcan a liña coa que autora, cun canto intimista, se achega agora a Rosalía.



### UXÍA: “ROSALÍA PEQUENIÑA”

Rosalía pequeniña sería hoxe, como daquela, unha nena guerreira, gustaríalle o rock tocado con gaita e vestiría de punki”. Así presenta á autora de “Cantares Gallegos” a escritora Begoña Camaño no limiar que abre o disco-libro no que Uxía ofrece novos ritmos para que as crianzas canten á poeta. Recolle os seus poemas nun amplo abano de ritmos, desde a muiñeira ao rock.

Uxía contou para este traballo coas voces de Sés, Guadi Galego, a Señora Carme ou Aline Franzão. “Como chove miudiño”, “Has de cantar” “Paseniño”, “Miña santiña, miña santasa”, “Alborada” ou “Maio longo” son algúns dos poemas musicados nun disco que inclúe tamén unha recreación do poema de Curros dedicado a Rosalía.

### XIANA E XOSÉ LATRA «A MIÑA PRIMEIRA ROSALÍA».

“A miña primeira Rosalía” (Xerais) xunta un amplo grupo de artistas que van desde María Manuela -que tamén ilustra o libro CD- a Mini e Mero, Rodrigo Romaní ou Nani García, coordinados por Xosé e Xiana Lastra. O traballo xunta biografía, antoloxía e doce poemas musicados e cantados, entre eles, “O forno está sin pan”, “Vente, rapasa”, “Tecín soia”, “Negra sombra”, “A xustiza pola man” ou “Máis o que ben quiexo un día”.

### JOAQUÍN PIXÁN E ALEJANDRO ZABALA “CANTARES GALLEGOS”.

Editado por Andante Producciones xunto coa Consellaría de Cultura, en “Cantares gallegos. Músicas para o

150.º aniversario da súa publicación” o tenor Joaquín Pixán e o pianista Alejandro Zabala recollen poemas de Rosalía musicados por compositores como García Abril, Gaos e Octavio Vázquez. Canda eles, Joaquín Rodrigo, Jesús García, Jesús Legido, Juan Durán ou Tomás Marco asinan músicas para os poemas de Rosalía que Joaquín Pixán interpreta coa súa voz.

Finalizamos este percorrido. Queremos facelo cunha cita de Aurora López e Andrés Pociña tirada dun texto co que estes autores fechaban a serie de colaboracións que, de xullo a decembro, se publicaron en *Sermos Galiza*, auspiciadas pola Sociedade Cultural Medulio de Ferrol: “Nestes 150 anos o estudo de Rosalía acadou cumes importantes: imos resumilos (só algún exemplo: ninguén se sinta relegado) en toda unha vida de investigación, a de Ricardo Carvalho Calero; nun libro exemplar, *Análise sociolóxica da obra de Rosalía de Castro* (1988; 1911) de Francisco Rodríguez; unha Bibliografía crítica como poucos escritores ou escritoras do mundo enteiro teñen (1990-1993). Emporiso, como se atopa hoxe a intención obviamente revolucionaria de Rosalía contida no libro *Cantares gallegos*? É por fin o galego a lingua desta terra, como quería a poeta? Cúmprese, dentro e fóra, a visión desta terra como demanda Rosalía nas últimas palabras do prólogo do libro que celebramos? Cómpre ler outra volta *Cantares gallegos*, outra máis, a ver se dunha vez por todas se entende esta excepcional reivindicación dunha lingua e dunha nación” ■




# Recordar ao Alonso Ríos

**Crónica dunha superación da  
desmemoria inducida**

XULIO CARBALLO ARCEO

Doutor en Historia pola Universidade de  
Santiago. Arqueólogo



Recollemos a testemuña que o bisobriño de Alonso Ríos, Xulio Carballo Arceo, que deixou dito na homenaxe tardía –en 2008– que o seu povo natal lle fixo, promovida pola Asociación Cultural *Adellís* e a *Comisión pola Memoria Senhor Afranio*. É un exemplo da experiencia vital de descuberta do propio que todos os galegos teñen que experimentar para ter novas de si mesmos. A familia que o acolleu en Lisboa, ao saber de que Alonso Ríos era lembrado, enviou libros e fotos que conservaban del para a organización que se acordaban del. Reproducimos aquí tamén ese material inédito que nos pon imaxe -mesmo máis persoal- a quen fora presidente daquel Estado Galego proclamado en xuño de 1931 e o Presidente do Consello de Galiza logo da morte de Castelao.



Fotos inéditas de Alonso Ríos enviadas á familia portuguesa que o acolleu en Portugal e que dan conta da dimensión familiar e persoal do político nacionalista.

Na imaxe das páxinas anteriores vémosto con dirixentes nacionalistas entre os que subliñamos a Castelao e Prada e nesta, de 28 de outubro de 1939, está coa súa familia coa que se reúne en Bos Aires logo de andar acochado varios anos baixo a personaxe de Señor Afranio até que o Comandante Santos, Enrique Blanco e Mario Neves lle axudan a embarcar en Lisboa

Boa tarde,

Son Xulio Carballo Arceo, silledense de orixe, sobriño neto de Antón Alonso Ríos, e veño a este acto representando a súa familia, tanto á que vive en Galiza, como a outra, a máis directa (fillos e netos), que está en Sudamérica, consecuencia do exilio que tiveron que vivir Antón e a súa muller. Hai catro días, recibín a chamada dunha neta de Alonso Ríos, Graciela, desde Lima, lamentándose un pouco de non ter sabido con maior antelación a data do acto, porque quizais tería programado de novo unha viaxe ao país do seu avó, ao país que el tanto amaba. De calquera xeito, encomendoume, de parte da súa nai (Oliva ou Buca, de 93 anos) e, por suposto, da súa, que díxese que se sentían moi agradecidas por este acto de homenaxe póstuma.

Grazas ás consellarías de Cultura e de Medio Rural polo apoio e á conselleira, Anxela Bugallo, e a Gonzalo Constenla, delegado provincial, por

sacar tempo do tempo para asistir a este acto, ás amigas Sandra González, alcaldesa de Tomiño, e Paula Fernández, alcaldesa de Silleda, pola súa presenza, á Comisión pola Memoria Señor Afranio e á Asociación cultural Adellis de Silleda, pola organización desta homenaxe. Grazas en nome de toda a familia e, sobre todo, das súas fillas vivas, Oliva e Celta Alonso, e dos seus netos Graciela, Patricia, Diego, Edith, Diana, Hugo e Griselda, desde a outra banda do Atlántico, desde a Arxentina e Perú, desde o lugar onde habita unha boa parte da nosa memoria máis recente como povo.

Non coñecín en persoa o meu tío avó, pero si souben directamente da súa vitalidade, da súa formación, do seu amor á Terra, a través da intensa correspondencia que mantivemos durante dous anos (de 1976 a 1978). Por iso, vou falar esencialmente da súa derradeira etapa de vida.

Souben de Antón Alonso Ríos a través da miña nai. De neno, eu escoi-





Imaxe do acto de homenaxe na adro da igrexa da súa parroquia, coa actuación musical de Roberto Sobrado. Embaixo coa súa familia en 1939 logo de fuxir da morte certa na terra, enriba foto de 1946

táballes moitas veces falar do seu tío Antonio, como ela lle chamaba, cunha grande admiración e respecto, e da súa curmá Buca. Un pouco despois, de mozo, as palabras de miña nai tiñan un significado novo; contaba da súa amizade con Suárez Picallo, do respecto que sentían por el adversarios políticos, como Calvo Sotelo. Non obstante, advertíame “Non te metas en política, mira o que lle pasou ao tío Antonio e a meu pai. Segundo Arceo, concelleiro republicano en Silleda, preso político na illa de San Simón”; temores que non eran de estrañar, non en van quedaran gravadas no seu cerebro as ameazas que os falanxistas silledenses lle fixeran a ela e as súas irmás de raparlle o pelo.

Nos anos setenta, Vitoria Armes-to publicara en *La Voz de Galicia* unha biografía de Antón Alonso Ríos e fala-ra do seu *alter ego*, o Señor Afranio. Miña nai gardaba celosamente os recortes de prensa do xornal. Eu línos uns anos despois.



Xulio Carballo Arceo, autor do artigo e bisobriño de Antón Alonso Ríos no acto de homenaxe diante da súa casa familiar de Cortegada, Silleda. Embaixo, Antón Alonso Ríos bailando coa súa neta, no seu décimo quinto aniversario, o 18 de maio de 1962



Era xullo de 1976, había oito meses que morrera Franco, e eu escribía a miña primeira carta a Antón, a Bos Aires, a unha persoa que eu tiña moitas gañas de coñecer. "Son neto da túa irmá, Elisa, e fillo de Esther, a túa sobriña", así me presentaba eu máis ou menos. Foi dunha grata sorpresa para el a recepción da miña carta; tanto que algo despois dicíame que a miña carta fora lida no Instituto Argentino de Cultura Gallega do Centro Gallego de Buenos Aires: "O anoto que produxo nistas xentes ardidadas de amore á Terra, foi fondo...", dicía.

A súa novela curta *Amore, arte e misticismo* ten nunha parte como escenario a capela de Camporrapado, onde nos reunimos, e a parroquia natal de Cortegada. Antón Loureiro, un personaxe idealizado desa novela, é o "cura Antón Ramos, un verdadeiro santo, nado e morto en Camporrapado. Cando eu era neno púñame a man na cabeza e dicíame "Antonciño, ti e eu somos tocaios". Estivera 26 anos de cura nunha parroquia e, cando se retirou, foi porta por porta devolvendo canto tiña cobrado por lexítimos dereitos. Morreu con merecida sonda de santo. Eu estiven a velo de corpo presente na capela de Camporrapado. Alí formouse unha lenda na que unha bolboreta fora vista pousárase nos pés, nas mans e na fronte do morto, que era a súa alma... O Paio de Quintá era un auténtico artista, o que fixo a purísima de Cortegada...". Un agnóstico como Alonso Ríos fai neste relato unha crítica ao falso cristianismo.



Na correspondencia que mantivemos queda de manifesto o seu ideario nacionalista, humanista e un idealismo e espiritualismo que non abandonou até a morte

Na correspondencia que mantivemos queda de manifesto o seu ideario nacionalista, humanista e un idealismo e espiritualismo que non abandonou até a morte. Coido que era un home sumamente honesto, cos demais e con el mesmo.

Coñeceu a través miña as revistas *Teima*, *Ceibe* e outras, o manifesto da AN-PG, a revista *Xuventude de Silleda*. Mandaba saúdos para Manuel María e Saleta, para o seu amigo Daniel Mallo de Silleda, para a familia...

As súas cartas translucían sempre unha tremenda vitalidade. Tiña 90 anos e estaba pensando en regresar a Galiza para reiniciar a loita como agrarista: "mentres non busco acomodo en algun sitio, terei de pasare algúns días, xa en Silleda, xa en Vilagarcía, con Matilde. polo menos como centro onde recibire correspondencia. Ademais gustaríame dar comezo, eí mesmo –refírese a Silleda– a organización agraria pra dempois espallala por toda Galiza",

afirmaba. Por esas datas o concello de Tomiño intentara traelo ao Baixo Miño. Pero, uns meses despois debeu sufrir un importante baixón anímico, porque me escribía: "estou retirado de toda laboura socio-política. Pola idade e a saúde non concurro nin ó Centro Gallego nin a outra clase de xuntanzas. Son alleo a todo", remataba.

Finou dous anos despois, en 1980. A prensa diaria recolleu a súa morte en breves noticias. *A Nosa Terra* publicou un artigo da miña autoría. Pero, naquel momento, a súa morte, a do que puido ser considerado simbolicamente o equivalente ao presidente do goberno galego no exilio, non cobrou a dimensión debida. Con este acto e con outros moitos que o precederon nestes últimos anos, estase a facer xustiza histórica con Antón Alonso Ríos. Por iso, grazas.

*Capela de Camporrapado, 13 de setembro de 2008* ■

Intervención no acto de Matías Rodríguez da Torre, presidente da Asociación Cultural "Adellis" e membro da Comisión Señor Afranio organizadora da Homenaxe nacional a Antón Alonso Ríos na súa Terra



Grupo Brais Pinto, Madrid, España, 1958. Diante da casa na que viviron Rosalía de Castro e Manuel Murguía. De pé, desde a esquerda, Ben-Cho-Shey, Fernández Ferreiro, Otero Pedraio, Bernardino Graña, Antón Arias, un directivo do Centro galego e Fernández Souto. Abaixados desde a esquerda, Bautista Álvarez, Méndez Ferrín e Reimundo Patiño

# Aqueles meses do Consello da Mocidade

## A medio século da reorganización do nacionalismo galego no interior do país



XOSÉ RAMÓN ERMIDA MEILÁN

Licenciado en Dereito pola USC e colaborador habitual da prensa escrita e dixital. É autor de varios traballos de investigación histórica sobre o nacionalismo e os movementos sociais e políticos na Galiza do século XX

A achega ao proceso político que desembocou na constitución do Consello da Mocidade, hai agora xusto 50 anos, require necesariamente facer un repaso breve polo que foi a evolución do nacionalismo nas dúas décadas e media posteriores ao Alzamento fascista e ao xenocidio que viviu o noso povo nos anos que suceden ao 1936.



Salvador García Bodaño co cóbado apoiado no banco, Xosé Luís Rodríguez Pardo, Xulio Maside e Óscar Refoxo, xunto a outros membros do sector socialdemócrata do grupo ligado a Ramón Piñeiro, na Alameda de Compostela, durante as festas da Ascensión de 1966.

Ná páxina anterior Xosé Calviño Ozores, antigo militante do PSOE exiliado en Francia e correo de Piñeiro coa ASO, xunto a Cesáreo Saco e Ben-Cho-Shey, no Castelo de Monforte, agosto de 1966

O choque que se deu entre as dúas grandes tendencias nas que se agruparon os restos do que foi o nacionalismo antes de 1936 á altura de 1963 e 1964 ten os seus antecedentes, primeiramente, na disputa entre Castelao e o círculo do interior máis próximo a Ramón Piñeiro e, nun segundo lugar, xa morto Castelao, no debate aberto entre aqueles nacionalistas que se agrupan arredor da disciplina do Consello de Galiza e do que fora o programa do nacionalismo desde a Asemblea de Lugo en 1918 e aqueles que apostaban pola proposta programática de Ramón Piñeiro, expresada con toda clareza naquilo que debemos denominar as teses da Asemblea da Rosaleda de 1958. Co fin de non simplificar os termos do debate e acoutalo, debemos comezar por esclarecer que é máis que dubidoso que a postura de Ramón Piñeiro fose maioritaria no interior, fronte á de Castelao, na vida do de Rianxo. Porén, as razóns da clandestinidade permitiron ao círculo do de Lán cara e

posteriormente a Penzol establecer un cordón sanitario que evitaba calquera contacto con Castelao até o punto, como lamenta Ben-Cho-Shey nos seus diarios, de que os nacionalistas do interior descoñecían como ligar con el. O illamento de Castelao en relación co interior non evitou que, no propio Partido Galeguista en Galiza, non se orixinasen conflitos de importancia, como se observa na progresiva desvinculación dalgúns dos dirixentes saídos da asemblea de Coruxo, como Vicente Bóveda, o menor dos Álvarez Gallego ou Bieito Fernández e, mesmamente, anos máis tarde, do propio grupo fundacional de Galaxia, como Tucho Beiras ou Rufo Pérez. Porén, os anos que seguen a morte de Daniel Castelao, se ben son de máis sosego nas formas, dan cun conflito que atopa máis corpo no fondo, xa que o grupo ligado a Ramón Piñeiro e García Sabell propón, xa sen ningún tipo de complexo, unha proposta que nada ten a ver co que era propio ao nacionalismo. Primeiro, por

medio de Ramón Lufrís e, xa a medida que avanza a década dos 50, polo propio Piñeiro, proposta, iso si, que foi contestada tanto no interior, por persoas como Otero Pedraio, como no exterior por persoas da xeración anterior a 1936, mais tamén, e de xeito moi claro, polo grupo vinculado ás Mocidades Galeguistas de que facía parte como dirixente cualificado Antón Moreda.

A súa foi unha vida breve, mais intensa. Un parto pola vella, como alguén ten afirmado, que sobrepasa a ficción literaria. O Consello da Mocidade non foi Tagen Ata, alén da utilización oportunista que se quixo facer del. Unha historia impugnada polos que se afirman a diario como pais, mais que ten a súa orixe no proceso político que vive o nacionalismo desde os anos corenta e que se acelera após a morte de Castelao. Non estaba a debate onde se situaba o papel reitor sobre a dirección do nacionalismo porque, daquela, tampouco o problema era o 'control'. Discutían de política, proxectos encontrados, diverxencias, como hoxe. Nada que non nos sexa coñecido, próxima: en fin, unha sinfonía que nos soa. Mais era, como hoxe, o lexítimo confronto de ideas, poñámoslle cara, isto é o choque entre uns mozos e mozas que querían continuar co legado do Partido Galeguista, hipotecado polos dirixentes de Galaxia e preservado polas xentes do Consello de Galiza. Na contra, enfronte, razóns, sempre argumentos, aínda que non nos gustasen, isto é europeísmo, federalismo; o nacionalismo era reaccionario e acción cultural como única alternativa posíbel de axir. Aquí remata o limiar, o que realmente interesa, aquí empezan os días e os feitos do Consello da Mocidade.

A orixe do Consello da Mocidade temos que buscala na progresiva contestación á inhibición imposta polo piñeirismo á práctica política no campo do nacionalismo por parte dos sectores mozos, de xeito moi particular por parte daqueles que non pasaron polo confesionario de Xelmírez 15, os primeiros contactos sen a peneira de Piñeiro dos mozos e das mozas nacionalistas



exiliados (Soto, Velo, Seoane...) e o papel de coordinación de Antón Moreda, facilitado polo seu traballo como comercial de Galaxia. No proceso de decantación desta mocidade cara ás posicións críticas coa postura mantida polo Grupo da Rosaleda, son diversos os factores que operan. Mais, alén do coñecemento directo do pensamento de Castelao, no que desempeña un papel moi destacado o *Sempre en Galiza*, en que o de Rianxo deixa conformida-

Exemplar do número 5 do *Terra e Tempo* onde se reproduce o manifesto "Pola Unión do Pobo Galego" elaborado en 1963 por Xosé Antonio Arxona, Reimundo Patiño e Bautista Álvarez



Na foto, de esquerda a dereita, Luís Cochón do PCE, Docanto Fanega do DRIL, Antón Moreda Secretario Xeral do Consello da Mocidade e Luís Gonçalves, en Compostela, outono de 1963. Cartel artesanal da campaña “Un peso para o teatro galego” (1964)

de do corpo doutrinal do nacionalismo, hai que destacar as relacións que, de xeito directo, esta nova xeración mantivo cos núcleos exiliados. Se ben nos diversos traballos que se fixeron ao respecto hai a tendencia a destacar a influencia do Grupo de México, nucleado, á altura, arredor da revista *Vieiros*, e de xeito moi particular, de Luís Soto, fundamentalmente polas súas continuas viaxes á terra, nun momento inicial, cando menos, non será menor a que se exerce desde Bos Aires, concretamente por medio da figura de Luís Seoane. Na liña do que estamos a falar, reviste unha importancia decisiva aquela primeira reunión con Luís Seoane no reservado do madrileño bar Os Mariscos en 1959, coincidindo coa súa primeira visita ao Estado español, con pasaporte do Estado de Israel, en que o grande creador galego deixa claro, a peito descuberto, os elementos da discrepancia con Piñeiro, achega a súa visión de como actuar politicamente na Galiza e anuncia a decisión da Irmandade Galega de enviar unha persoa ao interior para colaborar na tarefa; esta persoa foi Antón Moreda que retornou da emigración en 1960.

Co risco de alongarnos en exceso, unha mención á parte merece o mariño Antón Moreda, dirixente da Irmandade Galega e das Mocidades Galeguistas durante a súa etapa como emigrante en Bos Aires, home formado politicamente en Bos Aires baixo o maxisterio da vella afiliación da Sociedade Pondal, imaxe gráfica da conexión do organismo dos mozos co

exilio, secretario xeral do Consello da Mocidade, labor que se veu facilitado polo seu traballo como comercial de Galaxia e que pasou máis da metade da súa vida no psiquiátrico de Castro de Rei onde morreu en febreiro de 2010. Fillo e neto de emigrantes, focego polo pai, e barreirense pola nai, Antón Moreda Rodríguez naceu en San Miguel de Reinante en 1934, e con 16 anos cumpridos emigrou a Bos Aires, neste caso en avión, onde o agardaba un tío da nai. Alí, a máis de continuar os estudos, sería gañado para a causa nacionalista polo vello militante das Irmandades da Fala e asinante do Manifesto de Lugo, Lois Ares, naquel momento bibliotecario do Centro Galego, e participou xa en 1953, ao pé de Carlos e Tito Abraira, Denis Conles, Xerminal Filgueira, Antón Santamarina ou Neira Vilas, na fundación das Mocidades Galeguistas. As Mocidades Galeguistas, co seu grupo de teatro, as súas accións na capital porteña ou o seu voceiro *Adiante* significaban máis outra vez nacionalismo de lei, a restitución do noso corpo doutrinal adulterado ou en almoeda nas mans de Piñeiro e tamén o esforzo dos grandes homes de emigración e do exilio por garantiren a continuidade do proxecto. O de San Miguel de Reinante desempeñou un papel destacado no I Congreso Galego da Emigración celebrado en 1956, onde traba particular amizade con Pepe Velo, Suárez Picallo e Álvarez Gallego. Porén, en 1960 retorna á terra, desta vez en barco por Vigo, onde



é recibido polo seu parente, tamén un vello nacionalista crítico con Piñeiro, Claudio Pérez Prieto. Após cumprir co servizo militar en África, entra a traballar como comercial en Galaxia, emprego que utiliza para o seu traballo clandestino até a liquidación do Consello. A medio camiño entre Barcelona, Madrid e A Mariña, pasa o período que transcorre entre 1964 e 1966, ano este en que, vía certificado asinado por García Sabell, é declarado incapacitado e internado no Hospital Psiquiátrico de Castro na Terra Chá Luguesa. Alí morreu e hoxe acólleo a terra do cemiterio de San Miguel de Reinante, no panteón que é –e foi– de dona Amadora, aquela boa avoa que emigrou para parir emigrantes.

Á altura de novembro de 1963, Bautista Álvarez, Xosé Antonio Arxona e Raimundo Patiño fan público un manifesto, coa publicidade que podía ter un documento destas características no marco dunha ditadura, titulado *Pola Unión do Pobo Galego*, que foi coñecido coloquialmente nos círculos de oposición ao réxime como *O Queique*, por chegar a Galiza no Nadal dese ano. O chamamento destes tres mozos residentes en Madrid, que curiosamente non pasaran pola oficina de galeguismo de Xelmírez 15, á opinión galega, isto é unha minoría na escuridade do franquismo, en que se chamaba a articular unha organización política que respondese aos núcleos centrais do pensamento que era propio ao nacionalismo e as posicións que viñan defendendo na altura os movementos de liberación nacional dos países en camiño de descolonización. A chamada deste grupo de Madrid tería resposta inmediata na terra, tanto naqueles que partillaban a súa proposta, isto é reorganizar un Partido Galeguista á altura dun mundo galego ao que xa chegara Fannon, Lubumba, Ben Bella ou Fidel, como naqueles outros que, sen coincidiren coas súas formulacións de pór en pé unha alternativa política en clave nacionalista e antiimperialista –ben por recomendación do grupo reitor nucleado arredor de Piñeiro, ben por



convencemento– entendían necesario aglutinar toda canta mocidade defendese unha opción galeguizadora e que fixese aboiar o problema galego. Así as cousas, esta primixenia Unión do Povo Galego madrileña díxose e, xunto con outros mozos e mozas agrupados fundamentalmente arredor das asociacións culturais que comezaran a agromar e seguían a expandirse, dan orixe ao Consello da Mocidade que, a pesar das reticencias

Peregrinación da Mocidade Galega Universitaria Católica a Compostela, organización fundada en 1961 e dirixida por Xosé Luís Fontela e Xulio Castillo, que agrupaba á xuventude de orientación democracristiá que participaba no Consello da Mocidade. Na Praza do Obradoiro de Compostela en 1965. Tirada do libro "Inmunda Escoria"



Portada do primeiro número do "Adiante", voceiro do PSG, editado en Perpignan coa axuda da ASO

das xentes de obediencia piñeirista, na vontade e na orientación viña a ser a sección no País do Consello de Galiza. Non podemos senón destacar a importancia deste manifesto, recollido na súa totalidade no número 5 do *Terra e Tempo* editado en 1966, xa que desempeña o papel de detonante do proceso de conformación do Consello da Mocidade, documento cuxa lectura merece a pena e onde a influencia da Arxona está moita máis presente que a dos outros coautores. Xosé Antonio Arxona de Santiago, sen dúbida unha das persoas de maior formación teórica daquel grupo que se enfrontou a Piñeiro, é autor dunha importante, aínda que escasa, obra sobre o noso feito nacional no primeiro quinquenio da década dos sesenta, publicada fundamentalmente en *La Noche*, *Grial* ou *Terra e Tempo*, co pseudónimo de 'Zutra', data en que abandona a militancia nacionalista camiño do PC(ML). A lectura dos seus traballos infórmanos de que no seu pouso doutrinal pesa-

ba máis o marxismo que o nacionalismo, o que explica a súa evolución posterior, se ben son de destaque a súa crítica ao libro de Ramón Lugo *O pensamento político de Vicente Risco* que define como "un libro feito por un nazi sobre outro nazi" ou a súa *Apoloxía do Terceiro Mundo* onde afirma que: "O Terceiro Mundo non é un lugar é un proxecto, onde nas batallas aparentemente interminábeis contra o colonialismo, os povos de África, Asia, América Latina e Europa soñamos cun mundo novo. Afirmo Fanon co Terceiro Mundo está agora fronte á Europa, pero esquece que hai unha Europa negra da que Galiza forma parte, unha Europa negra que demanda dignidade por riba de calquera cousa"

O Consello da Mocidade liderado por Moreda vai agrupar nuns poucos meses máis de setenta mozos de todo o País arredor dun proxecto que formulaba a recuperación do programa do Partido Galeguista nun ambiente non exento de tensións polo peso cualitativo e cuantitativo que nel exercían os piñeiristas. Foi, nin máis nin menos, o que podía ser unha organización clandestina naquela Galiza que se achegaba aos 25 anos de paz, isto é contaba cunha estrutura de carácter nacional. Se ben o elemento universitario era o maioritario, abonda dicir que viña a ser unha organización de cadros con presenza na totalidade das cidades galegas, nas principais vilas e na capital da metrópole e a preparación política dos seus membros diverxía pola experiencia e a procedencia. Ora ben, este Consello, o homólogo a aqueloutro que o nacionalismo articulara no exilio, resulta dun proceso de debate e decantación entre certos sectores da xuventude, como consecuencia do coñecemento do pensamento de Castelao e dos procesos que se estaban a vivir no Terceiro Mundo, fenómenos uns e outros que o Grupo da Rosaleda tiña secuestrados e agochados. Porén, o realmente central é que o Consello ten moito de concesión por parte do grupo de Piñeiro; pénsese que o de Lánacara choca frontalmente coas formulacións deste, e así aproveitou a primeira oca-



sión favorábel para iniciar a súa desfeita. Xa que logo, o Consello da Mocidade ten moito de saída de compromiso que se explica pola debilidade da propia posición de Piñeiro após a batalla/assemblea de Rosaleda que rachou todas as relacións con América e particularmente o apoio económico que o exilio prestaba a Galaxia e as diverxencias dentro do grupo que se lle mantivera fiel e do que Tucho Beiras e Rufo Pérez só eran a punta do iceberg, posto que a posición destes no tema nacional era partillado, entre outros, por Otero Pedraio, Ben-Cho-Shey ou os Álvarez Blázquez. Aclarémonos: o de Lánacara quería gañar tempo para dar en mellor posicións a batalla e así acepta Moreda. Moreda, a aquela altura, non era un descoñecido, como comercial de Galaxia imposto polos de América a cambio de que volvera a correr a billa do diñeiro arxentino, cuestión pactada por Seoane e García Sabell, e asume a posta en marcha deste organismo co fin de evidenciar diante do sector do interior que se mantiña fiel ao proxecto clásico do nacionalismo, que o debate non se situaba en termos nacionalismo/non nacionalismo, senón comunismo/anticomunismo. Tanto é así, que, en agosto de 1963, nun proceso que case coincide no tempo coa elaboración do manifesto *Pola Unión do Pobo Galego*, se constitúe no despacho de Sebastián Marínez-Risco na Coruña o PSG, nun acto en que toman parte, a máis de Ramón Piñeiro e Paco del Riego, García-Bodaño, Mario Orxales, Salvador Rei, Cesáreo Saco, Manolo Caamaño e

Rodríguez Pardo. A nova organización que se define como federalista ("somos federalistas porque non somos reaccionarios") e nega o seu carácter nacionalista vai tomar novos pulos unha vez esgazado o Consello.

A constitución do Partido Socialista Galego, a pesar das referencias que, na súas memorias fan diversas persoas, de xeito moi particular Ramón Piñeiro e Xosé Manuel Beiras, non deixa de ser un feito contradictorio, que segue a moverse no campo das sombras e que non se libra do marco de relacións e no campo de xogo político en que opera o de Lánacara. Alguén tan pouco sospeitoso como Xavier Alvajar, delegado do Consello de Galiza en Francia, fillo de César Alvajar e da nacionalista Amparo López Jean deixa constancia destes feitos nun informe que remite á central do Consello en Bos Aires. Afirmar Alvajar neste informe elaborado o 27 de decembro de 1967 e dirixido a don Manuel Martínez Lamela, daquela coordinador xeral do Consello de Galiza, que: "o señor Piñeiro en unión de Calviño Ozores e dous ou tres amigos máis, formaron relativamente hai pouco tempo o Partido Socialista Galego, rachando todos os lazos que tiñan co PSOE. O propio Calviño, segundo me informou o Sr. Llopis, foi expulsado do partido con motivo da fundación do PSG e da aparición do primeiro número do xornal *Adiante*, que xa remitín no seu momento. Este pequeno grupo de socialistas galegos están intimamente ligados a Alianza Sindical Obreira, que dirixe Pallac e que conta coa axuda



Xantar no transcurso do Congreso galego da emigración, Argentina. Vemos en primeiro plano, na esquerda, a Xosé Neira Vilas, e á dereita, fumando, a Xosé Velo.

Ramón Piñeiro e Ramón Lugiés, un dos máis importantes teóricos do piñeirismo, Ourense, verán de 1961



Suárez Picallo toma a palabra no I Congreso Galego da Emigración con Carlos Abraira e Antón Moreda, primeiro e segundo comezando pola dereita da foto, en primeiro plano, que fan garda de honra co resto dos membros das Mocidades Galeguistas. Bos Aires, Arxentina, 1956

económica dos sindicatos alemáns e norteamericanos. A primeira aportación destes sindicatos a ASO acadou a cantidade de doce millóns dos antigos francos.” Este testemuño excepcional de Alvajar, en que aparece como fonte de información Rodolfo Llopis, no momento secretario xeral do PSOE e antigo ministro da II República, deixa ás claras as ‘perigosas’ relacións de Ramón Piñeiro, posto que a Alianza Sindical Obrera (ASO) era un instrumento central do Departamento do Estado dos EUA na loita contra o comunismo no Estado español. No mesmo documento dáse nutrida información da presenza constante de Ramón Piñeiro en Francia nas reunións do Movemento Europeísta, á par de Madariaga, Gil Robles ou Gorkin, así como da participación de Xosé Manuel Beiras cunha especial relación deste último co antigo dirixente do POUM. Joan Garces, derradeiro xefe de Gabinete de Salvador Allende e importante dirixente do Partit Socialist de Valencia, e Alfredo Grimaldos as dúas persoas que con maior rigor e profundidade estudaron o papel da CIA no Estado español coinciden en afirmar que: “unha das persoas clave das operacións secretas da CIA é Julián Gorkin, unha das persoas que impulsa o chamado ‘Congreso pola Liberdade da Cultura’ e aparece á fronte de diversas publicacións auspiciadas pola CIA, como a revista *Cadernos* editada en París, *Examen* en México, e *Encounter*, no Reino Unido, que se encadran nunha ampla operación propagandística deseñada desde a sede central da

CIA en Langley, Virxinia”. Afirmar Joan Garces que Gorkin desde “o autodenominado *Centro de documentación e estudos* de París elaborou un Boletín Informativo do centro caracterizado polas directrices de acción política clandestina da CIA nese momento: inténtase potenciar a inexistente ASO (Alianza Sindical Obrera) e a oposición monárquica e socialdemócrata”. Xavier Alvajar, no informe ao que referimos anteriormente, dá conta “dos intensos contactos dun mozo estudante galego de económicas actualmente cunha bolsa en París co grupo de Gorkin, se ben desde esta delegación do Consello de Galiza tentamos pórmos en contacto con el, negouse totalmente en reunirse con nós, colaborando actualmente co Boletín Informativo.” O propio número do *Adiante* a que se refire Alvajar é toda unha declaración de principios das posicións de Ramón Piñeiro e do seu grupo, unha publicación bilingüe, en que hai máis texto escrito en español que en galego, na cal, con toda rotundidade, se afirma que: “non somos nacionalistas porque non somos reaccionarios.” Pero hai máis, posto que, como xa dixemos, a súa publicación se realizou na imprenta que a ASO tiña en Perpiñán.

O 7 de xaneiro de 1964, nunha xuntanza celebrada en Lugo, procédese por parte dos piñeiristas á expulsión do Consello de 22 persoas, segundo lembra García Bodaño, que contestaban abertamente a política imposta polos reitores de Galaxia, sector do que facía parte o seu secretario xeral,

Antón Moreda, en que se agrupaba as xentes que dentro del afirmaban abertamente o seu carácter nacionalista. Os nomes dalgunhas daquelas persoas expulsadas do Consello da Mocidade, a máis de Antón Moreda, son os de Bautista Álvarez, Manuel María, Raimundo Patiño, Xosé Luís Méndez Ferrín, Saleta Goi, Xosé Antonio Arxona, Luis González, María Xosé Queizán ou Natalia Gómez González, "Natacha" e así até 22. O sector maioritario, dirixido por Ramón Piñeiro, dividiase en dúas pólas: unha, de carácter socialdemócrata; e outra, de orientación democrática. Porén, o primeiro e o segundo non diferían na formulación a respecto ao feito nacional e, así, neste sector maioritario do Consello da Mocidade aparecen nomes como Xosé Luís Fontenla, Salvador García-Bodaño, Arcadio López Casanova, Mario Orxales, Manolo Caamaño, Carlos Casares e Rodríguez Pardo. Aínda así, a persoa de referencia deste sector entre a mocidade é Xosé Manuel Beiras, naquel momento cunha bolsa en París, polo que non partillou do Consello, se ben xa cunha implicación política importante, posto que ocupaba a máxima representación para o conxunto do Estado do Movemento de Mozos Europeos. Alén dos nomes dos bandos en contenda, o que merece especial interese son as palabras de Bautista Álvarez, protagonista daqueles feitos e cofundador da UPG e do BNG, que nunha entrevista publicada no número 47 do *A Fondo* do semanario *Sermos Galiza* afirma que, en marzo de 1964, hai un intento en Madrid de reorganizar o Consello da Mocidade, onde se chega mesmo a celebrarse unha xuntanza nun domicilio do número 17 da Rúa Maiquez o día 19 dese mesmo mes, coa participación de García Sabell e Ramón Piñeiro. O propio Bautista Álvarez, no libro de conversas *Bautista Álvarez. 40 anos da UPG, 40 preguntas*, xa mencionara dúas xuntanzas con Ramón Piñeiro en Madrid no 1964: unha primeira nunha cafetería da Gran Vía, e outra segunda que supoñemos que é á que refire no semanario galego. Segundo recolle o de Loucía, neste seu libro de conver-



Cadro de Xulio Maside. Festa, 1982, Acrílico / Lenzo

sas, o obxecto da discusión nesta última reunión xirou arredor do carácter da Galiza, e de xeito moi particular a negativa do de Lánacara a responder se Galiza era ou non era unha nación. A este respecto, debemos considerar as afirmacións do haxiógrafo de Ramón Piñeiro, Miguel Barros, que, na súa tese de doutoramento, documenta que non hai ningún texto do de Lánacara posterior a 1936 en que este defina a Galiza como nación, indo máis alá cando afirma que semella que Piñeiro, de xeito deliberado, foxe desta definición para Galiza. No contexto das reunións que se levaron adiante ao longo da primeira metade de 1964 é onde debemos situar a tan recorrente e deformada xuntanza do bar Viño en Compostela, onde boa parte dos protagonistas da aventura do Consello da Mocidade sitúan no espazo e no tempo a depuración do sector nacionalista do Consello. Agora ben, a realidade é outra ben distinta, até o punto que esta xuntanza que se celebra en maio de 1964



A "Mocidade Galega de Barcelona" homenaxea a Arcadio López Casanova (de pé, detrás da muller vestida con roupa clara) na despedida de Tito Caamaño (de gafas escuras, tocando a garrafa coa man), 1963

só conta coa participación dos leais a Piñeiro no Consello que proceden a ratificar, pola vía da votación, unha situación de feito. Isto é, as expulsións que se formalizan no bar Viño carecían de calquera efecto práctico, posto que o Consello da Mocidade non funcionaba desde xaneiro de 1964, e que o que ten máis importancia, os que viñan de ser expulsados xa tiñan en marcha outro proxecto político que tomaría forma no mes seguinte en Madrid coa redacción dos dez puntos mínimos que servirían de programa á Unión do Povo Galego.

O de Láncaira decretará que unha nova xeración de mozos e mozas galegas se conxuraran para liquidar a obra da editorial Galaxia, manexados, como non podían ser doutro xeito, polo 'comunismo internacional', após un artigo no suplemento de *La Noche* de Herminio Barreiro o 17 de Agosto de 1963. Nese artigo "Galleguismo y realismo" criticase ao grupo de Galaxia empregando categorías analíticas marxistas, o que leva Piñeiro a empregalo como escusa. Porén, as novas xeracións, aquelas xeracións das galegas que non viviran o Alzamento e o xenocidio de 1936, xa viñan mantendo un intenso debate sobre a sorte do País, o xeito de organizar o nacionalismo e o camiño a seguir desde a metade da década dos 50. Sorpréndenos, nese sentido, que, sendo a ruptura do Consello da Mocidade un punto seguido sobre o debate que tamén viñan dando os mozos e as mozas, e non só 'os mozos turcos do 36' (como Castelao denominou ao grupo de Piñeiro que reorganiza o ga-

leguismo no interior tras o golpe de Estado) e 'as xentes do exilio', pasase tan desapercibido cando, mesmamente, uns e outros deixaron abondosa produción doutrinal para significar e definir as súas posicións e tamén por ser quen foron as cabezas visíbeis dunha e doutra posición. Nun lado, atopamos Ramón Lugo, durante moitos anos tradutor da ONU e traballador da BBC, autor d'*O pensamento político de Vicente Risco* e principal referencia política e intelectual do primeiro grupo de mozos que se aglutina arredor de Ramón Piñeiro; doutro lado, Carlos Abraira, fillo da emigración arxentina, criado nun ambiente nacionalista, residente nos Estados Unidos, onde exerce como autoridade mundial no campo da oftalmoloxía e líder, á par de Moreda, das Mocidades Galeguistas de Bos Aires. O un e o outro, en dous libros, o de Lugo inédito, *Cartas a un amigo emigrante*, o de Carlos Abraira editado polo Centro Coruñés de Montevideo en 1961 co título *Vixencia de Castelao nas xeracións galegas* e cunha ampla influencia en Galiza, entran ao cerne dos puntos de diverxencia entre as posicións nacionalistas e aos do núcleo piñeirista. Non é casual o título do libro de Abraira, nin a reivindicación que nel se fai do Castelao político, cabalo de Troia dos piñeiristas, e que leva a Lugo a afirmar: "En Galicia falta o libro que se corresponda co de Cambó porque tamén falta o político da talla de Cambó. E faltando ese libro, ese político, é moi difícil precisar a forza, a autenticidade dos supostos políticos galeguistas. Non quero dicir que o galeguismo fose inauténtico, refírome exclusivamente á súa política". Non é manco Abraira cando peta no ril da táctica piñeirista e escribe: "Castelao decatouse que sen a labor política non íamos a solucionar xamais os nosos monumentais problemas, onde demostrou que a política efectiva pódena facer tamén as xentes sen vocación pola actuación pública, mais con honradez. En definitiva o Castelao auténtico, é o Castelao patriota, o Castelao do seu libro o *Sempre en Galiza*,



## A ruptura do Consello, mitificada en exceso, non fai máis do que evidenciar a existencia de dúas posición contrapostas

De esquerda a dereita Ricardo Carvalho Calero, Ramón Piñeiro, Xosé Neira Vilas e Valentín Paz Andrade; diferentes xeitos de interpretar o legado de Daniel Castelao

o Castelao do Partido galeguista e dos seus escritos políticos na Nosa Terra". Ramón Lugo, sen ningún tipo de complexo, e mesmo adiantándose a Piñeiro, vai formular, sen ningún recato, que: "é absolutamente preciso superar o nacionalismo", clarifica o tema do seguinte xeito: "non podemos continuar a facer do galeguismo unha doutrina nacionalista porque a duración no tempo de Galicia como comunidade cultural pende da sorte de toda Europa", para rematar dicindo que: "hai algúns que son nacionalistas galegos por inoracia e os máis por romanticismo e que mesmo aspiran, os menos, a romper todos os vencellos co estado e independizarse do Estado". O noso Abraira preséntase como un rival rochoso e, parafraseando Castelao, require: "fronte a política asimilacionista dos españois non queda máis que un recurso, opor unha rexa acción nacionalista, porque a intransixencia dos galegos fronte a intolerancia dos españois e un acto de dignidade", continuando por reivindicar o "dereito das nacionalidades", e identifica "o nacionalismo, que noutro tempo chamaron galeguismo, é o único intento verdadeiro de atopar solucións aos problemas dos galegos, distintos sempre aos problemas doutros povos peninsulares." Acabáramos, o corpo teórico do Grupo da Rosaleda ten no antinacionalismo o seu eixo vector.

A ruptura do Consello, mitificada en exceso, non fai máis do que evidenciar a existencia de dúas posición contrapostas. Por unha banda, o proxecto de Galaxia, que pretendía limitar a ac-

tuación do galeguismo ao campo cultural con certo bafo da filosofía alemá máis reaccionaria, concretado no antinacionalismo, eurocentrismo e no anticomunismo; e, pola outra, o proxecto histórico do nacionalismo galego, sistematizado no *Sempre en Galiza* e anovado cos folgos das loitas de liberación nacional que se vivían nos países en proceso de descolonización. A práctica política posterior duns e doutros, mais tamén a clarezza con que os autores en conflito expresaron a súa posición, facilita achegarnos, aínda que sexa aproveitando o que nos deixaron escrito os protagonistas dos feitos, ás causas das diverxencias e poder explicalas sen xerar dúbidas. É de agradecer a claridade dun Antón Moreda que, na súa presentación en sociedade nun xantar na Rosaleda, ao pouco de vir de Bos Aires, era interpelado polas razóns que o levaban a definirse como galeguista e diante da insistencia do contertulio sobre as súas habilidades literarias ou artísticas concluíu: "Non son escritor, nin pintor. Simplemente son galeguista ou mellor aínda nacionalista, porque penso que Galiza é unha nación, é suxeito de dereitos políticos e ten dereito a súa autodeterminación". Non ficaba atrás Ramón Piñeiro que, nunha tese remitida ao Congreso Galego da Emigración en 1956 e que non chega a ser lida, escribe: "o nacionalismo é unha ideoloxía do século XIX, porque se fundamenta no concepto de soberanía nacional, concepto que como todos sabedes é claramente decimonónico. Non podemos ser nacionalistas, como

# Poemas de Escarnio e Maldicer

Non estamos a esaxerar se afirmamos que o proceso de ruptura do Consello da Mocidade e a inmediata reorganización do nacionalismo xa en forzas políticas deu orixe ao florecemento dunha auténtica escola de poesía de escarnio e maldicer que van recrear aqueles feitos e deixar testemuña dunha época, neste caso a Galiza do primeiro quinquenio dos sesenta. A tradición literaria a que nos estamos referindo nunca estivo ausente da nosa literatura, o propio Bouza Brei vinculou a súa expulsión da carreira xudicial a un poema nesta liña que na década anterior se escribiu con motivo dos Maios en Pontevedra, porén este pulo dos primeiros sesenta só se explica primeiramente pola virulencia do conflito no Consello da Mocidade e posterior aparición da UPG e nun segundo lugar, xa de moita menor importancia, ao curso que en 1966 imparte Rodrigues Lapa en Compostela sobre os cancioneros. Así as cousas, queremos achegar hoxe unha pequena mostra desta tradición literaria, para traer ao presente o ambiente daqueles anos, para difundir a forma e o fondo daquel conflito e tamén, por suposto, para rachar tabús e valados sobre a intrahistoria da cultura que é de nos.

O primeiro dos poemas que reproducimos, "Lanča romanceado do infançon Albertitus", ten como trama os feitos e os sucesos naquelas datas do xornalista Alberte Míguez, detido e xulgado no Tribunal de Orde Pública (TOP) após editar na Editorial Ruedo Ibérico un libro sob o título "El pensamiento político de Castelao", escolma do "Sempre en Galiza" que sería secuestrado por Manuel Fraga. Alberte Míguez (A Coruña-1937, Madrid-2009), foi un xornalista galego especializado na crónica internacional que traballaría en periódicos como "La Voz de Galicia", "Madrid" ou "La Vanguardia" para rematar como columnista de cabeceira na prensa da extrema dereita como o dixital "Libertad digital". Fillo dun Alcalde franquista d'A Coruña, sería esta razón pola que asinaría o libro ao pensarse que estaría

máis protexido pola súa orixe familiar, acabaría condenado a catro anos de cárcere polo TOP, após unha defensa de Valentín Paz Andrade, pena que non chegou a cumprir ao exiliarse e acollerse a unha posterior amnistía. Supostamente o autor deste poema sería Arcadio López Casanova.

"Adivina quen é", soneto redixido baixo o pseudónimo do "Gaiteiro" que agocha segundo indican todas as fontes consultadas a Celso Emilio Ferreiro, refire ao proceso de idas e vidas ideolóxicas de Xosé Luís Varela para acadar a súa Cátedra, un proceso que o leva primeiro a militar na Falanxe, e posteriormente, unha vez que esta perde poder no franquismo, a facer parte do Opus Dei. Xosé Luís Varela, natural de Ourense, Catedrático na Universidade de Palma e de Salamanca, autor do manual "Las literaturas peninsulares" onde sostiña o carácter subalterno da obra non escrita en lingua española, tomou a palabra na Homenaxe a Rosalía en Madrid no Centro Galego en 1958 e formou parte canda a Casado Nieto dun grupo de ourensáns vinculados a Vicente Risco, sendo os responsábeis da ruptura de relacións e da inimidade deste con Otero Pedraio. A súa posición en relación coa nosa literatura e por conseguinte co feito nacional galego, valeulle a xenreira dos nacionalistas que o denominaban como "Varelita".

"D. Lopo" é un pseudónimo que semella agochar máis unha vez unha das plumas máis destacadas da literatura galega dos últimos 50 anos, Arcadio López Casanova, que neste poema refírese aos primeiros momentos da UPG personificado na figura de Xosé Luís Méndez Ferrín, fillo dun xuíz, de aí o título "O fillo dun xuez, comprometido". Asemade neste poema aparece o que no momento viña a ser o anagrama da Unión do Povo Galego, a espiral, aínda hoxe presente na simboloxía desta forza política ao pé da fouce e do martelo. A escolla da espiral como símbolo da UPG realizase en Madrid en xuño de 1964 coincidindo coa elaboración dos dez puntos míni-



Celso Emilio Ferreiro

mos sendo o autor da proposta Reimundo Patiño.

O imberbe mozo que retrata "Pero de Fonlor", semella que baixo este pseudónimo atópase Celso Emilio Ferreiro, non é nin máis nin menos que José Luís Fontenla aquí denominado "Fontaiña de Lérez". José Luís Fontenla Rodríguez (Pontevedra-1944), fillo dun vello nacionalista Xosé Luís Fontenla Méndez que mesturaba a súa posición reaccionaria na cuestión social cun patriotismo a proba de lume, é un avogado, político, escritor e pintor galego, licenciado en dereito pola USC, pertenceu ao comité executivo do Partido Galego Social Demócrata e contribuíu á constitución do Consello de Forzas Políticas Galegas que defendeu a ruptura democrática e a instauración dun estado confederal. Participou na fundación da editorial SEPT, A Nosa Terra e a Asociación Cultural "O Galo" de Santiago de Compostela, da que foi presidente. Asemade entre 1961 e 1965 dirixiu a Mocidade Católica Galega, organización demócratacristiá, destacando no conflito do Consello da Mocidade polo seu anti-comunismo que o levou a ser peza central na depuración do mesmo. A súa teima en atopar ou ver comunistas, mesmo onde non os había, é ao que refire os versos do soneto.



### LANÇA ROMANCEADO DO INFANÇON ALBERTITUS

Ai, Albertitus da Cruña,  
quen te viu e quen te vé!  
Soldado de qué milicia,  
señorito en qué café.  
Compañeiro de qué amigos,  
portador de qué outa fé.  
Onde van os teus rosarios,  
da camisa azul, qué é’?  
Xa deixaches todo aquilo  
colgadiño da paré?  
Ai, Albertitus da Cruña,  
quen te vio e quen te vé!  
Como cambias de chaqueto,  
polo dereito i o revés!  
Qué carallo fás agora,  
mequetrefe tentempé?  
Estudando novas letras  
ou lavando no bidé  
yoda a merda que levabas  
na carteira e nos papés?  
Probe Albertitus da Cruña  
albino de cén por cén,  
setemesino de marca,  
maricón da testa ós pés.  
Por mais, fillo de beata  
e fascista-requeté.  
Vive Deus! ai que familia,  
non hai pinzas pra a coller!  
Albertitus, pequerrecho,  
estás botado a perder!  
Antronte galo dourado,  
levantando o crequíné;  
hoxe apenas pita choca  
que non sabe ónde beber.  
Antronte berra que berra  
nin feble voz hoxe tés.  
Que foi de ti, Albertitus?  
E qué anda no “ye-yé”?  
E que tanta labia merda,  
atrofiante dunha vez?  
Ai, onte entrando triunfante  
sabiondo, nos cafés;  
Ai, onte escribe i escribe,  
coña vai e coña ven.  
Onde está tanto saber?  
Onde está tanta letura?  
Onde os cabalos do xogo  
daquíl xogo de “axedrez”,  
houbo acaso “jaque mate”?  
Leváchelas de perder?  
Ou cecais “A Coz”, couceira,  
polo cú deuche tamén?

(Moralex: “Mida a picha  
cando intente a alguén foder;  
si non dá a medida, gárdea,  
foderase soio vosté)

A que non sabías isto  
que che acabo de poñer?  
Albertitus, neno idiota,  
inda hai moito que aprender:  
medra un pouco e mais de paso  
vai rascarme o carallé.

Nunes Mandeo

### O FILLO DO XUEZ, COMPROMETIDO

A un fillo de papá-xuez, con tías  
de cartos no colchón que soltan “teta”  
velahí que lle deu, eu sei a treta,  
por xogar ao fantoche dende hai días.

Xuntouse con quen fai por tres Mariás  
e cun chosco grañón que ten por meta  
o pintar de espirás hasta a veleta  
dos seus propios collós, si lle porfías.

Xa completo, anuncio: “TRES MENTECATOS”  
“ACADEMIA ENGAGE”, “PRECIOS BARATOS”,  
“HAI SIGLAS A GRANEL QUE VENDO EN LATAS”.

E así dicta as leiciós: “un paso á esquerda”  
“movimento de cona” e dispois merda  
para embabar inda mais, cachola e patas.

D. Lopo

### RETRATO DUN IMBERBE MOZO

Qué coño non verían catro ollos,  
catro por catro, dezaseis i abonda;  
qué coño non vería isa ben fonda  
Fontaiña do Lérez...Dí, que abrollos.

Vas empregar agora contra os “Croios”  
ou a quen vixiarás, lupa redonda;  
qué merda teimarás, cabeza monda,  
Si perdice de mán tódolos mollos.

E qué foi do medeiro tan colmado?  
no carallo andaré que ti secache,  
E nin diós bebe xa do teu ombligo.

A foderse tocan i está tocado,  
Lisca axiña –ben o escoitache-  
Que agora beberán todos comigo.

Pero de Fonlor

### ADIVINA QUE É

Eu proclamo, linguista de opereta,  
que eres merda de neno, floxa e solta,  
e volvo a repetirche, de outra volta,  
que mamas do Opus Deis na porca teta.

Digo de ti, no nome do traballo,  
que naciches de estirpe de alfaiate  
e que, noustante, tocache o carallo  
ó pobo sofridor, gran botarate!

Fascista recastado de pimpín  
que gañáchela cátedra levando  
A carteira sin cencia de Baldín.

Cágome en ti i en toda a tua raza,  
cágome en ti, boneco triste e brando  
mentras, agardo que escomence a caza.

O Gaiteiro



Cartel realizado por Reimundo Patiño para a colección de poesía "Val de Lemos".

Cadro de Xoán Ledo dos anos cincuenta no que aparecen os primeiros directivos de Galaxia: Rufo Pérez, Emilio Álvarez Blázquez, Luís Viñas, Fernández del Riego, Antón Beiras, Xaime Illa, Xosé Meixide e Xoán Ledo



homes do século XX, non debemos ser nacionalistas porque nun mundo dividido en bloques non imos facer o xogo ao comunismo". Situémonos: nunha banda, atopámonos cunha alternativa que loita por articular unha forza política sobre o programa do nacionalismo sintetizado no *Sempre en Galiza*, que ten en conta o proceso que se está a vivir no Terceiro Mundo e toma como propias algunhas das súas referenciais doutrinais e que, por suposto, no plano internacional, desempeñan ao antiimperialismo. Enfronte, unha proposta que considera o "nacionalismo como o cabalo de Troia do Comunismo", que analiza "que non son nacionalistas porque non son reaccionarios", que sitúa o problema galego como "un problema cultural, sendo este o noso ámbito de actuación", que aspira á "galeguización das forzas de obediencia estatal" e que, no plano partidario, aspira a pór a andar un partido socialdemócrata e outro democristiá. Agora ben, as posicións de Ramón Piñeiro non van atopar no interior só resposta no grupo que fai parte do Consello da Mocidade, homes da xeración anterior, como don Ramón Otero Pedraio darán contestación ao seu proxecto, primeiramente reivindicando o papel de Castelao, do Castelao político e actuando como elo deste coas novas xeracións, e o que ten aínda máis relevancia como é a impugnación do corpo doutrinal do grupo da Rosaleda fundamentados na proposta que era propia e tradicional ao nacionalismo. Quixeron tamén, neste caso, reducir o enfrontamento entre Piñeiro e don Ra-

món a un problema de caracteres, máis unha vez cuestión de filias e fobias, mais non podía haber acordo con Piñeiro dunha persoa como o de Trasalba que, en 1959, ao escribir arredor do discurso de Alonso Ríos na súa condición de presidente do Consello de Galiza un discurso que Otero Pedraio definía como "un verdadeiro documento orientador, onde se afirma a nosa personalidade de povo diferenciado, con plena capacidade para construír unha nación independente", un escrito publicado n'*A Nosa Terra* onde afirmaba: "Hai que ir directamente a autodeterminación das nacións peninsulares, para despois, en plena igualdade de condicións, crear o Estado Ibérico. Non queremos unha dádiva do estado español castellanizante, que hoxe outorga e mañá quita. O noso dereito de povo diferenciado é natura, non pode ser unha concesión, non pode ser un dádiva".

A morte do Consello vai acelerar diferentes contactos entre os seus expulsados no primeiro semestre do 1964, xunto con representantes do piñeirismo, co fin de analizar as saídas e nova situación creada, se ben haberá que agardar xuño de 1964, coincidindo cunha visita de Ferrín a Madrid por mor dunhas oposicións á cátedra, para que se redacten os dez puntos da UPG nunha xuntanza en que participan María Xosé Queizán, Xosé António Arxona, Méndez Ferrín, Raimundo Patiño e Bautista Álvarez. O grupo madrileño da UPG terá unha importancia cualitativa e cuantitativa central nos primeiros anos da organización, até o punto que representaba na década dos sesenta, tal como dá conta Harmunt Heine, a metade da organización ou que na correspondencia dos grupos de América se preguntaba pola opinión de Madrid que Soto e Celso Emilio singularizaba en Bautista Álvarez. Así, pois, o 'fracaso' do Consello da Mocidade só o podemos valorar como un grande éxito, xa que permitiu rematar de desenmascarar o piñeirismo e permitiu que agromase o magma que ía catalizar a formación da nova organización política que vimos de referir. O eixo central da pro-

posta política de Piñeiriño, como o denominaba Castelao, non era outra que Galiza non tiña capacidade para dotarse de forzas políticas propias e que, por conseguinte, do que se trataba era de galeguizar as organizacións de obediencia estatal. Este extremo os seus continuadores concretárono na articulación de propostas políticas que se sustentaban nun caso no independentismo como evasión, e noutros nunha organización nacional, porén sempre coa porta aberta a xogar na política do Estado, posto que os galegos e as galegas non podemos valernos por nós mesmos. Así se explica, cando o independentismo é unha evasión, que sexa posíbel acordar con forzas de obediencia española no ámbito electoral, ou boicotear a posta en marcha de organizacións sindicais propias. Mais tamén entendemos, nesa outra lóxica de organización nacional non nacionalista, que se volva afirmar hoxe, como afirmaba Piñeiro, que a divisoria galeguismo/españolismo está superada ou que se primase no seu momento unha estratexia no ámbito do Estado até que Enrique Mújica e Alfonso Guerra en xuño de 1976, co apoio da Internacional Socialista, abren a porta á incorporación do PSG de Beiras -a través da Federación de partidos socialistas- á "Platajunta" o que significaba de facto a renuncia do PSG a unha vía de ruptura galega que representaba a alternativa defendida polo Consello de Forzas Políticas Galegas.

Acabemos: non estamos asistindo estes tempos a unha emenda á totalidade da traxectoria vital de ninguén; aínda máis, o comportamento dun máis outro é lóxico coa súa formación e a súa práctica política. Ás veces consideráronse como vagos en exceso os principios sobre os que se articula a primeira Unión do Povo Galego e que nos demos en coñecer, como os Dez Puntos. Porén, a mesma indefinición que podemos atribuír á actuación da organización en Galiza -non así en Madrid- en ningún caso é de aplicación a unha proposta programática como a referida que recolle o substantivo do corpo doutrinal do nacionalismo coa





mellor tradición dos movementos antiimperialistas. Pensemos, senón, nas derivadas prácticas desta formulación, a comezar pola consideración de Galiza como nación e, xa que logo, como suxeito de dereitos políticos e, por conseguinte, a necesidade de nos dotarmos de forzas políticas propias. Na liña do anterior, unha consideración non retórica da autodeterminación, entendida como un proceso de acumulación de forzas, que arranca de considerar as potencialidades da sociedade galega e non entender o noso país como unha fatalidade histórica que non se vale por si mesmo. Vinculado a isto a comprensión do povo galego como unha realidade madura e que, por conseguinte, non precisaba dunha minoría de escollidos que abrise o camiño. Pola contra, tratábase de primar o povo fronte á elite, fronte á masa, fronte ao individuo e a disposición da nosa sociedade fronte á capacidade da dirixencia. Así, chegamos até aquí, así andaremos o que fica de camiño ■

Antón Moreda (Barreiros, 1934 – Castro de Rei, 2010). Con 16 anos marchou emigrado á Arxentina. No Centro Galego da capital bonaerense entrou en contacto coa Irmandade Galega, un grupo nacionalista que procuraba manter vivo o legado intelectual e político de Castelao. Grazas a nacionalistas como Alonso Ríos, Luís Seoane ou Suárez Picallo, Antón Moreda afondou nas súas conviccións patrióticas. En agosto de 1953 participou na fundación das Mocidades Galeguistas, na Arxentina, que desenvolveron unha inxente actividade como a creación do xornal *Adiante*, dirixido por Neira Vilas ou as homenaxes a Pardo de Cela e Alexandre Bóveda. En 1956, con 22 anos, Moreda asistiu ao I Congreso Galego da Emigración. De volta na Galiza, sería o Secretario Xeral do Consello da Mocidade


# Estereótipos sobre o Islam na prensa de Occidente

Na guerra, a palabra é unha parte substancial do botín do que as partes pretendem apropiarse

DON'T BE AFRAID I CALL FREEDOM SPEEC



LATUFE 2012




Damos a luz hoxe un texto que foi presentado como relatorio ao Congreso “O papel dos medios de prensa no desenvolvemento da tolerancia e a comprensión mutua” por parte do xornalista Ricardo López. A “Organización da Conferencia Islámica” está integrada por 57 nacións do mundo e é a organización governamental máis grande do mundo despois das Nacións Unidas. O texto presenta un aspecto fulcral da política internacional de hoxe en día; o control que exercen os medios de comunicación para definir os discursos e peneiralos segundo os intereses dos poderes económicos dominantes.

RICARDO LÓPEZ DUSIL

Director de [www.elcorresponsal.com](http://www.elcorresponsal.com)

Deseños: Carlos Latuff



**AS SALAM ALEIKUM.** En primeiro lugar, agradezo a invitación da Organización da Conferencia Islámica para participar neste foro e compartir algunhas ideas con tan cualificados expoñedores e asistentes a este encontro.

Obviamente, nun encontro de pensadores, relixiosos e intelectuais islámicos é pouco o que pode achegar un xornalista non musulmán sobre a relixión que profesan. E non é esa a intención, senón a de compartir con vostedes algúns aspectos sobre os estereotipos que se construíron e seguen a construírse ao redor do Islam e a participación activa que ten o xornalismo occidental na instalación dese imaxinario.

Nunca como nestes tempos o factor relixioso estivo tan presente no escenario da discusión de ideas e políticas. E nunca como a partir de setembro de 2001 as relacións co denominado mundo islámico suscitaron tantas análises. Enfrontamos unha época de violencia global que mestura fanatismos, conflitos xeopolíticos e intereses e en que prevalecen visións estereotipadas e maniqueas dos modelos que non responden á propia cultura. A axenda política, hexemonizada basicamente polos Estados Unidos, non só se serve das presións económicas ou o poderío militar, mais tamén dun formidable aparato de propaganda que vén demonizando, e por agora con certo éxito, a imaxe do islam en xeral e dos musulmáns e o mundo árabe en particular.

Obviamente, na construción dese imaxinario desempeña un papel cen-

tral a prensa. Son xornalista, de maneira que podó permitirme unha visión crítica do xeito en que xeralmente é tratado o tema islámico nos grandes medios de prensa.

En primeiro lugar, quero dicir que, cando se fala de liberdade de prensa ou do xornalismo de corte abstracta ou teórica, adoita excluírse, xeralmente de xeito deliberado, que detrás da información, da defensa de valores, das presuntas ou verdadeiras vocacións e sacerdocios hai un negocio formidable e, por suposto, moito menos romántico do que a imaxe inmaculada de que, por moito tempo, gozou o exercicio do xornalismo. Isto que digo é obvio, mais como a prensa, por razóns elementais, ten boa prensa, moitas veces o público alleo á actividade non considera este punto.

A prensa é o único produto que se vende á metade do seu custo de fabricación. E isto pode ser así porque o verdadeiro negocio non é vender a información ao público, senón o público aos anunciantes, de maneira que o lector ou televidente é, desde o punto de vista estritamente comercial, o produto do que os medios de prensa se apoderan para o ofrecerem ás súas anunciantes.

Por outra banda, desde mediados da década do 90, o xornalismo non ficou alleo ao fenómeno de brutal concentración de poder característico da globalización. Algúns analistas sosteñen que o sector periodístico é o que sufriu maior concentración, xunto cos sectores petrolíferos, o comercio de armas e a industria aérea.

Para entender a construción deste imaxinario, é indispensábel abordar algúns datos relacionados co control dos medios de prensa.

Nos Estados Unidos, en 1945, oito de cada dez diarios pertencían a propietarios independentes; hoxe, en cambio, 85% depende de grandes grupos que, ademais, se van fagocitando entre si, polo que son cada vez menos e, ao mesmo tempo, máis poderosos. En Europa, a concentración é a aínda maior, e a ela só sobreviven un reducido número de imperios mediáticos: Berlusconi, Bertelsmann, Murdoch, Hachette, Hersant...

Este fenómeno dáse de xeito simultánea con outro non menos importante: o crecemento do capital necesario para a creación de novos medios. De maneira que, cando falamos da prensa libre en Occidente, deberíamos engadir é libre a condición de que teña os recursos suficientes para a súa existencia. Dese modo, é o Norte o que informa o Sur, que permanece en silencio. A visibilidade ou invisibilidade do Sur fican, polo tanto, suxeitas á vontade do Norte. Reprodúcese así un moderno sistema de colonización das ideas. Quizais a batalla futura que deba darse por un mundo máis xusto sexa a da "descolonización da información".


Vou citar algúns datos para saber onde estamos parados cando falamos de medios de información:

- EUA, Xapón e a Unión Europea controlan 90% da información e a comunicación de todo o planeta.
- Só cinco axencias de prensa distribúen 96% das noticias mundiais.
- Desde hai 25 anos, catro de cada cinco mensaxes emitidas no mundo proveñen dos Estados Unidos ou de empresas de capital norteamericano. O que engade como fenómeno relativamente recente é a investimento nas novas tecnoloxías e no sector da imaxe: actualmente, 80% dos programas audiovisuais que se producen no mundo (xa sexa televisión, vídeo ou cine...) son norteamericanos.



- Os EUA controla 71,5% de todos os programas de TV que se difunden en Europa e 80% das salas de cine.
- De cada 100 palabras de información internacional que se difunden en América latina, 90 proveñen de 5 axencias de prensa internacionais (a norteamericana *Associated Press*, a británica *Reuters*, a francesa *France Press*, a española *EFE* e a italiana *ANSA*). E dese 90 por cento, 70 por cento corresponde só a dúas axencias: a norteamericana *AP* e a británica *Reuters*.
- Das primeiras 300 empresas internacionais de información e comunicación, 144 son norteamericanas, 80 son da Unión Europea e 49 xaponesas. É dicir, que das 300 empresas de información máis importantes, 293 son dos Estados Unidos, de Europa ou de Xapón e só 7 doutras nacións.
- En materia de medios audiovisuais, o magnate da televisión Rudolph Murdoch controla, de xeito directo ou indirecta, a información e o entretemento visual que consumen 3000 millóns de persoas, é dicir, case a metade da poboación mundial.

Quen decide o que deben dicir os medios? Quen dá ao xornalista a súa materia prima? De feito, case sempre as mesmas fontes: goberno, administración e empresas. Como alimentarse das fontes institucionais é máis barato, cada día hai numerosas informacións preparadas de antemán, tomadas dos servizos de información ao público que



todos os gobernos, empresas e entidades teñen, incluído o exército. É tan obvia a influencia da prensa na toma de decisións que, nos últimos anos, cobrou maior importancia o xornalismo institucional ou de empresas. Cando falamos de “facer a prensa” a un produto, un político ou un libro, referímonos a dar aos medios de prensa unha noticia previamente dixerida que axude a impor na consideración público o noso produto, sexa este un obxecto, unha política ou unha idea.

Nese contexto, o exercicio do xornalismo independente debe sortear numerosas dificultades para manterse á marxe das necesidades e operacións do poder.

Cando os Estados Unidos tiñan decidido iniciar a súa ofensiva militar en Afganistán, o Secretario de Defensa norteamericano foi o suficientemente claro cando anuncio que os xornalistas acreditados no Pentágono non poderían acompañar as tropas e lembrou unha frase de Churchill, que

algunha vez dixo que: “a verdade ás veces debe ser coitada polos gardacostas da mentira”, o que obviamente é a lexitimación da mentira con fins patrióticos. Ao mesmo Churchill atribúese outra frase terriblemente cínicamente: “a responsabilidade por asumir como certas as promesas dos políticos corren por conta de quen as creen”.

En escenarios de conflitos, o xornalista, aínda que se esforce por manter unha posición equidistante e neutral, non pode evitar enfrontarse a dificultades operativas concretas no terreo, fundamentalmente o dilema de exporse á manipulación dalgún dos actores, en caso de traballar nalgunha das filas, ou a enormes riscos para a súa vida se opta por desprazarse de xeito independente.

Os medios de comunicación funcionan frecuentemente como verdadeiras armas de control social, ás veces, por propia vontade, e outras tantas por efecto de presións ou manipulacións desde o poder.

Existe unha auténtica enxeñaría da persuasión, de maneira que, se queremos superar ese tipo de analfabetismo que moitas veces nos propoñen, debemos aprender a descodificar a linguaxe dos medios e a xerarquía selectiva que se dá ás noticias. A lectura crítica das informacións emanadas desde o poder é un exercicio indispensable, en primeiro lugar para os propios xornalistas, e logo para os receptores das noticias.

A manipulación da opinión pública é, certamente, moi antiga, mais quixese facer unha breve referencia ao período moderno e como os medios de comunicación e a desinformación se sitúan neste contexto.

Como ben sinala o semiólogo norteamericano, Noam Chomsky, a primeira operación moderna de propaganda levada a cabo por un goberno ocorreu nos Estados Unidos baixo o mandato de Woodrow Wilson. Este foi elixido presidente en 1916 como líder dunha plataforma electoral que podía cualificarse de pacifista cando se achegaba a Primeira Guerra Mundial. A poboación norteamericana de



entón era maioritariamente opositora á idea de involucrar os Estados Unidos na guerra; con todo, a administración Wilson acordara que o país tomaría parte no conflito. Había, polo tanto, que inducir na sociedade a idea da obriga de participar na guerra, para o cal se creou unha comisión de propaganda governamental, coñecida como Comisión Creel que, en só seis meses, logrou quebrar a vocación pacifista da poboación e convertela nunha sociedade profundamente histórica, disposta a combater o perigo que significaba para o mundo, non xa a Alemaña en guerra, mais os alemáns en xeral.

A Comisión Creel conseguiu un éxito extraordinario que conduciría a outro maior aínda: usando a mesma metodoloxía, ao final da guerra, logrou avivar o terror ao comunismo, o que permitiu a destrución de sindicatos acumulados de filocomunistas e establecer restricións á liberdade de prensa e de pensamento político. O poder financeiro e empresarial e algúns medios de comunicación adictos fomentaron e prestaron un gran apoio a esta operación, da que, á súa vez, obtiveron toda clase de beneficios.

Os medios utilizados foron moi amplos. Mais o máis flagrante e, ao mesmo tempo, máis efectivo foi a fabricación de relatos de atrocidades que presuntamente cometían os alemáns, nas que se incluían nenos belgas cos membros arrincados e todo tipo de perversións inventadas polo ministerio de propaganda, cuxo auténtico propósito naquel momento –tal como fica reflectido na desclasificación das súas deliberacións secretas– era o de dirixir o pensamento da maior parte do mundo.

O principio moral que sustenta estas políticas é a crenza nunca confesábel polas direccións de que a opinión pública en xeral está incapaz de comprender a fondo os intereses nacionais, polo que resultaría impropio e inmoral permitir que o fixesen. Hai que domesticar o rabaño desconcertado, utilizando a mesma lóxica que nos di que sería incorrecto permitir que un neno de tres anos cruce a rúa so. Así




como non damos aos nenos de tres anos este tipo de liberdade porque partimos da base de que non saben como utilizala, negamos aos individuos do rabaño desconcertado a participación activa na discusión das ideas.

Reinold Niebuhr, un dos intelectuais dilectos de Kennedy, afirmaba que a racionalidade é unha habilidade ao alcance de moi poucos e que a maioría da xente se guía por emocións e impulsos. Aqueles que posúen a capacidade lóxica teñen, entón, que crear ilusións necesarias e simplificacións acentuadas desde o punto de vista emocional, co obxecto de encamiñar a unha masa desvalida e ignorante. Este principio converteuse nun elemento substancial da ciencia política contemporánea.

Os Estados Unidos crearon, na década de 1920, os cimentos da industria das relacións públicas. Tal como dicían os seus principais mentores, o seu compromiso consistía en controlar a opinión pública. Baseados no éxito da Comisión Creel e do “medo vermello”, e das secuelas deixadas por ambos, as relacións públicas experimentaron unha enorme expansión, obténdose grandes resultados á hora de conseguir unha subordinación total da xente ás directrices procedentes do mundo empresarial.

As relacións públicas constitúen unha industria que move, na actualidade, orzamentos en torno do billón de dólares ao ano e, desde sempre, o seu cometido foi o de controlar a opinión pública, que é o maior perigo a que se enfrontan as corporacións.



Como contraparte á enorme concentración de grandes medios a que me referín anteriormente, a crecente irrupción das novas tecnoloxías (especialmente internet) abriu unha fisura nese enorme dique informativo aludido, con voces verdadeiramente independentes dos grandes poderes. O problema que agora debemos enfrontar desde o lugar de receptores non é o da falta de información, mais o da superabundancia dela e a manipulación á que é sometida.

Certamente, a aparición de internet facilitou a entrada no mundo da información de actores que, doutro xeito, estarían silenciados. O problema, aquí, non é a posibilidade de incorporar información, mais a de tornala "visíbel". Aínda cando hai gran diversidade de buscadores, na práctica o seu uso constitúe unha forma oligopólica a escala mundial, pois uns poucos (Google, Yahoo, Lycos, Altavista) acaparan a maior parte das buscas. Ao efectuar unha busca determinada, obtense unha lista de páxinas web ordenadas por criterios propios do buscador, o que significa unha xerarquización da información non controlada polo receptor. Mais tampouco nos permite o acceso a toda a información que di atopar. Por exemplo: se pedimos a Google que rastrexo as páxinas referidas á "sociedade da información", indicaríanos que atopou máis dun millón e medio de entradas, mais soamente nos dá acceso a unhas 800, é dicir, só 0,05% do existente.

Crin necesario falar primeiramente do principal instrumento empregado nese proceso de demonización do mundo islámico para me referir agora a unha cantidade de fábulas e estereotipos que se usan correntemente para situar todo aquilo que soe a islámico no lado do inimigo.

En primeiro lugar –e podería resultar innecesaria esta aclaración neste auditorio– falar de mundo islámico é unha xeneralización tan ampla como a de facelo do mundo católico, en que están incluídos, por exemplo, Italia e Bolivia. A visión de totais responde obviamente a visións totalitarias. Se consideramos que actualmente profesan o islam unhas 1.200 millóns de persoas, é dicir, 20% da poboación mundial, a pretensión de situar ese enorme colectivo de persoas nunha mesma clasificación é, no mellor dos casos, unha mostra de ignorancia e, no peor, un eixe estratéxico alentado polo integrismo conservador que encontrou na islamofobia a compensación necesaria para soste as súas políticas de exclusión social e dominación económica.

A outra asociación ridícula frecuentemente usada en Occidente é a de musulmán e árabe, dado que os árabes, aínda que maioritariamente musulmáns, son só 20 por cento dos musulmáns do mundo.

Se un apela ao imaxinario dominante en Occidente de hai 50 anos, pensar nun musulmán ou nun árabe tiña connotacións absolutamente distintas das de hoxe. As mulleres, por exemplo, remitían no imaxinario dos nosos pais ou avós á idea do refinamento, a sensualidade, a atmosfera das mil e unha noites, o harén e a danza do ventre. Hoxe, curiosamente, a imaxe da muller musulmá que se transmite é a da submisión, a escuridade, a represión. Entre unha e outra imaxe non hai outra cousa que unha colosal carga de prexuízos e unha visión estereotipada e etnocéntrica. Posiblemente, unha e outra imaxe estean igualmente lonxe da verdade. O tema central é que a imaxe daqueles anos a



Os gobernos omiten, e a prensa non o difundiu adecuadamente, que a inmigración ilegal é instrumental á economía do primeiro mundo que obtén man de obra barata

inofensiva e a que pretende difundirse hoxe claramente ofensiva e perigosa.

É tan amplamente coñecido o tema das armas de destrución masiva que se atribuíu falsamente a Saddam Hussein que non fai falta que volva sobre ese tema. Por outra banda, esas acusacións foron tan groseiras que era obvio que caerían polo seu propio peso.

Hai aspectos, con todo, máis sutís. Por exemplo, a maior parte das veces que a prensa se refire a un clérigo xiíta, agrégalle o adxectivo “radical”, coma se non existisen clérigos xiítas que non o sexan. Obviamente, a maior parte dos xornalistas que repiten as presuntas arengas destes clérigos non falan árabe, nin farsi, polo que a interpretación dos súas sermóns sempre vén do mesmo tradutor: a prensa militar ou as grandes axencias de noticias que, como vimos anteriormente, monopolizaron o mercado da información internacional en Occidente.

Durante os 20 anos e durou a ocupación militar israelí do Líbano, os contendentes principais foron o Hezbollah, cualificado case sempre como “grupo terrorista”, e o Exército do Sur do Líbano, que non era outra cousa que unha milicia irregular financiada, adestrada e equipada por Israel, é dicir, unha milicia de mercenarios. A simplificación destes enfrontamentos na prensa presentaba os combates coma se fosen librados por unha banda terrorista dun lado e un exército, é dicir, tropas regulares, polo outro. Obviamente, este comentario non implica ningún xuízo de valor sobre a

natureza dos contendentes, nin sobre as súas estratexias de combate, nin implica adhesión aos seus obxectivos ou visión do mundo.

Outro fenómeno a que a prensa deu ampla difusión foi ao das accións dos terroristas suicidas. Sistemáticamente buscou asocialos á natureza do islam, segundo o cal os fanáticos que se inmolan podían facelo porque a relixión lles prometía o encontro con virxes no Ceo. Ese argumento empezou a caer cando xurdiron entre suicidas voluntarios non relixiosos. Tampouco ninguén soubo explicar por que non andaban suicidándose outros musulmáns devotos noutras partes do planeta en que non había conflitos armados.

Se un permitísese debullar a linguaxe utilizada polos medios de prensa no tratamento da guerra en Iraq, atoparemos que os enfrontamentos case sempre son entre “terroristas” e “militares”, o que implica, ao ser simplificado o conflito neses termos, un xuízo de valor subxacente e obviamente favorábel aos intereses do Norte. Tería unha connotación diametralmente diferente na opinión pública cualificar as partes como “tropas invasoras” e “milicias da resistencia”.

Todo o mundo parece saber con claridade de que falamos cando usamos o termo ‘terrorismo’. Con todo, as Nacións Unidas non lograron establecer unha definición universalmente aceptada do termo polos seus Estados membros. De tal xeito, ese vacío abre as portas para que o uso do termo “terrorismo” sexa, antes que unha cate-



gorización xurídica, unha definición política, que sempre será funcional a quen exerza o poder ou fixe a axenda política internacional. Non serán os feitos concretos, mais os intereses políticos os que nos digan entón o que é o terrorismo.

No caso particular de Iraq, tamén emerxeu outra categoría de combatente até entón descoñecida: a dos "contratistas", combatentes privados non suxeitos ás normas que rexen as accións militares, mais subordinados a mandos regulares. Estes "contratistas", ou mercenarios para ser máis precisos, xeralmente son militares ou ex-militares recrutados en países do terceiro mundo.

Na guerra, a palabra é unha parte substancial do botín do que as partes pretenden apropiarse. Ter o dominio da palabra permite a instalación de eufemismos tales como "guerra preventiva", que podería traducirse como "guerra polas dúbidas"; "célula durmida", que formalmente non quere dicir nada, dado que unha célula o é se está operativa ou non é nada; "asasinato selectivo" para temperar o concepto claro de asasinato; "danos colaterais" para xustificar o asasinato de non belixerantes. Recentemente, a prensa española fixo público que as autoridades marroquí detiveran "inmigrantes ilegais" que tentaban pasar a territorio do Estado español, obviando o detalle de que, neste caso, non eran inmigrantes, dado que non lograran deixar o seu país, e tampouco ilegais. "Ilegal", neste caso, usouse como sinónimo de "marroquí".

Nos Estados Unidos, un inquérito recente de Gallup revelou que 39% dos norteamericanos admite ter prexuízos cara aos musulmáns, un terzo cre que os estadounidenses musulmáns simpatizan coa rede terrorista *Al Qaeda* e case un cuarto manifesta que non queredo ter un musulmán de veciño. Outro estudo, aparecido no *Journal of Human Resources*, mostra que os salarios para as persoas de orixe árabe ou musulmá caeron 10% nos anos seguintes aos atentados do 11 de setembro de 2001.

Por outra banda, o Observatorio Europeo de Fenómenos Racistas mostra como o veio e o turbante, a mesquita e o inmigrante, son puntos de referencia da fobia ao islam, dunha intolerancia extrema onde converxen o rexeitamento relixioso, a xenofobia e o racismo. Aínda que non coñeza a fondo o uso destes mecanismos de persuasión na propaganda desenvolvida en nacións de Oriente, podería arriscarme a dubidar de que funcione de xeito moi distinto.

Para alén do uso dun discurso definido como "antiterrorista" por quen fomenta a islamofobia, hai un outro discurso que criminaliza o inmigrante musulmán, que o vincula ao delito, o tráfico de drogas e a perda de fontes de traballo da masa laboral local. Por suposto, non transcende que Europa recibe por cada euro que utiliza en asistir estes inmigrantes tres euros por efecto do seu traballo. Non é Europa a que axuda estes "inmigrantes ilegais", máis ben que son os "inmigrantes ilegais" os que contribúen á prosperidade eu-



ropea. Os gobernos omiten, e a prensa non o difundiu adecuadamente, que a inmigración ilegal é instrumental á economía do primeiro mundo que obtén man de obra barata para os tarefas que os traballadores locais non queren desempeñar. A inmigración mantida na esfera da ilegalidade permite flexibilizar e mesmo ignorar as leis que rexen as condicións laborais. O mundo desenvolvido aloxa millóns de “traballadores indocumentados” expulsados dos seus países pola pobreza. Cada tanto, algúns centos deles son retornados aos seus lugares de orixe para manter ante a opinión pública a ilusión de que se trata dun fenómeno resistido polos gobernos do primeiro mundo. É francamente imposible que esas enormes masas de inmigrantes poidan permanecer nos países de acollida sen a decisión dos gobernos, o empresariado ávido de man de obra barata e a complicitade dos grandes medios.

O fantástico destes fenómenos é a facilidade con que se logran establecer e como o ilusorio se parece ao verdadeiro. Quen traballa con estas percepcións adoita ter en conta o que sucede cando alguén manexa un automóbil por unha ruta deserta. Irremediabelmente, un ve auga sobre a calzada no horizonte. Todos sabemos que se trata dunha ilusión óptica. O realmente notábel é que “vemos” o mesmo todos por igual, sen importar o sistema de crenzas, a cultura ou a formación intelectual. Saber que estas ilusións ópticas existen debe servirmos para non incorporar ao noso sistema de ideas “ilusións de pensamento”.

Así, a asociación entre islam e fundamentalismo como regra xeral é unha ilusión do mundo das ideas funcional ao discurso dominante en Occidente e tamén aos mesmos islamitas radicais, quen, ao se consideraren os únicos depositarios da verdade revelada, pretenden representar o islam na súa totalidade.

A prensa occidental, salvo honrosas excepcións do xornalismo escrito, non se mostrou o suficientemente inclinada a reflectir o abano de análises diversas representativo do pensamento islámico de hoxe. Tampouco adoita tomar en consideración que son os propios países islámicos os primeiros afectados polo exercicio do terrorismo e a maioría das veces das represalias con que se pretende combatelo.

Ao xornalista espéranlle nestes días desafíos cada vez máis complexos. A revolución das comunicacións acurtou distancias entre mundos diversos, o que fixo aparecer de xeito máis clara o diferente. Mais aínda que as diferenzas irrompen como aquilo que non é asimilábel á propia identidade, tampouco debe verse como o hostil. A figura do diferente leva as sinais do estranxeiro e o sentido da súa irrupción –como sinala o teólogo Javier Melloni– é o dunha alteridade que apela á propia identidade. É posíbel o respecto ao diferente? É posíbel apreciar o diferente e o seu valor por ser diferente? Certamente é posíbel e é tamén o único modo de entender as relacións humanas. Moitas grazas ■

# Lisboas



PILAR PALLARÉS

Licenciada en Filoloxía Galego-  
Portuguesa pola Universidade de  
Santiago. Ten colaborado en varias  
revistas con estudos de crítica literaria.  
É unha das voces máis importantes da  
poesía galega

Reportaxe fotográfica: Xaquín Soliño

**Nun tempo Lisboa foi só unha estación de paso entre o seu Brasil natal e os USA. Agora moraba en Arroios, nun cuarto subarrendado á miña amiga E. Case non saía del cando estaba na casa, e era a súa muller a que cociñaba o feijao com arroz na cociña común e llo levaba despois, para comeren a sós. Mais unha noite acompañounos na nosa sobremesa e comezou a lembrar os primeiros meses á beira do Tejo, compartindo co irmán de E. a procura nos contentores de lixo e as noites nas paradas de bus. A súa familia nunca chegara a sabelo. Mentía por dignidade e piedade, como todos os emigrantes do mundo. Tamén nos contou que fora despois aforrando case todo o diñeiro que gañaba para pagar un avión até México e logo a viaxe atravesando o Río Grande. Primeiro ía partir un coñecido seu, botóns nun dos hoteis das Avenidas Novas, e inmediatamente despois faríao el. Ao grupo co que o amigo tentaba chegar á terra prometida abandonouno o coyote no deserto. Os que conseguiran sobrevivir foron detidos e encarcerados. A el tomouno o medo e renunciou ao soño americano. Por iso estaba en Lisboa, ancorado, nese 2005 en que eu o coñecín.**



No 2003 eu tamén pasara un tempo na cidade. Reservara un hostel no que xa tiña parado outras veces, ao pé do Príncipe Real. Cando telefonei a E. para lle anunciar a miña presenza, arranxou un oco na súa primeira casa, tamén en Arroios. Non facía nen un ano que deixara A Coruña por Lisboa. Dous andares do edificio estaban ocupados por brasileiros, moitos da súa familia. Por agora eran ela e o seu mozo os que vivían subarrendados nun cuarto diminuto, inzado de maletas e roupa.

Lisboa desde a ollada por veces suspicaz, case sempre ferida e susceptible, dos inmigrantes do Brasil. Cando cheguei alí por vez primeira fora para facer un curso de ferias con outros estudantes de Filoxía Galego-Portuguesa. As rapazas estábamos nunha residencia universitaria no Calvário. Un dos primeiros días fun con outra até o Campolide, na procura dunha farmacia de garda. Pouco tempo despois ese ía ser o meu bair-



ro durante un curso inteiro. Sempre ficou en min a primeira impresión: unha tarde apacíbel de domingo no verán de 1980, con paisanos a beberen unha *Orangina* ou un *garoto* nas terrazas e mulleres nas varandas. A *gente humilde* dunha canción do Chico Buarque pairando sobre esas rúas, na lembranza.

A E. xamais lle confesei que o meu *coup de foudre* con Lisboa tiña unha banda sonora brasileira. Ela aínda odiaba a cidade, o país todo. Na Coruña tiña pasado só uns meses, servindo nun café duns galegos retornados da Suíza. Cando caducou o seu visado de turista vivía coa alma nun puño, sempre temerosa da policía. En Portugal tiña familia e máis facilidade para conseguir os papeis, mais continúa a roela a saudade do Orzán. Aos seus contaxioulles unha particular relación co idioma, co noso idioma común: o que falamos os galegos párecelles o máis natural do mundo; a variante portuguesa resúltalles *esquisita* e mesmo caprichosa. Que manía de lles chamaren *atacantes* ao que simplemente son *cordoes*, cordóns!

Os emigrantes, nas épocas en que hai traballo (e daquela había) non teñen vagar para pasear. Tampouco cartos, claro. Así que París ou Lisboa poden ser para eles cidades feas e inhóspitas. Por iso a miña teima nas estadias de 2003 e 2005 foi descubrir a uns cantos brasileiros recalitrantes a beleza dunha cidade que eu amaba, inocularlles algo da miña fascinación por ela, loitar contra algo neles parecido ao rancor. Conversas no Jardim do Torel, ignorado pola maioría dos turistas, con parellas maduras e paseantes solitarios. Mui perto, o Campo dos Mártires da Pátria, coa estatua do médico Sousa Martins, obxecto de devoción popular en forma de exvotos e oferendas varias. Descermos desde o Chile pola Almirante Reis, a avenida barullenta e popular que tan ben retratou o Rodrigues Miguéis nun dos seus contos, para irmos dar á Martim Moniz, ese espazo sen resolver durante tan-



tos anos. Ou apañarmos un tranvía até Belém, para unha merenda de *pastéis* na Fábrica, pasando por alto a calma do claustro dos Jerónimos, no que tantas horas tiña eu ficado envisa en viaxes anteriores, prendida á pedra; andarmos *á beira d'água*, até a Torre de Belém, até unha E. exhausta se deixar caer nun banco, entre risos , berrando: “*Quero que o mundo acabe em barranca para eu morrer encostada*”. E a filla, a P. , unha adolescente



que veu aínda hai mui pouco do Brasil, debaténdose entre a fachenda polas olladas admirativas que provoca a súa beleza e os imperativos e prohibicións da relixión evanxélica na que se refuxia. Cando chegou o curso xa estaba comezado, así que perdeu o ano. Fai labores na casa, en tanto os outros traballan fóra, e pasa moitas tardes na igrexa que hai perto. Demóstrame o seu cariño abandonando os oficios e deixando que eu a guíe pola cidade, como se ela fose unha turista e eu unha *alfacinha* que presume da súa terra.

Miña é porque a escollín, porque desde aquel lonxincuo 1980 até o 2005 dos paseos brasileiros fun depositando no tempo moitos estratos de experiencia nela, fun coñecendo moitas Lisboas, pois tamén de cada vez eu era diferente.

Foi primeiro, na década de oitenta, o cerne dun país que os estudantes de Galego-Portugués e os que andábamos a iniciarnos no mundo literario, comezámos a sentir como noso. Lisboa era a capital dunha Galiza que non se avergoñaba de o ser, cun idioma máis seseante e sinuoso, un clima máis cálido, *oliveiras do paraíso* nos xardíns e os arrecendos do Sul. Axudábanos a limpar a lingua de formas deturpadas, ao tempo que descubríamos que as palabras tantas veces desprezadas aquí eran un pasaporte que abría fronteiras. Os colegas alemáns ou xaponeses das aulas para estranxeiros na Facultade Nova de Letras non daban entendido ás veces

que facíamos nós alí, porque segundo eles xa falábamos portugués, aínda que a fonética lles lembrase o español; cando líamos en alto as cantigas, algún profesor ten advertido que a maneira en que o facíamos achegábanos un pouco á medieval. Mais na rúa os lisboetas teimaban en nos responder en español e gostaban de nos encirrare lembrando a historia da *padeira de Aljubarrota* e os refráns que avisan “*De Castela, nem bom vento nem bom casamento*”. O Herman, un cómico de éxito na televisión da época, tiña un personaxe que non era ben listo e falaba con acento castellano.

Que víñamos sendo nós, aqueles xovens galegos? Na rúa turistas españois; na facultade non sei se uns europeos máis deses que descubren a paixón por un país ao Sul, como os compañeiros da Alemaña ou da Noruega, ou uns portugueses un chisco extravagantes. Ao fin e ao cabo tamén lles chaman galegos aos portugueses do norte.

Sentíamos que a loita por afirmar nos perante eles a nosa identidade, con tantos lazos amalloándonos a Portugal, acababa case sempre en fracaso. Mais no 84 os alumnos do curso de ferias e outros que andábamos de visita para curarmos a saudade lisboeta, chegámos a celebrar o Día da Patria nun restaurante da Baixa na compañía de José Saramago e Isabel de Nóbrega, por entón casados. Por alí andaba Cesáreo Sánchez Iglesias. O acto foi noticia na televisión.

Aquel verán coñecín en Lisboa a Paulino Vázquez e a Eusebio Lourenzo Baleirón. Fomos unha amiga e eu até un andar no Campo d'Ourique, por non sei que encargo. Lembro o sol chiscando os ollos entre os arboredos e, ao final dunha escada, Eusebio a abrir a porta, sorrinte.

Outra vez, outro ano, dei de súbito con Manuel Forcadela diante da Facultade Nova. Coido que nunca antes coincidíramos. Antes, no curso 1981-1982, que Xoán Costa e eu pasámos alí cunha bolsa do Instituto de Cultura Portuguesa, tiña estado por vez



primeira con Manuel María, Saleta, Claudio Rodríguez Fer e Ferrín. Eles interviñan nunhas xornadas sobre a nosa literatura. O Manuel gostaba de contar que tivo xa o primeiro día a certeza de que a rapariga de fazulas coloradas sentada entre o público só podía ser galega. Aquela viña sendo eu. Ao día seguinte Xoán tivo que me facer un empréstimo para os poder acompañar na cea.


Aquela era unha Lisboa na que a *Revolução dos Cravos* estaba aínda mui viva. Eu xa moraba nun *assovalhado*, no Campolide. A dona da casa, que mui logo se había converter en amiga, era unha alentejana vitalista, cunha inmensa sensibilidade lingüística, de esquerdas e atea. Tiña fitas de magnetófono nas que fora recollendo os cánticos, as información de radio e as consignas da Revolución. Escoitábomalas á noite, mentres pasaba o ferro ou cosía unha peza de roupa. Convidoume a un recital de Sérgio Godinho para que me sentise como unha portuguesa máis, pero carecía de moitas claves e experiencias comúns e sentínme un pouco estraña, ou estranxeira. Mais o Primeiro de Maio abrazoume entusiasmada porque me tiña enxergado na manifestación que baixaba pola Avenida da Liberdade, e aquela aperta e a entrada no Rossio entoando o “*Grandola, vila morena*” anularon todas as distancias.

Fóra da casa do Campolide non era doado ultrapasar a barreira da cortesía portuguesa. “*Faz favor, nao se importa de, muito obrigado*”. Na facultade, para alén dos colegas estranxeiros e de P., o noso amigo inseparábel, un andaluz de familia emigrada a Cataluña e alumno de Basilio Losada, os que se relacionaban connosco adoitaban ser fillos de emigrantes retornados, cos seus particulares problemas de identidade, e bolseiros da Guiné-Bissau ou de Angola que viñan a Lisboa para se formaren. Os seus países, sen elites propias, sen profesionais, necesitábanos. Enchían as aulas de facultades como a de Agronomía, a cuxa cantina acudíamos ás veces fu-



xindo do *peru* (ou da *perua*) como menú diario da nosa. Era outra Lisboa africana, antes de os caboverdianos comezaren a chegar á cidade por razóns fundamentalmente económicas.

Lisboa, *faz tempo que te nao vejo*. Se voltar agora, será aínda como chegar á casa? Entro no *Google Maps* e o Arco do Carvalhao, a rúa Professor Sousa da Camara, a Marques da Fronteira, están practicamente iguais a cando os deixei a última vez. Hai obras no Saldanha, pero fica o café *Versailles*. A el tamén levei os amigos brasileiros. E a un restaurante na rúa dos Douradores no que querendo ser guía, fun guiada. Foi comezar a contar E. ao dono da “*Antiga Casa Pessoa*” que eu era galega e botar a gabar A Coruña, e confesar el que da Galiza, coído que de Ponteareas, chegaran tamén os seus pais, aos que sucedera no negocio. Galegos lisboetas e unha brasileira do Paraná con morriña da nosa terra. Manda o diñeiro, mais escolle o corazón ■





# Guerrilla

## **A resposta armada galega ao fascismo**

Xunta Directiva da Fundación

## **A primeira guerrilla antifranquista galega (1936-1939): un esforzo malogrado**

Eliseo Fernández e Dionísio Pereira

## **Desde a montaña ao val: Socialismo e resistencia armada na Galiza**

Xosé Ramón Ermida Meilán

## **A resistencia dos maquis en Lugo**

Antón Grande

## **Do "Santa Teresa" á morte de Xosé Temblás**

Cibrán P. Mosqueira

## **O nacionalismo galego e a resistencia armada fronte ao golpe militar e a ditadura franquista (1936-1963)**

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel

# A resposta armada galega ao fascismo



O elemento xeracional acabou por converterse nun aspecto central para achegarse á realidade dos do monte. Unha realidade próxima para aqueles galegos e galegas que, na súa infancia, conviviron co actuar destes, e mesmo xogaron a ser gardas civís e escapados, apuntándose, as máis das veces, aos bandos destes, unha realidade distante para aqueles que souberon dos nosos fuxidos pola tradición oral familiar, mais que chegaron a estes dun xeito eivado, derivado do medo que martelou a represión e, xa por último, as novas xeracións que, no mellor dos casos, saben da resistencia armada ao franquismo por unha aproximación libresca.

Así as cousas, non debe sorprendervos que con este dossier que hoxe vos achegamos pretendemos socializar a experiencia da loita contra o fascismo do noso País, reivindicar a herdanza dos do monte para desafiar a mansedume e recuperar, a beneficio de inventario, o mellor do noso patrimonio rebelde, liberándoo de panteóns e museos que pretenden momificar esta realidade, ao vendela como unha mera extensión dun fenómeno común ao espazo do Estado español. A loita armada contra o franquismo non é patrimonio de máis

ninguén que dos que confrontaron coas armas na man á ditadura e daquelas persoas que apoiaron o esforzo destes; non sabe de siglas, descoñeceu a disciplina partidaria, articulouse entendendo Galiza como un espazo propio de loita e as súas peculiaridades e finou polo desencanto dunha vitoria que se vía imposible, mais fundamentalmente pola traizón, non nos montes de Galiza, mais nos despachos de Moscova, dos mesmos que pretenden arrogarse todo ese exemplo, compromiso e esforzo.

Aínda así, o esforzo de loita contra o franquismo do noso povo non é campo abonado para unha operación de apropiación indebida dos que nas chairas e nos montes da Galiza escribiron unha das epopeas máis heroicas do antifascismo internacional. Non contaron con máis apoio do que co seu valor; iso si, foron utilizados polas forzas aliadas mentres durou a II Guerra Mundial, para rematar vendidos polos noutros amigos británicos –mais tamén soviéticos– na Galiza, como en Grecia. Quíxose presentalos como un movemento simpático e inofensivo, caricaturizado como un exótico disidente até que chegaron os homes e mulleres do brazaletes de fora da Península. Porén, a etapa máis viva, intensa, creadora e fe-

cunda é aquela que respondeu á lóxica de Mariátegui: “nin calco, nin copia”. A auga de colonia era un luxo –parafraseando o Gardarríos– para aqueles que espertaban sabendo que ese podía ser o seu último día, mais aquí os luxos pagábanse caros, aínda máis cando o centro de decisión pasou a persoas alleas ao movemento que entendían este como un xeito de medre nas estruturas partidarias das que vivían, nas que vivían e para as que vivían. Non foi, como calquera outra guerra, unha experiencia épica, aínda menos para os que lles tocou perder, como aconteceu con aqueles fuxidos de Ferrol, Ortegal e A Mariña expulsados do PCE após abandonaren Galiza no Santa Teresa, mais que seguiron leais ao pensamento de Marx e de Lenin nun PC francés que non entendían, mais que era o Partido, ou para os afiliados socialistas que estaban no monte desde case o 18 de Xullo, esquecidos pola dirección da súa organización, por non falar da afiliación nacionalista que atopou a morte no monte ou enfrontou o exilio fronte ao desprezo dos reitores do partido no interior. A súa, sabíano, foi unha decisión definitiva, como definitiva é a morte, viñese esta das liñas inimigas, morte agardada ao cabo, ou viñese das próximas ou das

Páxina da esquerda, acto do Batallón Galego no bando republicano de homenaxe aos seus caídos durante a guerra.

Abaixo, fusil que utilizou o guerrilleiro antifranquista Benigno Andrade, *Foucellas*



da contorna como soubo 'O Neira', ou 'O Brasileiro', ou O... era a guerra, mais para esta guerra, para esta última, sobrababan as alforxas de quen xogou con estes galegos, atendendo, nuns casos, ao mero cálculo propio do peor dos *apparátchik* e, noutros, a súa particular xeoestratexia daquel mundo dividido en bloques en que á Galiza tocaba xogar no campo capitalista.

O caso é que fosen libertarios, republicanos, nacionalistas, comunistas, socialistas,... cando a realidade se radicalizou, até que os empuxaron a ter que elixir entre os opresores e os oprimidos, fixeron a súa escolla e levárona até as últimas consecuencias. Non se renderon. Porque eran os mellores fillos do povo, abandonados á súa sorte a finais dos 40 até se converteren en pezas de caza para as bestas. Si, eran os mellores fillos do povo esquecidos mais unha vez, asasinados e vendidos por aqueles que pactaron a transición. E xa era a segunda venda: vendidos, iso si, polos mesmos, os mesmos que quixeron –queren– apropiarse de todo ese esforzo de loita, como tamén sabían aqueles vellos enlaces dos fuxidos, como aquel Francisco López Quinte, candidato do BN-PG ao senado en 1977, ou aqueles fundadores das Comisións Labregas en Fonsagrada, persoas que sabían do trato de primeira man e remataron militando no nacionalismo. Isto é, non deron transformado estes homes e mulleres en pósteres de mercado, ou en intelectuais máis ou menos inxenuos, ósos duros de roer para o sis-

tema, ósos duros de instrumentalizar para os que os instrumentalizaron.

Queremos, ao fin, volver a repensar as súas preguntas, as súas interrogantes, as súas inquietudes como tarefa que non admite demora. As achegas que hoxe facemos públicas non tentar erguer museos ou panteóns, nin tampouco facer arqueoloxía de papeis vellos, senón abrir ventás para devolver o pasado a súa forma orixinaria, e fundamentalmente para pensar os desafíos do noso presente, que non é máis que a nosa achega ao futuro. Nun momento como este, imponse como central, en primeiro lugar, divulgar e recuperar a experiencia da oposición armada ao fascismo, armada tamén porque foi a única posíbel, para recuperar autoestima de povo digno e rebelde e sacar da historia para situala no noso que facer político a potencialidade revolucionaria dos galegos e galegas alén da superficialidade, o aparatismo ou a sucesión de anécdotas. Nun segundo plano, mais non nun chanzo inferior ao anterior, situase a necesaria decodificación do que foi a loita dos do monte, isto é, unha experiencia política que indica das coordenadas democráticas do noso povo e da súa potencialidade política, non un valado propagandístico de certa esquerda, con militancia implicada no movemento xa no seu devalo a partir de 1946/1947, mais que non tivo reparo algún en proceder á súa liquidación ás costas dos que estaban a morrer nos montes do País e que o

silenciou no momento que precisaba da súa integración no réxime xurdido da transición pactada. A canonización que nos últimos vinte anos, cando a *esquerda* á que nos estamos a referir volveu reivindicar este legado como arma de loita política dentro e fóra das estruturas partidarias, se ten feito desta lectura da loita dos fuxidos impugna calquera lectura que achegue rigor sobre o movemento, porque sucursaliza a loita dos e das galegas, ao explicala como unha extensión da que se librou noutros territorios e impide entendela. Asemade, o canon que vimos de denunciar opera como unha auténtica máquina de manipular e terxiversar unha realidade cunha vontade de reducir os estudos sobre os escapados a unha sorte de saber esotérico fechado en escritos case herméticos que tenta agochar o patrimonio político a rescatar para impulsar a loita, facendo fincapé na mera propaganda de eficacia cortopracista. Mais, por último, esta canonización, non deixa de ser unha cortina de fume que, para alén da uniformidade que torna posíbel negar Galiza, que, para alén do oportunismo dos que entenden a política como táctica e non como estratexia, tenta lanzar unha cortina de fume que agoche a responsabilidade da esquerda que pactou a transición, nesa política de renuncias iniciada xa co proceso de liquidación da resistencia armada ao franquismo co que tiña de alternativa de ruptura e non de reforma pola que seguen a apostar hoxe en día ■

Eliseo Fernández  
Dionísio Pereira

# A primeira guerrilla antifranquista galega (1936-1939): un esforzo malogrado



Lexión Condor alemá desfilando polas rúas de Vigo ao remate da Guerra Civil



Eduardo Pérez Vega, guerrilleiro natural de Tameirón "A Gudiña"; combateu en Asturias no exército popular da República e pasou ao monte a partir de 1938. Actuou no sureste ourensán co mítico Manuel Girón

O fenómeno da resistencia armada, en xeral, e da guerrilla en particular, conta na Galiza cunha abondosa produción bibliográfica, á que continuamente veñen sumándose biografías de loitadores antifranquistas, historias locais ou estudos das diferentes tendencias ideolóxicas presentes neste movemento. A maior parte dos traballos de investigación histórica reflicten o que foi a actividade das grandes organizacións aglutinadoras da resistencia guerrilleira, como foron a Federación de Guerrillas de León-Galicia e o Ejército Guerrillero de Galicia, nos anos 40. E, malia todo, existe unha prehistoria da actividade destas agrupacións que afunde as súas raíces na —a aínda pouco coñecida— resistencia armada levada a cabo na retagarda durante os anos da Guerra Civil e que, mesmo, pode se relacionar con algunhas actividades clandestinas dos tempos da II República.

Aos poucos, tamén esta parte da traxectoria do antifranquismo galego

está sendo obxecto de investigacións históricas. De feito, chama a atención que, nunha importante contribución recente a esta historia, as actas do congreso *A guerrilla antifranquista galega*, foron varios os autores que situaron de xeito claro a súa área de interese no tema na resistencia dos primeiros anos da Guerra Civil<sup>1</sup>. E, quizais, a proliferación de estudos sobre esta temática, teña que ver co feito rechamante de que só fora nos tempos inmediatamente posteriores ao remate da Guerra Civil cando a actividade das partidas acadou unha organización

1 Velá os traballos "A primeira resistencia. A Coruña, 1936-1937", de Emilio Grandío, "Escopeteiros (A guerrilla que non quixo ser)" de Xoan Carlos Garrido Couceiro, "Os primeiros fuxidos en terras viveiresas (1936-1939)" de Carlos Nuevo Cal e "Os primeiros fuxidos ourensáns" de Julio Prada. *A guerrilla antifranquista galega (Actas do Congreso)*. A Coruña: CRMH, 2012.

estábel arredor de obxectivos claramente políticos, mais alá da mera supervivencia que primaba en boa parte dos primeiros grupos de fuxidos. En consecuencia, preside os traballos sobre esta época inicial unha inxenuidade que xa fora claramente expresada por Bernardo Máiz nun dos seus traballos pioneiros na investigación da guerrilla antifranquista: "De xeito inexplicable o Goberno da República desprezou o potencial humano e bélico que eses homes podían ser na retaguarda inimiga no caso de ter armamento e contactos."<sup>2</sup> O obxectivo desta nosa achega é o de ofrecer unha visión de conxunto sobre este asunto<sup>3</sup> e, ao tempo, avanzar algunha explicación satisfactoria á inxenuidade formulada.

Á hora de analizar a febleza organizativa do antifascismo galego nos anos da guerra civil, cómpre lembrar como antecedente máis inmediato a escasa previsión do goberno republi-

2 MÁIZ, B. *Galicia na IIª República e baixo o franquismo*. Vigo: Xerais, 1988. Páx. 95.

3 Para tentar situar o tema fixemos unha Cronoloxía (incompleta) das actividades de resistencia aos golpistas na Galiza dos anos da guerra civil, que ofrecemos como Anexo.



cano e das organizacións de esquerda diante do golpe militar de xullo de 1936. Malia a constatación dalgúns preparativos entre a militancia anarquista ou comunista, ou algunha iniciativa illada por parte do republicanismo<sup>4</sup>, a verdade é que o reiteradamente anunciado movemento militar de xullo non atopou unha resistencia minimamente organizada por parte das agrupacións antifascistas. Agora, non podemos demorar o relato atendendo ás razóns da devandita imprevisión; abonda con dicir que as forzas políticas e sindicais que poderían enfrontar o golpe con certas garantías na Galiza (a CNT e o PCE) non estaban nas mellores condicións organizativas e se atopaban fundamentalmente divididas. Canto aos anarcosindicalistas, cómpre non esquecer que, daquela, a CRG andaba descabezada e en plena reorganización tras a desfeita do Bienio Negro<sup>5</sup>; pola banda dos comunistas, a propia documentación interna do PCE recoñecía a súa febleza operativa naquel momento<sup>6</sup>. Nesas condicións, os militares sublevados enfrontaron por toda parte numerosísimos grupos de resistentes, mal armados e lastrados por unha máis que cativa coordinación, que foron rapidamente derrotados militarmente, sen conseguir alargar os combates regulares máis aló dos últimos días do mes de xullo. Como consecuencia desta derrota, unha multitude de homes e mulleres

4 Referímonos á tentativa de facer un desembarco de armas en Cariño planeado por militantes republicanos de Ferrol, entre os que se atopaba José López Bouza, presidente da Deputación da Coruña. AIRMN Causa 147/37 Ferrol

5 PEREIRA, D.; FERNÁNDEZ, E. *O Movemento Libertario en Galiza 1936-1975*, Vigo: A Nosa Terra, 2006.

6 AIRMN, Causa 1095/39 A Coruña. O Informe sobre o PCE na Coruña, enxergaba críticamente o papel do Partido nos primeiros intres do golpe militar na cidade.



Abelardo Gutiérrez Alba, natural de Cervantes, combateu en Asturias no bando republicano; estivo na guerrilla dende 1938 na zona de Ancares e Courel

que tiveran participación naqueles combates ficaron nunha complicadísima situación nos primeiros meses da Guerra Civil.

Por regra xeral, o inicio da represión castigou con forza as resistentes nos ámbitos urbanos, o que motivou que, aos poucos, fosen repregándose ás zonas periurbanas primeiro, e a zonas máis afastadas despois, para fuxiren da persecución. Só nalgúns zonas de forte influencia esquerdista, como Ferrol, A Coruña ou Vigo, existiron militantes clandestinos que actuaron ou se coordinaron arredor do ámbito urbano de orixe.

Nos primeiros tempos, estes fuxidos realizaron incluso actuacións de corte ofensiva como a celada tendida por antifascistas da zona de Vilagarcía a unha columna de castigo a finais de xullo de 1936, ou a sabotaxe das instalacións da CAMPSA na Coruña, acontecido o 16 de setembro de 1936. Neste ámbito, o caso da cidade herculina foi especialmente significativo, pois unha boa parte dos cadros militantes do vizoso movemento anarcosindicalista local sobreviviu á primeira represión e montou distintas redes clandestinas para levar a cabo unha xeira de actividades de moi diverso tipo. En ocasións, tamén foron apoiados por



César Rosas, cadro anarcosindicalista vigués, andou escapado até 1939 data na que foi abatido no Toural de Teis

O guerrilleiro antifascista Demetrio García, activista na batalla do Cambedo. Fotografía da entrada en prisión en Portugal en 1946 e retratado á saída en 1965



Higinio Carracedo Ruza, líder da resistencia estradense que é cercado e abatido na súa casa o 28 de novembro de 1938 por unha partida de 25 falanxistas e 5 Gardas Cívís

militantes comunistas<sup>7</sup>, fuxidas por vía marítima organizadas por antigos sindicalistas mariñeiros, levantamentos en cuarteis<sup>8</sup>, reorganización dos grupos anarquistas e difusión de propaganda clandestina. Mais este tipo de actividades levou de seu numerosas caídas e o progresivo desmantelamento das estruturas clandestinas, con fitos como a frustrada tentativa de sublevación de militares do corpo de Infantería en outubro de 1936, a trágica fuxida do Portiño en marzo de 1937, a caída da FAI nas Atochas no verán de 1937 ou o devaldo da rede de

7 A participación dos comunistas nas actividades clandestinas foi patente na Coruña, mais os intentos reorganizativos do PCE na cidade non acadaron éxito, nin tampouco foron efectivas as tentativas do PCE no sentido de utilizar Portugal como base de operacións para se infiltrar na retaguarda franquista. SANTIDRIÁN, V. *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*. Sada: Edicións do Castro, 2002. Páx. 255.

8 Existe unha interesante descripción de varias tentativas de insurreccións en cuarteis en JASPE, A. *Los de Neira: the Forgotten Resistance*. [http://eprints.ulster.ac.uk/15795/1/Los\_de\_Neira\_The\_Forgotten\_Resistance.doc]



fuga marítimas co asasinato do antigo secretario da Federación Nacional de Industria Pesquera, Manuel Montes, e o seu fillo, Carlos, na primavera de 1938<sup>9</sup>. Nesta altura, pouco ficaba en pé do que fora o potente anarcosindicalismo coruñés. Non obstante, tanto na contorna de Vigo como na de Ferrol, comezaron a actuar tamén nos primeiros meses varios grupos de fuxidos que realizaron roubos e represalias contra delatores e represores, en paralelo co que estaba a suceder tamén noutras zonas de difícil acceso (Valdeorras, O Bolo, Ancares, Serra do Faro, 'Raia Seca' ourensá, Serra do

9 Sobre as actividades clandestinas na Coruña, pódese consultar: PEREIRA, D.; FERNÁNDEZ, E. op.cit., 2006.; GRANDÍO SEOANE, E. *Vixiancia e represión na Galicia da Guerra Civil. O "Informe Brandariz" (A Coruña, 1937)*, Sada: Edicións do Castro, 2001; PEREIRA, D. *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*, Vigo: Edicións Xerais, 2010.

Xistral...). Este tipo de actividades nos arrabaldes urbanos xeraron xa en decembro de 1936 unha significativa petición ao xeneral Mola para o envío de axentes da policía secreta a Coruña, Vigo e Ferrol.<sup>10</sup>

Os militantes refuxiados nos montes foron uníndose progresivamente en pequenos grupos, que se viron incrementados por mozos que desertaban das unidades en que estaban encadrados, ou escapaban das cada vez máis numerosas levas forzosas do exército franquista. De feito, as novas autoridades non conseguiron, en todo o período da guerra civil, controlar amplas zonas do territorio galego, en que as bolsas de fuxidos comezaron a actuar neste período inicial en termos de autodefensa,

10 JASPE, A. *Los de Neira: the Forgotten Resistance* [http://eprints.ulster.ac.uk/15795/1/Los\_de\_Neira\_The\_Forgotten\_Resistance.doc]

José Neira Fernández, encabezou unha das partidas guerrilleiras máis activas dende 1938, con actividade no norte da provincia da Coruña



mais tamén con certo planeamento.<sup>11</sup> Nalgúns casos, a actividade destes fuxidos confundíuse coa de pequenas bandas de delincentes comúns que xa actuaban no período republicano. Ao cabo, o descontento co novo réxime sobordara o grupo dos opositores políticos á sublevación, atinxindo outros sectores sociais, con motivacións de distinto signo, como o descontento polas requisas de alimentos, as limitacións á pesca, o traballo forzoso, a escaseza de provisións, as levas militares ou os excesos represivos das novas autoridades. En calquera caso, na cronoloxía que achegamos como anexo descríbese unha retagarda, a galega, lonxe de estar pacificada e sometida.

Na zona republicana existía constancia do descontento da poboación e das actividades de resistencia armada, e mesmo na prensa de guerra non son raras as reportaxes sobre o devalar desta primeira e incipiente guerrilla. É moi salientábel a mitoloxía que rodeou Manuel González

11 GRANDÍO SEOANE, E.. "A primeira resistencia. A Coruña, 1936-1937" en *A guerrilla antifranquista galega (Actas do Congreso)*. A Coruña: CRMH, 2012.



Maquis na fraga do Eume

(‘O Fresco’), o ‘maquis’ galego máis referenciado na zona leal, de quen mesmo se sinalaba que comandaba milleiros de homes nas montañas galegas, ou que incluso chegara a Asturias na súa actividade antifranquista.<sup>12</sup> O xornal *Galicia Libre*, publicado en Madrid polos anarcosindicalistas galegos, tamén daba conta do bulir dos grupos comandados por antigos cadros sindicais como José Moreno ou Enrique Fernández. Porén, tal semella que nin o goberno republicano, nin as organizacións políticas ou sindicais tentaran tan sequera esta-

12 De maneira paradoxal, as novas sobre a actividade do “Fresco” foron publicadas cando este xa morrera a mans dos represores. Por outra banda, cumpre sinalar que o “Fresco” actuou en solitario a maior parte do tempo que estivo fuxido, sen encabezar partida ningunha. Sobre a devandita mitoloxía, ver *Nueva Galicia*. Madrid, Nº 18, 19/8/37 e Nº 27, 21/11/37.

belecer contacto ou proporcionar armamento e axuda loxística aos fuxidos da retagarda en territorio galego.

Coa información que está dispoñíbel arestora, non temos ningunha evidencia de que eses contactos existisen. Tampouco hai constancia de investigacións sobre as posíbeis actividades de infiltración do espionaxe ou de forzas especiais republicanas na Galiza. Mais, polo que se sabe, estas foron practicamente nulas. Só nos primeiros meses da Guerra, o goberno republicano pareceu ter presente a existencia dunha retagarda na Galiza: foi con ocasión dos bombardeos de unidades da aviación republicana a Ferrol, que tentaron atinxir a flota sublevada e os arsenais militares en agosto e setembro de 1936. En tempos posteriores, o goberno republicano esqueceu por completo a retagarda dos sublevados, cando menos na Galiza, mentres que a mensaxe que se dirixiu aos fuxidos foi de que tentasen pasar á zona republicana por Asturias

Manuel Ponte Pedreira, preso entre 1936 e 1943 na Coruña, en 1945 incorpórase á guerrilla, ao morrer Marcelino Rodríguez Fernández (Marrofer) accedeu á xefatura da IV Agrupación guerrilleira, morrendo nun enfrontamento coa Garda Civil en 1947



ou Portugal<sup>13</sup>. Por outro lado, as organizacións que actuaban na clandestinidade sobre o terreo, a CNT e o PCE de xeito sinalado, tal semella que, fracasadas as tentativas de sublevación nos cuarteis de diversas cidades galegas, a súa estratexia foi a de organizar os cadros en redes ou comités clandestinos, quer para organizar as fugas, quer para manter a xente en contacto á espera dunha vitoria militar da República<sup>14</sup>.

O maior problema que tiñan aqueles grupos de fuxidos era novamente a escaseza de armas e municións coas que facer fronte a unidades militares

13 Así o sinala José Fernández Vázquez "Comandante Soutomaior" na súa autobiografía, indicando que as emisións da radio republicana escoitadas polos fuxidos do Barbanza recollían este tipo de chamamentos. SOUTOMAIOR, J. *Así roubéio o Santamaría*. Vigo: Galaxia, 1999. Páxs. 12-13.

14 No caso do PCE, así o parecen manifestar as actas de xuntanzas do Partido na zona da Estrada durante o ano 1938; ver AIRMN Causa 122/41 Pontevedra. Respecto da CNT galaica, temos noticia dos debates existentes sobre a conveniencia da loita armada *versus* resistencia pasiva aos que despois nos referiremos.



Mario de Langullo, o Pinche, retratado na clandestinidade

ou paramilitares ben equipadas. A coordinación e o contacto con outras partidas foi algo que se foi dando progresivamente no tempo, mais tamén é verdade que era este un aspecto secundario diante da carencia de armamento. Só algunhas partidas conseguiron paliar, en certa medida, esta escaseza mediante roubos aos somaténs locais armados polos falanxistas ou, a partir do inverno de 1937, pola chegada de fuxidos da fronte asturiana que trouxeron parte do armamento con que combateran naquelas terras. Xa fora por desleixo, ou polos propios problemas das autoridades republicanas para a adquisición de armamento, o caso é que non existe constancia de ningunha acción das autoridades republicanas que se dirixira a fornecer os fuxidos de armas.

A tradicional desconfianza nas iniciativas populares e a indecisión do goberno republicano diante dunha guerra 'irregular' sen control, se acaso constituíron impedimentos para mon-

tar unha guerrilla potenciada polas autoridades leais. Mais tamén houbo factores xurdidos ao longo do conflito bélico que viñeron complicar aquela posibilidade. A máis importante foi a batalla emprendida entre as organizacións da esquerda arredor do tema da militarización das tropas na zona republicana. Os sectores influídos polo PCE preconizaban a formación dun potente exército popular, mentres que os sectores máis revolucionarios, encabezados pola CNT, eran máis partidarios das milicias antifascistas organizadas de xeito máis ou menos espontáneo baixo o pulo popular nos primeiros tempos da Guerra Civil. Neste contexto, o sector vitorioso na tirapuxa, co PCE e o goberno republicano á fronte, desbotou a formación de guerrillas no sentido clásico. Pola súa banda, a CNT, derrotada nas súas aspiracións revolucionarias e finalmente integrada tamén no goberno republicano, careceu da iniciativa ou das posibilidades de levar adiante propostas tales como a

Enlaces e guerrilleiros xunto cos seus principais estudosos como é o caso de Hartmut Heine e Bernardo Máiz no Congreso "A guerrilla antifranquista galega" que decorreu na Coruña en xaneiro de 2009



infiltración de grupos partidarios da independencia no Marrocos español ou a formación de guerrillas. Co avance da Guerra Civil, levouse a cabo a creación de unidades guerrilleiras, mais na súa maior parte só funcionaron lonxe do territorio galego e dun xeito limitado, como meras forzas auxiliares dos exércitos republicanos.<sup>15</sup>

O militante anarquista e teórico da guerrilla, Abraham Guillén, criticou posteriormente o erro estratéxico que supuxo adoptar a táctica da guerra de fronte, en contraposición ás tácticas da guerra revolucionaria. En concreto, culpou o goberno de Largo Caballero por se opor á creación dunha guerrilla na retagarda dos sublevados, para non alarmar as potencias occidentais. Do mesmo xeito, criticou que as sucesivas derrotas republicanas en Euzkadi e Asturias non fosen seguidas da

conversión das unidades militares en unidades guerrilleiras.<sup>16</sup> Unha conversión que só illadamente e de xeito moi incompleto tivo lugar nalgunhas zonas de León, Zamora, Lugo e Ourense, coa chegada e reagrupamento dalgúns fuxidos da desfeita asturiana.

No entanto, na Galiza, temos constancia de que o debate sobre a conveniencia da loita armada no contexto da Guerra Civil se deu tamén entre os propios fuxidos. Na zona de Lousame, os grupos de fuxidos partíronse en dous: a partida de mineiros liderado por Ramón Rodríguez Varela ('Curuxás') decidiu pasar á ofensiva armada con accións como o roubo da nómina das minas de San Finx o 14 de abril de 1937, mentres o antigo dirixente cenetista do sindicato de mineiros Enrique Fernández apostou por unha postura máis moderada, procurando aires máis tranquilos, agacha-

do na bisbarra de Boiro, primeiro, e logo presentándose ás autoridades no outono de 1939 ao abeiro do coñecido bando emitido polo Gobernador Civil de Pontevedra, Gómez Cantos. No inverno a cabalo entre 1936 e 1937, comezaba a se definir entre os confederais unha fronteira entre os partidarios de intensificar a confrontación armada co réxime franquista, e os que decidían agardar tempos mellores mentres procuraban saídas individuais, enfrontaban de maneira organizada a represión ou preparaban as fugas a territorio leal. Tamén na contorna de Ferrol, os fuxidos anarquistas e socialistas mantiveron unha actitude máis ben pasiva no período da Guerra Civil e só unha vez rematada esta, organizaron dúas fuxidas por mar cara a Francia en maio e xullo de 1939, en que escaparon case medio cento de antifascistas de Mugardos, Ares, Ferrol, Serantes e Narón<sup>17</sup>.

15 CANCIO, R. C. *Fuerzas especiales en la Guerra Civil Española*. Madrid: Ministerio de Defensa, 2011.

16 GUILLÉN, A. *El error militar de las izquierdas*. Barcelona: Hacer, 1980.

17 PEREIRA, D; FERNÁNDEZ, E. op. cit. 2006.



Ramón Varela (Curuxás), na única foto que se coñece de guerrilleiro. Na foto da dereita o cadáver do Curuxás sobre o carro de vacas no que transportaron os veciños tras a súa morte por causas naturais



O caso é que, aos poucos, e malia a falta de apoio, as actividades dalgúns grupos de fuxidos foron tomando un cariz máis ofensivo. A cronoloxía que incluimos como anexo reflicte o incremento das accións dos fuxidos no monte, aumentando enormemente os roubos e represalias, especialmente a partir de 1937. Pola contra, as actividades iniciais, como as tentativas de reorganización clandestina, as fuxidas por mar ou os levantamentos urbanos en cuarteis e motíns en unidades da armada sublevada, foran esmorecendo progresivamente. No ámbito político, cómpre sinalar a formación do Comité Chapaieff en novembro de 1938, entre os fuxidos do Ortegal do tamén denominado Grupo Neira e doutras partidas da zona. Foi aquel Grupo, organizado en torno ao antigo militante anarcosindicalista José Neira Fernández, quizais unha das partidas máis ambiciosas na súa faciana organizativa, pois tense sinalado que a súa actividade se estendeu posteriormente até zonas da Costa da Morte ou Palas de Rei, enlazando, precisamente con 'Curuxás',<sup>18</sup> aínda así, algunhas fontes sinalan que non foi

18 PONS PRADES, E. *Guerrillas españolas (1939-1960)*. Barcelona: Planeta, 1977.

até o verán de 1939 en que o grupo pasou ás accións armadas ofensivas, con ataques a varias casas reitorais de Ortigueira e Monfero<sup>19</sup>. Tal e como se recolle na cronoloxía, as confrontacións armadas e a reorganización política protagonizada polos fuxidos sementaron a inquedanza nas autoridades franquistas, provocaron movementos de tropas e forza pública dentro do territorio galego (algo que aínda é preciso coñecer e valorar en maior medida) e chamaron a atención da diplomacia estranxeira, reflectíndose de xeito diáfano nos informes emitidos por axentes consulares ingleses e portugueses.

Fóra do Grupo Neira, entre as partidas máis activas nos anos da Guerra Civil é preciso referirse ás da contorna viguesa e as do sueste ourensán. Neste último caso, cómpre ter en conta que o seu dinamismo estivo favorecido pola incorporación de combatentes procedentes de Asturias, pola osmose con outras partidas leonesas e zamoranas e por factores xeográficos como a orografía da zona e a proximidade da fronteira portuguesa, utili-

19 JASPE, A. *Los de Neira: the Forgotten Resistance*. [http://eprints.ulster.ac.uk/15795/1/Los\_de\_Neira\_The\_Forgotten\_Resistance.doc]

zada en ocasións como base de operacións e, ás veces, de recrutamento dalgúns colaboradores de nacionalidade portuguesa. A confirmación de que aquela actividade guerrilleira na retagarda franquista podía chegar a converterse nun serio problema para os sublevados está na comunicación datada o 7 de xullo de 1937 do comandante militar de Ourense ao xefe do exército do Norte, para pedirlle que voltasen a Ourense os 180 gardas civís que foran enviados á fronte de Madrid e que, naquela altura, resultaban necesarios para combateren os grupos de fuxidos do sueste ourensán<sup>20</sup>. De feito, unha consecuencia inmediata do fin da Guerra Civil foi o traslado a esta zona da 3ª Bandeira da Lexión e o incremento das forzas da garda civil no terreo para tentar combater a actividade dos fuxidos. Máis tarde, a maiores, achegaríanse algunhas unidades de Regulares do Rif.

Ao cabo, Hartmut Heine sinalou a orixe da guerrilla antifranquista dos anos 40 en catro grupos principais de fuxidos: as partidas de O Bierzo e A Cabrera, os fuxidos de Carucedo, os de Aguiar (Oencia) e os da 'Cidade da Selva' en Casaio-Carballada de Valdeorras.<sup>21</sup> Nas agrupacións guerrilleiras deste novo tempo incorporáronse

20 HEINE, H. *A guerrilla antifranquista en Galicia*. Vigo: Xerais, 1980. Páx. 22.

21 HEINE, H. "El movimiento guerrillero en Galicia y las comarcas limítrofes" en *A guerrilla antifranquista galega (Actas do Congreso)*. A Coruña: CRMH, 2012.


Acta da xuntanza clandestina do Comité Antifascista da Estrada do 22 de xullo de 1938. Este grupo operou nos montes deste concello

tamén unha importante porcentaxe dos fuxidos que, desde os anos da Guerra Civil, estiveran nos montes de toda Galiza. Algunhas daquelas partidas, como as da zona de Cedeira, Barbanza ou o Monte Xabre, ficaran moi danadas polas operacións de castigo dos franquistas, e só unha parte dos fuxidos que as integraban incorporouse á guerrilla. Mais as partidas citadas por Heine e algunhas outras como as do Eume, Ortegal, Ancares, Alto Ulla, Serra do Faro ou a da contorna viguesa e do Baixo Miño (estas bastante diminuídas pola represión) formaron a base das novas agrupacións guerrilleiras. Ficarán sempre en pé a dúbida do que pasaría se a Federación de Guerrillas de León-Galicia ou o Ejército Guerrillero de Galicia, ou outras formulacións semellantes, existisen nos anos da Guerra Civil, un tempo en que –insistimos– o panorama dista moito da interesada visión dunha Galiza entregada aos sublevados apenas sen loita e afervoadamente franquista ■

## ANEXO

### Cronoloxía incompleta das actividades de resistencia armada e sabotaxes na Galiza (1936-1939)<sup>22</sup>

- 1936-07-29/30 Morte de sete traballadores do camiño de ferro Zamora-Ourense (carrilanos), en confrontación armada coas forzas do exército nas proximidades da Vilavella-A Mezquita.
- 1936-07-30 Liberado en Vilagarcía de Arousa o tenente de carabineiros Salvador Buhigas Novo, detido polas milicias obreiras xunto con outros dous falanxistas de Vilagarcía e Cambados. Nos montes Lobeira e Xabre existirá unha importante concentración de fuxidos até o remate da Guerra Civil, o



que obrigará a intervir ao exército e milicias falanxistas en diversas ocasións.

- 1936-07-30 Destrución de postes de teléfono en Vilagarcía. As forzas da garda civil e carabineiros que protexían as brigadas de reparación caeron nunha celada por parte dos fuxidos. A estrada interrompida por unha pedra e ao retirala estoupou dinamita oculta tras dela, causando a morte dun garda civil e dous carabineiros.
- 1936-07-30 Morte de tres persoas en confrontación armada na estrada Ourense-Cabeza de Vaca.
- 1936-07-30 Morte de catro persoas en confrontación armada na Peroxa.
- 1936-07-31 Tiroteadas as forzas do exército entre os portos do Padornelo e A Canda (A Mezquita-Zamora)
- 1936-07-31 Morre un fuxido tras enfrontamento armado coa garda civil no Monte Lobeira-Cornazo-Vilagarcía.

1936-07-31 Morre un veciño de Lavadores tras un enfrontamento armado coa forza pública.

- 1936-08-?? Dous veciños de Oulego-Rubiá morren a mans dos fuxidos.
- 1936-08-?? Formación dun grupo guerrilleiro no Barbanza, encabezado polo militante do PCE José Fernández Vázquez e composto duns corenta homes, a maioría deles antigos traballadores das minas de Lousame. A partida mantivo frecuentes relacións cos fuxidos da contorna de Vilagarcía de Arousa.
- 1936-08-01 Un hidro da Base Naval de Marín sobrevoou o monte Xabre, mentres unha columna procedente de Pontevedra e Vilagarcía percorría o monte para reparar as avarías na condución de enerxía eléctrica do Tambre.
- 1936-08-01 Tropas do Rexemento Mérida nº 35 inspeccionaron o monte Ancos (Xuvia) e outras do Rexemento de Costa nº 2 foron a

22 Agradecemos Víctor Oia as súas aportacións para levar a cabo esta Cronoloxía.

Galicia Libre foi unha publicación periódica editada en Madrid de inspiración anarquista, órgano da Agrupación de Gallegos Libertarios, que se publicou do 20 de setembro de 1937 até 1939 pero xa editada desde Valencia



- Valdoviño, Cedeira e San Sadurniño en labores de limpeza.
- 1938-08-02 Morto en "acción de guerra" un veciño de Xinzo de Limia.
- 1936-08-04 Na estrada Celanova-Ourense, no cruce de Piñor, uns individuos fixeron disparos a tropas da garda civil, establecéndose un combate en que morreron tres fuxidos. Na contorna de Ourense, os enfrontamentos armados, atentados e sabotaxes foron frecuentes até a terceira semana de agosto.
- 1936-08-04 Unha columna da garda civil bateu a zona do Courel, facendo algúns prisioneiros.
- 1936-08-05 Forzas da garda civil e soldados peneiraron o concello de Cabanas e tiveron un enfrontamento en que morreron dous fuxidos.
- 1936-08-08 Elementos comunistas de Sarria, ao mando do antigo alcalde Páramo e armados de carabinas e pistolas, asaltaron unha polvoreira particular dun pirotécnico local.

- 1936-08-09 Forzas da garda civil e milicias fascistas fixeron batidas en Capela, Fene, Mugarbos e Ares, facendo detencións.
- 1936-08-11 Detidos varios 'extremistas' en Pontedeume cando levaban un camión con dinamita. No tiroteo, morreron catro fuxidos.
- 1936-08-11 Un grupo de falanxistas e gardas civís foi tiroteado en Torbeo-Ribas de Sil. No enfrontamento morreron tres fuxidos.
- 1936-08-13 Morre o cenetista tudense, Alejandro Costas Fernández, nun enfrontamento coa forza armada en Soutelo-Salceda de Caselas.
- 1936-08-14 Comunista morto a tiros en Viveiro, cando se enfrontou a un grupo de falanxistas e quixo fuxir.
- 1936-08-15 Falanxistas vivarienses detiveron en dúas batidas desentoladas na zona de Ferreira do Valadouro e As Grañas de Viveiro, a catro soldados desertores que tentaban fuxir cara a Asturias.

- 1936-08-16 Bombardeo dun trimotor 'roxo' sobre Ferrol. Atinxiu dependencias da Construtora Naval, Dique e Academia de Maquinistas e causou a morte dun obreiro e outros doce feridos.
- 1936-08-16 Intento de levantamento no Cuartel de Infantería de Mariña de Dolores no Ferrol. Foron pasados polas armas oito paisanos e un soldado.
- 1936-08-17 Tentativa de levantamento no Castelo de San Felipe. O instigador, Enrique Amado Lago, morreu posteriormente polas torturas.
- 1936-08-17 Presenza de grupos de fuxidos armados españois e portugueses na serra do Montezinho, perseguidos pola Garda Fiscal.
- 1936-08-19 Morre un fuxido en confrontación coas forzas do exército no Monte Picado-Salceda de Caselas.
- 1936-08-19 Segundo o cónsul de Portugal en Ourense, nos tramos da provincia de Ourense das obras do camiño de ferro teñen "os fascistas e as autoridades feito una verdadeira limpeza, constando-me de fonte absolutamente segura que até onte tiñan morto oitenta e dois marxistas".
- 1936-08-19 Catro fuxidos mortos pola garda civil en Viladesuso-Capela.
- 1936-08-20/22 Segundo o semanario da Falanxe de Verín *España Nueva*, en varias incursións das forzas do Capitán Ros no tendido do camiño de ferro nos concellos de Laza, Castrelo do Val, O Riós e A Gudiña, resultaron mortos 22 fuxidos e varias casas queimadas. Houbo tamén un número indeterminado de feridos.
- 1936-08-23 Unha muller que estivo fuxida nos montes de Feáns con preto de 150 individuos foi detida na Coruña. Estivera acompañada polo cenetista José Rosende Calvo.
- 1936-08-28 Morte de José Rosende Calvo, do trotskista Uxío Carré e outros dous compañeiros nun enfrontamento no Monte Galán-Elviña-A Coruña.



Os guerrilleiros Jesús Iglesias Escourido (Tizón), Evaristo Candela e Francisco Gómez Núñez (Trotski)

- 1936-08-?? José Lago González ('Petrillas') e unha dúcia de fuxidos constitúen un grupo estábel que actúa na contorna de Cabral e San Paio de Navia, en Vigo, até 1939. As autoridades acúsano dunha morte en 1936 e varios atracos nos anos posteriores.
- 1936-08-?? Comeza a actuar o grupo de Roberto Oya ('Cachopas') por Bembrive, Candeán, na contorna viguesa, e O Condado. A garda civil atribúelles, até 1939, o asalto ás casas reitorais de Candeán e Bembrive e outras vivendas daquela zona.
- 1936-08-?? Primeira acumulación de fuxidos no Monte Galleiro-Pazos de Borbén, onde se atopan futuros guerrilleiros como José Romero González ('Merello'), Ramón Pereira Antelo ('Parrilleiro'), Severino Carrera Martínez ('Farrapillas'), Juan Guillén Biel, Álvaro Ballesteros ('Barbas'), Eduardo e Florencio Araújo Conde, etc.
- 1936-08-?? Morte dun falanxista en Valdoviño, a mans da guerrilla.
- 1936-09-13 Un morto en "escaramuza con la fuerza pública" acontecida en Grandal-Vilarmaior.
- 1936-09-16 Incendio provocado por sabotadores nas instalacións da CAMPSA en Coruña. A alarma dá lugar a unha evacuación espontánea da poboación a lugares altos da cidade.
- 1936-09-18 Morren dous fuxidos en confrontación armada con forzas do exército no Monte Picado-Salceda de Caselas.
- 1936-09-19 Morre un fuxido en confrontación armada con forzas do exército no Monte Picado-Salceda de Caselas.
- 1936-09-23 Quinto bombardeo da aviación republicana sobre Ferrol. Segundo o periódico *Nova Galicia*, até decembro de 1937 houbo sete bombardeos co Arsenal como principal obxectivo.
- 1936-09-23 Sabotaxe da liña eléctrica de Carballo.
- 1936-09-23 O periódico de Barcelona *La Vanguardia* refírese por vez pri-



© Carlos Parrado

meira á formación de guerrillas na contorna inmediata da Coruña, onde, segundo o historiador Emilio Grandío xa se pode apreciar a *"existencia de certa planificación na realización dos esporádicos atentados contra os sublevados"*.

- 1936-09-29 Morre un fuxido en confrontación con forzas do exército no Monte Picado-Salceda de Caselas.
- 1936-09-?? Consello de guerra na Base Naval de Rios-Teis contra catro mariñeiros do gardapescas 'Maquinista Macías', por tentativa de rebelión. Tres deles son fusilados un mes máis tarde.
- 1936-09-?? Consello de Guerra en Ferrol contra seis mariñeiros do bou artillado 'Ciriza', por tentativa de rebelión.
- 1936-09-?? Tentativa de sublevación dun grupo de cabos e soldados no Cuartel de Intendencia da Coruña.
- 1936-09-?? Segundo o crego franquista, Manuel Silva Ferreiro, no mes

de setembro de 1936 comeza en Lavadores unha xeira de asaltos a establecementos, atracos e roubos a persoas atribuídos aos fuxidos, que en catro ocasións, acaban en asasinato de dereitistas. Son perseguidos os autores pola garda civil, milicias falanxistas, a JAP e cívicos.

- 1936-10-06 Asasinato en Cabral dun delator por unha partida de seis fuxidos, entre os que se atopaba Álvaro Ballesteros Estévez ('Barbas').
- 1936-10-13 Asalto por parte da garda civil e milicianos falanxistas dunha casa en Sabarís-Baiona. Como resultado, tres ocupantes e un falanxista resultan mortos. En represalia pola morte do falanxista, a garda civil asasina dous días despois nove homes en Baredo-Baiona.
- 1936-10-20 Intento de sublevación no Cuartel do Regimiento de Infantería nº 29 da Coruña. Os implicados foron fusilados tres días máis tar-



Orde publicada en "El Guerrillero", nº 2, de 31 de xaneiro de 1947. Órgano do Exército Guerrillero de Galiza. Á dereita, partida do anarquista Santeiro e que operou na zona do Eo-Navia




de en presenza de dous mil soldados listos para partir á fronte de guerra, vixiados todos por unha sección de metralladoras. O movemento podería ter ramificacións en Lugo e Ferrol.

- 1936-10-21 Batidas das milicias falanxistas polos montes de Cervantes, en persecución dun grupo de fuxidos armados.
- 1936-10-26 Detida pola GNR a veciña de Ribeiro de Abaixo-Castro, Laboreiro Rosa Alves ('A Africana'), colaboradora da guerrilla de Manolo 'Dente de Ouro' e Ramón Yáñez ('O Médico'), con presenza en aquel territorio portugués.
- 1936-11-08 Morre un fuxido a mans da forza pública en Galdo-Viveiro.
- 1936-11-20 Morre un fuxido en confrontación coa forza armada en San Xurxo-Salceda de Caselas.
- 1936-11-23 Asasinato de un veciño acusado de delator na Bagunda-Lavadores.
- 1936-11-?? Un falanxista de orixe portugués implicado na represión morre nunha celada en Saceda-Palmés-Ourense.
- 1936-11-?? Tentativa de sublevación militar na Coruña, con supostas ramificacións en Ferrol e Vigo.
- 1936-12-05 Tentativa frustrada de fuga na illa de San Simón por parte de dous militantes anarcosindicalistas. Un morreu afogado na travesía, e o outro fusilado en Pontevedra seis días despois.
- 1936-12-07 Fuga de 16 presos do Depósito Municipal de Becerreá, entre eles o futuro guerrilleiro Antonio Ulloa Regueiro ('Torallo').
- 1936-12-22 Uns 15 fuxidos procedentes da Serra do Galleiro, algúns deles con uniformes do exército ou fardas falanxistas, asaltan un ultramarinos en San Xoán do

Monte-Vigo. No asalto morre un falanxista, o que provoca unha grande operación militar no Galleiro que obriga a maioría dos escapados a abandonar a zona.

- 1936-12-24 Morte de Manuel González Fresco nunha batida na serra do Galleiro en que tamén foron asasinados tres antigos afiliados á CNT e á FAI. Contrariamente ao seu mito, 'O Fresco' sempre andaba en solitario, sen encabezar ningunha guerrilla.
- 1936-12-30 Morte dun colaborador do 'Fresco' nunha batida desenvolvida en Fózara-Ponteareas.
- 1936-12-30 Petición por parte de autoridades militares do envío de efectivos da policía secreta a Vigo, Ferrol e A Coruña.
- 1936-12-?? Asalto a unha casa na Bouciña-Lavadores por un grupo de escapados, que matan o propietario e levan unha máquina de escribir. Segundo as autoridades, un dos responsábeis foi Severino Carrera ('Farrapillas').
- Fins 1936 Dúas tentativas de motín no cruceiro Almirante Cervera en augas galegas. Aconsellan conformar a súa tripulación só con voluntarios.
- 1937-01-28 Batida en Puxeiros-Vigo co resultado da morte de dous fuxidos, entre eles o comunista Florencio Araújo Conde.
- 1937-02-01 Un desertor do exército cae nun enfrontamento armado coa garda civil preto do seu domicilio de Paradela-Teis.
- 1937-02-04 Morre José Romero ('O Merrello') durante unha batida en Lavadores.
- 1937-02-13 Inicio dun sumario contra varios militares que servían nas baterías da costa de Ferrol, por manter conversas verbo dunha acción contra as autoridades militares.
- 1937-02-13 Asasinato dos cenetistas Pilar Fernández Seijo, Antonio Sayanes, Rodrigo Beruete e Manuel Limeres, nunha operación de castigo levada a cabo en Trabanca-Sardiñeiro-Vilagarcía.

- 1937-02-17 Asalto e incendio da casa reitoral de Castro de Rei-Paradela, resultando morto o cura.
- 1937-03-03 Morren dous carrilanos en confrontación armada coa forza pública nas proximidades da ponte de Arandos-A Gudiña.
- 1937-03-10 O periódico *La Vanguardia* informa que, até o momento, se produciron dúas tentativas de sublevación nos cuarteis de Coruña e unha nos de Vigo.
- 1937-03-14 Ataque de fuxidos no monte de Peinador-Vigo a varios falanxistas e soldados, ferindo varios e roubándolles as armas.
- 1937-03-16 Morto en "acción de guerra" un veciño de Vilagarcía de Arousa.
- 1937-03-17 Unha batida no barrio de A Bouciña-Lavadores acaba coa morte de 5 veciños e un brigada de carabineiros.
- 1937-03-18 Nova batida na Bouciña, co resultado de dous fuxidos mortos, entre eles Severino Carrera ('Farrapillas').
- 1937-03-31 Fuga dunha vintena de presos da cadea do Castelo de Viana do Bolo, a maioría antigos carrilanos. Algúns deles incorporáranse máis tarde a guerrillas como a de Domingo Rodríguez ('O Inca').
- 1937-03-?? Petición de comandantes militares locais de distintos lugares de Galiza para que retornen tropas da fronte, necesarias para pacificaren a retagarda e apoiaren as actividades antifuxidos da garda civil.
- 1937-04-10 Enfrontamento no Toural-Teis dunha columna da garda civil e falanxistas cun grupo de fuxidos, co resultado de un falanxista ferido.
- 1937-04-12 Batida en San Xoán do Monte-Lavadores na procura do militante confederal Cesar Rosas Bermúdez e outros compoñentes do seu grupo, antigos afiliados ao Sindicato Metalúrxico. Dous veciños que os protexían foron detidos e logo asasinados nas inmediacións do Monte da Guía.



1937-04-14 Roubo da nómina das minas de Lousame por fuxidos do grupo de Ramón Rodríguez Varela ('Curuxás'), activo nas zonas do Barbanza e do Alto Ulla. 'Curuxás' formou parte inicialmente do grupo montado no Barbanza tras o golpe militar en torno a José Fernández.

1937-04-19 Localizados e asasinados por unha delación tres compoñentes do grupo de César Rosas en San Xoán do Monte.

1937-05-23 Enfrontamento armado coa forza pública do grupo dos militantes da CNT Luis Abella e Moisés Lago na casa onde estaban agochados en Anse de Xuvia-Narón, sendo detido o propietario da casa e posteriormente condenado a morte.

1937-05-25 Toma de San Vicente de Leira-Vilamartín de Valdeorras por un grupo de fuxidos e asasinato do alcalde pedáneo e xefe da Falanxe.

1937-05-29 Morto un fuxido no Monte de Peinador-Vigo tras enfrontamento coa forza pública.

1937-06-07 Batida de 180 gardas civís por Manzaneda, A Gudiña e O Barco, contra os grupos armados que actúan naquelas bisbarras.

1937-06-10 Asasinato dunha muller de Casaio-Carballeda de Valdeorras por Manuel Álvarez Arias ('Bailarín'), logo de facer unha denuncia na súa contra. Tras o incidente, 'Bailarín' escapa ao monte e comeza a actuar como guerrilleiro na bisbarra de Valdeorras e Quiroga. Un dos

seus primeiros enfrontamentos coa garda civil foi preto de Montefurado, no mesmo verán de 1937.

1937-06-18 Asalto á casa da militante cenetista Basilisa Álvarez ('A Corales') na Coruña, coa detención dun comunista que estaba refuxiado e a fuga de varios militantes confederais agachados alí e da propia 'Corales'.

1937-06-20 Asasinato dun comerciante en Ventosa de Torbeo-Ribas de Sil por fuxidos que pensaban que denunciara un compañeiro.

1937-06-25 Morte en confrontación coa forza pública acontecida no Monte Tureira-A Vilavella-Mezquita do carrilano cenetista Alfonso Pérez Cornejo, integrante dunha partida de fuxidos.

1937-06-26 Asasinato dun delator por un grupo de fuxidos do Eume, sospeitándose que o autor fora Valentín Manuel Antonio Fernández García ('Pandoiro').

1937-06-?? Unha partida tentou facerse coas armas que a Falanxe dera ao somatén de Xares-A Veiga para perseguir aos fuxidos, co resultado dun guerrilleiro morto.

1937-07-07 A Comandancia militar de Ourense solicita o regreso de 180 gardas civís enviados á fronte de Madrid, polas dificultades que atopaba para conter os fuxidos armados en territorio de Ourense, Zamora e León.

1937-07-10 Caída das Atochas-Coruña, co resultado de oito mortos e a desarticulación da FAI herculina.

1937-07-13 Un cabo do exército morre tras ser ferido durante unha persecución de fuxidos en Lavadores.

1937-07-20 Morte do carteiro de Torbeo-Ribas de Sil no ataque dun grupo de fuxidos encabezado por Juan Rodríguez Vázquez ('Rito'). Esta partida actuaba ao sur de Monforte, na conca do Sil.

1937-07-22 Asasinato dun veciño de Taboada-Monfero por un grupo de fuxidos do Eume, sospeitándose que o autor fora 'Pandoiro'.

1937-08-09 Morre un soldado tras un enfrontamento con fuxidos preto do Porriño.

1937-08-20 Morren dous fuxidos a mans da garda civil en Monte A Medela-Vicedo.

1937-08-22 Morren dous gardas civís e resultan feridos dous falanxistas nunha confrontación armada co grupo de fuxidos encabezado por Manuel Castro Tellado, na contorna de Pol e Castroverde.

1937-08-24 Asasinato do 'Pandoiro' en Monfero.

1937-08-?? Incidentes na recepción dos recrutas inscritos de Mariña no Porto do Son. *Idem.* no traslado dos recrutas de Marín a Vigo. Malestar no mundo do mar polas sete quintas de mar mobilizadas entre agosto de 1936 e xuño de 1937. Milleiros de requisitorias dos xulgados de Mariña contra os mozos non presentados. Centos deles desertan e marchan aos montes.

1937-08-?? Morren dous gardas civís nun ataque dos fuxidos en Gomeán-O Corgo.

1937-10-05 Nunha acción atribuída á guerrilla do 'Bailarín' morre unha muller en Casaio. O seu home e un fillo eran colaboradores dos represores franxistas.

1937-10-13 Asasinato do criado dun falanxista implicado na persecución de fuxidos en Pumares-Carballeda de Valdeorras.

1937-10-14 A infiltración dunha partida composta por antigos combatentes de Asturias e desertores do exér-



Xosé Luís Castro Veiga, *O Piloto*, (O Corgo, 1915 – Chantada, 1965), foi o derradeiro guerrilleiro da loita antifranquista, morto pola Garda Civil perto do encoro de Belesar o 10 de marzo

cito 'nacional', deu lugar a unha persecución levada a cabo polo exército, gardas civís e falanxistas, co resultado da morte dun soldado e un garda no bando dos perseguidores e de dous dos compoñentes da partida e trece veciños de Montecubeiro, asasinados todos eles por "ordenes militares".

- 1937-10-16 Fuxida de trece rapaces en idade militar na embarcación El As. Eran desertores da Mariña que estaban agachados no Monte Pindo-Carnota.
- 1937-10-?? Disolución da guerrilla liderada por José Fernández no Barbanza, fuxindo algúns dos seus compoñentes a Portugal.
- 1937-10-?? Morte de sete antigos combatentes en Asturias a mans do exército e milicianos falanxistas en Retizós-Baleira.
- 1937-11-4 Desfeita dun grupo de antigos combatentes en Asturias, encabezado polo cenetista José Moreno Torres no porto do Acivo (Fonsagrada). Resultado: trece compoñentes do BON 219 'Galicia' masacrados pola garda civil e os falanxistas.
- 1937-11-?? Asalto da forza a unha cova de Lavadores onde estaban quince fuxidos armados, que resultaron mortos ao resistiren.
- 1937?? O grupo de Amador Barcia ('Xicos'), constituído xa a fins de 1936 e con presenza no Alto Eume, axustiza un confidente e a dous falanxistas en Cabanas. Nesta zona tamén actúa José Vázquez Mauriz ('Patitas').
- Comezos 1938 Xa están activas diversas partidas de guerrilleiros no sueste ourensán e mesmo no territorio portugués de Chaves, Vinhais, Montalegre e Castro Laboreiro: Manuel Álvarez ('Bailarín'), Eduardo Pérez ('Tameirón'), Domingo Rodríguez ('O Inca'), Alfredo Yáñez ('O Aguirre'), ('Quinito'), Manolo ('Dente de Ouro'), Ramón Yáñez ('O Médico')... ás que se sumarán de contado antigos combatentes do exército republicano en

Asturias e León. Moitos dos seus integrantes foran traballadores do camiño de ferro Z.-O. No Leste de Lugo tamén comezan a actuar Manuel Castro Tellado, David Fuentes ('Velasco'), Abelardo Gutiérrez Alba, Antonio Fernández Crespo ('Fuenteoliva'), Etelvino Fernández Méndez ('Etelvino') e Antonio Ulloa ('O Torallo'), entre outros.

- 1938-01-11 Un morto en "acción de guerra" acontecida en Caleiro-Vilanova de Arousa.
- 1938-01-28 Asalto a un industrial en Mera (Ortigueira).
- 1938-02-02 Morte dun fuxido a mans da garda civil nun enfrontamento armado acontecido en Esmelle-Serantes en que tamén resulta ferido un garda.
- 1938-02-10 Morren tres compoñentes da partida dos 'Ernestinos' nun encontro coas forzas represivas na Bouciña-Meixoeiro-Lavadores.
- 1938-02-17 Fuxida de doce presos do campo de concentración de Camposancos, dos cales catro foron mortos, outros catro capturados e fusilados e outros catro conseguiron fuxir a Portugal.
- 1938-02-17 Morte dos organizadores da partida dos 'Ernestinos', Avelino e Antonio Lahoz, así como doutro compoñente e do comandante de posto da garda civil de Pontearas nun enfrontamento acontecido en Areas-Pontearas.
- 1938-02-?? Un tratante de madeira portugués, considerado informante da garda civil, é asasinado en Priegue-Panxón por un grupo de fuxidos encabezado polo antigo dirixente do sindicato de mariñeiros da CNT, Manuel Prado Pereira ('Lolito'). Prado e os seus cinco compañeiros estaban no monte desde o golpe militar e actuaban maiormente na contorna de Gondomar.
- 1938-03-10 Roubo e asasinato dun paisano nunha aldea de Cedeira. Pouco despois, foi asasinado o fuxido José Rey Díaz ('Torradas') e dous veciños sen implicación aparente foron paseados.

1938-03-30 Morte de tres fuxidos nunha cova situada en Bañobre-Miño tras un tiroteo coa garda civil. Escapou outro, mais foi detido en febreiro de 1939, xulgado e executado.

- 1938-03-?? José Neira Fernández ('Neira') pasa ao monte na zona de Ortegá, despois de ser chamado a filas. Aos poucos, encabezarán, xunto co seu irmán Amandino, un grupo guerrilleiro que contou con numerosos apoios entre antigos afiliados ás sociedades agrarias, mariñeiras e obreiras do norte da provincia da Coruña, moitos deles comunistas ou libertarios.
- 1938-03-?? Morte dun industrial, confidente dos represores, en Cerdido.
- 1938-04-03 Os escapados Eduardo Araújo Conde, dirixente do PCE, e Álvaro Ballesteros Conde, morren nun enfrontamento coa forza pública nos montes de Cabral.
- 1938-04-?? Rogelio García Molares ('O Maletas') organiza, na primavera deste ano, co seu irmán José, Ramón Pereira Antelo ('Parrillero'), Julio e Vicente Guillén Biel e Manuel Simón Campos ('Xanote'), un grupo con fuxidos comunistas e libertarios que actuou entre Lavadores, O Porriño, Gondomar e Redondela até 1945. No ano 1938, a garda civil atribuíulles algunha morte e algún asalto.
- 1938-04-?? Unha partida de fuxidos asaltou varios domicilios en Pradorramisquedo-Viana do Bolo.
- 1938-05-?? Morte dun falanxista a mans de fuxidos en Navia de Suarna.
- 1938-06-10 O cónsul portugués en Ourense informa o Ministerio dos Negocios Estrangeiros sobre a preocupación das autoridades españolas polas actividades dun grupo armado de refuxiados españois na Peneda-Castro Laboreiro.
- 1938-07-24 Atraco a un veciño de Lavadores, que resultou ferido, por membros da antiga partida do 'Farrapillas', que actuaban nos montes inmediatos a Pontearas e Vigo.

Xosé María Balaño Sánchez, natural de Boimorto (A Coruña) e con veciñanza en Cereixo, A Estrada. Sorpréndelle o Golpe embarcado e intégrase como voluntario no exército republicano. Ao final da guerra pasa a Francia, sendo confinado en diferentes campos de refuxiados e algún campo de traballo. Entra na guerrilla e pasa ao Estado español na invasión do Val de Arán o 19 de febreiro de 1944. Detido e xulgado por rebelión militar en Zaragoza o 19 de maio de 1945, co resultado de sentenza a prisión de 12 anos. Portada de El Guerrillero. A guerrilla galega chegaría -a mediados dos anos 40- a súa maior formalización por mor da iniciativa do PCE, aínda que con anterioridade e posterioridade habería guerrilla de xeito máis informal e menos tutelada polo devandito partido





- 1938-08-06 Apertura dunha causa contra Enrique Fernández González ('Calixto'), por sospeitar que integraba un grupo de tres fuxidos que ían armados na Serra do Couzadoiro-Ortigueira. Os franquistas pensan que ía acompañado dos irmáns José e Amandino Neira.
- 1938-10-15 Asasinado un veciño de Rubiá que tentaba fuxir dun atraco.
- 1938-10-20 Asasinado un membro dunha coñecida familia falanxista en Espiño-A Veiga.
- 1938-11-02 Atraco á sucursal do Banco Pastor en Chantada, pola partida de Jesús López Suárez ('Gazapo'). Días despois, na persecución resulta gravemente ferido o Comandante de posto da garda civil de Chantada, morto un guerrilleiro en Taboada e outro detido en Ribasaltas-Monforte. O 'maquis' do 'Gazapo', actuou na zona entre Monforte e Chantada onde levaba a cabo, en data indeterminada, o atraco ao autobús de liña Ourense-Lugo.

- 1938-11-09 Unha partida de cinco homes asalta dúas vivendas en Viloval-Barco de Valdeorras e matan un home. Nos días seguintes, fixéronse batidas por toda a zona, en que morreu un fuxido.
- 1938-11-05/1938-11-12 Batidas polos montes do Xabre, co gardapesca 'Galerna' e catro embarcacións menores vixiando a costa para evitar fuxidas por mar e co exército bloqueando diversas estradas que comunicaban Vilagarcía con Padrón, Caldas e Compostela. As operacións darán como resultado a morte de dous fuxidos en Cornazo-Vilagarcía, dous en Caleiro-Vilanova de Arousa e a entrega doutros.
- 1938-11-11 Intervención do exército e da garda civil no monte do Pindo, na procura de desertores do servizo militar. Remata con 82 detidos.
- 1938-11-12 Presenza de grupos armados españois na Serra da Fonte-Chaves, referenciada polo cónsul portugués en Ourense.

- 1938-11-12 Morte dun GNR en Boticas-Montalegre a mans dun grupo de fuxidos/contrabandistas 'españóis' armados. Outro garda resulta ferido. O feito dará lugar a unha grande batida da forza pública portuguesa que, nos días seguintes, se estenderá tamén pola serra da Fonte-Chaves e provocará a detención de varias dúcias de veciños daquelas contornas.
- 1938-11-17 Infiltracións de grupos armados españois na fronteira portuguesa de Pinheiro Novo-Vinhais, sinalada polo cónsul portugués en Ourense.
- 1938-11-19 Un morto tras un atraco nun ultramarinos de Casaio, atribuído á guerrilla do 'Bailarín'.
- 1938-11-24 O alcalde de Pontearreas dá conta en sesión municipal da visita que fixo ao Gobernador Civil de Pontevedra para informarlle da súa preocupación polas actividades dos fuxidos na zona.



- 1938-11-28 Unha partida asaltou domicilios de confidentes e falanxistas de San Román de Hedroso-Barco de Valdeorras, asasinando un miliciano.
- 1938-11-?? Desfeita da partida do 'Lolito' tras un enfrontamento armado preto de Canido-Vigo, coa captura de catro dos seus compoñentes. O propio 'Lolito' foi detido en Baiona, e máis tarde executado.
- 1938-11-?? Constitución do 'Comité Chapaieff' por unha quincena de fuxidos de Viveiro-Ortegal, entre os que se atopaban José Neira Fernández, Luis Trigo Chao ('Gardarríos') e Enrique Fernández ('Calixto'), para coordinar as súas actividades.
- 1938-12-01 Morte de un fuxido "en acción de guerra" acontecida en Baión-Vilanova de Arousa.
- 1938-12-06 Un morto en Rubiá ao tentar fuxir da partida do 'Bailarín', que tentaba roubarlle.
- 1938-12-09 Aberta unha causa por roubo contra dous fuxidos de Cedeira, que foron capturados e executados a finais do mes de decembro dese mesmo ano.
- 1938-12-17 Morren dous fuxidos en confrontación coa forza armada no Monte Silveira-Salceda de Caselas.
- 1938-12-18 Asaltada a aldea de Solveira-Viana do Bolo polos 'maquis'.
- 1938-12-21 Tentativa de insubordinación de soldados pertencentes á infantería en Ourense, convertida en sublevación pola prensa francesa.
- 1938-12-26 Asaltada á casa do ex-xefeda Falanxe de Baños-Bande.
- 1938-12-29 Asalto á aldea de Vendas de Barreira-Riós por unha partida de doce homes e unha muller.
- Comezos 1939 Morte da propietaria dunha granxa en Cabral e doutro veciño. As autoridades acusan o grupo de Jesús Lago González ('Petrillas'). Segundo a garda civil, este grupo fixo varios atracos durante o ano 1939.
- 1939-01-19 Asasinado en Cabral-Lavadores un fuxido axexado pola garda civil.
- 1939-01-21 Morte dun garda civil que tentaba deter membros da partida do 'Bailarín' na comarca de Valdeorras.
- 1939-01-23 Infiltracións de grupos armados españois na fronteira portuguesa por Bragança.
- 1939-02-06 A partida guerrilleira de David Fuentes ('Velasco') tende unha celada a unha columna mixta de gardas civís e soldados na contorna de Pedrafita do Cebreiro, co resultado de tres soldados feridos e un garda morto. 'Velasco' levaba no monte desde o golpe militar, actuaba entre Vega de Valcarce, Balboa e Pedrafita e con el confluía o cenetista antigo combatente en Asturias, Abelardo Gutiérrez Alba.
- 1939-02-18 Aparición do cadáver do fuxido José Fernández Vázquez ('Pachote') en Acea-Monfero.
- 1939-02-19 Infiltracións de grupos armados españois na fronteira portuguesa por Bragança.
- 1939-02-27 Execución dun taberneiro acusado de delator en Cabral, a mans, supostamente, da partida de 'O Maletas'.
- 1939-02-27 Tentativa de asalto dunha casa en Sárdoma-Vigo por parte dun grupo de fuxidos.
- 1939-02-28 Asasinato de dous homes no asalto á aldea de Ramilo-Viana do Bolo.
- 1939-02-28 Asasinato dun veciño de Casdenodres-A Veiga por negarse a entregar unha cantidade á partida do 'Aguirre'.
- 1939-02-?? É asasinado, tras ser arrestado, un membro da partida de Amador Barcia no cemiterio de Sillobre-Fene.
- 1939-03-02 Batalla campal no Canizo-A Gudiña entre unha forza composta por carabineiros, gardas civís e falanxistas e as partidas do 'Aguirre' e o 'Bailarín', en que resultaron dous mortos e seis feridos entre os franquistas, mentres os fuxidos escapan en dirección a Portugal.
- 1939-03-06 Morto un fuxido en Cabalar-Capela pola garda civil.
- 1939-03-07 Asasinato na Capela de Andrés Arnos Calvo, antigo alcalde de esquerdas que colaboraba na represión.
- 1939-03-09 Paseado un fuxido na Barqueira-Cerdido.
- 1939-03-18 Detención de un fuxido na zona de Cedeira.
- 1939-03-20 Morre un fuxido tras enfrontamento armado coa garda civil en Nigrán.
- 1939-03-27 Un grupo encabezado polos libertarios Víctor Romero Pazo ('Zorrilla'), José Fernández Álvarez ('Severo') e José Alonso Álvarez ('Berzas'), que levaban no monte desde o golpe militar, asalta cinco domicilios en Lameiro-Sárdoma.
- 1939-03-30 O grupo anterior asalta tres domicilios na Salgueira-Sárdoma.
- 1939-03-?? Morte de dous veciños de Alperiz-Lalín acusados de delatores, a mans dunha partida de escapados.
- 1939-03-?? Asalto da partida do 'Aguirre' e o 'Bailarín' a Castromao-A Veiga.
- 1939-04 Destacada no sueste ourensán (O Barco, A Veiga, Verín, Viana...) a 3ª Bandeira da Lexión e incremento das dotacións da garda civil para combater as actividades das guerrillas na zona.
- 1939-04-01 Asalto da partida do 'Maletas', composta por 13 individuos armados e vestidos de uniforme, á casa do propietario Gaspar de Haz González en Lavadores.
- 1939-04-03 Morte dos confederais Cesar Rosas Bermúdez e Antonio Iglesias González no Toural de Teis, nunha operación de castigo.
- 1939-04-04 Morren nun enfrontamento coa garda civil acontecido nunha casa de Moledo-Vigo, José Fernández ('Severo') e José Alonso ('Berzas').
- 1939-04-06 Mortos por accións dos 'maquis' unha veciña de Negradas-Viveiro e un carabineiro.



Carta de nomeamento dunha muller como enlace da resistencia no ano 1938 na Estrada

- 1939-04-11 Desfeita en Argozón-Chantada a partida de Jesús López Suárez ('Gazapo'), coa morte de tres guerrilleiros a mans da garda civil.
- 1939-05-11 Morte de dous fuxidos e dunha veciña de Eirexalba-O Incio, nunha confrontación armada coa garda civil.
- 1939-05-28 Fuxida da parella de pesqueiros *Teresita* e *Carmiña* desde o porto de Ferrol, con fuxidos libertarios de Ferrol e Mugaridos.
- 1939-05-?? Asalto da partida do 'Maletas' á casa reitoral de Negro-Redondela.
- 1939-05-?? Entrega da partida de Roberto Oya ('Cachopas') ao Gobernador Civil de Pontevedra, Gómez Cantos.
- 1939-Xuño-Decembro. Neste período, a Lexión mata 19 veciños de distintos lugares da bisbarra de Valdeorras pola súa relación coa guerrilla.
- 1939-Verán O grupo 'Neira' pasa á ofensiva co ataque á casa reitoral de Senra-Ortigueira.
- 1939-06-02 Morte dos guerrilleiros Amandino Neira e Modesto Villar no Monte Meán-Cuíña-Ortigueira, nunha celada da garda civil.
- 1939-06-07 Asalto da partida do 'Bailarín' ao lugar de Curra-A Veiga. Os guerrilleiros ían vestidos con uniformes do exército.
- 1939-06-10 Morte de un relevante cargo falanxista na Proviña-Éntoma a mans da guerrilla.
- 1939-06-29 Unha acción de castigo do exército e a garda civil é repelida por unha partida de guerrilleiros en San Salvador de Covas-Rubiá, co resultado de dous gardas mortos.
- 1939-07-10 Morte de un axente do servizo de información a mans dun grupo armado libertario nas proximidades de Cambre.
- 1939-07-19 Morte de un soldado da Lexión cando perseguía a partida responsábel da morte do devandito falanxista de Éntoma.
- 1939-07-23 Fuxida do bou *Ramón* desde Ares con fuxidos de Ferrol, Mugaridos e Ares, entre eles Moisés Lago e Luis Abella.
- 1939-08-31 Causa contra José Neira Fernández ('Neira') por un roubo en Santa María de Mera-Ortigueira.
- 1939-09-1ª semana. Importante despregamento da garda civil e da Lexión pola Serra da Lastra-Rubiá na procura de guerrilleiros. Nesa operación, morren dous soldados e dous gardas en confrontacións armadas cos 'maquis'.
- 1939-09-03 O grupo de 'Neira' asalta a reitoral de Xestoso-Monfero e dá morte ao cura.
- 1939-10-07 Fusilado no Monte do Castro-Vigo o guerrilleiro Vicente Romero ('Zorrilla').
- 1939-10-15 Morte en Vilar de Infesta-Redondela de Rogelio García Molares ('Maletas'), tras o asalto á vivenda dun veciño de Saxamonde-Redondela. O seu irmán, José, encabezaría entón o grupo que continuará activo até mediados os anos 40.
- 1939-11-05 Enfrontamento entre un grupo de guerrilleiros encabezado por Benjamín García Diéguez ('O Largo') coa garda civil en Pedroso-Rodeiro, co resultado da morte do Comandante de posto da garda civil de Rodeiro e dun guerrilleiro, así como a captura de Benjamín. 'O Largo' levaba no monte desde o golpe militar, onde formaba parte dun grupo activo na Serra de Faro (Rodeiro-Lalín) e, posteriormente, no triángulo Vigo-Tui-A Cañiza.
- 1939-12-07 Morre un garda civil na ponte do Estreito-Rubiá, en confrontación armada coa guerrilla.

- 1939-12-17 Morren dous fuxidos en busca e captura por roubo e asasinato a mans da garda civil no Saviñao.
- 1939-12-21 Asalto dun grupo de fuxidos a dous camiións da empresa Exportadora de Aves de Porriño S.L. no Alto do Colmado-Vigo.
- 1939-12-?? Morte do guerrilleiro Celso Cepedal preto de Pedrafita do Cebreiro. Levaba no monte desde a caída da fronte do Norte.
- 1940 Tras a entrega de Manuel Álvarez ('Bailarín') no mes de agosto, acúsaselle de todas as accións violentas levadas a cabo na Serra do Eixe até entón: "cometió 20 atracos y tres asesinatos y sostuvo cuatro encuentros con las fuerzas represoras afectas a la 4ª Columna de Operaciones, dando como balance un guardia civil, un soldado y un legionario muertos y tres guardias civiles, un soldado y dos falangistas heridos."

## FONTES

### BIBLIOGRAFÍA

- ABAD GALLEGO, X.C. "As paisaxes da represión na bisbarra de Vigo" en *A Represión Franquista en Galicia. Actas do Iº Congreso da Memoria*, Narón decembro 2003, Ferrol: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2005.
- ABAD GALLEGO, X.C. *Heroes o Forajidos: "Fuxidos" y Guerrilleros Antifranquistas en la comarca de Vigo*, Vigo: Instituto de Estudios Vigueses, 2005.
- ABAD GALLEGO, X. C. "¡A las barricadas! Defensa da legalidade republicana na bisbarra de Vigo", en *A IIª República e a Guerra Civil. Actas do IIº Congreso da Memoria*, Ferrol: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática/Edicións Embora, 2006.
- AMOEDO LÓPEZ, G. e GIL MOURE, R. *Redondela, crónica dun tempo pasado. A IIª República e o primeiro franquismo*, Sada: Edicións do Castro, 2002.
- CANCIO, R. C. *Fuerzas especiales en la Guerra Civil Española*. Madrid: Ministerio de Defensa, 2011.
- DIAS BAPTISTA, J. "A Guerra civil espanhola e os barrosoes", en *O Cambedo da Raia, 1946: solidaridade galego-portuguesa silenciada*, Ourense: Asociación Amigos da República, 2004.
- DIÉGUEZ CEQUIEL, U. B. "Nacionalismo galego, golpe militar reaccionario e a (necesaria) resistencia armada (1936-1963)" en *A guerrilla antifranquista galega (Actas do Congreso)*, CRMH d'AC: A Coruña, 2012.
- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, E. "O anarquismo galego e a resistencia antifranquista: unha historia esquecida" en *A guerrilla antifranquista galega (Actas do Congreso)*, CRMH d'AC: A Coruña, 2012.
- GARRIDO COUCEIRO, X. C. "Escopteiros (A guerrilla que non quixo ser)" en *A guerrilla antifranquista galega (Actas do Congreso)*, CRMH d'AC: A Coruña, 2012.
- GARCÍA YÁÑEZ, F. *O Barco e a Terra de Valdeorras durante a IIª República e o Franquismo (1931-1977)*, Vigo: A Nosa Terra, 2005.
- GONZÁLEZ, J.A. *Nigrán. Memoria dunha guerra 1936-3'*, Vigo: Edicións Do Cumio, 1998.
- GRANDÍO SEOANE, E. *Vixiancia e represión na Galicia da Guerra Civil. O "Informe Brandariz" (A Coruña, 1937)*, Sada: Edicións do Castro, 2001.
- GRANDÍO SEOANE, E. (Ed.) *Anos de odio. Golpe, represión e Guerra Civil na provincia da Coruña (1936-1939)*, A Coruña: Deputación da Coruña, 2007.
- GRANDÍO SEOANE, E. "A primeira resistencia. A Coruña, 1936-1937" en *A guerrilla antifranquista galega (Actas do Congreso)*, CRMH d'AC: A Coruña, 2012.
- GUILLÉN, A. *El error militar de las izquierdas*. Barcelona: Hacer, 1980.
- HEINE, H. *A guerrilla antifranquista en Galicia*. Vigo: Xerais, 1980.
- HEINE, H. "El movimiento guerrillero en Galicia y comarcas limítrofes" en *A guerrilla antifranquista galega (Actas do Congreso)*, CRMH d'AC: A Coruña, 2012.
- IGREXAS RODRÍGUEZ, M. "Asasinados por pensar e desexar para todos un mundo mellor: A represión franquista na comarca do Deza" en *A Represión Franquista en Galicia. Actas do Iº Congreso da Memoria*, Narón decembro 2003, Ferrol: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2005.
- MÁIZ VÁZQUEZ, B. *Galicia na IIª República e Baixo o franquismo*, Vigo: Edicións Xerais, 1988.
- MÁIZ VÁZQUEZ, B. *Resistencia, guerrilla e represión. Causas e Consellos de Guerra. Ferrol, 1936-1955*, Vigo: A Nosa Terra, 2004.
- NUEVO CAL, C. "A represión fascista nas terras de Viveiro" en *AAVV. A represión franquista en Galicia, Actas do Iº Congreso da Memoria*, Narón decembro 2003, Ferrol: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2005.
- NUEVO CAL, C. "Os primeiros fuxidos en terras viveiresas (1936-1939)" en *A guerrilla antifranquista galega (Actas do Congreso)*, CRMH d'AC: A Coruña, 2012.
- PARDO SAN GIL, J. "La flota de Pysbe durante la Guerra Civil (1936-1939)" en *En los grandes bancos de Terranova*, Donostia: Txertoa, 2000.
- PARRADO, C. *Curuxás. O guerrilleiro que non cazou Franco*, Vigo: A Nosa Terra, 2009.
- PEREIRA, D. "Alzamento fascista e represión no camiño de ferro Zamora-Ourense: bisbarras de Monterrei, As Frieiras, As Portelas e Seabra", en *Revista A Trabe de Ouro*, nº 73, xaneiro-marzo 2008, Santiago, 2008.
- PEREIRA, D. *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*, Vigo: Edicións Xerais, 2010.
- PEREIRA, D. e FERNÁNDEZ, E. *O Movemento Libertario en Galiza 1936-1975*, Vigo: A Nosa Terra, 2006.
- PONS PRADES, E. *Guerrillas españolas (1939-1960)*. Barcelona: Planeta, 1977.
- PRADA RODRÍGUEZ, J. *Ourense, 1936-39. Alzamento, Guerra e Represión*, Sada: Edicións do Castro, 2004.
- PRADA RODRÍGUEZ, J. "Os primeiros fuxidos ourensáns" en *A guerrilla antifranquista galega (Actas do Congreso)*, CRMH d'AC: A Coruña, 2012.



Presos antifascistas nas minas de wólfram de Fontao, Vila de Cruces, 1942. Deste punto saírían varios membros da guerrilla



RODRÍGUEZ GALLARDO, A. "Entre brandas e inverneiras: refuxiados e guerra civil na fronteira entre Ourense e Portugal" en *A Represión Franquista en Galicia. Actas do Iº Congreso da Memoria*, Narón decembro 2003, Ferrol: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática, 2005.

RODRÍGUEZ GALLARDO, A. *O ruído da morte. A represión franquista en Ponteareas (1936-1939)*, Sada: Edicións do Castro, 2006.

SANTIDRIÁN, V. *Historia do PCE en Galicia (1920-1968)*. Sada: Edicións do Castro, 2002.

SERRANO, S. *Maquis. Historia de la guerrilla antifranquista*, Madrid: Temas de Hoy, 2001.

SILVA FERREIRO, M. *Galicia y el Movimiento Nacional*, Santiago, 1938.

SOUTO BLANCO, M.J. *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada: Edicións do Castro, 1998.

SUÁREZ, X.M. *Guerra Civil e represión en Ferrol e comarca*, Ferrol: Concello de Ferrol, 2002.

SUÁREZ, X. M. "Mortalidade pola represión na guerra civil en Ames, Arzúa, Bergondo, Cambre, Irixoa, Teo e Valdoviño" en AAVV. *A IIª República e a Guerra Civil, Actas do IIº Congreso da Memoria*, Culleredo decembro de

2005, Ferrol: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática/Edicións Embora, 2006.

SOUTOMAIOR, J. *Eu roubei o Santa María*, Vigo: Galaxia, 1999.

VALDIVIESO, J. "A noite cobreguea na Capela" en AAVV. *A IIª República e a Guerra Civil, Actas do IIº Congreso da Memoria*, Culleredo decembro de 2005, Ferrol: Asociación Cultural Memoria Histórica Democrática/Edicións Embora, 2006.

#### ARQUIVOS

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra:

- Expediente de Responsabilidades Políticas 953/39; Expediente de Responsabilidades Políticas 176/40.

Arquivo Intermedio Región Militar Noroeste, Ferrol:

- Causa 669/36 Coruña; Causa 147/37 Ferrol; Causa 186/37 Ferrol; Causa 734/37 Ferrol; Causa 924/37 Ferrol; Causa 1069/37 Ferrol; Causa 1098/37 Ferrol; Causa 596/38 Ferrol; Causa 896/39 Ferrol; Causa 1095/39 Coruña; Causa 1632/39 Ferrol Mariña; Causa 2134/39 Ferrol Mariña; Causa 122/41 Pontevedra; Causa 297/44 Ourense

Arquivo Histórico-Diplomático, Ministerio dos Negocios Estrangeiros, Lisboa:

- Oficio do Cónsul de Portugal na Coruña ao MNE, 17/8/36: 3P A8 M2 Proceso 22, nº24.
- Idem 23/9/36: 3P A8 M2 Proceso 22, Nº 3242, nº 43.
- Idem 24/10/36: 3P A8 M2, Proceso 22, Nº3278, nº 58.
- Telegrama do Cónsul de Portugal en Tui ao MNE, 17/2/38: 3P A8 M6.
- Telegramas do Cónsul de Portugal en Ourense ao MNE, datados o 17/11/38, 23/1/39 e 19/2/39: 3P A8 M9, Proceso 22, Nº 3446, nº 114.

#### PRENSA

*El Correo Gallego* (Ferrol), 1936-39

*El Progreso* (Lugo), 1936-39

*España Nueva* (Verín), 1936

*La Voz de Galicia* (A Coruña), 1936-39

*Nueva Galicia* (Madrid-Barcelona), 1937-38

#### WEBGRAFIA

Base de dados do Proxecto "Nomes e Voces", [www.nomesvoces.net](http://www.nomesvoces.net)

Base de dados do Portal "1935-1975 Los de la sierra. Dictionnaire des guerrilleros et resistants antifranquistes", [www.losdelasierra.info](http://www.losdelasierra.info)

JASPE, A. *Los de Neira: the Forgotten Resistance*. [[http://eprints.ulster.ac.uk/15795/1/Los\\_de\\_Neira\\_The\\_Forgotten\\_Resistance.doc](http://eprints.ulster.ac.uk/15795/1/Los_de_Neira_The_Forgotten_Resistance.doc)].

# Desde a montaña ao val: Socialismo e resistencia armada na Galiza



Marcelino Villanueva "O Gafas", máximo dirixente socialista, da Federación de Guerrillas de Galiza e León

**INTROITO.** Unha aproximación á acción armada que levaron adiante os militantes do PSOE na Galiza após o xenocidio de 1936 e nos primeiros anos da ditadura franquista require necesariamente atender á introdución social e a influencia que a sección galega do PSOE mantiña no País no período da II República e mesmo da I Restauración, á práctica política desta organización, cuxas posicións, agás no momento que se abre en 1934, mesmo

desde a súa colaboración coa Ditadura de Primo de Rivera, non son as máis proclives para unha vía insurreccional, á propia táctica política que define o PSOE para derrubar o franquismo, coa divisoria que marca a fin da II Guerra Mundial, e a situación que xera no pobo galego, particularmente naqueles sectores non afeitos aos réximes totalitarios, tanto no seu estado de ánimo, como no propio espírito de supervivencia á brutalidade da represión.

Non son unha argallada literaria os versos de Cabanillas dos que botamos man para titular este artigo, xa que non está suxeito a ningún tipo de discrepancia que os militantes socialistas participaron na resistencia desde o primeiro momento, mesmo cando esta se limitaba exclusivamente á condición de fuxidos e, por suposto, que os mesmos van estar presentes na totalidade dos frontes de loita armada cando menos até 1947. Non debe, porén, sorprendernos o peso cuantitativo e tamén cualitativo de militantes da sección galega do PSOE neste período, á vista de que esta forza política era a de maior implantación na Galiza. A pé feito acordamos non etiquetar como 'guerrilleira' a practica armada partillada polos socialistas na Galiza, posto que, na maioría dos casos, non se dan as condicións para que a poidamos caracterizar deste xeito, agás naqueles casos onde militantes do PSOE partillan dos organismos argalladas arredor do PCE e, neste caso, si na Federación de Guerrillas da Galiza e León. Reparemos que aquilo que Régis Debray deu por caracterizar como unha innovación cubana na súa obra clásica *A Guerra de Guerrillas* –"o político e o militar forman un todo orgánico consistente no exercito do pobo, cuxo núcleo é o exercito guerrilleiro. A forza guerrilleira é o embrión do Partido"– xa fora posto en marcha moitos anos antes nos montes da Galiza oriental por un puñado de guerrilleiros, na súa dirección de orientación socialista, que foron núcleo guerrilleiro e partido.

Aínda que calquera estudo e análise sería da oposición armada ao franquismo precisa dun estudo do período anterior, posto que non se pode separar esta oposición armada das circunstancias que a fixeron posíbel e do contexto en que operou, limitacións de orde espacial e a necesidade de non desenfocar o obxecto do estudo obríganos a centrarmos o relato en dous aspectos. A organización política con maior introdución social, peso electoral e influencia no move-

Congreso constituinte da Federación de Guerrillas de Galiza e León nos montes do Ferradillo en 1942. De arriba a abaixo e de esquerda a dereita: Xosé Vega "Animas", Pedro Voces "Pitacega", Guillermo Morán, Eduardo Pérez "Tameirón", Mario Morán, Marcelino de la Parra "Parra" ou "Casas", Antolín M. Paciencia, César Ríos, Marcelino Fernández "O Gafas", Abel Ares, Pedro Lamas "Pedrín", Victorino Nieto, Cuñeira, Abelardo Macías "Lebre", Manuel Girón e Enrique Oviedo "O Chapa". Foto Arcadio Ríos



mento obreiro da Galiza da II República polo seu control da UXT, de xeito moi particular na Galiza interior e nas cidades de Ferrol e Vigo, é sen dúbida algunha o PSOE. Así as cousas, non debe sorprendernos o papel que desempeña na actividade armada, ben sexa no monte, ben sexa como enlace, do elemento labrego e, de xeito moi particular, daquelas sociedades agrarias vinculadas á Federación de Traballadores da Terra. Serán estas persoas vinculadas ás referidas sociedades, xunto co núcleo familiar e de amizade dos fuxidos, quen sustente o esforzo da resistencia armada, até o punto que, no momento en que o novo réxime comece a bater contra eles, se comeza a escribir a fin da

loita armada. Porén, o peso social e institucional dos socialistas será proporcional á situación de división que viven os socialistas fraccionados en tres agrupacións, mais cun crecente peso do sector vinculado a Largo Caballero que mantivera unha posición máis combativa na Folga Xeral Revolucionaria de 1934. Non é casual que moitos dos dirixentes destes primeiros tempos da loita foron detidos ou participaron en accións armadas no particular Outubro vermello galego, nin tampouco que a resistencia fora máis virulenta naquelas comarcas do País onde esta revolución tivo máis influencia. Pénsese, por pór un exemplo, nas Terras da Ribeira Sacra, o auténtico Leningrado do 34 galego

en base ao eixo dos mineiros de San Clodio e Sober e aos ferroviarios de Monforte, onde xurde unha das primeiras partidas liderada polo alcalde socialista de Ribas de Sil, Marcelino Fernández Prada.

Se ben este é un aspecto sobre o que volveremos de xeito máis demorado a medida que demos continuidade ao traballo, o movemento armado na Galiza vai ter un carácter peculiar ou autóctono, que deriva da súa propia orixe naqueles fuxidos que se botan ao monte ao escaparen da brutalidade e do xenocidio que estaban a levar adiante os fascistas. Aqueles que se botaron ao monte nos primeiros días, como os que o fixeron a medida que avanzaba o conflito pola brutalidade

César Ríos Rodríguez, dirixente socialista da Federación

imaxinábel da represión –se ben destacaban aqueles de maior conciencia política e, por conseguinte, cuxa vida corría máis perigo– tiñan como móbil central salvar a súa vida. A súa foi unha marcha espontánea, sen ningún plan preconcebido, que cubre a práctica totalidade da xeografía da nación e que ten moi presente a causa da durísima represión e as secuelas da mesma. A documentación de que dispomos destes primeiro momentos da loita sitúa xa no monte un número importante de fuxidos, cun peso destacado do elemento socialista, de xeito moi particular nas comarcas do norte da Coruña, Lugo e Ourense. Xa asoman os nomes do ‘Trancas’ en Ferrol, ‘O Gardarríos’ na Mariña e na Corda, ‘Girón’ no Bierzo ou ‘Santeiro’ no Eo-Navia. O Presidente da Casa do Povo de Ourense, Ramiro Losada, nun informe elaborado a finais de 1938, falaba de nove guerrillas nas Terras de Valdeorras e na Ribeira Sacra, á fronte das cales atópanse dirixentes socialistas, agás no grupo de Córghomo en Vilamartín de Valdeorras, onde o seu responsábel foi o dirixente nacionalista Antón Arias ‘Clavel’, fusilado no outono de 1940 e inmortalizado polo poeta Delgado Gurriarán no *Cancioneiro da Loita Galega*.

**O DÍA A DÍA DOS “PARTISANOS DA HONRA.** A orientación política da Federación Socialista Galega, na liña do que viña defendendo Prieto, respondía a manter a organización do Partido o máis intacto posíbel até que actuasen os aliados contra Franco, o que tiña como correlato arriscar o mínimo posíbel nunha acción política que non estivese vinculada ao desenvolvemento da II Guerra Mundial e, de xeito moi particular, a liña definida polo Reino Unido. Así as cousas, para alén da actividade armada –unha actividade armada que reviste unhas características moi particulares– a afiliación socialista centrará os seus esforzos na etapa que nos ocupa en potenciar plataformas unitarias de oposición ao franquismo, baixo os vectores do



anticomunismo e do antinacionalismo, apoiar directamente o esforzo de Guerra Aliado e, xa ao final do período, dar unha saída a aquela parte da súa militancia máis comprometida coa resistencia. Sexa como for, imos previamente periodizar o día a día dos militantes socialistas neste período, o que implica considerar a evolución dos acontecementos internacionais vinculados á II Guerra Mundial, onde os socialistas situaban o punto para rematar co réxime de Franco. Así as cousas, enfrontamos un primeiro período de práctica inactividade entre 1936-1942, inactividade marcada pola suposta ‘invencibilidade’ do que dá conta o exército a Alemaña nazi, mais tamén pola desorganización da Federación Socialista Galega que, até ese ano, no volve a conectar co Comité Executivo do PSOE. Atopámonos cun segundo período que arranca no propio 1942 e que remata en 1947, caracterizado, nun primeiro momento, polo optimismo marcado por unha mudan-

za no curso da guerra após a Batalla de Stalingrado, a derrota dos réximes fascistas e o convicción do derrocamento do réxime franquista e, nun segundo momento, pola frustración que xera o mantemento de Franco no poder e a traizón de Estados Unidos, mais particularmente do Reino Unido, no seu compromiso de facer posíbel un cambio de réxime que Prieto pactará como unha Monarquía con Don Xoán á fronte.

A posición máis contradictoria en relación coa loita armada vaise dar no Partido Socialista, posto que se, desde o primeiro momento e até o ano 1947, boa parte dos dirixentes máis cualificados da mesma eran militantes da formación, a mesma non corresponde cun apoio e compromiso do aparato socialista coa acción armada. Así, Xosé Paz Vázquez, Coordinador Xeral da Federación Socialista Galega no período 1942-1948, nunha entrevista realizada en Setembro de 1996, afirmaba que: “Houbo mem-



Mario Morán García, dirixente socialista da Federación

bros do PSOE na maior parte dos grupos guerrilleiros, controlando varias agrupacións, mais fixérono case en oposición directa a política oficial. O Obxectivo do PSOE era o manterse o máis intacto posíbel até que actuasen os aliados contra Franco". Na mesma liña, Marcelino Villanueva ('O Gafas'), nas súa memorias, recolle que: "Nunca o Partido como tal, as divisións internas tampouco favorecían unha toma de posición, apoiou publicamente a Guerrilla, mais co seu tradicional posibilismo xogou a carta da resistencia armada dos seus correligionarios mentres lle serviu. Así, os guerrilleiros socialistas decidiron sempre segundo o seu criterio propio, á marxe das executivas, tanto do interior como do exterior". O propio Villanueva lembra que non existía confianza na guerrilla, até o punto que os mesmos socialistas negaban aos seus correligionarios capacidade para dirixiren a guerrilla, como aconteceu na súa primeira entrevista co Coordinador Xeral da

Federación Socialista Galega. É máis, nunha consulta á dirección do PSOE no exterior sobre a postura a manter en relación a loita armada, o delegado da mesma retrucoulle: "Compañeiro Marcelino, socialistas coma ti non precisan consultar". Á vista esta que a posición dos socialistas non deixa de ser esquizofrénica e que a mesma está definida máis pola actitude dos militantes –aqueles militantes que fuxiron ao inicio do alzamento da besta e se tornaron proscritos– que nunha decisión política como sería a organización da guerrilla que, no seu momento, promoverá o PCE.

Atendendo ao que vimos de referir, non debe estrañarnos logo que, coa excepción do acontecido no ámbito de actuación da Federación de Guerrillas da Galiza e León, onde as actuacións armadas, como xa afondaremos posteriormente, se intensifican a partir do 1942, no resto do territorio nacional a resposta armada dos socialistas perderá folgos desde

o momento en que se reconstitúe a súa dirección na Galiza e esta, á súa vez, contacta coa dirección estatal no interior e no exterior. Así as cousas, as agrupacións de base socialista que operaban nas diferentes comarcas galegas dan un paso cualitativo a partir de finais de 1938 no que viña a ser a súa práctica armada habitual, vinculados a golpes económicos para garantir a súas necesidades máis inmediatas, práctica que inician cando se estreita o cerco sobre amizades e familiares que converte nun perigo alimentarse onde o facían nos primeiros momentos, e inician unha serie de accións que atenden ao que coñecemos como 'propaganda armada', operacións de castigo ás persoas implicadas na represión e golpes contra aquelas que se estaban a enriquecer co réxime, de xeito moi particular co estraperlo controlado, como é sabido, pola propia Falanxe e nomeadamente a Sección Feminina. Non son logo un caso illado as accións que se levan nas terras de Valdeorras e do Bierzo contra os cregos, na súa condición de colaboracionistas da represión ou mesmo na tradición do clero 'trabucaire' que aparecendo no período 1937-1980, 5 axustizamentos na área de Póvoa de Sanabria (1937-1940), outros 7 na diocese de Ourense, outros 5 na diocese de Astorga, mais tamén Ibias no Eo-Navia, en Santa Cruz en Ribadeo ou "aquele cura de camisa azul", Benigno García Méndez, en Seoane do Caurel. Non era o anticlericalismo o que empuxaba as operacións contra os cregos, senón que, na altura, igual que en moitas áreas da Galiza no período republicano, representaban a autoridade social e colaboraron dun xeito ou outro na morte de moitos dos seus que se negaban a ser ovellas. O clero non vai ser a única vítima dos fuxidos, tamén a súa reacción chegará ás autoridades franquistas, aos delatores, aos represores, conseguindo, en moitos casos, diminuír o número deste e mesmo operar de contrapeso. Porén, a falta de organización na contra de



Guerrilleiros no monte ás beiras do Sil en 1944. Arcadio Ríos, César Ríos, Victorino Nieto e Siverio Yebra

homoxeneizar os obxectivos diversificados. Xa no norte galego, a partir de 1939 comezan as primeiras accións contra recoñecidos falanxistas, organizadas e executadas por socialistas, onde destacan o represor Eladio Teixeira en Barreiros ou o xefe Provincial da Falanxe en Lugo, Xosé Viador. Polas terras do Barco, de Lemos ou de Bierzo, naquelas mesmas datas no Concello de Balboa eran axustizados os recoñecidos falanxistas Domingo Vilar, Valeriano Gomez, Luís González e Xosé Álvarez, todos eles alcaldes pedáneos e algún implicado na represión, en Castexeira-Sober, o garda civil Nicasio González. Unha consideración diferente merece o ataque ao destacamento da Lexión estacionada na Veiga de Espiñareda que rematou coa morte do oficial de maior rango do rexemento e a detención de catro falanxistas, axustizados tras seren xulgados pola xustiza popular dous días despois.

A lóxica da política da dirección socialista de vincular a caída do franquismo ao triunfo dos aliados na II Guerra Mundial, unha lóxica que, no plano táctico, se vai ver testada polos manexos de Prieto e os seus acordos cos británicos, vai levar esta forza política a colaborar de xeito

activo no esforzo de guerra contra as potencias do Eixo, ocupando o noso país un lugar destacado nese quebracabezas que se vive no neutral Estado español do Franquismo. Non vai diferir a operativa dos socialistas na Galiza no seu apoio aos aliados da que mantiveron o resto de forzas de oposición ao réxime. Se cadra, o caso máis estudado e o do PNV e o Departamento de Estado de Estados Unidos, mais tamén mantiveron relacións privilexiadas coa forzas en conflito o conxunto das forzas antifranquistas, mesmo a CNT que colaborará tamén de xeito moi decido con Estados Unidos e co Reino Unido. O principal labor desta equipa de espionaxe organizada polos socialistas na Galiza vaise centrar no control dos recursos naturais que requiría o esforzo de guerra, isto e o volframio, en vixiar o tráfico marítimo na costa galega do mesmo para evitar o seu traslado ás factorías de Alemaña, onde era transformado nunha ferramenta da industria militar e por último –mais non por iso menos importante– na creación e colaboración coa rede de evasión de soldados ou perseguidos da Europa ocupada. Hai que destacar no control do tráfico marítimo toda a rede de vixiar que desde Ferrol até Ribadeo articularon

os socialistas; a outra área da costa galega estaba sometida ao control da CNT, onde os socialistas mariños desempeñaron un papel central, ao porren, desde 1942, o movemento de barcos co destino a Alemaña en mans do Consulado Británico en Ribadeo que, á súa vez, transmite a información dos fretes ás súas forzas aéreas ou navais a fin de interceptar os destinos. Un papel semellante desempeñárono os militantes socialistas, algúns deles en réxime de prisioneiros, outros como traballadores que estaban ocupados nas minas de Silleda e de Casaio, que transmitían puntual información do ritmo de produción; esta información tamén chegaría de xeito detallado aos consulados de Vigo e Coruña. Así se explica a grande actividade militar que vai vivir a costa galega entre 1943 e 1944, coa presenza continúa de avións da RAF e submarinos alemáns, situándose o centro deste combate na área da Mariña e Ortegal, onde destacan pola súa espectacularidade o afundimento dun submarino na Ría do Barqueiro en Abril de 1944 e o traslado da tripulación alemá ao arsenal de Ferrol, ou mesmo a existencia dun cemiterio do exercito alemá no cemiterio da Coruña. A rede de evasión da Europa ocupada vai ter unha

Militantes da Federación de Guerrillas de Galiza e León no Bierzo en 1944. De arriba a abaixo e de esquerda a dereita: Guillermo Morán, Mario Morán, Evaristo González "Rocesvinto", Arcadio Ríos e Abelardo Macías "Lebre"



encrucillada central na Galiza, cunha vía que seguía a entrada polo norte do País e que tiña o seu punto neuráxico en Foz, e outra vía que discorría polo sur e que tiña a base de operacións na facenda do escocés Alexandre Easton en Ponferrada. O destino dun e doutro dos traxectos era a central da intelixencia inglesa na Europa ocupada situada, desde o inicio, da contenda na cidade portuguesa do Porto, se ben a rota ao Porto implicou pór en marcha unha ampla infraestrutura que incluía mesmo hospitais, como o que funcionou en Foz entre 1942 e 1945, financiado por fondos británicos e utilizado indistintamente por soldados escapados da Europa ocupada e fuxidos galegos que participaban na resistencia, situado no palacete de estilo indiano da nai do socialista Ramón Couto e atendido por dous médicos represaliados, militantes antes do Alzamento de Esquerda Republicana, Xosé Mel e Miguel Piedra.

Xa fixemos mención de que as relacións entre a organización do Partido Socialista e a súa militancia na fronte armada non estivo exenta de problemas, mais a discordia superou tamén a procedencia xeográfica destes, ao operar de facto unha Federación Socialista Galega que agrupaba a militancia das comarcas galegas do Bierzo e do Eo-Navia e outra militancia socialista; falamos dos asturianos que participaban na Federación de Guerrillas da Galiza e León, que só manteñen relación orgánica coa executiva dos socialistas asturianos e xa directamente co dirección estatal no interior e no exterior. As diverxencias da afiliación socialista foron obxecto das memorias do propio Marcelino Villanueva ('O Gafas') que lembraba que: "non existía ningún contacto co executiva galega do PSOE, o meu contacto era Teodomiro Menéndez a través dun avogado de Foz [fala de Ramón Couto] e con Ramón González Peña, a través de Gabino Sánchez". Os contactos directos con Teodomiro Menéndez, grande líder histórico do SOMA e do socialismo asturiano nas

tres primeiras décadas do século XX, deputado na II República e persoa a quen lle tocou presidir a Comuna asturiana do 1934 ou co tamén dirixente do SOMA e deputado Ramón González Peña dan a medida do peso que no socialista asturiano tiña o propio 'Gafas', membro da executiva do SOMA, dirixente da JSU con Antón Llaneza e un dos grandes líderes do 1934. A Federación Socialista Galega, actuante naqueles anos de ferro que se inician co alzamento fascista e remata arredor de 1947, nada ten a ver coa potente organización do período republicano, ao ficar practicamente desarticulada, coa súa actividade reducida aos núcleos urbanos de Vigo, A Coruña e Ferrol, ás minas de Silleda e á Mariña de Lugo, cuxa posición era cualitativa e cuantitativamente determinante, até o punto que acollía a sé da executiva galega da organización. O propio feito de que o coordinador da Federación Socialista Galega entre 1942 e 1948 fose un veciño de Foz fixo que as relacións coa dirección estatal no interior e no exterior –primeiro en México e despois en Francia– ou mesmo as relacións co resto das forzas de oposición se levasen desde alí. O proceso de esgotamento desta forza política non foi diferente ao doutras

forzas de oposición, se ben no caso do PSOE debemos destacar a progresiva fuga de cadros e militancia que, ao longo desta etapa, vai ter cara ao PCE, fundamentalmente por veren nesta forza unha consecuencia e firmeza na oposición que non se vinculaba aos socialistas. Así, a deterioración desta organización até a caída en 1948 da Comisión Executiva Galega vai ser evidente, como detallan os informes doutras forzas coa que partillan loita e mesmo o aliado como é o PG que, en sucesivos informes afirma: "O Partido Socialista foi reorganizado na Galiza principalmente por iniciativa de elementos alleos, principalmente madrileños e asturianos. Os socialistas galegos decláranse partidarios da autonomía, aínda que no fondo son a forza máis receosa para as nosas aspiracións, xa que antepoñen a disciplina central a toda obriga de galegos." (Xaneiro 1945), continuando un mes despois: "Teñen forza en Vigo e Ferrol, algún elemento illado noutras cidades e no norte de Lugo. Politicamente apoian a autonomía da Galiza".

**O GARDARRÍOS OU O ESFORZO DOS MELLORES FILLOS DO POVO.** Á altura de Decembro de 1933, Luís Trigo Chao, Presidente da Agrupación



Enterro laico en Mondoñedo en 1933 presidido entre outros por Luís Trigo Chao "O Gardarríos", terceiro pola esquerda, na altura Presidente da Agrupación Socialista de Mondoñedo

Socialista de Mondoñedo escribía nas páxinas do semanario socialista viveirense *El Momento* que: "as revolucións non se fan con auga de colonias, senón entregando o sangue dos mellores fillos do povo." Estas palabras, que serían retrucadas por outro destacado socialista mariño, residente en Madrid, Agapito García Atadell, como unha brincadeira dos Largo Caballeristas no seo da loita interna que vivía o PSOE, rematou por ser proféticas para os dous protagonistas. Luís Trigo ('O Gardarríos'), non foi un militante calquera, pois, malia o protagonismo que acadou, tanto nas loitas sociais e políticas que se viviron en Mondoñedo e na Mariña a finais dos 20 e durante a II República como, dun xeito moi particular, pola súa longa etapa na clandestinidade armada, a súa figura rematou por diluír o esforzo de loita no ámbito político e militar dos socialistas mariños. A sombra do 'Gardarríos' é tan alongada que sitúa nun segundo plano que a Federación Socialista Galega tiña preto de 80 afiliados na Mariña, un número moi alto para o que era o PSOE no momento, mais tamén para unha situación de clandestinidade, concentrados basicamente en Foz, Mondoñedo e Viveiro, se ben conta-

ba con presenza na totalidade dos concellos costeiros do norte galego e cunha presenza en varios do interior, como Lourenzá, Trabada, Alfoz, Ferreira, Abadín, Pastoriza ou Vilalba. A reorganización do socialismo do norte galego vén da man de dous factores. Primeiramente, o novo rumbo que toma a II Guerra Mundial após a batalla de Stalingrado e ao retorno á zona de militantes socialistas que fixeran a guerra co Exército da República unha vez cumpridas as condenas, onde destacan cadros como Amalio Rodríguez, dirixente do Sindicato de Choferes da UXT en Valencia e militante da JSU, Antón María Rodríguez, 'Antón María de Simón', membro do V Rexemento, afiliado antes da guerra ao Sindicato de Panadeiros e, de xeito moi particular, Ramón Couto, dirixente do sector prietista da JSU, colaborador de Nova Galiza e persoas que afiliaría ao PSOE a Francisco Vázquez e Fernández Moreda. A afiliación socialista estaba formada por vellos socialistas (Graciano Leivas, Francisco Fuente ou Dodelino Trigo...), algúns dirixentes republicanos que se reorganizan agardando o cambio de réxime (Xosé Mel, Ex Presidente Esquerda Republicana en Foz, Ramón García, tamén da Unión Republicana) e novos cadros fillos de

represaliados (Leopoldo Carro, fillo do secretario da Agrupación Socialista de Betanzos ou Xosé Paz, fillo do expresidente da Agrupación Socialista de Foz que pasaría a ocupar a responsabilidade de Coordinador Xeral do PSOE na Galiza entre 1942 e 1948). Na súa composición social predominan os labregos, asalariados do sector da conserva, un número significativo de mariñeiros, para o escaso peso dunha actividade controlada pola CNT, mais tamén conta con comerciantes e artesáns, seis profesionais liberais e dous funcionarios públicos.

Luís Trigo é un home maduro cando se bota ao monte, xa non só pola idade, posto que ia camiño dos 47 anos, mais porque atesouraba atrás del unha notábel práctica política, ben na organización do Sindicato de Traballadores da terra de Mondoñedo, ben na organización do Partido, en que era unha praza forte de Esquerda Republicana, ben na súa colaboración nas xeirás de propaganda do PSOE na Mariña central e, por suposto, polo seu destacado papel na Revolución de 1934 que remataría coa súa suspensión como concelleiro e coa detención por preto de catro meses. Non era un descoñecido e, se cadra por iso, aqueles seis homes que se orga-



Ficha da Garda Civil sobre a partida do Girón na que se recollen datos de cada un deles e dúas fotos de guerrilleiros, entre eles un dos últimos membros do maquis hoxe vivos, o berciano Francisco Martínez "Quico"



nizaron na súa partida a finais de 1936 e que comezaron a bater no réxime en 1937 sexan auténticos descoñecidos. Canda el, naquelas primeiras accións que se intensifican entre 1937 e 1941, atopamos a socialistas como Roberto Alonso Ramos ('O Barbas'), natural de Cienfuegos, Cuba, que operaba na zona de Vilalba e atoparía a morte en 1948, Antonio Campoamor ('Pin') que remataría por integrarse na Federación de Guerrillas da Galiza e León, Xermán Méndez García, Perfecto Requeixo ('O Tarrelo'), natural de Abadín asasinado en 1946, Venancio Seoane ('Pasoslargos'), militante da CNT que se iniciou na guerrilla co 'Santeiro', o mítico escapado de Ibias e atoparía a morte en Outubro de 1948. Algunhas daquelas primeiras accións do Gardarríos responde á lóxica da actividade armada dos fuxidos e así atopamos golpes que responden a dar respostas á mera necesidade económica, outros a facer presión sobre o clero que estaba a colaborar co réxime, como o asalto as reitorais de Santa Cruz ou Obe en Ribadeo, se ben entre 1939 e 1941 atopamos o loitador máis activo contra o aparello represivo do réxime, como o intento de atentado contra un garda civil no Valadouro en 1941 e, por suposto, o axustizamento do falanxista focego Eladio Teixeira, persoa clave, xunto co seu irmán médico, na represión nas terras da Mariña, Ortegal e Eo-Navia, nas Curvas da Maradona, entre Lourenzá e Barreiros, en Xuño de 1939. Á mesma lóxica responde a eliminación física no verán de 1940 do xefe da Falanxe na provincia de Lugo, Xosé Viador Vieira, asasinado na Fraga Vella, mentres volvía con estraperlo de grao do campamento que as 'Frechas' tiñan instalado no verán na Casa da Administración de Sargadelos. A imaxe que existe do Gardarríos, moi mediatizada polo xeito que el tiña de entender a clandestinidade, onde as máis elementais regras non eran observadas, debuxou unha falsa imaxe de Riobarba, en que ten a ver ao sentido que este daba á disciplina, á militancia e á

propia actividade armada. No tocante a este último tema, debemos falar da creación, no caso de prosperar, do que sería a primeira agrupación guerrilleira da Galiza, a 'Agrupación Thapaieef', fundada en 1938 e cuxa dirección estaba formada por Luís Trigo (socialista), Secretario Xeral, Xosé Castro (socialista), Propaganda e Xosé Neira (cenetista). Segundo publica *Liberación*, periódico mural da III Agrupación, en Abril de 1948, ao referirse a este suceso: "Naquel novembro de 1948 cando un grupo de 14 ou 15 compañeiros acordamos organizar esta guerrilla a nosa moral era do máis elevada pero desgraciadamente durou pouco esta organización por falta de seriedade e honradez dalgúns que facían parte desta Guerrilla Thapaieef que rematou os seus días en 1941". O documento que manifesta a vontade de partido guerrilla, que si que daría froitos coa Federación, non deixa de expresar unha dura crítica ao ortegano Neira e mesmo dar aínda máis luz do como e do quen da súa morte. Paralelamente, participará da vida orgánica do PSOE na Mariña, ao colaborar no seu voceiro *Forja*, onde asina asinando como 'O Gardarríos de Viloalle', unha sección que se titulaba parte de guerra, boletín este que se editaba nun ciclostil que Trigo levantou nun asalto á Irmandade de Labradores de Abadín, ou das accións de propaganda armada, onde destacaría o bombardeo figurado de Foz, coincidindo coa caída de Berlín en mans do Exército Vermello, con fogos de arti-

ficio que gardaran das festas do San Brais e que rematou co acuartelamento dos falanxistas locais no cuartel que o Exército tiña na bocana na Ría.

#### A FEDERACIÓN DE GUERRILLAS DA GALIZA E LEÓN OU A GUERRILLA PARTIDO.

A existencia da Federación de Guerrillas da Galiza e León, unha organización pluralista, democrática e unitaria, pon en evidencia a falacia de moitas afirmacións que se teñen feito, tanto nos medios oficiais, como paraoficiais, sobre a composición social, mais tamén sobre a orientación ideolóxica do movemento armado, e primeiramente é a negación rotunda de que o movemento guerrilleiro na Galiza foi un apéndice ou simplemente estivo hexemonizado polo PCE. Así, en toda a súa traxectoria, os comunistas nunca lograron o control da mesma. Aínda que pluralista, foron militantes socialistas, desvinculados das directrices da Federación Socialista Galega, mais en contacto coa dirección interior e exterior do PSOE e da Federación Socialista Asturiana, os que tiveron o poder efectivo da Federación de Guerrillas da Galiza e León e orientaron a súa estratexia. Porén, o feito realmente importante desta vén destacado noutra cuestión, xa que foi a primeira guerrilla organizada en todo o territorio do Estado español, anterior en case tres anos ás Agrupacións impulsadas polo PCE, e serviu como modelo ás referidas Agrupacións. Foi tamén arredor desta onde apareceu o primeiro periódico guer-



Na foto da esquerda Xosé Paz Vázquez (o da dereita), secretario de executiva galega do PSOE entre 1942 e 1948, detido nese último ano canda toda a executiva. Foi unha persoa chave na rede de espionaxe inglesa na Galiza.

Na foto de abaixo, Ramón Couto, home de contacto entre a dirección da Federación de Guerrillas de Galiza e León e a Executiva da Federación Socialista Asturiana. Na súa casa en Foz instalouse, a comezos da década dos 40, un hospital clandestino financiado polo consulado inglés en Ribadeo



rilleiro *El Guerrillero* que, despois, sería imitado, incluso no título, polas outras organizacións armadas. O elevado número de fuxidos, o apoio popular nas comarcas en que se movía e a preparación política e militar dalgúns dos seus integrantes activaron a creación dunha guerrilla organizada en datas que mesmo coinciden no tempo coa fin da Guerra que se librou no territorio español; non así no galego, que só foi sometido, primeiro, a un golpe de estado e, despois, a un proceso de xenocidio dos seus sectores máis lucidos por parte da barbarie fascista.

Non podemos deixar de pór en valor o carácter peculiar e os aspectos específicos da mesma que da á Federación de Guerrillas da Galiza e León unha identidade propia que merece a pena destacar. Foi unha guerrilla autóctona que non contaba entre os seus integrantes con combatentes chegados da resistencia francesa. É máis, os socialistas e os cenetistas, parte maioritaria da organización, non recibiron apoio do exterior das súas respectivas formacións, polo que se viron privados de elementos chegados de fóra. Iso si, sendo a base guerrilleira maioritariamente procedente das comarcas en que desenvolveron as accións armadas, isto é as comarcas da Galiza administrativa e irredenta que sinalamos ao comezo, cómpre destacar a incorporación dalgúns cadros decisivos procedentes de Asturias, uns fuxindo da caída da Fronte Norte, outros fuxidos de destacamentos penais. Aclarémo-

nos: estamos diante dunha guerrilla que tivo a súa base de acción nas comarcas da Galiza irredenta da Cabrera, O Bierzo, Póvoa de Sanabria, as Terras do Eo-Navia, as zonas de Valdeorras e o Bolo, así como a zona da montaña de Lugo, desde Quiroga a Fonsagrada, pasando polo partido xudicial de Becerreá. A Federación foi unha organización plural no político sob a dirección socialista, mais, á diferenza de ningunha das Agrupacións, ningún partido político controlou a organización guerrilleira. Eran os mesmos guerrilleiros que fixaban a estratexia político-militar: eran, en definitiva, seguindo a senda vietnamita, iniciada en Cuba e teorizada por Régis Debray, guerrilla e partido. A pesar dese importante pouso socialista, non podemos esquecer as achegas dos cadros anarcosindicalistas que participaron desde o primeiro momento na resistencia e, xa que logo, na fundación e consolidación da Federación, ao ocuparen algúns destes postos importantes na dirección da organización. Outro aspecto que merece especial atención son as razóns que levan a consolidar unha guerrilla de fuxidos, fenómeno tamén característico da Federación, se cadra, como afirma Secudindo Serrano, o maior especialista no tema. A explicación hai que buscala no feito de que as comarcas onde se desenvolve o pequeno propietario rural, o xornaleiro e o mineiro xa partillaban lazos de clase e mesmo militancia política desde os anos vinte, o que

tronza coas visións conservadoras sobre a propiedade.

Un apuntamento a parte merece a composición social deste destacamento que deixa a todas luces claro que eran as clases populares as que resistían a ditadura franquista, até o punto de que 75% dos guerrilleiros eran asalariados e 25% eran labregos, pequenos propietarios ou caseiros. Así, entre os asalariados, 35% eran xornaleiros, 25% mineiros e o 10% restante eran profesionais, sendo 70% dos membros da guerrilla solteiros, non permitíndose na mesma a participación de mulleres. Os postos de maior responsabilidade exercéronos mineiros e xornaleiros, supomos que por contar cunha maior consciencia política. Mais, para alén daqueles guerrilleiros máis míticos como 'O Santeiro' de San Antolín de Ibias, nas Terras de Eo-Navia, Girón Bazán nas Terras do Bierzo, morto á traizón en 1951 despois de 12 anos no monte que decidira non abandonar a loita após a deserción ordenada por Prieto, non podemos esquecer citar os seus grandes cadros, isto é Marcelino Villanueva ('O Gafas'), os Irmáns Morán, os Irmáns Ríos e Marcelino de la Parra, auténticos líderes desta loita. 'O Gafas' era un vello cadro do SOMA e da executiva da Federación Socialista Asturiana e, ao igual que el, militaban no socialismo Cesar Ríos e Mario Morán: estes tres conseguirían fuxir do Estado, os dous primeiros por barco desde o Porto de Luanco e o segundo por Catalunya, exiliándose en Arxentina, Francia e México respectivamente; Guillermo Morán e Arcadio Ríos atoparían a morte, o primeiro no lugar de Chavaga en Monforte en 1949 e o segundo en 1946 no Congreso de reunificación da Federación, e Marcelino de la Parra, antigo cenetista vinculado á FAI, ocuparía a xefatura do estado Maior da Federación de Guerrillas da Galiza e León, atopando a morte en Tarragona cando tentaba cruzar a fronteira camiño do exilio francés nunha fuga preparada polo que fora o seu segundo na Federación naquela altura xa en Francia, Cesar Ríos ■

Antón Grande

# A resistencia dos maquis en Lugo




A resistencia antifranquista non comezou –como algúns pensan– ao rematar a guerra civil, senón que esta deu comezo xusto no momento en que se dá o golpe militar fascista contra a República.

Moitos lucenses e galegos, ao veren o xiro que tomaban as cousas e as primeiras represións que levaban a cabo falanxistas e militares, decidiron fuxir ao monte ou permanecer escondidos. Algúns temían ser encarcerados ou pasados polas armas pola súa militancia ou ideoloxía política; outros, simplemente, por rancores veciñais que os podían levar a ser paseados ou torturados polo feito de ter rifado con algún veciño ou por tentar quedarse coas súas propiedades acusándoos, sen fundamento, de ‘roxos’.

Eran xentes que permanecían acachadas en casas de parentes ou que se escondían nos montes, aínda que sen poder levar a cabo moita actividade guerrilleira, tanto pola desconexión que existía, como pola falta de armamento que puidese permitir accións sabotadoras.

Por isto, habería que distinguir tres tipos de persoas que chegan á guerrilla por diferentes motivos. En primeiro lugar, estaban aqueles que ante o temor a ser mobilizados, en-



Esbozo realizado pola Garda Civil da cova na que se agochaban un grupo de maquis en Paradela

carcerados ou fusilados, escapan ao monte para esconderse, pero sen levar a cabo acción, salvo en casos contados.

Un segundo grupo constituíanos aqueles que, ante a situación da guerra, ou ao rematar esta, deciden ir ao monte xa dun xeito máis ou menos organizado. Finalmente, habería que mencionar un terceiro grupo, formado esencialmente por exiliados, moitos deles do PC, que deciden regresar

para loitar no monte e reorganizar os grupos guerrilleiros.

A organización de todas estas persoas viría, polo tanto, ao remate da guerra, especialmente da man do Partido Comunista, que comeza a enviar armas e munições e mesmo aparatos propagandísticos aos fuxidos que se reorganizan así en cuadrillas, uns por militancia ou afinidade ideolóxica, e outros como xeito de poder golpear o goberno de Franco, aínda que algúns



Arriba, "Miliciano Gallego", órgano dos combatentes galegos do Batallón Lister, 1937. Abaixo, Circular interna da III Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galiza, 1948. Para moitos a guerrilla non foi máis que a continuación dunha guerra que endexamais deran por perdida


deles, como é o caso de Gardarríos, na Mariña luguesa, decidan ir por libre nas súas actuacións, aínda que colaborando en golpes de man con outras agrupacións guerrilleiras da zona.

Todos eles tiñan unha meta como principal obxectivo, algo que non pasaba dunha utopía: enlazar a resistencia antifranquista coa Segunda Guerra mundial e vincular o futuro de España ao das democracias occidentais, para o cal deberían manter un acoso contra o goberno fascista para recuperar a República.

Podemos dicir, xa que logo, que nos momentos máis importantes da guerrilla en Galiza, chegou a haber cinco xefaturas das distintas agrupacións de maquis, que correspondían ás provincias de Lugo, Ourense, Pontevedra, A Coruña e á zona comprendida entre León e Galicia.

Loxicamente, para as forzas de seguridade de Estado, estes loitadores e loitadoras –o papel da muller na guerrilla foi tamén importante e moi pouco estudado, non só como apoio, senón mesmo na fronte de combate– non tiñan o rango de guerrilleiros, senón que eran considerados como bandoleiros ou atracadores, nun claro intento por parte do réxime de desvirtuar a loita guerrilleira, e con eses apelativos aparecen nos arquivos policiais e tamén nos xornais da época, controlados pola férrea censura de Franco. Abonda para comprobar todo isto con ler o libro do coronel da garda civil, que logo chegaría a xeneral, Francisco Aguado, *El maquis en España*, un dos libros máis completos sobre a guerrilla desde o punto de vista franquista e empregando como documentación os arquivos policiais.

**AS CUADRILLAS.** Para falar das cuadrillas que actuaban na provincia de Lugo cabe citar, en primeiro lugar, a do derradeiro guerrilleiro morto en enfrontamento coas forzas do orde, Xosé Castro Veiga ('O Piloto'), que non obedeceu a orde de fuxir a Francia cando o PCE así o ordenou, preferindo quedar por terras do Saviñao





Fichas de dúas partidas de elaboradas a man pola Garda Civil, concretamente a "Enrique Lister" que operaba nas Mariñas e a "Manuel Bello" que actuaba na área da Coruña

coa súa compañeira. Do Piloto falaremos máis adiante.

Outras partidas a destacar e que actuaban nesta provincia foron as de Xesús Iglesias Escourido ('Tizón'), e a de Plácido Rivera Cociña. O primeiro deles entregouse á garda civil en agosto de 1951, en tanto que o segundo o faría o 4 de novembro do mesmo ano.

Outra partida que actuaba na provincia era a de Manuel Gutiérrez, que tiña o seu campo de actuación pola zona dos Ancares, entre León e a provincia de Lugo. Esta partida estaba formada por Manuel Gutiérrez Abella quen, segundo os arquivos policías do ano 1949, figuraba como de 36 anos, natural de Paradaseca (León), alto, forte, de ollos castaño escuro, cellas ao pelo, barba poboada e cunha cicatriz na meixela dereita, desde a orela aos beizos.

Xunto con el figuraban Edelmiro Alonso García, de 32 anos, natural tamén de Paradaseca, de estatura regular segundo a ficha policial, forte, con principio de calvicie, mouro, de ollos claros e a cara ancha e redonda; Adoración Canedo, de 35 anos, natural de Canedo (León), cualificada pola garda civil como enérxica, autoritaria e con gran ascendente sobre o seu compañeiro sentimental, Edelmiro Alonso.

Pertencían tamén a este grupo guerrilleiro Pedro Lamas González ('Pedrín'), de 37 anos, natural de Canteixeira (León), dun metro e medio de estatura, boca grande, queixo con furado, pelo castaño, cellas ao pelo e moi poboadas e, finalmente, Oliveros Fernández Armada, ('Negrín'), de 25 anos, natural de Trespenas (Covas), na provincia de Lugo.

Todos eles lograron fuxir a Francia cando, ao finalizar a Guerra Mundial, se deu por perdida a loita de resistencia antifranquista e o Partido Comunista deu a orde de repregarse e abandonar o país.

Habería que salientar tamén que, entre as provincias de Ourense, León e Lugo, actuaba a partida de Mario Morán, de militancia socialista, e composta por Bernardo Álvarez Trabajo ('Sasta'), Oliveros Fernández Armada ('Negrín'), que actuaba tamén, como xa queda dito, coa partida de Manuel Gutiérrez; Antonio López Núñez ('Objetivo'), que sería detido e encadeado; Felipe Monleón Fernández, Francisco Martínez López ('Quico'), e Alberta Viñales Martínez, que lograría fuxir a Francia.

Outro dos maquis que actuaba na provincia de Lugo era Ramón Rodríguez Varela ('Curuxás'), que tamén acadaría fuxir a Francia no ano cincuenta.

Pola súa banda, e procedente da localidade asturiana de San Antolín de Ibias, actuou na provincia de Lugo, xusto ao rematar a guerra, o grupo de Serafín Fernández Ramón ('Santeiro'), que contaba entre as súas filas con elementos tan audaces como Xoaquín Lago Fernández ('Xoqui'); Luis López Vega, Antonio Lago Martínez, Felisa Fernández Arandajo ou Faustino Díaz ('Campillo'), xunto con outros dous guerrilleiros dos que só se coñecen os seus alcumes: 'Rizoso' e 'Asturiano'. Todos eles actuaban pola zona de Cervantes en unión da partida de Velasco.

A partida de 'Santeiro' estivo inactiva durante 1940. No entanto, reaparece no ano 1941 actuando tamén por Fonsagrada e chegando mesmo nas súas actividades até Pol.

O 8 de novembro de 1941, un dos seus homes, Faustino Díaz ('Campillo'), mata no lugar de Castrelo, en Baleira, a súa madriña, Carmen Dorado, porque esta se negara a darlle acollida na súa casa. Cinco días despois, sería acurrallado nunha palleira no lugar de Cimadevila. Ao verse rodeado e sen posibilidade de escapatoria, comezou un tiroteo en que feriu un sarxento da Garda Civil para, a continuación, prender lume á palleira e suicidarse pegándose dous tiros.



"Vida Guerrillera", publicación da guerrilla vinculada ao PCE, 1948

'Campillo' matara no lugar de Millares, en Baleira, un home no decurso dunha romaría. Por isto, estaba preso en Valencia, cárcere de que logrou fuxir ao comezo da guerra civil. Aínda que estaba considerado como da cuadrilla de 'Santeiro', realizaba tamén accións conxuntas con 'Serrano'. Ningún dos dous tiñan compromiso político, aínda que eran moi temidos.

**OUTRAS CUADRILLAS.** A partida de 'Velasco' actuaba pola zona de Cervantes, Pedrafita, Becerreá, Triacastela e As Nogais. Como feito máis salientábel desta partida habería que apuntar o asalto a unha camioneta de viaxeiros procedentes da feira de Currelos, no Saviñao, así como a agresión a un vehículo militar ocupado por un capitán de aviación que feriron con catro balazos, ao igual que con dous ao seu condutor, o 26 de febreiro de 1940.

Tamén en Sarria, en xullo do mesmo ano, este grupo fai un control da

estrada onde deteñen un coche de liña e levan como botín 7.000 pesetas.

As partidas de Santeiro e Velasco chegaron, nunha ocasión, a ocuparen a localidade de Fulgueira, onde se fixeron cun botín de 10.000 pesetas xunto con reloxs e escopetas.

Outra partida que actuaba na provincia de Lugo era a de 'Abelardo', que tiña entre os seus membros a 'Cotán' e 'Medela', que atracaran o Banco Pastor en Chantada.

Esta partida, o 23 de outubro de 1942 ocupou Seoane do Courel, localidade en que se apoderaron de cartos, xoias e armas, ao tempo que mataron o párroco, Benigno García Méndez.

Polas zonas de Corbelle-Vilalba, Labrada-Abadín e Balsa-Muras, actuou unha cuadrilla formada por tres irmáns apelidados Iglesias Seco. Foron detidos en 1944 cando portaban tres pistolas, un subfusil e 20.000 pesetas.

Cómpre aclarar tamén que a agrupación guerrilleira de Lugo era a terceira, que tiña a 'Temblás' como

xefe. No entanto, tras a caída deste e de Antonio Seoane Sánchez ('Julián'), xefe do Exército Guerrilleiro do Noroeste de España, e a de José Gómez Gayoso ('López'), secretario do Partido Comunista de España en Galicia, no ano 1948, o 'Coronel Benito' reestruturou en Monforte a guerrilla nesta provincia e funda co 'Piloto', Guillermo Morán ('Roces') e outros, o destacamento *Santiago Carrillo*.

O 30 de abril de 1949, este destacamento foi practicamente eliminado, xa que ese día en Chantada, e tras un tenso tiroteo, morren 'Guardiña', 'Roces', 'Remollete', Guillermo Morán e o enlace, Ramón López Casanova, aos que lles ocupou a Garda Civil tres pistolas metraladoras, cinco pistolas de 9 milímetros largo, un mosquetón, un revolver, unha escopeta, un machete e varias granadas de man.

Pola súa banda, o 'Coronel Benito' foi detido en Bóveda o 22 de xuño de 1949.

Non se pode pasar tampouco por alto unha serie de cuadrillas que actuaban nas provincias limítrofes de León e Oviedo xa que, en bastantes casos, actuaban conxuntamente coas que levaban a cabo as súas actuacións nas zonas limítrofes de Lugo con estas provincias, especialmente nas zonas do Quiroga e O Courel, polo que se refire a León, e Meira, A Pontenova e Riotorto, polo que se refire a Asturias.

Entre as partidas que actuaban entre León e Lugo habería que citar a de Manuel Girón Bazán ('Girón'), morto en León polas forzas da Garda Civil o 21 de maio de 1951 e en que se integraban Francisco Martínez López ('Quico'), que tiña o cargo de comisario político e que fuxiría a Francia; o sarxento Enrique Oviedo Blanco ('Chapa'), morto en León pola Garda Civil o 27 de novembro de 1960; o tamén sarxento Augusto Diéguez Yáñez ('Rubio'), morto en Ourense o 26 de agosto de 1951; Silverio Yebra Granja ('Atravesado'), que conseguiu fuxir a Francia; Ovílo Fernández Rodríguez ('Blas'), que tamén fuxiu; Pedro Juan Méndez ('Malvarisco'), fuxido a Francia; Silves-

"Senda Guerrillera", publicación da Agrupación guerrilleira "Manuel Eibe", 1948

tre García López ('Chimenea'), morto en Ourense o 26 de novembro de 1951; Manolín ('Asturiano'), fuxido a Francia; Ávila González Arias, compañeira de 'Girón', que foi detida pola Garda Civil en León en maio de 1950; Asunción Macías Fernández ('Pandereta'), morta en León o 27 de novembro de 1950; Enrique Yáñez Álvarez ('Chaval') morto pola Garda Civil en maio de 1951, e Felicitas Martínez Villarpriego, que foi detida e condenada.

Como independentes pola provincia de León limítrofe con Lugo figuraban Xesús Quiroga Arias ('Chucho') e Ricardo Eirós González.

En canto ás partidas de actuación de Asturias e Galicia, estaba a xa citada 'Xoqui', aínda que como guerrilleiros independentes figuraban Segundo Pérez Cancio e Vicente López López.

**ENRIQUETA OTERO.** Enriqueta Otero ('María de los Dolores') foi posiblemente a guerrilleira que acadou unha meirande popularidade en Lugo debido, en certa medida, a que sobreviviu aos seus compañeiros de loita até a lonxevidade e a que residiu nesta cidade nos derradeiros anos da súa vida.

Enriqueta Otero era membro do Partido Comunista e formaba parte da cuadrilla a que pertencían, entre outros, Ramón Vivero, Julio Nieto e Víctor García ('Brasileño') que actuaban polas proximidades de Lugo. Enriqueta tiña fama de ser aguerrida e mesmo de ter mantido varios tiroteos coa Garda Civil.

Precisamente nun destes enfrontamentos, o 18 de febreiro de 1946, foi ferida, detida e sometida a violentas torturas. As súas declaracións supuxeron a detención doutros cincuenta guerrilleiros que actuaban en Lugo, o que supuxo unha baixa importante para o Partido Comunista e para a guerrilla nesta provincia.

Logo de ser condenada a morte e serlle conmutada a pena pola de trinta anos de cadea, que non chegou a cumprir, foi posta en liberdade e retirouse a Castroverde de onde era natural. Coa chegada da democracia e ao ser



rehabilitada, impartiu clase no colexio de Castroverde até a súa xubilación. Posteriormente, fundou a asociación cultural O *Carrizo*, que tiña como finalidade a de espallar a cultura galega, que dirixiu até o seu falecemento.

**O GARDARRÍOS.** Luis Trigo Cheo ('Gardarríos') foi un dos guerrilleiros lucenses que acadaron unha grande fama entre a guerrilla da mariña luguesa e da provincia en xeral.

Nacido na parroquia de Cabanas, en Riobarba, daquela pertencente ao concello de Viveiro e na actualidade ao do Vicedo, emigra de ben novo a América de onde regresa en 1921 e consegue unha praza de gardarríos en Mondoñedo. En 1929 dirixe un con-

flito veciñal acerca duns montes do Coto da Recadeira e neses anos fúndase tamén a Agrupación Socialista de Mondoñedo que, en xullo de 1936, a punto de estalar a guerra civil, pasa a presidir. Ao comezar a contenda, Luis Trigo, que coñecía á perfección os montes da comarca, decide fuxir en previsión de males maiores, aínda que a súa actividades guerrilleira comeza ao rematar a guerra, actuando na zona de Mondoñedo, Abadín, Muras e Ferreira do Valadouro.

'Gardarríos' era unha persoa moi individualista e non sometida á disciplina de partido ou, mesmo, da xefatura de guerrillas. Precisamente nun informe elaborado por Antonio Seoane Sánchez ('Julían'), xefe do Exército

Carta de despedida de Antonio Seoane, Xefe do Exército Guerrilleiro de Galiza, desde a Prisión da Coruña, 1948

Guerrilleiro do Noroeste de España, logo dunha visita que realiza pola Mariña luguesa, en que contacta cunha serie de guerrilleiros para coñecer as súas opinións e dispoñibilidade de cara á loita, explica que se desprazou a Ribadeo onde topou o “celebre Trigo”. Segundo o informe, este salienta que: “este é un compañeiro que está no monte desde o 36, pero que se negou a incorporarse á Organización pois está cargada de prexuízos femininos.”

“Anda el—continúa o informe— que ten máis de 60 anos, cunha rapaza de vinte anos que é a súa querida. A conduta deste guerrilleiro non é vista polo pobo con bos ollos, pois considera que os seus fogares, de punto de apoio que son, se convierten en bordeis. Á marxe disto, Trigo manifesta que se algún día o necesitásemos para algunha operación, estaba á nosa disposición.”

Luis Trigo, como dicimos, actuaba en solitario, aínda que en ocasións o facía acompañado de Venancio Seoane. Ningún dos dous chegou a cometer delitos de sangue, tal como se recolle no libro de Francisco Aguado *El maquis en España*.

‘Gardarríos’ foi morto pola Garda Civil de Viveiro o 25 de xuño de 1948 en Vilanova de Lourenzá. Con el morreu a súa compañeira, Antonia Díaz Pérez, de pouco máis de vinte anos de idade.

**O PILOTO.** Xosé Castro Veiga, antigo carpinteiro de Boelle-O Corgo recibiu o alcume de ‘Piloto’ debido a que, durante a Guerra Civil, acadou o grado de cabo na Aviación republicana.

Logo de pasar catro anos na cadea en Madrid ao remate da guerra, refuxiouse, baixo a aparencia dun traballador, nun hospital até que, en 1945, decide regresar a Galiza onde entra de inmediato en contacto con outros guerrilleiros e foxe para o monte, onde permanecerá até a súa morte.

‘O Piloto’ non debía ter un carácter doado. Proba del é que, ao comezo da súa chegada á guerrilla, e debido á súa indisciplina, foi condenado a morte polo Partido Comunista, aínda que



finalmente a sentenza non chegou a cumprirse.

Castro Veiga actuou, inicialmente, nos límites de Asturias e León, concretamente na agrupación de Antonio Crespo (‘Fuenteoliva’), a que tamén pertencían ‘Aspero’ e Victoriano Prada, mortos nun enfrontamento coas forzas do orde en Pobo de Brollón, así como ‘Ubaldo’ e ‘Lúa’.

Tras a caída destes membros do seu grupo, a partida do ‘Piloto’ quedou conformada por Ramona Mirelle Curto Cadal (‘Mirelle’), a súa compañeira sentimental, Roberto López Rodríguez (‘Pajarito’), Manuel Castro Rodríguez (‘Pepito’), Xosé Arias Fernández (‘Cristo’), o seu lugartenente que foi morto por forzas policiais en Paradela o 27 de maio de 1954, Fermín Gómez Segura (‘Segura’) e Antonio Veiga Mejuto (‘Cacharrón’), morto na Coruña o 31 de agosto de 1951.

‘O Piloto’ levou a cabo numerosos actos de sabotaxe e enfrontamentos coa Garda Civil. En 1948, en Aldo-

sende-Paradela, logra 7.000 pesetas e mata dúas persoas nun atraco; en Martín-Bóveda, noutro atraco, logra 9.000 pesetas e deixa dúas persoas feridas. Tamén en 1948, tal como recolle a publicación *El Guerrillero* do 25 de marzo dese ano, ‘O Piloto’ leva a cabo o seu acto máis salientábel: ocupa co seu grupo a estación de Rubián (Lugo) e alí apodérase do tren de mercadorías número 81, destruíndo un vagón cargado de ferrollos de fusil.

Despois desta sabotaxe, a cuadrilla desaparece até o ano 1951, concretamente o 15 de xaneiro cando dan morte a Joaquín Fernández Solís, en Seoane-Monforte. O 18 de febreiro do mesmo ano, na aldea de Ribela, tamén en Monforte, incendian unha casa con dous moradores dentro, ao negarse estes a entregarlles os cartos esixidos. Tamén este ano, en Cadabal, atraca un veciño e faise cun botín de 100.000 pesetas.

A partir de aí, desaparece e permanece escondido, aínda que, tanto na





A esquerda, folha de denuncia das requisas da falanxe feita polo PCE de Galiza nos anos 40. Abaixo, alfabeto cifrado para elaborar mensaxes en clave polas unidades guerrilleiras



#### PRENSA E COMUNICACIÓN DA RESISTENCIA.

Antes de rematar este traballo, cómpre tamén facer unha referencia aos diferentes medios de comunicación que mantiña a resistencia antifranquista, nuns casos procedentes do exterior de Galiza e noutros, elaborados aquí cuns medios totalmente artesanais e cos que trataban non só de informarse aos maquis, senón tamén de facilitar información das súas actividades ás xentes do pobo.

Neste sentido, habería que falar de tres tipos diferentes de prensa: a procedente do exterior, na súa meirande parte do Partido Comunista e o seu órgano *Mundo Obrero*; a prensa elaborada polos propios guerrilleiros, xa fose en forma de periódicos murais ou multicopiados; e finalmente, os panfletos informativos das súas accións e que adoitaban a encabezar como *Orden de campaña*.

Así, o número de *Mundo Obrero* correspondente ao 29 de agosto de 1948, daba conta de que a mediados do citado mes, un destacamento da IV Agrupación Guerrilleira de Galicia voara a liña férrea de A Coruña a Madrid, quedando interrompida a circulación durante 32 horas. Este foi, sen dúbida,

zona de Chantada, como na de Escaridón, a súa presenza era ben coñecida dos veciños, e mesmo tiña o atrevemento de baixar a algunha das feiras que se celebraban no entorno.

Reaparece o 3 de marzo de 1965, cando atraca un veciño de Lama Grande, no Saviñao. Provisto de correaxe e dúas pistolas, faise con 10.000 pesetas.

Sete días despois, no regato de Choupán, que separa as parroquias de Pesqueiras e San Fiz, en Chantada, 'O Piloto' topou a morte. Ás 11 de mañán, un veciño de A Bugalla descubriuno e ribeira abaixo, chegou á central de Belesa onde puxo en coñecemento o feito ante o subtenente da Garda Civil xubilado, Ángel Fernández, que, naqueles intres, traballaba na central, o que chamou ao carteliño de Chantada e deu o contrasinal convida: "Aquí esta el señor. Venid pronto".

En tanto 'O Piloto' atravesaba a presa aparentando ser un empregado calquera, pois ía tocado cunha bilba-

ña, unha chaqueta de mahón azul en bo estado e uns fortes zapatos. Tapábase da choiva cun paraugas e sen apesuramento, recorreu as pistas e dirixiuse á polvoreira, á beira do río presa arriba e meténdose ao remate da pista do embarcadorio até un regato chamado das Anduriñas, que fai de límite das parroquias de San Fiz de Asma e Pesqueiras.

Un disparo efectuado polo oficialista do cuartel da Garda Civil de Chantada acabaría coa vida do 'Piloto' cando se topaba comendo pan con chourizo. Portaba ademais unha pistola metraladora e outra de calibre 9 mm largo, xunto con abundante munición. Tamén figuraba na súa documentación un carné da guerrilla galega, firmado por Enrique Líster en que se lle asignaba o grao de xeneral xefe do Estado Maior, aínda que outros guerrilleiros consultados salientan que o carné o fixera el mesmo, xa que tiña boas aptitudes para a falsificación e para as manualidades.



Enriqueta Otero Blanco, nada en Miranda, Castroverde o 26 de febreiro de 1910 e falecida en Lugo o 31 de outubro de 1989, foi mestra e guerrilleira antifranquista. Na páxina da dereita, fuxidos do barco Santa Teresa após chegar a Baiona (Iparralde), o 20 de decembro de 1946

unha das accións máis importantes levadas a cabo pola resistencia en Galiza.

Así mesmo, o citado periódico informaba que, durante os meses de xullo e agosto daquel ano, a agrupación mantivera cinco combates coa Garda Civil, ocasionándolles sete baixas, indicándose tamén que esta agrupación guerrilleira tomou catro concellos e xulgo e sancionou 40 falanxistas.

Outra noticia publicada, neste caso en *El Guerrillero*, periódico que, na súa cabeceira, se definía como *Órgano del Ejército Guerrillero de Galicia*, no número correspondente ao 25 de marzo de 1948, informa de que: “el 27 de diciembre, los guerrilleros de la III Agrupación recibieron la noticia de que iba a pasar un tren con pertrechos militares. Después de ocupar la estación de Rubián (Lugo), se apoderaron del mercancías número 81. La segunda guerrilla, al mando de P (en clara referencia a ‘Piloto’) destruyó un vagón cargado de cerrollos de fusil.”

*Mundo Obrero* do 14 de abril de 1948, e baixo a información de *Alcalde espabilado* comenta que: “el alcalde de Lugo ha montado con sus sabuesos un negocio fructífero. Se entera de quién tiene cerdos y el día de la matanza, el que no ha pagado 20 pesetas de derechos, se queda sin el animal,

que después es vendido de estraperlo por el monterilla lucense.”

Outras tres noticias máis aparecen neste exemplar relacionadas con Lugo. A primeira, co título *Fiscaleros atracadores* comenta que: “con motivo de la feria celebrada en Monterroso el pasado noviembre, los rateros de la Fiscalía arrebataron a los labradores 600 kilos de pan blanco. ¿Sabéis lo que hicieron con él? Lo subastaron entre chulos y señoritos del pueblo y, juntos todos, organizaron una gran comilona.”

A segunda das noticias, titulada *Estraperlo de géneros*, informa que: “El pasado diciembre, el gobernador de Lugo, José García (Hernández), se incautó de los géneros que venían para vender al pueblo, los cuales fueron entregados para vender de estraperlo a sus miñones y a las vampiras de Falange. El negocio le produjo cerca de 200.000 pesetas.”

Finalmente a terceira das noticias leva por título *Jamones para el gobernador* e conta que: “el mes pasado, en Sanfiz (Lugo), a un vecino le robaron una partida de jamones. Según los vecinos que presenciaron la ‘gloriosa operación’, el coche de los ladrones tenía pintado en la puerta ‘Servicio Oficial’. El mismo coche y el mismo chófer del Sr. Gobernador.”

## A RESISTENCIA GUERRILLEIRA EN CIFRAS.

Logo de trece anos de loita, os guerrilleiros retíranse por orde do PCE. Non é doado coñecer cantas accións levaron a cabo, cantas baixas sufriron, nin cantos foron á cadea ou condenados a morte en Galiza, pero si se poden ofrecer datos relativos á provincia de Lugo segundo os arquivos policiais. Segundo estes, desde 1936 a 1952, producíronse 62 asasinatos, un secuestro, dúas sabotaxes e 312 atracos.

Polo que se refire ao resumo numérico dos encontros habidos entre os guerrilleiros e as forzas franquistas na demarcación de Lugo, estes comezan oficialmente en 1937, rexistrándose un total de 96 mortos dos que un deles foi nun asalto a unha sucursal bancaria en Regueiro de Chaves o 25 de setembro de 1939, outro morreu atropelado por un tren en febreiro de 1942 nos Peares, e outro suicidouse en Montefurado o 16 de outubro de 1946.

En canto ás baixas da Garda Civil neste período de tempo, foron, segundo as fontes oficiais, un total de 15 mortos e 14 feridos, sendo os de maior graduación un brigada en Montecubeiro, o 22 de agosto de 1937, un tenente morto en Eiraxalba o 11 de maio de 1939, e un sarxento, ferido en Castro de Seixas o 29 de novembro de 1941.

O resto dos mortos e feridos eran gardas, gardas primeiros, segundos ou cabos, destacando por outra banda que, desde 1950, segundo os informes da Garda Civil, non se produciron baixas neste corpo armado.

Para rematar, xa habería que salientar que, nestes trece anos, foron detidos 133 guerrilleiros, téndose entregado outros catro. Así mesmo, e sempre segundo as fontes da Garda Civil, foron 331 as persoas detidas por ser enlaces ou colaboradores da resistencia, mentres que membros do Partido Comunista ou de outros partidos en menor contía, foron detidos na provincia de Lugo un total de 105 persoas, téndose entregado 34 deles ■

Cibrán P. Mosqueira



O mar era para algúns deles un medio de vida, mais converteuse nun camiño cara á liberdade. Foi a vía de escape para un grupo de guerrilleiros ligados ao Partido Comunista que operaban no norte de Lugo e na comarca de Ferrol. A azarosa escapada a Francia comezou na madrugada do 12 ao 13 de decembro de 1946 preto do porto lugués do Vicedo. Os fuxidos embarcaron a bordo do pesqueiro 'Santa Teresa' para iniciar unha travesía que rematou no porto francés de Baiona unha semana despois.

Esta evasión marcou o comezo da progresiva desaparición da actividade guerrilleira no norte galego, aínda que as causas deste desenlace hai que buscalas ano e medio atrás. Tras a vitoria aliada de 1945, chegou a gran decepción. En vez de provocar a caída do réxime franquista, que era a encarnación do fascismo, serviu para consolidalo. Este feito xerou "desalento e frustración", segundo deixou escrito Antonio Paleo, un comunista de San Cibrao que se encargou de organizar a fuxida. Paleo morreu a pasada década en Hericourt, unha aldea francesa situado preto da fronteira suíza.

"Preferiron ter un ditador amigo que instaurar un réxime democrático, por medo ao risco de que o país se

# Do "Santa Teresa" á morte de Xosé Temblás

## A fin da guerrilla no norte galego



alíase coa Unión Soviética", explicou o vicedense Eusebio González Pedreira, exiliado en Francia, que formou parte do núcleo de Viveiro na Terceira Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia.

A falta de expectativas de democratización uníanse o lóxico desgaste de vivir unha década fuxidos e as detencións masivas acaecidas en 1946, que supuxeron un duro golpe á estrutura do PCE. Non hai que esquecer tam-

pouco a presión das contrapartidas, forzas de seguridade de paisano que sementaban o terror nas aldeas, que minaban os puntos de apoio dos guerrilleiros e facían caer os seus enlaces. "Non estábamos dispostos a sobrevivir como raposos eternamente", manifestou González Pedreira.

"As xentes, sen perspectivas inmediatas, xa non nos apoiaban como antes. Nesas condición, a loita armada volveuse contraproducente", ase-



"Consejos de un veterano guerrillero", publicación formativa da III Agrupación

guro Antonio Paleo. Desa estratexia de repregue naceu o plan de evacuación a Francia que se forxou nunha reunión celebrada na parroquia de Castelo, no concello de Cervo. Antes houbera outra tentativa "no vapor de Pepe o Asturiano, que non se levou a cabo ante a oposición da dirección provincial do partido en Lugo", escribiu Paleo.

Antonio Paleo recorreu a un parente de San Cibrao, que era patrón de cabotaxe, para que preparase a viaxe. A idea era unha embarcación e pedir permiso na Axudantía de Viveiro para reparala nun estaleiro de Zumaia. O 'Santa Teresa', de 16 toneladas de rexistro bruto, era propiedade dos veciños de San Cibrao, Pepe de Pillado e Laureano Pérez, que o venderon por 60.000 pesetas. En canto deixaran os guerrilleiros en Francia, os tres mariñeiros que ían a bordo, volverían co barco para A Mariña luguesa. A expedición pensaba entrar en Baiona de noite para deixar a xente esquivando a vixilancia da xendarmería francesa.

Un dos problemas era contar co financiamento necesario para mercar a embarcación, para o que esixiron cartos a xente adiñeirada de dereitas, "pero sen tratar cos máis ligados aos criminais, pois non queríamos facer ruído", di Paleo. Tamén se gardaron outras 50.000 pesetas "por se había mortos, feridos, represalias ou combates no intento de fuxida, co fin de axudar a viúvas ou orfos", lembrou Pedreira.

O Vicedo foi o sitio elixido para a partida. Non embarcaron na praia da Abrela, como se escribiu en varias ocasións, senón nunha zona situada preto do porto actual, nas inmediacións dos criadeiros de marisco. O día anterior, tentaron embarcarse na cala de Toxoso, mais o barco non deu achegado a terra por culpa das ondas.

Cando o Santa Teresa recolleu os guerrilleiros, xa estaba a bordo Antonio Paleo Saavedra, xunto con Laureano Pérez Rubiños, patrón do barco, o maquinista e copropietario, Victoriano Mosquera, e o mariñeiro José Souto, coñecido como 'Pepe dos Ósos'. Alí embarcaron os integrantes do grupo guerrilleiro de Viveiro, en que, ademais de Eusebio González, coñecido como 'Juan' ou 'Juanito Ama', estaban José Antonio Franco ('O Caudillo' ou o 'Manchego'), Francisco Gómez ('O Trostki' ou 'Penabad'), Vicente Lage ('O Chicharro') Antonio Molíns ('O Noi' ou 'O Catalán'), Evaristo Candelas, coñecido como 'O Andaluz' e como 'Ángel Franco', nome falso que utilizou para operarse nun hospital na Coruña. Estes dous eran mariñeiros desertores do Cervera. Tamén fuxiron ese día Evangelina Pigueiras, muller de Molíns, Antonio Manuel Piñeiro, coñecido como 'Manolo do Menor', José Ramón Vizoso, alias 'Vigo', e o lucense Domingo Vilar Torres.

Os outros escapados que embarcaron no 'Santa Teresa', integrados no chamado grupo de Ferrol, eran Amador Barcia ('Xicas'), Manuel Rodríguez Pérez ('O Galán'), Antonio e Higinio

Villar Pedreira, Manuel Vilar Pazos e Evaristo Eive.

Esta escapada era coñecida polos principais responsábeis do Partido Comunista na comarca, o ourolense José Temblás Paz e o electricista ferrolán Leonardo Gómez ('O Trancas'). Non tiña coñecemento da mesma Xosé Gómez Gaioso que, naquel, entón era o responsábel do PCE na Galiza. "Temblás e Trancas pensaron en marchar nun principio, pero despois desistiron", afirmou Eusebio González Pedreira que, a noite anterior á escapada, deu o seu fusil a Temblás.

O 'Santa Teresa' sufriu unha avaría na caldeira, que queimaba mal o carbón, cando navegaba á altura de Xixón e tivo que entrar naquel porto cara ás once da noite do 15 de decembro. Antonio Paleo, que fixera o servizo militar na cidade asturiana, falou cun coñecido da coia do peirao que tamén era comunista, Xesús o Vasco, que se encargou de buscar a un especialista que fíxese a reparación. Tardaron 36 horas en partir do porto do Musel, tempo durante o cal os fuxidos permaneceron agochados na adega.

O mal tempo, con vento do noroeste de proa e un carbón de pésima calidade, atrasou a chegada do barco até as proximidades do porto francés até as nove da mañá do 20 de decembro. "Pensei que chegara a nosa hora. Os camaradas, que non eran navegantes da mercante, salvo o maquinista, Victoriano Mosquera, descoñecían o perigo que supoñía entrar no porto en marea baixa e cunha corrente contraria dunha velocidade de cinco nós, aproximadamente os que andaba o barco, ao que se sumaba o temporal que estaba levantándose", contou Antonio Paleo, que se encargou de trazar o rumbo seguindo os mapas náuticos que lle deixara o organizador externo da expedición. Unha lancha rápida da xendarmaría veu no auxilio do 'Santa Teresa' e librou á súa tripulación dun afundimento e unha morte case segura, "pois dúas horas máis tarde a tempestade xa nos tería devorado", comentou Antonio Paleo.

Tamén Eusebio Pedreira recoñeceu que a viaxe foi unha odisea, “non só polo mal tempo, senón tamén pola néboa. A partir de Bilbo non se vía a dous metros da proa.”

Ese foi a fin da escapada destes guerrilleiros, que foron marxinaados polo PCE, aínda que, xa en 1947, cando os seus dirixentes comezaron a considerar o abandono da loita armada, a decisión non se tomou até dos anos despois. Polo menos tres integrantes do grupo de Viveiro (Eusebio González Pedreira, Domingo Villar e Antonio Paleo) incorporáronse ao Partido Comunista Francés. Outro, José Antonio Franco González (‘O Caudillo’) morreu aos poucos meses nun hospital, a causa dunha tuberculose despois de dez anos no monte. Este veciño de Covas nunca chegou a coñecer o seu terceiro fillo.

**A VIDA ANTES DA FUXIDA.** Eusebio González Pedreira apuntou que a orografía montañosa de Oourol, Muras e O Vicedo, así como a súa proximidade a Viveiro, facilitou a supervivencia de partidas de fuxidos ao longo da Guerra Civil e na posguerra, aínda que a vida dos escapados non era fácil. Agochábanse en refuxios feitos por eles mesmos no monte ou escavados en casas de confidentes. Como a convivencia familiar nos fogares labregos transcorría no entorno das lareiras, os fuxidos acostumaban facer os escondedoiros debaixo das cocifñas, o que servía para despistar o olfacto dos cans e, de paso, aproveitábase a calor do teito do refuxio.

Despois de botarse ao monte, Eusebio González Pedreira estivo na partida de Neira, co que tamén tiña relación o grupo de Jesús Iglesias Escourido (‘O Tizón’) e coa que mantiña contacto Luis Trigo (‘O Gardarríos’). Despois integrouse na Terceira Agrupación Guerrilleira baixo o mando do comunista Marcelino Rodríguez Fernández (‘Marrofer’).

Eusebio González Pedreira lembra que Marrofer “quería que os grupos guerrilleiros desen máis golpes, sen



Antonio Seoane Sánchez (Boiro, 1906 – A Coruña, 1948). Emigrou a Arxentina cando tiña cinco anos. En 1939, afiliouse ao PCE co propósito de loitar contra a ditadura franquista. Volve clandestinamente ao Estado español en 1943 e logo de fallarlle os contactos establecidos en Pamplona e Barcelona onde realizou tarefas de axitación e propaganda, pediu instrución a Bos Aires e ordenáronlle dirixirse a Madrid. En 1946 chegou a nosa nación como responsábel do Exército Guerrilleiro de Galiza xunto a Xosé Gómez Gaioso

pensar que cada vez que había enfrontamentos se producían mortos e feridos, que morrían aos dous ou tres días por falta de asistencia médica. Para nós era vital protexer o corpo se queríamos sobrevivir”. Un dos falecidos por falta de asistencia foi Ángel Cal Díaz, que foi directivo da Casa do Pobo. Disparóuselle o fusil e quedou ferido nunha perna. A lesión non lle curou e produciulle a morte, o que dá unha idea da precariedade das condicións en que se atopaban os guerrilleiros no monte.

A xente de idade garda unha especial lembranza do médico Carlos Vázquez, natural de Muras, que se caracterizou de médico en Oourol, en plena posguerra. Despois asentouse en Pol. Un veciño de Miñotos lembra, como exemplo da súa humanidade, a súa actitude cando o chamaron para atender Felipe del Olmo Montesinos, un tenente do Exército Republicano que, durante a Guerra Civil, foi chofer da dirixente comunista Dolores Ibár-

ruri (‘A Pasionaria’). Estaba casado con Filomena do Fidalgo e, ao rematar a contenda, veu para a casa da súa muller. Aínda que vivía teoricamente afastado de calquera conspiración, as forzas do orde descubriron o seu paradiro e acudiron a detelo. Felipe del Olmo estaba no dormitorio no momento da súa detención. Ao verse descuberto, desembarazouse dos gardas e saltou polo xanela. Escapou en calzóns, mais non puido fuxir porque o muro da horta era demasiado alto, afirma un veciño.

O médico don Carlos foi avisado para atender o prisioneiro e deixoulle un traxe. “Este home ten que ir vestido con dignidade”, afirmou.

Pouco despois da súa detención, Felipe del Olmo foi executado con garrote vil o 6 de abril de 1940 en Guadalaxara. A súa dona e dos seus dous fillos emigraron a Venezuela.

Outro dos riscos era actuar ou manter escaramuzas na comarca de orixe. “Se nalgunha acción armada era



Eusebio Gómez Pedreira do Santa Teresa, único membro fuxido actualmente vivo

recoñecidos persoas da zona, tomaban represalias cos familiares”, manifestou González Pedreira.

O apresamento de enlaces e familiares dos fuxidos eran habituais, o mesmo que as torturas. Levábanos ao cárcere situado no convento de San Francisco, onde eran interrogados e golpeados. Rosendo Vázquez, irmán do guerrilleiro Xosé Vázquez ('Ubaldo'), estivo un mes “secuestrado, que non preso” en Viveiro e cando o cambiaban de lugar púñanlle un uniforme de garda civil para mofarse del. “Querían que o meu irmán baixara a por min para mátalos”, asegurou este veciño de Miñotos. Esta arbitraria detención produciuse o día da súa voda. A estratexia do terror da brigada político-social tivo un impacto no entorno familiar dos guerrilleiros e nas aldeas.

**O PAPEL DE MARROFER.** Nado en Fuente del Prado (Asturias) en 1916, Marrofer era mestre. Despois de saír da cadea en 1940, trasladouse a Celeiro, onde deu clases particulares, sen deixar as súas actividades clandestinas. Un socialista celeirense, Vicente Lage Fernández ('O Chicharro'), axudoulle a contactar cos fuxidos e creou unha organización de socorro para defender labregos expropiados a raíz de seren denunciados por acollereren antifranquistas. A muller de 'Marrofer' e a súa filla pequena foron trasladadas nun barco até San Cibrao por mediación de Antonio Paleo Saavedra.

Marrofer encadrouse no grupo de Neira que, en 1941, contaba con

quince homes e serviría de base para crear o que dous anos despois sería a Cuarta Agrupación Guerrilleira. O seu líder era José Neira Fernández, un ferreiro de Ortigueira de ideoloxía anarquista. Tamén formaban parte da mesma, ademais do seu xefe e de Marcelino Rodríguez, Vicente Lage ('O Chicharro'), José Antonio Franco Barranta ('O Caudillo' ou 'O Manchego'), Jesús Iglesias Escourido ('O Tizón'), Francisco Núñez Gómez ('O Trotski' ou 'Penabade'), Antonio Molíns Valle ('O Noi'), Plácido Rivera Cociña, Leonardo Gómez Pérez ('Trancas') e Alberto, Teodoro e Remigio Franco Lamelas, entre outros. Este grupo tiña contactos en Moeche e Ferrol, o que lles permitía refuxiarse en casas durante longos períodos cando estaban feridos.

'Marrofer' substituíu José Neira Fernández na dirección do grupo guerrilleiro. Tense insinuado que o desprazamento de Neira foi seguido da súa liquidación física por orde de Marrofer. Non hai probas sobre a sorte de Neira. Eusebio González Pedreira lembra que Neira e Xosé Castro foron a Ferrol para buscaren diñeiro, co fin de comprar un barco e fuxir a Francia. Só regresou Castro, quen dixo que se separou de Neira e non volveu a saber del. O seu destino segue sen esclarecerse.

A partir de 1943, Marrofer controlou os movementos dos fuxidos da costa coruñesa e lucense, que despois se integrarían na Cuarta Agrupación, a raíz dunha xuntanza celebrada en Bergondo. Xa na xefatura do grupo, promoveu unha reunión nas beiras

do Sor con distintos grupos de escapados para considerar a posibilidade de asaltar os campamentos das forzas armadas na zona norte da Galiza e de cortar a estrada e a vía férrea entre Ferrol e Oviedo. No outono de 1944 xurde, nas zonas Centro e Occidental de Lugo, a Terceira Agrupación.

Como Temblás, Marrofer tamén estivo agochado algunhas tempadas na zona de Ourel, aínda que na súa última etapa de loita actuou principalmente na provincia da Coruña. Foi alí onde morreu abatido pola garda civil, con Elisardo Freijo López ('Tenente Freijo') e José Doldán ('Daniel'). Sucedeu o 24 de xuño de 1946 en Aranga.

Tamén en 1946 a organización do PCE no norte galego sufriu un gran golpe, ao producirse 79 detencións. Despois do Consello de Guerra, o ourolense Ramón Vivero Geadá ('Novolitos') foi executado en Ferrol o 21 de setembro, xunto co lugués Julio Nieto, como dirixentes do PCE en Lugo. O ministerio fiscal pediu a pena de morte para cinco dos procesados, mais só foron executados estes dous. Os outros tres eran Enriqueta Otero e José María Urquiola ('Chema' ou 'Chemarra'), que facía de enlace da dirección do PCE coas guerrillas galegas, aos que caeron trinta anos de cadea, e Marcelino Villares, castigado con 25 anos de cárcere.

Ramón Vivero Geadá (Xerdez, 1909) era propietario dun bar en Lugo. Estivo afiliado ao sindicato da construción, ligado á UGT, en Madrid. En 1935 fíxose garda de asalto. Foi secretario de Organización do comité provincial de Lugo. Traballou xunto con Temblás, como secretario xeral, e Emilio Golás ('O Villa'), como secretario de organización e finanzas, para impulsar a organización do PCE e da guerrilla, así como con outros dirixentes como Julio Nieto, que tamén foi secretario provincial, Gaspar Castro e Enriqueta Otero.

**DESPOIS DO SANTA TERESA.** En decembro de 1947 creáronse dous gru-

Arriba, encontro dos antifascistas fuxidos do Santa Teresa en Hericourt, Franza, 1949.  
Abaixo, grupo de fuxidos descansando en Baiona (Iparralde) após á viaxe, 1946

pos de guerrilleiros. Un deles estaba mandado por Temblás, con Manuel Insua, Plácido Rivera Cociña e Benedicto Escourido ('O Lúa'), como guerrilleiros. Esta reorganización produciuse dúas semanas despois da morte de José Vázquez ('Ubaldo'), que finou en novembro en Lousada (Xermade), despois dunha emboscada que lle tendeu a garda civil, cando se presentou para cobrar unha multa imposta a uns labregos da zona. O guerrilleiro, nado en Xerdiz, estivera con anterioridade na casa dos 'sancionados' para comunicarlles a multa e o día que ía voltar estes informaron a garda civil desta visita, o que facilitou o cerco ao que se veu sometido o guerrilleiro.

A outra guerrilla estaba formada por Jesús Iglesias ('O Tizón'), a quen tamén se chama 'Caudillo' no informe, alcume que tamén tiña o xa mencionado José Antonio Franco Basanta. Con el estaban Leonardo Gómez ('Trancas'), José Balea e Venancio Seoane Bouso, que foi enviado para reorganizar a actividade despois da fuxida do groso dos guerrilleiros a Francia. Este último colleu o papel de responsábel político e afianzou no ámbito militar a Temblás, "por ser o camarada, tanto polo seu carácter como polo seu xeito de obrar, máis respectado polo resto dos guerrilleiros."

Plácido Rivera Cociña era natural da parroquia viveirense de Galdo. A pesar da súa deserción para entregarse ás autoridades, tiña ao seu favor que era incapaz de abandonar un compañeiro nun momento de perigo. Manuel Insua era un dos responsábeis locais do PCE en Viveiro en 1947.

José Balea era dos que pensaba que a caída do Réxime pasaba pola intervención das potencias estranxeiras. Xunto con Temblás e Trancas, outro das cabezas guerrilleiras era Jesús Iglesias ('O Tizón'), que, por entón, levaba case anos de loita.

Perfecto Castro Martínez ('O Tereso'), de Galdo, era outro dos guerrilleiros deste grupo. Era simpaticante do PCE e, despois de pasar catro anos no cárcere, púxose á dis-



posición da guerrilla. Traballou como enlace até a caída dos comunistas en Viveiro, cando pasou a incorporarse á guerrilla. Morreu o 17 de abril de 1949, xunto con Xosé Felpeto, de Merille (Ouro), nun enfrontamento coa garda civil preto de Vilar de Igrexa, en Cerdido. No combate perderon a vida o garda civil, Ramón Pérez Casas, e, por parte dos guerrilleiros, os dous xa citados e José Vilariño Fernández, de Barallobre. Os tres formaban parte do destacamento Eive-Carbón, da Cuarta Agrupación.

**BAIXAS SUCESIVAS.** Benedicto Escourido ('O Lúa') e José Porto Lestegás, coñecido como 'Herbellás' por nacer no lugar deste nome, morreron

nun tiroteo acaecido en Leborín, en Miñotos, no lugar coñecido como As Cruces. Foi o 2 de outubro de 1948. "Ían xuntos, sen gardar a distancia de aproximación. Nunca estiveran no Exército. O mesmo estoupido de metralladora colleunos aos dous, que quedaron feridos", conta un veciño. Outros compañeiros seus lograron escapar.

Aínda que nun primeiro momento conseguiron agocharse, os integrantes da contrapartida insistiron na busca. Foron en busca dos veciños e puxéronos cun candil de carburo atado cun caxato, mais non viron nada. "Despois foron por un can, que xa cheirou o lugar onde se atopaba Herbellás. O Lúa estaba a uns cen metros e non podía moverse", narra un veciño que era rapaz cando viviu aquela longa noite.

A contrapartida pediu reforzos á garda civil de Ouro e foi en busca do Galera, que tiña un coche con asentos e bancos, cunha lona por riba do furgón, e facía as veces de coche de liña. "A súa intención era alumar o monte cos faros e tamén buscaban palla para queimar. Estaban abaixo, agochados no desnivel do camiño, a uns trinta metros de onde se atopaba Herbellás. Cando este disparaba saltaban charamuscas. A palla quedou segada nalgunhas partes polas balas. Ás catro da mañá lanzou unha granada que partiu pola metade un carballo cativo."

Herbellás foi rematando as munições durante a noite até que só lle quedou unha bala, que gardou para suicidarse. "Escoitouse un tiro de pis-



Folla voandeira do Comité de Galiza do Partido Comunista

tola e despois todo quedou en silencio. Este suicidouse, dixo o xefe da brigada e, despois dun momento, subiron a buscar o corpo.” Mentres que pasaba a noite, aproveitou o tempo para comer cartas e documentos que podían ser comprometidos e os cartos que levaba “para que non se aproveitaran del. Atopáronlle o diñeiro ao facerlle á autopsia”.

Herbellas rentou a panadería da Praza da Fontenova. Era tamén tratante de gando e dedicábase a mercar carne para a carnizaría da súa irmá, que tamén tiña panadería. Era a única licenza industrial que había naquel entón en Ourol. Nas súas viaxes pola zona e a Lugo e A Coruña coincidía cos guerrilleiros,

moitos dos cales eran veciños seus, e mesmo lles compraba menciñas. Foi arrestado por colaborar con eles e, ao volver do cárcere, botouse ao monte. A garda civil ía ás veces á súa casa patrucial de Ourol e mandaba os fillos a dar unha volta pola beira do río por si cadraaba que se acercaba a veren o seu pai.

Benedicto Escourido quedou ferido e levárono ao monte atado nunha escada. “Xa ía machado das malleiras. Querían que lles contara onde se atopaba a cova que había na estrada do Viveiró a Silán onde se atopaba un depósito de armas, ao pé dun muro. A cova desapareceu coa ampliación da estrada. Durante as obras atoparon no lugar unha bomba”.

Despois de ir á cova, a comitiva parou a comer no salón d’O Carmen. Despois, cando viñan de volta pola estrada, o xefe da Garda Civil deulle dous tiros. Cando chegou o médico para firmar o parte de defunción, díxéronlle que morrera o día anterior. Entón o cabo aclaroulle a situación. Benedicto Escourido está enterrado no cemiterio de Miñotos.

Un dos guerrilleiros de máis sona do grupo de Neira foi Leonardo Gómez (‘O Trancas’), un electricista de Ferrol, que morreu despois de dez anos de loita no lugar de Rego da Ponte, na parroquia de Bravos, onde, ao parecer, tiña á súa compañeira. A súa morte ocorreu o 16 de setembro de 1948. Un dos veciños de Rego da Ponte ao que puxera una multa por colaborar coa garda civil comunicou aos axentes que o guerrilleiro ía volver para recoller o diñeiro. Os gardas civís cercaron a aldea e foi cribado a balazos á súa chegada. Un informe interno do PCE define o ‘Trancas’ como “o Foucellas da provincia de Lugo”.

A prudencia nunca era suficiente, aínda que moitos dos guerrilleiros se movesen en terreo coñecido. Con motivo dunha frivolidade dun escapado ourolense, que foi a unha festa en pleno día, detiveron o enlace que o acompañaba que, baixo tortura, falou da existencia dun refuxio, que foi asaltado pola garda civil aos oito días desta detención. Nel atopábanse Leonardo Pérez (‘Trancas’) e a súa compañeira, que puideron salvar o cerco a pesar de recibir este dous balazos, grazas á serenidade e valentía demostrada pola muller que, sen medo á grande cantidade de balas e tiros que chovía sobre eles, arrastrou o ferido entre a maleza para poñelo a salvo.

A garda civil atopou na cova algunhas fotografías en que aparecía un enlace, que foi detido, ao igual que a súa familia, “a excepción dunha rapaza que se chama Celia, de 28 anos”. O autor do relato refírese a Celia González, coñecida como ‘Celia de Ferrería’, que era veciña de Xerdiz. Quedou baixo o coidado de Temblás,



Cadáveres dos guerrilleiros José Doldán, Elisardo Freixo e Marcelino Rodríguez *Marrafer* asasinados pola Garda Civil en xuño de 1946 (Memorial da Liberdade, cedido por Javier Rodríguez)



con quen se dicía que mantiña unha relación sentimental.

**A COVA DE SILÁN.** “Un tal Benito” –citado así sen máis datos– “tentou ligar cos camaradas guerrilleiros”, mais, ao parecer, as medidas tomadas por estes para contactar parecéronlle draconianas e negouse a asistir á cita, enviando unha carta na que dicía que “viña de parte de J”. O verdadeiro coronel Benito foi detido, torturado e executado por xente das contrapartidas, polo que se supón que era unha tentativa de infiltración.

As contrapartidas non conseguiron, pese aos seus éxitos relativos, extirpar por completo ao maquis. Foi un momento en que apareceu un misterioso personaxe chamado ‘Don Félix’ que, grazas á información de enlaces infiltrados no PCE, foi decisivo na súa desarticulación.

Don Félix conseguiu contactar na Zona Sur de Lugo co grupo de Elías López Armesto (‘O Paxariño’), recentemente separado de José Castro Veiga (‘O Piloto’). Elías era irmán do alcalde republicano de Paradela, José López Armesto. Tiñan outro irmán, Hermenegildo, que foi carabineiro en Cataluña e tamén foi perseguido. Elías López Armesto ía con outros dous escapados

e o infiltrado Don Félix, que se facía pasar por un enviado de Francia para reagrupar as partidas que se atopaban decimadas. Nun momento dado, se cadra por temor a ser recoñecido por algún integrante do outro grupo, o infiltrado disparoulles e matou dous guerrilleiros. Elías fuxiu ferido e apareceu morto nun barranco días despois. As autoridades franquistas chamaron José para que identificase os ósos. A José pareceulle que a dentadura era de Elías, mais sempre lle quedaron dúbidas sobre a identidade do cadáver.

**A COVA DE SILÁN.** As forzas do instituto armado localizaron, a finais de xuño de 1949, os restos do destacamento Segundo Vilaboy nas proximidades de Silán, nunha zona de Muras que linda con Ourel, grazas a un confidente. Era o lugar onde se refuxiaba o grupo de Temblás, que non se atopaba neses días na zona.

No enfrontamento morreu a veciña de Miñotos, Celia González (‘Celia de Ferrería’), que se atopaba no exterior da gruta. Estaba embarazada de oito meses. Alertados polos disparos, saíron do refuxio Juan Gallego Abeledo, que era o xefe deste destacamento, e Juan Pérez Dopico, Xoán de Xenaro, José Pedreira de la Iglesia (‘O


Queimarán’), carpinteiro da Coruña e militante da CNT, e Josefa Escourido (‘A Lúa’), á que lle morrera o seu irmán Benedicto en outubro do ano anterior, repeleron o fogo, mais os atacantes responderon incendiando a cabana con bombas de man. Era o mes de xuño de 1949. Estes dous últimos apareceron abrasados no interior da cova.

O confidente que delatou a esta partida tamén foi executado por non falar antes. A garda civil entendeu que os protexía desde había tempo.

Juan Gallego Abeledo era irmán de Marita Gallego Abeledo, comisaria política do destacamento Enrique Líster e cuñado de Francisco Rey Balbís (‘Moncho’), que foi xefe da Cuarta Agrupación Guerrilleira. O matrimonio marchou para Francia en 1951, despois de que o Partido Comunista dese a orde de deixar a loita armada e contar unicamente con elementos armados para protexer a organización.

Josefa da Lúa era o exemplo, ao igual que Celia, de enlace que remata no monte. “Tiña un irmán diminuído. Ela traballaba moito. Levaba a casa e andaba coas vacas”, recorda un veciño. Ela e o seu irmán Benedicto vivían no barrio de Tián do Medio. “Descubríron que os escapados pasaban ás veces na casa deles e viñeron

Debuxo dun sistema difundido entre as diversas agrupacións guerrilleiras de como se debería facer para colocar explosivos nos camiños de ferro



Xosé Gómez Gaioso (Maceda, 1909 – A Coruña, 1948). Mestre e afiliado ao PCE en 1935. Detido en xullo de 1948 logo dunha persecución na que resultou ferido, torturado durante dous meses, foi executado no garrote vil na Coruña con Antonio Seoane o 6 de novembro de 1948

a detelos. Benedicto Escourido tiña daquela 19 anos e tocaba o baixo na orquestra de Miñotos. Era carpinteiro e traballaba en Santa Mariña. Despois do golpe militar, xa non durmía na casa, senón na dun amigo, onde tiña agochada a roupa. De día, si se achegaba pola casa, pero como paraban moito os fuxidos, andaba con coidado”, afirman os seus antigos veciños.

“Os gardas achegáronse á casa e dixéronlle a Josefa que os acompañara a Viveiro. Ela respondeulles que tiña que arraxarse. Colleu unha cesta de mazás, cortoulles pan, e mentres os gardas comían, dixo que se ía cambiar e fuxiu a toda présa. Cando a parella regresou ao cuartel dixo que non estaban na casa. O capitán esixiu que os buscasen e levaron abaixo o irmán discapacitado para interrógalo. Este quedou despois alindando as vacas, pero, ao pouco tempo, foi vivir con outro irmán zoqueiro e a vivenda quedou abandonada.”

Xosé Temblás Paz (Merille, 1912) estivo agochado despois do alzamento militar nunha estancia escavada nunha casa do barrio de Leborada, en Merille, tras ser declarado en rebeldía pola pena de cárcere que pesaba contra el.

Especialmente estremecedora foi a postura de Temblás, que dixo que prefería morrer xunto aos seus. O seu irmán, Alejandro Temblás Paz, faleceu en trágicas circunstancias o 16 de abril de 1938, despois de fuxir dunha casa do barrio ourolense do Candedo. Alí comezou a súa persecución e posterior asasinato e alí cometeuse un dos

crimes máis horrendos da represión franquista na comarca, que tivo como vítimas inocentes dúas mulleres e unha moza, filla dunha delas. Chamábanse María Xosé, Felicitas e Encarna Casabella Fernández. As tres foron asasinadas a sangue frío á porta da casa. Os falanxistas queimaron a vivenda e mataron o gando para rematar a súa orxía de bestialidade, ceando nunha taberna os cabritos confiscados ás mulleres.

A historia desta infamia non quedou aí, xa que, desde Oourol, enviaron unha comunicación ao Exército Nacional para que elimináse o irmán das Casabella, mais o capitán da unidade en que servía negouse a executar semellante atropelo. Os descendentes deste home, que morreu poucos anos despois a causa dunha enfermidade e non regresou a Oourol, viven no Uruguai.

Alejandro Temblás logrou fuxir, ferido nunha perna, e utilizou un vimbio para frear a hemorraxia. Escapou polo monte até Xerdiz, nun percorrido duns dez quilómetros, coa axuda dalgunhas persoas. Finalmente, foi localizado e asinado no lugar de Balteiro dous ou tres días despois dos feitos. A cabeza de Alejandro Temblás, “vivo ou morto”, estaba valorada en cen mil pesetas, toda unha fortuna na época, segundo comenta un veciño.

Xosé Temblás morreu en Monfero, en outubro de 1949. Un grupo de sete guerrilleiros, tres deles uniformados, achegáronse a un casarío para esixir cartos ao seu propietario. Como non os tiñan naquel momento, quedaron

en voltar ao día seguinte, mais a casa estaba rodeada por forzas do posto da garda civil de Irixoa.

Adolfo Allegue (‘O Riqueche’), xefe da partida e un dos fundadores do Exército Guerrilleiro, foi o primeiro en morrer. Despois caeron tiroteados outros tres fuxidos. Temblás e os outros dous, atopábanse feridos. Despois de deixar saír os familiares que estaban na vivenda, optaron por suicidarse. Os mortos levaban uns carnés que os identificaban como membros da IV Agrupación Pasionaria.

A partir dese momento, a agrupación guerrilleira do norte galego pasa a ter un papel testemuñal. O mesmo día que Xosé Temblás e os seus compañeiros perdían a vida, chegaba a Galiza desde Francia José Sevil, o novo responsábel do Comité Rexional do Partido Comunista, co fin de aplicar os acordos de abandono da loita armada adoptados polo PC un ano antes, en outubro de 1948. A partir de aí, a acción armada limitouse á protección e á acción defensiva até desaparecer totalmente. Só Xosé Castro Veiga (‘O Piloto’), que se desligou do PCE e pasou a actuar de xeito independente, continuou a súa vida de escapado até a súa morte en Chantada, en marzo de 1965 ■

Uxío-Breogán Diéguez Cequiel



...o franquismo respondeu sempre con violencia á reconciliación, coa represión... Ás lexítimas aspiracións de soberanía e independencia do noso pobo, coa hipoteca do noso territorio. E ás nosas ansias de liberdade doa tiranía.

Comandante Soutomaior

Cando noutrora nos suxeriron a posibilidade de presentar un relatorio sobre o Partido Galeguista e a guerrilla antifranquista, diante do que ía ser o *Congreso sobre a Guerrilla Antifranquista* (A Coruña, 2011), dúbidas varias xurdiron. E é que son esas dúas realidades que temporalmente non coinciden no tempo. O xenuíno PG, aquel enmarcado no tempo republicano, ficaría esmagado pola reacción fascista a partir do verán/outono do 1936 e a denominada guerrilla iríase conformando a partir de finais do 1939.

Como xa afirmara naquel encontro, entendo que cómpre falarmos do patriotismo/nacionalismo galego e a resistencia armada fronte ao Golpe militar reaccionario de xullo do 1936 e fronte unha ditadura franquista conformada a partir do 1939.

**O NACIONALISMO GALEGO E OS ANTECEDENTES AO GOLPE MILITAR.** O nacionalismo galego ficaba a

# O nacionalismo galego e a resistencia armada fronte ao golpe militar e a ditadura franquista (1936-1963)

mediados dos anos trinta do pasado século nunha liña expansionista. Representado polo Partido Galeguista (PG), este movemento filtrara en amplas capas sociais un macizo sentir patriótico que, mesmo, se deixaba sentir no anarquismo, socialismo e comunismo na Galiza<sup>1</sup>. Se ben diante da súa creación o PG contaba cuns poucos centos de cadros que proviñan de pequenas agrupacións partidarias e irmandades e partidos locais de corte patriótico, pasados a penas cinco anos xa contaba con máis de cinco mil activos<sup>2</sup>. Na práctica, estamos diante da conversión dunha organización de cadros nunha organiza-

ción de masas. Unha estrutura cunha implantación de relevo no conxunto do país, recollendo parte do legado que, mesmo, o agrarismo, cun fortísimo arraigo, tiña desde finais do XIX e as primeiras dúas décadas do século XX. Neste sentido, o PG faría especial fincapé en aumentar o seu peso e influencia social a través de diversas e, ás veces ben complexas, operacións, caso da compra de *El Pueblo Gallego*, ou campañas para as que mobilizou a centos de militantes e simpatizantes en favor do Estatuto, verdadeiro *cabalo de batalla* do PG ao longo da II República no horizonte dun 'Estado Galego libre'<sup>3</sup>, en que republicanismo e federalismo/confederalismo ficaban xunguidos.

Aliás, o nacionalismo organizado naquela nova estrutura nacida en Pontevedra no marco da VII Asambleia Nazionalista, foi quen de artellar unhas Mocidades Galeguistas que xuntarían centos de rapaces arredor "da promoción e a conquista dunha conciencia nacional"<sup>4</sup> no camiño dunha 'Terra libre', tendo como partida esa experiencia e referencia previa que foron os Ultreyas<sup>5</sup>.

1 Obsérvense, nesta liña, os casos paradigmáticos de Xaime Quintanilla, alcalde socialista de Ferrol do Partido Socialista Obrero Español (PSOE), fundador e primeiro conselleiro das Irmandades da Fala da devandita localidade ou de Benigno Álvarez, líder do Partido Comunista de España (PCE) na Galiza, quen deu, ao longo da súa vida, probas contundentes do seu patriotismo galego.

2 Véxase Beramendi González, J. (2007) *De provincia a Nación*, Vigo: Xerais [p. 896]. En comparativa coa actualidade, debemos indicar que esta cifra fica próxima a que ten hoxe en día o nacionalismo maioritario representado polo Bloque Nacionalista Galego (BNG), o que nos indica que aquel nacionalismo representado polo PG contaría á altura de xullo do 1936 cunha forza nada desdeñábel.

3 Tal e como rezaba o primeiro punto do *Anteproyecto de Estatuto da Galiza*, Pontevedra, Imp. Casa Antunez, 1931 [p.14].

4 Illa Couto, x. (1996), En 'Introdución', *Guieiro*, edición facsímil, Compostela: Consello da Xuventude de Galicia [p.8].

5 Diéguez Cequiel, U-B. (2003) *Álvaro de las Casas. Biografía, obra e documentos*, Vigo: Galaxia.



"Galiza", Boletín do Bloque Nazonal Republicano Galego editado en Franza pola parte do exilio europeo enfrontado a Castelao

No relativo ao devandito traballo impulsado e realizado en favor do Estatuto de Autonomía, cómpre lembrarmos como, á altura do 17 ao 19 de decembro do 1932, ese nacionalismo foi quen de botar adiante o texto estatutario que tería de ser plebiscitado polo pobo galego e que ficou conxelado até o 1936 –en base á vitoria reaccionaria españolista nas eleccións de novembro do 1933 ás Cortes españolas–; un encontro no que o pobo galego, a través dos seus representantes municipais, maioritariamente votou a favor do Estatuto, ratificando esta posición en xuño do 1936. Estes resultados, desde o primeiro día, foron combatidos pola dereita e o españolismo, en canto que se vinculaba directamente os Estatutos catalán, vasco e galego coa independencia, nesta caso da Galiza e, en consecuencia, coa 'desmembramento' de España. De aí que o españolismo se inclinara por aquilo dunha 'España Roja antes que Rota', dándoo

se unha campaña mediática brutal en contra da República, a esquerda e o nacionalismo catalán, vasco e galego, campaña da que sería bo exemplo a nivel español o diario ABC ou, na Galiza, o voceiro ultrafascista español *Unidad*.

Ora, non era esta unha realidade que sorprendera o soberanismo daquela altura. Son esclarecedoras a este respecto as palabras que desde o nacionalismo galego escribía Daniel Castelao nunha carta pouco coñecida a Alexandre Bóveda en relación á viaxe galeuzcana do primeiro por Cataluña no verán do 1933, e unha súa conversa con Cambó relativa á realidade política española e á entrada do noso país na Sociedade de Nacións:

"Pareceulle moi ben [a Cambó] que se falase con Maciá para que él interveña perto de Azaña. Consultado no tocante á nosa entrada na S. de N. Dixo que non-a considera, hoxe por hoxe, eficaz e necesaria; pero en previsión de que poida vir unha dictadura,

a S. de N. aseguraría a nova categoría de nación no exterior"<sup>6</sup>.

**O NACIONALISMO GALEGO, O GOLPE MILITAR E A RESISTENCIA ARMADA.** Con efecto, deuse un Golpe militar reaccionario españolista naquel mes de xullo do 1936 que levaría a unha ditadura de catro décadas. Naquela altura, o alcalde da capital galega era o nacionalista Ánxel Casal, así como nacionalista, entre outros, era o alcalde de Bueu Johan Carballeira. O Partido Galeguista contaba con máis de cinco mil afiliadas e afiliados e viña de librar con éxito o proceso plebiscitario a favor dun Estatuto para Galiza, como marcamos.

Naquelas localidades onde o movemento soberanista galego tiña presenza, esta realidade fará parte da resistencia ao devandito golpe, ás veces, mesmo, estando á súa fronte. En Pontevedra, por exemplo, o secretario de organización do PG será un dos principais responsábeis da resistencia civil e armada. Será paradigmático o comportamento de Alexandre Bóveda neste sentido, ao realizar unha firme defensa da orde establecida por consulta popular. Segundo os diversos testemuños con que levamos traballado para recrear o percorrido biográfico de Bóveda no seu tempo, podemos afirmar que este foi determinante na defensa republicana e das liberdades no marco da cidade e contorna de Pontevedra. Afirmaba Evaristo Mosquera, compañeiro daquel e represaliado pola súa militancia galeguista, que aínda sendo<sup>7</sup>:

"...moitos detalles que esquecín e outros que descoñezo, [cómpre] dicir,

6 Daniel Rodríguez Castelao, Madrid 14 agosto 1933. *Centro de Estudos e Documentación Alexandre Bóveda* (CEDAB), Sig. 1/97.

7 Militancia pola que sufriu Mosquera, presidio na Illa de San Simón durante anos. Véxase Mosquera, E. A. (2006) *Catro anos a bordo dunha illa. Memoria dun preso en San Simón, ou un estraño xeito de vivir a nosa guerra civil*, Vigo: A Nosa Terra.

"Roteiro", órgano do Partido Galeguista no interior, 1946


porque é de xustiza, que a única organización governamental que existiu na nosa cidade, partiu de Bóveda e do capitán de Asalto Sr. Rico"<sup>8</sup>.

E así foi que, por suxestión de Bóveda, e co respaldo do Goberno Civil, foron de inmediato interceptados os servizos postais e de telégrafos, dos que se encargaría de contado esoutro cadro do PG, Víctor Casas, antes de que os facciosos se fixesen con eles. Realidade da que boa conta darían os fascistas diante da detención de grande parte dos devanditos resistentes e a definitiva toma de Pontevedra días despois do inicio do Golpe. Diante do xuízo sumariísimo que se celebraría cara ao 14 de agosto, afirmárase que ao longo do serán do 20 dese mes:

"...se estaban concentrando armas recogidas por las elementos de las organizaciones marxistas en las armerías de la Capital [Pontevedra] y de las poblaciones de la provincia, y se armaba a dichos elementos, peligrosos todos ellos por su actuación y significación societaria, en el edificio y oficinas del Gobierno Civil... todo ello con ánimo de hacer frente a la posible acometida de las Fuerzas del Ejército ... en todas estas actividades y como elemento dirigente figuraba D. Alejandro Bóveda, empleado de Hacienda..."

Por isto, mais desde logo polo traballo feito durante a II República en relación á consecución dun estadio de soberanía para Galiza, Bóveda foi sentenciado a morte, pena executada o 17 de agosto do propio 1936. Coma el, Víctor Casas, Xohán Xesús González, Johan Carballeira ou Ánxel Casal, entre tantos outros, militantes nacionalistas, así como anarquistas, comunistas, socialistas, etc., tras esta aniquiladora onda represiva que os fascistas impuxeron sobre o noso país, á primeira hora, a aqueles activistas que lograran non ser asasinados ou ficaban presos ou agochados ou camiño do exilio.

8 Mosquera, E.A. (1984) *Cuatro años a bordo de una isla*, Sada: Edicións do Castro [p.29]




Entre os agochados podemos achegarnos a un prometedor mozo, o único que era militante das Mocedades Galeguistas e do PG en paralelo á altura do 1936. Era Francisco Fernández del Riego que, nunha entrevista, falaba hai anos das penurias polas que tiveran que pasar aqueles que non se sumaran activamente ao novo réxime, tempos nos que, dicía o mariño: "...axeitámonos ás circunstancias porque eran insuperábeis"<sup>9</sup>. Circunstancias enmarcadas nun contexto bélico en

9 Carballa, X (1995) 'Francisco Fernández del Riego, 'o medo que pasamos non se pode crer'', en *As horas secuestradas. Vida cotiá no franquismo*, Vigo: A Nosa Terra [p.26].

que non había marxe para matinar sobre unha hipotética reorganización do nacionalismo tras a súa queda, senón en librar da detención e/ou morte segura, cousa que nos aseverou Del Riego ou Avelino Pousa Antelo, tamén da FMG, en diversas ocasións. Só a partir do primeiro franquismo, nomeadamente a partir de mediados dos anos corenta, e a partir do capital humano que escapara da barbarie fascista, tentábase ultrapasar aquel marco represor. Na liña do que afirmaba noutrora o propio Del Riego:

"...chegamos a xuntarnos todos os coñecidos en tertulias de cafés desaparecidos como Derby ou Savoy. Estabamos Maside, Paz Andrade, [...] e outros que viñan esporadicamente.




Arriba, "Galicia", boletín do Partido Galeguista, 1947.  
Abaixo, convocatoria clandestina do Partido Galeguista á xunta de Coruxo, 1945

Falabamos con medo, en voz baixa e só coa xente de confianza, da situación. Cando chegaba alguén dubidoso tratábase de temas xerais."<sup>10</sup>

Unha dinámica con que se resucitaría o PG no país, aínda que non sen polémica, dada a falta de comunicación e entendemento coa comunidade exiliada en América do Sul e a liña política desenvolvida, ben distinta á daquel partido soberanista republicano capitaneado por Bóveda e Castela. Con todo, nesta reorganización non sabemos de tentativa de resistencia armada algunha. En termos políticos, probablemente o feito de que varios destes cadros do galeguismo foran explicitamente anticomunistas, nomeadamente Ramón Piñeiro, e daquelas a resistencia armada en marcha ficara impulsada en boa medida polo Partido Comunista de España (PCE), explicaría en boa medida esta realidade, máxime a partir do 1950, cando vai esmorecendo, aliás, o movemento guerrilleiro e aqueles impulsan a Editorial Galaxia, imbuídos de cheo nunha estratexia políticocultural que, malia a todo, ficaría arredada da liña do Consello de Galiza, goberno galego no exilio, liderado polo exdeputado e líder nacionalista, Daniel Castela.

E é que aquel fora un tempo no que, tal e como afirma o historiador Bernardo Máiz nun traballo pioneiro sobre a cuestión que nos ocupa e máis alá: "...de posturas culturais que certos galeguistas artellaron desde 1950, [cando] a única forma verdadeira de oposición ao franquismo na Galiza daquel tempo foi a loita armada [sendo]... o PCE ... a única forza política que mantivo ese combate"<sup>11</sup>, xunto cun número relevante de combatentes anarquistas que mesmo chegaron a impulsar algunha agrupación guerrilleira, para alén de facer parte



10 *Ibidem*

11 Máiz B. (1987) "A resistencia armada ao franquismo", in *Os anos despois* (1936-1953), [A Nosa Historia 2], A Nosa Terra: Vigo [pp.4-7]

Castelao, como Ministro, participa na comisión oficial do Goberno republicano, presidida por Augusto Barcia Trelles, ministro de Facenda deste Goberno Giral, na visita a UNESCO en 1946

de varias, tal e como Dionísio Pereira e Eliseo Fernández estudaron.<sup>12</sup>

**EXILIO, RESISTENCIA NACIONAL E INTERNACIONAL.** Unha vez os golpistas acabaran coa resistencia que nun inicio se lles presentara en xullo do 1936, imporán a súa orde. Como pano de fondo, milleiros de asasinados, encarcerados, fuxidos e exiliados.

Aínda que o contexto era desolador, naquela primeira hora, boa parte das e dos que fuxiran da barbarie tiñan o pensamento posto nunha final vitoria republicana. Para o caso de Ourense, por exemplo, aínda que realidade extensiva para case todo o rural galego<sup>13</sup>, indicaba neste sentido Julio Prada como: "...a finais de xullo aínda continuaban agachados nos montes dos arredores de Ourense numerosos grupos en actitude de organizarse coa esperanza de que a rebelión militar fose prontamente sufocada polo Goberno da República."<sup>14</sup>

Ao veren aqueles agochados que os golpistas non eran aplacados, ao contrario, boa parte deles desenvolverían un traballo de organización armada. Creouse a denominada guerrilla. Así, como lembraba o exiliado González Gómez Caridad, era esta realidade a última esperanza para reverter a realidade vitoriosa franquista, esperanza acentuada no marco da II Guerra Mundial, en que o obxectivo: "...no podía ser otro que la resistencia a ultranza en espera de que la victoria de los aliados diera al traste con el gobierno franquista, pues con el ejército de la República vencido y el poder del nuevo régimen consolidado ninguna



esperanza podía haber si esta victoria no se producía."<sup>15</sup>

Como marcou hai décadas Bernardo Máiz, estudou Víctor Santidrián e afirmou rigorosamente Helmut Heine<sup>16</sup>, esta realidade armada levou eminentemente a marca do PCE. Con todo, non significa isto que na resistencia armada non houbera outros idearios e militancias presentes, nomeadamente socialista, anarquista e galeguista. A respecto destes últimos, unha cifra indeterminada de nacionalistas galegos participaría na resistencia e loita armada fronte aos facciosos. Entre estes podemos falar do concelleiro galeguista de Vilamaior, Xosé Varela, que, desde o 1936 até o ano 1941, estaría escapado no monte e participaría da guerrilla, actuando despois deste ano e unha vez conseguira facer vida 'normal' como enlace da IV Agrupación<sup>17</sup>, ou do soberanismo

ta galego, Xosé Velo Mosquera, líder das Mocidades Nacionalistas Galegas (FMN)<sup>18</sup>, quen, cara ao 1943 e tras ser amnistiado após a súa detención no 1936, facía parte da Frente Libertador Galego até a súa detención de novo no 1944.

Un outro caso que traer aquí á colación é o da evolución dun home de ampla formación castrense como Xosé Fernández Vázquez, que evolucionaría desde o socialismo ao soberanismo galego, pasando pola súa militancia no PCE. Este tamén tería unha importante presenza naquela resistencia. Logo de estar apartado da carreira militar, volverá á súa profesión por petición do Ministerio de Guerra republicano. Unha vez é chamado a se mobilizar en xullo do 1936, Xosé Fernández é ascendido a tenente de navío para se facer cargo da defensa da Ría e bisbarra de Arousa de que era natural. Podemos seguir a súa traxectoria naqueles anos e máis adiante a través duns datos biográficos aínda inéditos recollidos por Xurxo Martínez Crespo da man de declaracións e escritos do fillo daquel militar e guerrilleiro, o fo-

12 Pereira, D. e Fernández, E. (2006) *O movemento libertario en Galiza*, Vigo: A Nosa Terra [pp. 105-107 e 140-147]

13 É de interese a este respecto, tamén, ollar a obra de Souto Blanco, M.J. (1998) *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada: Edicións do Castro.

14 Prada Rodríguez, J. (2004) *Ourense, 1936-1939. Alzamento, Guerra e Represión*. Sada: Edicións do Castro [p.72].

15 Gómez Caridad, G. (2004) *Renacer de esperanzas. Memoria de Antón Dopazo en la Guerra Civil Española*, Venezuela. Disponível en: <<http://encontrarte.aporrea.org/libros/1/16.html>>

16 Véxase Bibliografía.

17 Maiz, B. (1988) *Galicia na II República e baixo o franquismo*, Vigo: Xerais [pp.184-185].

18 Reconversión da Federación de Mocidades Galeguistas na súa asemblea do verán de 1936.



Carta do Ministro de Exteriores da República ao DRIL

tógrafo Federico Fernández Ackerman. Neses apuntamentos achegámonos á difícil tesitura que tiveron que encaras e os demócratas, exemplo dunha: "... loita desigual, perdida irremisiblemente de antemán. [Onde abundaban] As covardias, defeccións e incertezas de certas institucións armadas, [levando, na maior parte dos casos] a resistencia ao fracaso". Realidade diante da que Fernández Vázquez non se renderá, procurando: "...o que non consegue coas súas forzas regulares ... cun grupo de civís...". Así será cando Xurxo Fernández dea cunha organización miliciana que tentaba axir para facer fronte á reacción fascista nos montes arousáns, ao aproveitar o que fora alférez de navío o seu coñecemento da zona. Botando man de amizades e coñecidos con que sabía podía contar de cara a artellar a necesaria resistencia, desde o 2 de agosto do 1936 pasa á loita guerrilleira onde será coñecido como 'O Noé', chegando a organizar preto de medio cento de

homes e mulleres que manterían: "... meses de constante e ariscada acción nas montañas do Barbanza [levando a loita, mesmo]... até as praias da ría de Arousa...", en duros combates abertos contra a reacción. Eses combates foron reducindo este grupo armado, con todo foron golpes certos os que se deron contra os golpistas e é que, de feito, semella que Fernández Vázquez, xunto con sete homes do seu comando, chegaría a tomar un destrutor francés C-42 fondeado en augas vilagarcías<sup>19</sup>. A resistencia armada para 'O Noé' volverá encadrarse nas forzas regulares republicanas, ao intervir en Valencia unha vez rota a súa agrupación guerrilleira na Galiza.

Como observamos, máxime a través deste último exemplo, o sentir patriótico galego tiña unha presenza transversal en moitos daqueles acti-

19 Estes, tras este golpe, marcharon para Noruega, apoiados por antisalazaristas portugueses.

vistas, non necesariamente circunscrita ao PG republicano. Nesta orde de cousas, nun informe dun PG reconstituído aseverábase nos inicios do ano 1945, por exemplo, que a CNT viña de deixar de ser unha organización sindical apolítica, sinalaban, para ser na Galiza: "...unha forza política de carácter netamente galeguista, compartindo con nosco a defensa dos principios fundamentaes do noso ideario: autonomía galega, federalismo republicán, irmandade espiritual, etc."<sup>20</sup>

Naquel contexto, aliás, diversos patriotas galegos combateron fronte ao fascismo na II Guerra Mundial. Este foi o caso de Xoán Xosé Plá Fernández, afiliado ao Partido Galeguista en 1932 e secretario do PG en Viveiro cara a 1936. Escapado do golpe militar, Plá chegou a Barcelona onde se integrou na Solidariedade Galega Antifeixista que coordinaba Elixio Rodríguez, tras salvarse da prisión a que fora sometido á primeira hora en Celanova. De Barcelona Plá marchou para Francia, despois de os golpistas se faceren con Catalunya en 1939. Ao pouco, Plá Fernández integrouse na resistencia armada fronte á ocupación nazi, até que, en 1944, volveu ao traballo político ligado ao PG reconstituído e, mesmo, ao servizo de intelixencia do Partido Nacionalista Vasco (PNV).

Ora, non hai dúbida de que dos cadros nacionalistas que lograran fuxir da represión, o máis destacado foi Daniel Castelao<sup>21</sup>. De Madrid marchou a Valencia e Barcelona para, finalmente asentarse na Arxentina após un rico periplo americano. Nos inicios da década dos corenta, o vello parlamentario galeguista fíxose definitivamente cargo da representación do nacionalismo organizado en

20 Castro, X. (2000), *Castelao e os galeguistas do interior*, Vigo. Galaxia.

21 Quen se achaba en Madrid cando o Golpe militar se iniciaba tramitando a convocatoria de Cortes no Estado español para someter o Estatuto galego plebiscitado a trámite parlamentar




Carta de Cesáreo Saco a Ben-Cho-Shey no ano 1948 onde o primeiro solicita información sobre os presos do Partido Galeguista e do PNV. Tamén dá conta das accións da guerrilla en Galiza.

Achega económica ao nacionalista galego preso Cesáreo Seco, feita polo responsábel de apoio aos presos do Partido Galeguista, Ben-Cho-Shey

relativa soidade. Desde Nova Iorque, e case no limiar da súa etapa bonaerense, indicou nunha carta ao líder comunista Santiago Álvarez cal era a súa realidade e a situación diante da reconstrución do nacionalismo expatriado: "Yo he sido designado jefe del Partido Galleguista, mientras no pueda funcionar democráticamente en Galicia, y voy a encauzarlo hacia finalidades prácticas y eficientes".

Unha xefatura que asumía o *factótum* do nacionalismo desde unha situación persoal presidida por unha falta patente de recursos económicos; nas súas palabras "...mi lucha por la vida se va haciendo bastante difícil. Estoy capeando el temporal con un pobre paraguas... Por ahora aún no ha llamado el hambre a mi puerta; pero estoy agotando los recursos que supe guardar (lo que me dieron ahí y aquí). Con todo me siento capaz de vencer a Nueva York. Lástima que este casi ciego, porque por lo demás tengo la energía de un joven y nadie me gana en salud y capacidad de trabajo."<sup>22</sup>

No marco da reconstrución do galeguismo fóra do país, nomeadamente en América do Sul, tentáronse reartellar proxectos en marcha durante os anos trinta, caso da unidade patriótica tripartita *Galeuzca* e a formación dun goberno provisorio galego fóra da Terra, andando o tempo o denominado Consello de Galiza<sup>23</sup>. Nesta orde de cousas, a inicios de 1942, nunha primeira circular de Castelao aos grupos galeguistas espallados pola xeografía americana, o vello irmán de Bóveda teima en dúas preocupacións. Por unha insiste en que: "...compre que cada grupo estrabrezca inmediato contacto con cataláns e vascos da súa localidade e que actúen con eles [...]



obrigados a figurar en aitos de conxunto republicán –nós somos republicáns– sempre debemos falar como galegos, galeguistas e federales."<sup>24</sup>. Por outra banda, Castelao fai fincapé na necesidade de impulsar un grande congreso que reúna "emigrados e refuxiados galegos."<sup>25</sup> Desta volta, nesta carta non hai referencia algunha ao que estaba a acontecer na Terra. Si achamos consideracións neste sentido nunha outra misiva que envía o de Rianxo a Valentín Paz Andrade en 1944. Nesta, e a piques de se constituír o Consello de Galiza, asevera que é preciso contar no país cun grupo estábel e claramente supeditado ás directrices bonaerense:

"Os irmán sobrevivintes –ti, Otero, Román, Plácido e cicáis outros–, debedes xuntarvos ou poñervos dacordo para desñar a unha perosoa, non moi siñificada, pero aitiva e segura, ao que eu poida dirixir para darlle instrucións e telo ao corrente de todo e, ao mesmo tempo, de quen eu poida recibir novas [...]. Necesitamos contar ahí cunha base firme, de grande empuxe para cando chegue o derrubamento totalitario, que debe coincidir co da nosa salvación [...]. Se algunha confianza vos inspiro debedes multiplica-



la, na seguridade de que endexamais vos comprometería [...]."<sup>26</sup>

Palabras matizadas en carta ao noutrora secretario xeral de Ultraya e da Federación de Mocidades Galeguistas, Francisco Fernández del Riego, indicando que os galeguistas no exilio eran os representantes dos que ficaban na Terra, aseverando: "Non se trata de que vós sexades os nosos representantes, senón ao contrario: nós somos eiqú os que vos representan."<sup>27</sup>

Con todo, o líder galeguista lembra como: "...non hai dúbida de que nós estamos en liberdade e podemos falar libremente en nome da nosa Terra, e velahí por qué este Consello se fai necesario."<sup>28</sup>

Chegados ao remate da II Guerra Mundial, viñeron as optimistas palabras dos que pensaban nunha III República como consecuencia da su-

22 Castelao, A.D. (2000) *Obra Completa*, Vigo: Galaxia [p.3420].

23 É, a este respecto, especialmente importante unha carta que envía Castelao a Suárez Picallo o 20 de abril de 1944. Véxase Castelao, A.D. (Op. Cit.) [pp.420-425]

24 *Ibidem* [pp.382-382].

25 Por certo, encontro que se desenvolveu en 1956 baixo a lenda de I Congreso da Emigración Galega que xa non participa Castelao, finado en 1950.

26 Castelao, A.D. (Op. Cit.) [p. 426].



27 *Ibidem* [pp. 485-486].

28 *Ibidem*

Derradeira carta desde a cadea de Ramón Piñeiro a Ben-Cho-Shey e á súa compañeira Isabel Algarra. Estes facíanse pasar por curmáns do primeiro e encargáronse do seu coidado no tempo en que estivo en prisión

posta entrada das tropas aliadas na Península Ibérica para derrotaren a ditadura franquista. Castelao xa non fai referencia ao retorno republicano tal e como falaba até 1945. Retomaba esoutra idea que desde o 1942 vemos nalgunha carta, ou sexa, a posibilidade de volver á Península. Xa non galegos pola 'fronteira portuguesa', senón destacados republicanos para chamaren, ante todo, a atención da opinión pública internacional. Así, aos galeguistas do interior sinalou, nunha longuíssima carta na que trata de alianzas e referentes organizativos, así como prioridades políticas: "...debo revelarvos unha idea que me preocupa e absorve: coído que chegará un intre no que o Goberno republicán teña que amosar a súa diñidade, meténdonos todos nun avión e plantándonos en Madrid. Non esta idea por un acto de valentía, senón de cordura [trátase de] ...poñer a Franco no compromiso de matarnos, prendernos ou volvernos desterrar..." e, acrecenta o nacionalista, dando o seu parecer entrelíñas relativo á resistencia armada: "...pero ese acto conmoería ao mundo e valería por cen guerrillas montesías e por cantas bombas de dinamita se fagan explotar en Barcelona. Teño para min que o ánimo das xentes do interior non está para estrondos nin algeiradas; pero vería conmovido un acto heroico do Goberno."<sup>29</sup>

Ora, estamos diante un intre en que Castelao será desautorizado por aqueles que desde o interior, desde a Galiza peninsular, se intitulan dirección do Partido Galeguista<sup>30</sup>. Segundo Xoán Xosé Plá, nunha carta do 1946: "El P.G. está descontento de Castelao al cual se le ordenó que dimitiese la Presidencia del Consejo de Galicia,



rehusando."<sup>31</sup> Era aquel un contexto de definitiva ruptura entre os de aquí e alén mar ao redor da lexitimidade que tiñan uns ou outros na representación do nacionalismo.

A postura de Castelao e dos exiliados galeguistas en América que ficaban ao seu redor ficaba ligada á lexitimidade histórica do plebiscito do trinta e seis e un traballo e militancia nos anos trinta que levou o galeguismo a unha elevada introdución social, para alén dunha certa representatividade institucional: a posición dos galeguistas do interior tiña como exclusiva apoio o facto de ficaren na propia Terra e poderen axir no país. Os primeiros procuraban posicións e intervencións diplomáticas e polítcogobernamentais do poder exiliado; os segundos tentaban o proselitismo a partir dun labor político e, sobre todo, cultural. O certo é, que nin uns, nin outros apoiaron de xeito explícito e firme a resistencia e loita armada. Ora, isto non significa que non houbera recoñecemento algún daquela realidade. Coincidindo co asasinato

do guerrilleiro Manuel Ponte Pedreira cara a abril do 1947, o periódico *A Nosa Terra* dábase eco dun telegrama oficial español relativo á queda de varios activistas, un deles da CNT nas proximidades da capital galega:

"...un telegrama datado en Madrid anuncia que nos arredores de San lago de Compostela, dous "bandidos" foron mortos e outros dous feridos nun encontro coa Garda Civil e unidades do exército. Non fala das baixas que houbo entre os feixistas; pero é de supoñer que algunha habería [...]. Os mortos son —continúa o telegrama— Norberto Castillo Giménez, 'xefe do segundo grupo de resistencia nacional', e Manuel de la Maza, a quen as autoridades identifican como dirixente da organización clandestina da Confederación Nacional do Traballo. Como se ve os 'bandidos' resultaron ser dous valentes defensores da República."

Esta valoración casa co feito de que, aliás, boa parte dos guerrilleiros, maioritariamente de extracción popular, eran galegofalantes e conscientes das proclamas españoleiras dos franquistas, cousa que contribuía a tomar ou reforzar, segundo o caso, conciencia (nacional) galega, para alén de proletaria. Esta é unha cuestión de

29 *Ibidem* [p. 601].

30 Á fronte deste PG ficaban Plácido Rodríguez Castro, Francisco Fernández del Riego, Manuel Gómez Román, Sebastián Martínez Risco, Ameijide, Cesario Saco e Ramón Piñeiro.

31 Pereira Martínez, C. (2002) 'César Alvarar Diéguez e o republicanismo galego en Europa', *Anuario Brigantino*, nº 25, Concello de Betanzos [p.328].

O Comandante Soutomaior, José Fernando Fernández Vázquez, na entrada da súa casa. Nado na Póvoa do Caramiñal en 1904 e finado en Caracas en 1986, participou na resistencia francesa contra os nazis e estivo no campo de concentración de Auschwitz. En protesta polo abandono da loita armada saíu do PCE en 1948. Exiliado en Venezuela foi un dos fundadores do DRIL e participou no secuestro do Santa María. Pasou uns anos en Cuba como profesor de universidade e foi membro da secretaria permanente da Organización Latinoamericana de Solidariedade



### A MARCHA DA ESPERANZA ALIADA E OS NOVOS TEMPOS.

Após a II Guerra Mundial, unha nova orde vai ser construída. Os Estados Unidos de América van saír especialmente reforzados do proceso bélico, imposibilitando no marco europeo, e para alén das medidas aplicadas a Alemaña nacionalsocialista, que na Península Ibérica o fascismo fose derrubado cunha intervención internacional. Ao contrario, andando o tempo, a ditadura dará pasos que contribuirán a que a potencia norteamericana, erixida en xuíz (e parte) a nivel internacional, a recoñeza con normalidade, realidade que se materializará na aceptación daquela España por parte da Organización de Nacións Unidas (ONU) en 1955, despois de condenar o réxime fascista dez anos antes. De inmediato, así mesmo, os propios EUA farán o mesmo a través de Dwight David Eisenhower, primeiro presidente norteamericano que visita oficialmente o Estado franquista español após o golpe militar reaccionario. Obviamente, estes achegamentos procuraban a conformación dun forte bloco anticomunista no marco europeo, para alén de internacional. Cando isto acontecía, estaba a se fraguar unha nova etapa da resistencia armada ao fascismo cunha importante presenza galega e galeguista. Desta volta de ámbito peninsular, foi creada unha organización que respondía ao nome de Directorio Revolucionario Ibérico de Liberación (DRIL). Este Directorio tiña, entre outros activistas, os galegos Xosé Fernández Vázquez, noutrora, como marcamos, alcumado 'O Noé' e Xosé Velo Mosquera.

O primeiro, militante até había pouco do PCE, viña de facer parte da resistencia francesa fronte ao goberno colaboracionista de Pétain e a ocupación nazi. Xunto a outros galegos, como o caso de Manuel Castro Rodríguez, tenente coronel do Estado Maior de Francia, ou o guerrilleiro José García Acevedo, xefe da Primeira División do XIX Exército, entre outros e outras resistentes, Xosé Fernández

foi detido e torturado pola Gestapo e acabou en Auschwitz. Se ben tras a volta á liberdade en 1945 cabía pensar que optaría por un descanso merecido, o certo é que O Noé volveu con forza á militancia políticoarmada activa. Aí é onde se organiza, abríndose a fenda que o iría distanciando do PCE, na Fronte Nazionalista Antifeixista Galega, chegando a ser secretario xeral da Agrupación Militar Republicana.

Tras fortes enfrontamentos co evandito partido, en 1958 dáse de baixa deste: "...por non estar de acordo coa súa liña política de reconciliación nacional e o fracaso da chamada folga nacional de xullo de 1959", para alén do seu crecente sentimento nacionalista galego. O ano en que se deu de baixa o veterano militar foi en que se integre no recentemente creado DRIL. A partir de aquí, abriuse un novo episodio da resistencia armada contra a ilegalidade franquista e a favor da democracia no noso país e o conxunto da Península Ibérica, en que o nacionalismo galego, xa que logo, tivo unha presenza sobranceira. Unha presenza que foi reforzada polo activista Xosé Velo Mosquera quen, á sazón, foi cosecretario xeral da nova organización<sup>32</sup>. Velo foi quen puxo a este último o alcume de 'Xorxe Soutomaior', chamándose a si mesmo 'Carlos Xunqueira de Ambía' ou 'Jurado A'. diante da acción políticomilitar máis rechamante do grupo, nomeadamente a ocupación do Transatlántico *Santa María*, rebautizado como 'Santa Liberdade'. En todo caso, podemos, en grande medida, responsabilizar Xosé Velo da creación do DRIL, cousa que sabemos estaba tentando botar a andar anos atrás. De

que nos ten falado Francisco Martínez ('Quico') e que ten a ver, mesmo, coa simbiose dada entre a resistencia dos guerrilleiros que facían do monte o seu cuartel, con aquela que estaba ao pé das corredeiras e as rúas. Quico, nesta liña, afirmou en numerosas ocasións como:

"...hai que rematar con esa imaxe romántica e diabólica do guerrilleiro condenado a vivir en covas no monte, illado de toda relación política ou social. Nós durmiamos case todas as noites baixo teito, había moita xente que nos axudaba e daba cobixo e alimento." (Martínez López, 2006)

Esta é unha idea en que insistía profusamente un outro vello guerrilleiro, Francisco Rey Belvís ('Moncho') que indicaba:

"... temos que partir do feito de que a guerrilla é o pobo [...] aínda a xente con máis medo, os sectores máis ignorantes [...] menos politizados [...] estaban na nosa banda. A colaboración do pobo era múltiple [...] dirixímonos sempre a familias pobres, pequenos campesiños ou xornaleiros. Dábannos leite, pan, manteiga. [...] A algúns enlaces dabámoslle cartos por adiantado para que nos mercasen roupa, conservas, menciñas..." (Neira Vilas, 1991: 45-46 e 1976).

32 Militaron os dous na Unión de Combatentes Españóis (UCE), onde estaban encadrados nacionalistas galegos, anarquistas e vellos comunistas, organización que, desaparecida xunto aos restos da Fronte Única Democrática Española (FUDE) da Habana, apareceu como resultante dunha escisión ao propio DRIL.



Primeira páxina dos 47 Mandamentos do DRIL para axudar ao renacemento de Galiza. Arquivo de Xurxo Martínez Crespo

feito, Antom Moreda<sup>33</sup> asegura que, diante da presenza de ambos no I Congreso da Emigración, desenvolvido en Bos Aires en 1956, Velo propuxo organizar unha guerrilla inspirada na experiencia insurxente cubana.

En contraposición, non podemos deixar de lembrar como na Galiza se estaba a reorganizar o galeguismo que pasou a se denominar historiograficamente 'do interior'. Nucleado arredor de figuras como Francisco Fernández del Riego ou Xaime Illa Couto, tiña na figura de Ramón Piñeiro o seu máxime representante. Segundo afirma o autor da monumental tese sobre a controvertida figura de Piñeiro, o de Lugo:

"...ten moi claro o concepto de presentismo político. Nos anos corenta é consciente de que a idea que quedara na oposición clandestina de todo o Es-

tado era que Galiza caera en mans dos nacionais sen dar un só tiro. Para superar esa clandestinidade comeza a reorganizar os escasos colectivos galeguistas que quedaran: os Álvarez, Fernández del Riego, Marinhas del Valle [...]"<sup>34</sup>

E, neste contexto, todo este grupo non destaca por colaboración algunha coa resistencia armada. Carecemos

34 Entrevista que realizou Pérez, M.S. a Miguel Barros, autor da tese *Ramón Piñeiro, o Partido Galeguista e o revisionismo nacionalista* para o portal Vieiros 4/01/2009, dispoñíbel en: <<http://www.vieiros.com/nova/71132/o-bng-da-acollida-a-persoas-dunha-fasquia-ideoloxica-moi-semellante-a-de-pineiro>>. Véxase Barros, M. (2009) *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo: 1943-1981*, Vigo: Galaxia; Velasco Souto, C. (2009) *Piñeiro e o Piñeirismo em perspectiva histórica*, Ames: Laivento e Garrido Couceiro, X.C. (2009) *Piñeiro contra Castelao, Castelao contra Piñeiro: na loita antifranquista do galeguismo*, Vigo: A Nosa Terra.

de documentación que nos fale abertamente do que opinaban sobre esta posición. Ora, a través do epistolario podemos ver como non simpatizaban co proxecto que representaba o DRIL, ao igual que anteriormente coa guerrilla dos primeiros anos.

Segundo vai pasando o tempo, estes galeguistas van ollando máis lonxe a reinstauración do goberno republicano. Podemos dicir que esta postura é un triunfo máis do franquismo que non só fisicamente, mais tamén política e ideoloxicamente, vence na desmoralizada militancia galeguista do interior. Alén do dito, volvemos atopar vellos desacoirdos, e é que Piñeiro e Velo non se entenderan cando os dous eran membros das mocidades do Partido Galeguista, e agora tampouco houbo novidades ao respecto: o de Celanova seguía fiel a unha liña arredista, engordada cunha posición nitidamente de esquerdas, aínda nestes anos pro-comunista, posición non compartida polo líder do galeguismo de aquén terra nestes anos, Ramón Piñeiro, quen facía parte dunha postura claramente anticomunista, baseada, ao ver de Miguel Barros:

"...en tres puntos: en primeiro lugar, el era un humanista, cría no home e na súa liberdade; despois afastáboo o desprezo que o marxismo fai das nacións sen historia; e en terceiro lugar, Piñeiro vivira a violencia da guerra civil, e os partidos marxistas galegos nos anos sesenta e setenta non rexeitaban a violencia por completo."<sup>35</sup>

Fuxía, aliás, de calquera achegamento daqueles movementos influenciados pola URSS, caso de toda a vizosa realidade revolucionara terceirmundista. Fica, pois, enmarcado o que se denomina, ao tempo, aquel galeguismo do interior, na etapa piñeirista, nun europeísmo que parecía superar posicións soberanistas, seica incompatíbeis entre si. En palabras de Xosé Luís Franco Grande, para Piñeiro e os que participaban do seu círculo e proxecto naquela altura: "...ser europeísta quería dicir an-

35 *Ibidem*

tifranquista, era unha maneira de manifesta-la nosa oposición ou o noso desprecio polo réxime de Franco<sup>36</sup>, onde obviamente a vía insurreccional armada ficaba fóra de todo deseño.

Ora, no interior ía, neste contexto, abrirose unha fenda. En novembro de 1963 constituíuse o denominado Consello da Mocidade, que viña a tentar ser a sección galega e xuvenil do vello Consello de Galiza, lanzado no exilio, como vimos, case vinte anos atrás, e que estaba tentando crear unha estrutura mínima na Galiza. Segundo nos indicou o que fora o Secretario Xeral daquel novo Consello, Antom Moreda, tentábase reorganizar en clave soberanista o galeguismo desde o interior a partir dos chamados da legalidade galega mantida no exterior, chamados como os que o vello deputado galeguista Antón Alonso Ríos facía no marco da colectividade galega e o Consello de Galiza, diante do que aseveraba naquel propio 1963: "...convén moverse en contra dos desinios da reacción falanxista"<sup>37</sup>. Dado que neste novo organismo convivían quen claramente se colocaba nesta liña, e en chave terceiro-mundista, e aqueles que se situaban na devandita posición piñeirista, acabou rachando en a penas tres meses aquel proxecto. E diante da ruptura non deixaba se ter a súa transcendencia o debate larvado sobre a cuestión armada. O propio Moreda comenta como noutro a división que había no seo do Consello entre os que, coma el, apostaban pola vía do activismo político nacionalista de esquerdas e a posición que algúns deron en chamar 'culturalista', aparecía polo medio a cuestión armada de que os primeiros, particularmente el de xeito puntual, serían partidarios. As tensión deron como resultante en 1964 o (re) lanzamento do Partido Socialista Galego (PSG) e a Unión do Pobo Galego

36 Franco Grande, X.L. (1985) *Os anos escuros I. A resistencia cultural da xeneración da noite* (1954-60), Vigo: Xerais [p. 109].

37 Acta do Consello de Galiza, Bos Aires, 12 de xullo de 1963.

No centro da imaxe Xosé "Pepe" Velo, coñecido co alias de Carlos Xunqueira de Ambía, e á dereita o seu fillo Vítor Velo. Pepe Velo foi Secretario Xeral da Federación das Mocidades Galeguistas en 1935. En 1948 fuxe a Portugal e remata en Venezuela. Forma parte do DRIL e do grupo operativo que toma o buque portugués Santa María –bautizado co novo nome de "Santa Liberdade"– entre o 22 de xaneiro e o 4 de febreiro de 1961, acción coa que pretendían chamar a atención internacional sobre os réximes ditatoriais da Península Ibérica



(UPG). Esta última organización participada polo sector 'terceiro-mundista' do Consello da Mocidade, fronte a un PSG guiado, no inicio, por Ramón Piñeiro, recoñecida ao pouco polos exiliados galeguistas do Consello de Galiza, segundo afirma cara a 1968 Bieito Cupeiro, destacado integrante deste: "...tendo chegado o intre para nós arelado de poder establecer contaitos coas forzas políticas da Terra, (...) sería cometer un erro de contradición non apoiar e recoller a unión deste grupo que se move con anxeios patrióticos nosos (...) non debéndonos de preocupar o esquerdismo deles."<sup>38</sup>

38 Acta do Consello de Galiza, Bos Aires, 3 de setembro de 1968.

E foi esa UPG a que levou no seu seo a idea dunha resistencia sen tregua ao franquismo, onde a vía insurreccional armada non foi desbotada. De feito, pódese observar a través do voceiro desta organización, o *Terra e Tempo*, como iconograficamente hai unha forte presenza dun claro convite ao desenvolvemento desta vía. Neste sentido, e teorizándose gradualmente esta posición en posteriores anos, o certo é que a UPG chegou a crear, a mediados de 1972 –e inmediatamente despois das importantes folgas operarios de Ferrol e Vigo– un primeiro 'destacamento armado'; destacamento que actuou de xeito puntual e fundamentalmente para 'expropiar' os medios necesarios para a propaganda

Folla voandeira editada no Nadal de 1948 polo Comité de Estudantes Universitarios vinculado ao Partido Galeguista

e a acción política clandestina, ao pulir pola defensa dunha maioría social fortemente reprimida polo franquismo, unha realidade que, en xerme, ficaba xa presente desde as loitas populares de Castrelo de Miño<sup>39</sup> ■

**BIBLIOGRAFÍA DE INTERESE**

Álvarez, S. (1988) *Memorias III*, Sada: Edicións do Castro.

Barros, M. (2009) *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo: 1943-1981*, Vigo: Galaxia.

Cabana Iglesia, A. (2008) 'Escravo das miñas confidencias... Contribución ao estudo da 'Guerrilla do chao' no rural galego: a rede de enlaces do guerrilleiro Manuel Castro Tellado', en *A Patria Enteira*, Consello da Cultura Galega/Real Academia Galega/Universidade de Santiago de Compostela.

Costa Clavell, X. (1977) *Las dos caras de Galicia bajo el franquismo*, Madrid: Editorial Cambio 16.

Diéguez Cequiel, U-B. (coord., 2010) *A Galiza de Bóveda*, Ourense: Cátedra Alexandre Bóveda/Difusora das Letras, as Artes e as Ideas.

Franco Grande, X.L. (1985) *Os anos escuros I. A resistencia cultural da xeneración da noite (1954-60)*, Vigo: Xerais.

Garrido Couceiro, X.C. (2009) *Piñeiro contra Castela, Castela contra Piñeiro: na loita antifranquista do galeguismo*, Vigo: A Nosa Terra.

Garrido Couceiro, X.C. e Diéguez Cequiel, U-B. (2013) *Do Piñeirismo ao Consello da Mocidade. O nacionalismo galego de 1936 a 1964*, Compostela: Fundación Moncho Reboiras.

Guitián Castromil, J. (2005) 'A Arquitectura da represión: a colonia penitenciaria de San Simón (1936-1944)', en *A Galiza de Ánxel Casal*, Murguía, Revista Galega de Historia, nº 7/8, maio-decembro.

Heine, H. (1980) *A guerrilla antifranquista en Galicia*, Vigo: Xerais.

39 Véxase Diéguez Cequiel, U-B. (2005) 'Xosé Ramón, "Moncho", Reboiras, a pegada inmorredoiro: unha achegada biográfica', en *Galiza, a patria común: caderno conmemorativo en homenaxe a Moncho Reboiras*, Compostela: Edicións Terra e Tempo [pp.13-40].



Martínez López, F. (2006) *Guerrilleiro contra Franco. A guerrilla antifranquista de Galiza-León 1936-1951*, Vigo: A Nosa Terra.

Máiz Vázquez, B. (1988) *Galicia na Segunda República e baixo o Franquismo: 1930-1976*, Vigo: Xerais.

- (2004) *Resistencia, guerrilla e represión : causas e consellos de guerra Ferrol, 1934-1955*, Vigo: A Nosa Terra.

Míguez Macho, A. (2009) *O que fixemos en Galicia. Ensayo sobre o concepto da práctica xenocida*, Ourense: Cátedra Alexandre Bóveda/Difusora das Letras, as Artes e as Ideas.

Neira Vilas, X. (1991) *Guerrilleiros*, Sada: Edicións do Castro.

Pereira, D. e Fernández, E. (2006) *O movemento libertario en Galiza (1936-1976)*, Vigo: A Nosa Terra.

Pereira Martínez, C. (2002) 'César Alvarjar Diéguez e o republicanismo galego en Europa', *Anuario Brigantino*, nº 25, Concello de Betanzos.

Prada Rodríguez, X. (2004) *Ourense, 1936-1939 : alzamento, guerra e represión*, Sada: Edicións do Castro.

Rodríguez Castelao, A.D. (2000) *Obra Completa*, [Epistolario-Tomo IV] Vigo: Galaxia.

Santidrián Arias, V. (2002) *Historia do PCE en Galicia (1929-1968)*, Sada: Edicións do Castro.

Souto, M.X. (1977) *La represión franquista en la provincia de Lugo (1936-1940)*, Sada: Edicións do Castro.

Velasco Souto, C.F. (2006) *Represión e Alzamento militar en Galiza*, Vigo: A Nosa Terra.

- (2009) *Piñeiro e o Piñeirismo em perspectiva histórica*, Ames: Laiovento.

Claro que se hai moito que non ves a Pontevedra aínda non viches unha cidade sen coches que molesten, sen centros comerciais pechados e periféricos, con xente que camiña por rúas amplias e preciosas, que devolve a auga saneada ao mar tras collela prestada do río, con centro histórico activo e unha rede de sendas que parten da cidade e ofrecen máis de 30 km de natureza e vida. Ah... e que segue loitando por recuperar a súa costa, hoxe invadida por unha instalación contaminante. A sustentabilidade é un palabra que case todos usan. Nós non tanto. Pero puxémolo en práctica. Podes velo cando queiras. Aquí está.



CONCELLO DE  
PONTEVEDRA



# Rutas fluviais

## COMPRA DE BILLETES:

### Reserva anticipada

Tel. 982 263 196

Días a partir de 8:30 a 14:30 h

www.lugoturismo.com

**Na mesma catamarán:** 20 minutos antes da saída

**Belesar e Doade:** Adultos 9 €

4-12 anos e >65 anos, carne só 5 €

Menorías 0-3 anos GRATIS

Grupos (máximo 30 persoas)

Adultos 7 €

4-12 anos e >65 anos, carne só 4 €

Menorías 0-3 anos GRATIS

**Os Robies:** Adultos 3 €

4-12 anos e >65 anos, carne só 2 €

Menorías 0-3 anos GRATIS

o Subcomando do programa de turismo ambiental do río de Lagoas dos Encoros e río de Ares do Cultura e Turismo da Deputación de Lugo reserva o produto a días da que se beneficiarán os turistas e clubs.

## Belesar

Esta ruta percorre o río Miño desde a vila de Belesar até a illa de Sernande, tamén chamada illa de Sernade. Nun percorrido de aproximadamente 1 hora e media de duración. Desde a catamarán podemos observar a paisaxe os dous lados do río, os bancos de viñedos da Ribeira Sacra. Esta singular maneira de cultivo confirelle á zona unha paisaxe sorprendente, que así axuda a comprendermos a dificultade e o esforzo que require o cultivo na vila na denominación de orixe Ribeira Sacra. O embarcador de Belesar dispón de servizo de restauración con especialidade en gastronomía da zona.

Salidas diarias ás 11:30, 12:00 e 18:00 h  
Catamarán: Peregrino (60 prazas)  
Duración aproximada: 1 h 45 min



## Os Fobles

Esta ruta de aproximadamente 40 minutos de duración, atópase o río Miño nunha zona de singular beleza natural e valor histórico. Durante o percorrido podemos observar numerosas exemplares de flora e fauna de ribeira, que conforman un hábitat natural privilexiado así como algun vello camiño dos que nos leva longo do río ao seu paso por Lugo. Estas cualidades motivaron que a UNESCO declarase a zona Reserva da Biosfera.

Salidas diarias: Mañás ás 11:30 e 12:30 h. Tardeas ás 17:00 e 18:00 e ás 19:00 h.  
Catamarán: Peregrino (60 prazas)  
Duración aproximada: 40 min



## Doade

Esta ruta de aproximadamente dúas horas de duración, atravesamos fondo vello e cadós, entre as montañas pólas que dibuxan o río Si. Esta itinerario ofrece unha paisaxe de grandes proporcións de viñedos que forman parte da denominación de orixe Ribeira Sacra, e así que se pode ver o seu cultivo en terrazas. Así mesmo, véñase se pode observar a ruta do río máis máis de montañas e igrexas e que se estende por todo o curso do río Si e tamén do Miño. Nesta zona, son moitos os os cerámicos de Bandoño, que se caracterizan pola súa cor negra, que se consegue mediante o alomado.

Salidas diarias ás 11:30 ás 12:00 e ás 19:00 h  
Catamarán: Miúdo (110 prazas) e Carón do Si (50 prazas). Só usará un barco en cada saída  
Duración aproximada: 2 h

